

Ades
FAMUSCX

izPR98T

CADERNOS DE LINGUA

E
P
F
L
X
a



15

D
M
A

1.º SEMESTRE. 1997

ZnDvM

R E A L
ACADEMIA
GALEGA
R

— X O —

CADERNOS DE LINGUA

1º SEMESTRE. 1997

15

**R E A L
ACADEMIA
GALEGA**

Director: Constantino García
Vicedirector: Manuel González González
Coordinador: Xosé Luís Regueira
Secretaria: María do Carme Pazos Balado

Consello de redacción:

Carlos Díaz Abreira, Xermán García Cancela, Antón López Dobao,
Miguel Pérez Pereira, Modesto A. Rodríguez Neira

Comité científico:

R. Álvarez Blanco (Un. Santiago), J.A. Argente Giral (Un. Aut. Barcelona), Takekazu Asaka (Un. Azabu), Michel Contini (Un. Stendhal de Grenoble), F. Fernández Rei (Un. Santiago), P. García Mouton (CSIC Madrid), Taina Hämäläinen (Un. Helsinki), Johannes Kabatek (Un. Paderborn), R. Lorenzo Vázquez (Un. Santiago), C. de Azevedo Maia (Un. Coímbra), David Mackenzie (Un. Corcaigh), Lorenzo Massobrio (Un. Torino), Boris Narumov (Un. San Petersburgo), A. Santamarina Fernández (Un. Santiago), M. Santos Rego (Un. Santiago)

Colaboracións e correspondencia:

Xosé Luís Regueira Fernández
r/. Hórreo, 31-2º
15702 Santiago de Compostela

Subscripción e intercambio: Dirixirse a

Editorial Galaxia, S. A.
r/. Reconquista, 1 - 36201 Vigo

, Real Academia Galega
A Coruña, 1990

Edita: Real Academia Galega
r/. Tabernas, 11 - 15001 A Coruña

I.S.S.N.: 1130-5924

Título clave: Cadernos de Lingua
Título abreviado: Cad. Ling.

Depósito Legal: C-1.642-1992

Deseño: M. Janeiro

Imprime: Obradoiro Gráfico, S. L.
Avda. Rebullón, 49 - Mos

Esta publicación é posible gracias á colaboración económica da Consellería de
Cultura da Xunta de Galicia.

ÍNDICE

ARTIGOS

R. MARIÑO PAZ, Sobre o uso dos grafemas , <u> e <v> en textos do galego medio	5
M. ÁLVAREZ DE LA GRANJA, As expresións fixas nos dicionarios galegos.....	71
A. ÁLVAREZ LUGRÍS, Repertorio de refráns inglés-galego.....	97
M. X. RODÍS MARTÍNEZ, Procesos de exemplificación no discurso.....	119
S. CARRIL CALDELAS, Unha aproximación á neoloxía en galego no campo da informática	141

RECENSIÓNS

<i>Erase unha vez un neno... Estudio da evolución da linguaxe en nenos galego-falantes</i> , X. R. GARCÍA SOTO (M. Pérez Pereira).....	147
<i>Atlas Lingüístico de El Bierzo</i> , M. TUÑÓN GUTIÉRREZ (M. González González).....	151
<i>Viceversa, Revista galega de traducción</i> . (C. Martínez Mayo)	155
<i>Estudio Sociolingüístico da Universidade de Vigo. Profesores, P.A.S. e Estudiantes</i> , A. M. LORENZO SUÁREZ. R. LUACES PAZOS, X. M ^a PIN MILLARES, P. SÁNCHEZ BELLO, A. VAAMONTE LISTE e L. VARELA CARUNCHO (M. García Ares) .	161
<i>Diccionari de freqüencies. I Llengua no literària. (Diccionari del catalá contemporani. Corpus textual informatitzat de la llengua catalana)</i> , J. RAFEL I FONTANALS (X. Domínguez Dono)	165

SOBRE O USO DOS GRAFEMAS , <u> e <v> EN TEXTOS DO GALEGO MEDIO*

RAMÓN MARIÑO PAZ
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

1. Descripción mínima do corpus analizado

A presente exposición está feita a partir da análise de textos escritos, manuscritos ou impresos, dos séculos XVI, XVII e XVIII. Son consciente de que a recolleita de textos que fixen non é aínda exhaustiva, pero quixen valerme unicamente daqueles para os cales eu dispuxese na actualidade (en marzo de 1997) de edicións fiables. É obvio que este estudio non se pode levantar sobre bases inseguras, polo cal se fai imprescindible clarificar ata onde sexa posible cales son as características dos documentos que imos someter á análise. Haberá que ver se están manuscritos (e incluso inéditos) ou impresos; se foron editados haberá que ter en conta as discordancias existentes entre as diversas edicións, se é que estas existiron; se están manuscritos haberá que establecer se existe unha única copia ou varias e, ademais, se esa copia ou copias son da responsabilidade do propio autor ou dun mero copista; ademais, no caso de textos impresos non se debe esquecer que para chegaren á súa forma definitiva tiveron que pasar por unha peneira da que se viron libres os manuscritos: refírome á posible acción correctora ou uniformizadora de editores e impresores; etc. Todas estas precisións son inevitables se o estudio se quere levantar sobre bases sólidas. De non procedermos así chegaríamos con certeza a conclusións erróneas.

Vou facer unha exposición conxunta e sintética das principais cuestións relativas á transmisión textual dos documentos estudados. Coido que con isto pode abondar.

* Este traballo realizouse no marco do proxecto de investigación denominado *Historia do galego escrito*, posto en marcha polo Instituto da Lingua Galega coa subvención económica da Dirección Xeral de Ordenación Universitaria e Política Científica da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Os documentos manuscritos que utilizo para a análise son en primeiro lugar as cartas ó conde de Gondomar (sécs. XVI-XVII)¹, as décimas ó Apóstolo Santiago de Martín Torrado (ca. 1622-1630)², a copia seiscentista da *Historia de Santa María de Iria* (ca. 1622-1630) que custodia a Biblioteca Vaticana de Roma³, o *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (copia de 1671)⁴, unha parte mínima dos poemas do cura de Fruíme (séc. XVIII)⁵ e o *Coloquio de vinte catro galegos rústicos* do Padre Martín Sarmiento (mediados do séc. XVIII)⁶. En todos estes casos valinme de lecturas e edicións críticas feitas por min mesmo. Non así no caso da *Colección de voces y frases gallegas* e do *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, que cito nas edicións de Pensado. A súa edición do *Catálogo* é transcripción do manuscrito da *Colección de los Heros* de escritos de Frei Martín Sarmiento, que está baseada na Colección Medina-Sidonia e se custodia na Real Academia da Historia de Madrid; por tanto, a tradición manuscrita do texto é a seguinte: “se trata de una copia hecha en 1787 sobre otra copia, hecha en 1772 (inmediatamente después de la muerte de Sarmiento) por orden de don Pedro Alcántara Guzmán, duque de Medina-Sidonia, sobre el original del autor” (Pensado 1973: 11).

Son autógrafas as cartas a Gondomar e maila copia da *Historia de Iria*, esta última inédita polo de agora. As décimas de Martín Torrado, escritas entre 1622 e 1630, coñecémolas a través dunha copia efectuada a finais do século XVII ou principios do XVIII, pero en todo caso despois de 1678. Polo seu volume e polo feito de iren seguidas dun comentario ou glosario do propio autor, son de destaca-las coplas do *Coloquio de vinte catro galegos rústicos* do Padre Sarmiento, das

¹ Custóianse na Biblioteca de Palacio de Madrid. Véxanse as transcripcións de Tobío (1973 e 1977).

² A copia máis pura destes versos é a que aparece nunha das follas finais dun exemplar de Gándara (s.a./1678) que se conserva actualmente na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela coa signatura RSE 1093.

³ Este texto, que forma parte da Colección Barberini da Biblioteca Apostólica Vaticana (Barb. lat. 3578), permanece aínda inédito.

⁴ Existen varias edicións deste *Entremés*, pero ningunha ofrece garantías para o estudo lingüístico. O manuscrito, que parece ser unha copia do orixinal datada en 1671, é o 16.717 da Biblioteca Nacional de Madrid.

⁵ Trátase das poesías tituladas "A Cabaza", "Décima Gallega" e "Otra en Gallego", todas elas incluídas entre os Papeis Cabeza de León do Museo de Pontevedra (Rexistro 1315).

⁶ Existen ata o día de hoxe diversas edicións deste *Coloquio*, pero é de lei salientá-la do profesor J. L. Pensado: Sarmiento (1970). Así e todo, os meus datos proceden da miña propia edición crítica (Sarmiento 1995), realizada, coma a de Pensado, a partir principalmente do manuscrito 20378 da Biblioteca Nacional de Madrid, pero completada con outras achegas, especialmente as provenientes do manuscrito que leva o número de rexistro 7.638 no Museo de Pontevedra.

que temos varias edicións modernas feitas a partir de copias diversas do século XVIII, pero non a partir do autógrafo ou autógrafos, ata o de agora descoñecidos. Da copia seiscentista da *Historia de Iria* salientarei que se trata dunha traslación dun texto escrito uns douscentos anos antes, polo que a súa lingua fluctúa entre o respecto ó modelo tardomedieval do orixinal e a inevitable tendencia á modernización e actualización. Por último, tamén se debe ter en conta o carácter privado da correspondencia en galego remitida ó conde de Gondomar, pois é evidente que, cando sabemos que o que escribimos non vai ter transcendencia pública, todos redactamos de maneira distinta a como o facemos cando pensamos entregar ó prelo o noso escrito.

Tamén utilizo, de estimalo conveniente, a información e mailos datos que puiden extraer das obras lexicográficas de Sarmiento, Sobreira, Cornide e Payzal, todas elas do século XVIII ou, como moito, dos principios do XIX. Téñase en conta que nestes casos non estamos realmente ante textos compostos en galego, senón ante a transcripción de voces galegas glosadas en castelán ou introducidas nun texto redactado en castelán. No seu momento estas obras lexicográficas permaneceron inéditas⁷.

Chegaron no seu momento a ser textos impresos o poema de Isabel de Castro e Andrade a Alonso de Ercilla (1589)⁸, os sonetos de Vázquez de Neira e Gómez Tonel co gallo das exequias da raíña Margarita de Austria (1612)⁹, a *Relazón de carta executoria* (copia de 1674)¹⁰, os romances galegos das Festas Minervais compostelás de 1697¹¹, o poema de Noguerol e Camba (1708)¹², as glosas dos irmáns Plácido e Anselmo Feijoo (1722)¹³, case tódolos versos de don Diego Cernadas e Castro, cura de Fruíme, do século XVIII (Cernadas y Castro: 1778-1781), e a *Memoria da fundación da Confraría de Cam-*

⁷ As de Sarmiento e Sobreira coñecémolas a través das edicións de Pensado: Sarmiento (1970), Sarmiento (1973), Sobreira (1974^a), Sobreira (1974^b) e Sobreira (1979). Para a de Cornide contamos coa edición de Martínez Barbeito (1956). O vocabulario de Benito Vicente Payzal, composto entre o XVIII e o XIX, coñecémolo agora a través da edición de Ferreiro (1994).

⁸ O soneto aparece en Ercilla y Çuñiga (1589). Pódese consulta-lo orixinal na Biblioteca Nacional de Madrid (signatura Ri 59).

⁹ Pódense ler na súa edición facsimilar: Gómez Tonel (1951).

¹⁰ Orixinalmente o texto debeuse de escribir arredor de 1515, pero nós coñecémolo por unha transcripción aparecida nun memorial publicado en Granada despois de máis de século e medio: Saavedra Ribadeneyra (1674: 137-138).

¹¹ Pódense ler na edición facsimilar recentemente publicada pola Universidade de Santiago de Compostela: *Fiestas Minervales*, 1993.

¹² Cf. *Clarín*, 1708.

¹³ Cf. *Sagradas Flores*, 134-135.

beadores (copias do séc. XVIII)¹⁴. Aquí impoñense varias observacións:

1. O soneto de Isabel de Castro está realmente escrito en portugués, non en galego.

2. A *Relazón da carta executoria* non é senón un dos diversos documentos aducidos por Fernando de Saavedra nun memorial dirixido ó rei Carlos II coa intención de proba-la antigüidade e nobreza da casa de Saavedra. Como entre os devanceiros do solicitante estaba o mariscal Pero Pardo de Cela, o memorialista séntese obrigado a lava-la imaxe deste antepasado do oprobio histórico que sobre ela pesaba, e para o facer trae no seu auxilio unha das ó parecer moitas relacións da traizón sufrida polo mariscal que na primeira metade do século XVI corrían por Galicia: “corrian entonces en relaciones autenticas, è impressas por todo el Reino, de que han quedado en el de Galicia muchas en algunas Casas de los descendientes del Mariscal, como la que para en la de Taboy, y copiada à la letra en Gallego, segun su original, en poder del Suplicanté, que ella con este titulo es como se sigue” (p. 137). O memorialista, que publica a súa obra nunha imprenta granadina en 1674, afirma que a *Relazón* está “copiada à la letra en Gallego, segun su original, en poder del Suplicanté”. Ora ben, a revisión lingüística do texto parece quitarlle a razón a quen isto afirma, pois as hipercorreccións que o caracterizan e, en xeral, o aspecto espurio da lingua nel empregada apuntan cara á intervención dalguén sobre ese perdido texto orixinal que se menciona. Por conseguinte, á hora de emprendérmo-lo estudio da ortografía da *Relazón da carta executoria* deberemos contemplala non como un documento producido en Galicia nos finais do século XV ou nos inicios do XVI, senón como un texto publicado en Granada na segunda metade do século XVII.

3. A *Memoria da Fundación da Confraría de Cambeadores* escribiuse como limiar dun *Libro da Confraría de Cambeadores de Santiago* e narra unha versión do descubrimento da tumba do Apóstolo Santiago que en xeral respecta a tradición representada pola *Crónica de Santa Maria de Iria*. Conservámola a través da transcripción que publicou Francisco Xavier de la Huerta y Vega nos seus *Anales de el Reyno de Galicia* (ca. 1734-1736). Antonio Rioboo y Seixas Villar de Francos, outro cronista setecentista, divulgou en 1747 outra transcripción súa de certos fragmentos da *Memoria*. Segundo Henrique Monteagudo (1996), Huerta debeu de emprega-la redacción da *Memoria* de 1624, pero non se pode descartar que traballase con outra copia posterior. En troques, non hai dúbida de que Rioboo e Seixas manexou

¹⁴ Cf. Huerta y Vega (1734-1735: 342-343) e tamén Rioboo (1747). Véxase tamén a edición de Monteagudo y Seixas (1996).

a copia de 1624. Tanto Huerta coma Rioboo estaban convencidos de que a *Memoria* era un texto auténtico redactado nunha época remota e non chegaron a sospeitar que se puidese tratar dunha das tantas invencións que a miúdo aparecen nos falsos cronicóns da Idade Moderna. Henrique Monteagudo, apoiándose en diversos argumentos -entre eles, os propiamente lingüísticos-, considera que debemos de estar ante unha falsificación feita en Santiago no ano 1624 por Pedro de Aroza y España. A edición do texto que utilicei débese ó propio Henrique Monteagudo (1996), que reproduce a transcripción de Huerta y Vega e escribe entre corchetes as partes que tamén ofrece Rioboo.

A *Memoria da Fundación da Confraría de Cambeadores* é o único texto orixinalmente impreso para o cal non partín das miñas propias lecturas. En tódolos restantes casos procedín previamente a facer cadansúa edición crítica.

2. O uso dos grafemas , <u> e <v>

Parece que nos romances do norte da Península Ibérica existiu antigamente unha oposición fonolóxica entre unha consoante oclusiva bilabial sonora /b/ e unha consoante fricativa bilabial sonora /β/. A primeira tería as súas orixes nas posicións fortes do /b/ latino (B-, -cons. non líquida + B-) e mais no /p/ situado en posición intervocálica (-P- > -B-); a segunda proviría da semiconsoante velar latina (V-, -V-) e mais do /b/ e do /f/ en posición intervocálica (-B-, -F-). En principio, pois, nos romances do norte ibérico escritos na Idade Media o uso dos grafemas e <u, v> tería un fundamento fonolóxico: utilizaríase para representa-lo fonema /b/ (*beuer, poomba, cebola*) e <u, v> para /β/ (*ueer, lauar, amaua, deuesa / veer, lavar, amava, devesa*). Por outra banda, da escritura latina medieval pasou á romance o hábito de empregar indiferenciadamente os signos <u> e <v> tanto para representa-la vocal /u/ coma para representa-la consoante /β/ (ou, alí onde a houbese, /v/); e así escribíase tanto *un* coma *vn*, e tanto *auia* coma *avia*, se ben como maiúscula só se empregaba <V>.

Na segunda metade do século XIII a ortografía afonsina consagrou en Castela e nas terras dependentes de Castela esta distinción imperfecta de base fonolóxica, de maneira que deixaba sen resolve-lo problema do uso alternante de <u> e <v> con valores vocálico e consonántico. E a este problema arrastrado desde o pasado non tardou en sumárselle un novo na propia época medieval: a neutralización da oposición entre /b/ e /β/ deixaba sen fundamento fonolóxico a oposición gráfica / <u, v> e provocou en seguida lóxicos

problemas de escritura que, tanto en galego coma noutros romances, só conseguían superar aqueles escribas que tiñan unha boa formación.

Realmente, a este problema só se lle deu solución en castelán coas reformas académicas do século XVIII, que xa desde 1726 estatuíron o uso exclusivamente vocálico de <u>, o uso exclusivamente consonántico de <v> e unha distinción entre e <v> de base etimolóxica. Así e todo, esta solución etimolóxica para a representación de /b/ deixaba certas fendas polas que entraron diversas formas gráficas antietimolóxicas que parecían consagradas polo uso: *abuelo*, *boda*, *abogado*, o *haber* que se mantíña aínda en 1726, etc.

Mentres tanto, durante os séculos XVI e XVII a ortografía era para a minoría letrada dos territorios gobernados pola Coroa de Castela unha cuestión opinable na que, así e todo, en medio de grandes dificultades tendíase comunmente, por pura inercia, a respectar no esencial as normas tradicionais de orixe afonsina. Ora ben, isto era cada vez máis difícil de conseguir porque faltaba polo xeral unha boa formación en letras e porque o propio desenvolvemento do sistema fonolóxico do castelán ía aconsellando abandonar un sistema gráfico medieval que no seu momento tivera unha notable orientación foneticista pero que nos albores do século XVIII resultaba xa evidentemente inadecuado para a lingua moderna. Por outra parte, non existía nesta época ningunha autoridade universalmente recoñecida que, á maneira do que desde 1726 iría facendo a Real Academia Española, puidese marcar un camiño en medio de tantas dificultades. Cada ortógrafo, gramático ou preceptista, e mesmo cada escritor, escribían ou impresor, consideraba ter plena liberdade na materia para aconsellar aquilo que máis lle prouguese e para actuar en consecuencia coa maior coherencia posible; as opinións ó respecto eran desde logo dispares e no século XVII ían desde o foneticismo radical dun Gonzalo Correas¹⁵ ou o máis atemperado de Mateo Alemán¹⁶ ata o etimoloxismo inflexible de Gonzalo Bravo Grajera¹⁷ ou o máis conciliador de Juan de Robles¹⁸. Neste debate ortográfico dos séculos XVI, XVII e XVIII o problema do emprego de , <u> e <v> foi un dos motivos máis constantes de controversia. A desorientación e a incompetencia ortográfica eran tales contra finais do século XVI que, como recorda Rosemblat (1951: XLI), en 1587 un grupo de mestres chegou a presentarlle a Felipe II un

¹⁵ É autor dunha *Ortografía kastellana, nueva i perfeta*, aparecida en Salamanca en 1630.

¹⁶ En 1609 publicou unha *Ortografía castellana* en México.

¹⁷ A súa enérxica oposición á proposta foneticista de Correas verteuna no seu *Breve discurso en que se modera la nueva Orthographia de España* (Madrid, 1634).

¹⁸ O seu *Culto sevillano* (1631), inédito no seu momento, contiña un diálogo sobre ortografía.

memorial no que lle solicitaban que se examinase de ortografía ós mestres de primeiras letras para así tentar de poñer unha pouca orde naquel caos.

2.1. *Textos manuscritos*

Neste panorama pode ter interese analizar como empregaron estes tres grafemas (, <u> e <v>) os autores das cartas privadas en galego que se lle enviaron ó conde de Gondomar entre finais do século XVI e principios do XVII. Por seren textos non destinados á imprenta cabe supoñer que sobre eles non actuou o filtro corrector que inevitablemente tiña que aplicar todo impresor. Por conseguinte, é obvio que temos neles un magnífico campo de estudio dos que poderían se-los problemas gráficos que espontaneamente se lles presentarían para escribir en galego a unhas persoas que probablemente tiñan un coñecemento das letras suficiente para ler e escribir con certa soltura, pero non formación abonda para reflexionaren e tomaren decisións en materia ortográfica.

En principio a ortografía tradicional parece bastante asentada nalgunhas voces comúns que, por razón da súa mesma frecuencia de uso, tenderían inercialmente a fixarse con máis forza na memoria gráfica das persoas daquel tempo¹⁹: *ben* (GONb 10), *bein* ‘ben’ (GONc 2), *bon* (GONc 28), *boa* (GONc 31), *boas* (GONb 7, 31; GONc 34), *deve* (GONd 50), *nouas* (GONb 7, 32), *Ponteuedra* (GONb 1, 15, 28), *seruïço* (GONa 6), *seruidora* (GONb 33), *serve* (GONd 9), *ueçes* (GONa 1), *uezes* (GONb 25), *uontade* (GONa 7), etc.; nestas cartas as formas dos copretéritos dos verbos da primeira conjugación escríbense sempre á maneira tradicional, con <u> ou con <v>: *estava* (GONc 8), *perdoava* (GONc 9), *sinificaua* (GONb 2). Mais non é en absoluto custoso aducir testemuños, e non escasos, de signo contrario, e ás veces mesmo con palabras de bastante circulación: *acauada* (GONb 6), *ben abenturada* (GONb 10), *abisarme* (GONb 29), *abiseme* (GONb 32), *vein* ‘ben’ (GONc 26), *bay* ‘vai’ (GONb 28), *ban* ‘van’ (GONb 8), *bribidade* (GONd 25), *nabios* (GONd 19, 21), *saver* (GONc 18), *saue* (GONa 9), *save* (GONd 44), *tubo* ‘tivo’ (GONa 12), *tibera* (GONa 8, GONc 14), *balor* ‘valor’ (GONb 14, 19), *bentos* (GONc 16), *beraom* ‘verán’ (GONd 43), *bida* (GONb 24), *bila* (GONb 16), *binte* (GONb 33), *beim* ‘vén’ (GONd 48), *bosa* (GONd 44), etc. No seu galego aportuguesado don Diego das Achas e Petán escribe *tanven* (GONc 24).

¹⁹ A carta *a* é de Juan de Lanzós e Andrade (ca. 1598), a *b* de Beatriz da Serra (20.05.1603) e a *c* (08.04.1605) e maila *d* (20.09.1605) de Diego das Achas e Petán.

Oubir (GONb 7) sen dúbida presentaba problemas especiais, tanto porque a súa etimoloxía (AUDIRE) non lles resolvía realmente nada a aqueles que a coñecesen coma porque a inexistencia desta forma en castelán privaba a estas persoas dun posible modelo de corrección que probablemente tampouco lles fornecía, por simple descoñecemento da maioría, o portugués. Algo semellante, inda que non exactamente o mesmo, pode afirmarse de *veira* (GOND 15), que probablemente provén dunha voz prerromana *BARIA ou *BAREA (cf. Corominas & Pascual: s.v.): o seu uso limitado en castelán restrinxiría enormemente as posibilidades de que a forma común no idioma da corte (*vera*) actuase como modelo para os que escribían en galego; mais a partir dunha única documentación non podemos levantar ningunha explicación satisfactoria. No *Entremés famoso* (1671) temos *beira* (ENT 3 47).

Comentario particular merecen as formas *bolbo* (GOND 39) e *bolveu* (GOND 16), dado que nestes textos dos séculos escuros atopamos tan constantemente as grafías *bolb-* e *bolv-* para o verbo *volver* que podemos afirmar que elas son realmente a norma. Nos textos galegos e portugueses escribíanse desde a Idade Media con dous <v>, con dous <u> ou cun <v> e un <u>, e só nalgúns ocasións se rexistran casos de *bolta*, *boltas* ou *aboluer* (cf. Lorenzo 1977: s.v.). En troques, a tradición castelá era distinta, como sinalan Corominas & Pascual (s.v.):

Aunque la grafía latinizante *volver* aparece alguna vez en la Edad Media [...], la grafía *bolver* puede calificarse de general, no sólo en este período, sino en G. de Segovia [...], Nebr. [...] y aun en el Siglo de Oro; es la única de Covarr., y todavía los académicos de *Aut.* advierten en su prólogo: “muchas personas, y todos o casi todos los impresores, le comiençan con *b-*”. Siguiendo su criterio latinizante a ultranza implantó la Acad. la grafía antihistórica *volver*, si bien incluyendo en la *b-* una referencia, que demuestra cómo hasta entonces a pocos se les ocurriría buscar otra grafía que la tradicional, causada por una disimilación normal en cast. (comp. *bivir*, etc.).

Creo que este uso castelán, en tempos en que o cultivo literario do galego estaba baixo mínimos, explica a constancia da aparición de *bolver* e *bolber* nos textos que estamos revisando.

Non son infrecuentes os casos de incoherencia, incluso dentro da mesma carta ou no conxunto das dúas cartas (GONc e GOND) escritas por don Diego das Achas e Petán. O topónimo *Baiona* escríbeo con dona Beatriz da Serra e con <v> don Diego das Achas: *bayona* (GONb 32), *vayona* (GONc 35). Para os descendentes de BASIARE e as súas formas conxugadas don Juan de Lanços e de

Andrade chega a utiliza-los tres signos gráficos en litixio (*Veyjarlle*, GONa 3; *ueyjo*, GONa 11; *beyjo*, GONa 1), se ben é certo que o uso de <V> (maiúsculo) pode deberse a que desde antigo non se empregaba nunca <u> en tales circunstancias; e mentres que Beatriz da Serra escribe *beyxo* (GONb 25) e vacila entre *escrebia* (GONb 12) e *escreyu* (GONb 1), Diego das Achas deixa no papel *veinjan* ‘beixan’ (GONc 31) e *escreva* (GOND 49). O mesmo don Diego oscila entre *lebaren* (GOND 34) e *levaron* (GOND 12), entre *liberdad* (GOND 19) e *liverdade* (GOND 23), entre *bolbo* (GOND 39) e *bolveu* (GOND 16), entre *ver* (GOND 11) ou *vendo* (GOND 7) e *catibos* (GOND 13) na carta do 20 de setembro de 1605 e *bendo* (GONc 3,5) e *cativo* (GONc 3) na anterior do 8 de abril do mesmo ano. Para Beatriz da Serra, o descendente de VIDERE escribíase *ber* (GONb 22).

Percíbese unha tendencia a reservar <u> para a representación da vocal /u/, mais con este valor non deixa de aparecer nalgunha ocasión <v>, que vemos tanto cando a vocal é núcleo silábico inicial de palabra coma cando está na marxe post-nuclear: *vn* (GONb 15; GOND 21, 29), *vma* ‘unha’ (GONb 17, 20), *vmjidad* (GONc 27), *vmor* (GOND 44), *mev* (GOND 16), *savdades* (GOND 9), *ev* (GONc 14, 18; GOND 11, 35). É de notar que as máis altas cotas de emprego de <v> para /u/ se rexistran nas dúas cartas de don Diego das Achas e Petán (GONc e GOND), mentres que na de don Juan de Lanços non se detecta ningún caso. Con todo, non se esqueza que este uso é en xeral esporádico.

Pode dicirse, pois, que as cartas privadas enviadas ó conde de Gondomar entre finais do século XVI e principios do XVII son unha boa proba de que aqueles que por aquel tempo decidían escribir algo en galego tiñan os mesmos problemas cós que o facían en castelán á hora de usaren os signos gráficos , <u> e <v> cun mínimo de rigor, coherencia e racionalidade.

Tamén o texto das décimas ó Apóstolo Santiago de Martín Torrado chegou manuscrito e non impreso ata o século XX. A súa ortografía chama a nosa atención porque a súa marcada tendencia fonolóxica no tocante a esta cuestión da utilización de , <u> e <v> se compadece perfectamente con certos usos foneticistas presentes no mesmo texto, tales coma os de *comperdon* (TORR 42), *empoo* ‘en po’ (TORR 17) e *sempreguntar* (TORR 39). De par disto, obsérvase nesta peza un dominio pouco menos ca exclusivo de para representa-lo fonema /b/, soamente contrapesado por catro casos de <u> consonántico²⁰. Temos con non etimolóxico *abo* (TORR 20),

²⁰ Este fonoloxicismo está moi atemperado na copia da Biblioteca Nacional de Madrid, onde lemos *avo* (20), *valente* (6), *valame* (15), *vim* (25), *uos la* ‘vola’ (38), *vos* ‘vós’ (16), *vos* ‘vos’ (13), *deve* (23) e *Caualleiro* (10).

balente (TORR 6), *ballame* (TORR 15), *bello* ‘vello’ (TORR 2), *bender* (TORR 55), *bin* (TORR 25), *bola* ‘vola’ (TORR 38), *bos* ‘vós’, *bos* ‘vos’ (TORR 13), *bosas* (TORR 49); de *embeja* (TORR 23) hai que dicir que en castelán se empregaron formas con *emb-* ou *enb-*, algunha delas incluso en Nebrija (cf. Corominas & Pascual: s.v.). Con etimolóxico atestamos *bastas* ‘bastades’ (TORR 16), *ben* (TORR 24), *bendito* (TORR 55), *bois* (TORR 53), *cabaleiro* (TORR 10), *debe* (TORR 23), *houber* (TORR 19), *Jubileu* (TORR 44) e *trebon* (TORR 3). En *barba* (TORR 1) o étimo latino BARBA proporciona argumentos para o uso dos dous , pero cómpre lembrar que a grafía tradicional fora loxicamente *barua* ou *barva* e que a Real Academia Española, adoptando o criterio etimolóxico para resolver esta cuestión, estatuíu para o castelán o uso da forma *barba* en 1726 (cf. Rosemblat 1951: LXVII); e claro está que as formas gráficas tradicionais de *cabaleiro*, *debe*, *houber* e *trebon* presentaban tamén <u> ou <v>: *caualeiro* ou *cavaleiro*, *deue* ou *deve*, *ouuer* ou *ouver*, *toruõ* ou *torvõ*. En todo caso, dado o fonoloxicismo imperante na escritura desta composición no tocante ó emprego destas letras, non vexo razóns para soste que o uso de *abo*, *barba*, *cabaleiro* ou *debe* é debedor da norma académica castelá aprobada en 1726; non o é, desde logo, *houber*, pois nese ano aínda a RAE estipulaba *haver*. Nin sequera estamos seguros de que a copia a través da cal coñecemos hoxe o poema de Torrado sexa realmente posterior a ese ano.

Nas contadas ocasións en que se usa nestas décimas ó Apóstolo Santiago, o <u> consonántico ten fundamento etimolóxico: *uai* (TORR 28), *uos* ‘vós’ (TORR 29), *uos* ‘vos’ (TORR 29, 32). Por outra banda, débese sinala-la incoherencia que constitúe escribir, fronte a *bos* ‘vós / vos’ e *bola* ‘vola’, *uos* ‘vós / vos’. Non se documenta en ningún caso o grafema <v>, nin para o valor vocálico nin para o consonántico²¹; por conseguinte, fóra dos casos en que forma parte dos dígrafos <gu-> e <qu-> (*guerra*, TORR 14; *queija*, TORR 37), <u> remite non só a /b/, senón tamén a /u/: *un* (TORR 26, 45), *unha* (TORR 14, 27, 57), *Jubileu* (TORR 44), *mouros* (TORR 18), etc.

A copia seiscentista da *Historia de Iria*, tamén manuscrita, presenta un indiscutible apego ós usos ortográficos tradicionais e, así mesmo, a vacilación tamén tradicional. En xeral, , <u> e <v> representan o fonema /b/ nos contextos en que cada un o viña facendo desde antigo, mais obsérvase que o <v> consonántico nunca ocorre en posición medial de palabra: *antrealo* ‘intervalo’ (1 r), *auia* (1 r, 1 v, 2

²¹ Hai que dicir exactamente o contrario da copia da Biblioteca Nacional de Madrid, na que lemos *avo* (20), *valente* (6), *vai* (28), *vos* ‘vós’ (29), *vos* ‘vos’ (29, 32), etc., e tamén *uos* (38), *vn* (45) e *vna* ‘unha’ (14, 27, 57).

r, 4 v, 5 r, 7 r, 10 r, 12 r, 13 r, 13 v, 14 v, 16 r, 16 v, 17 r), *ouuo* (3 v, 4 v, 7 r, 8 v, 13 v, 15 r, 18 r), *bago* (10 v; de BACULU), *bispado* (1 r, 10 v, 11 r, etc.), *bispo* (1 r, 2 r, 2 v, 3 r, 7 v, 8 r, 9 r, 10 r, etc.), *bo* (3 r, 4 v, etc.), *bô* (3 v, 9 r, 10 v, 14 r), *breue* (1 r, 11 v, 16 r), *conuertir* (1 v), *deluuio* (1 r), *deuia* (9 r, 12 r), *deutos* (1 r, 1 v), *Esteuo* (8 v), *gouernou* (6 r, 12 v), *nobre* (2 v, 10 r, 15 v, 18 r), *ouuiian* (4 r), *pobo* (7 r, 9 r, 11 v, 15 v), *poboo* (12 v, 13 r), *rebtou* (6 v)²², *saluo* (1 v), *seruicio* (2 r), *soeuos* (1 v, 2 r), *uer* (5 r, 13 r), *uia* (2 r, 3 r, 11 v), *vida* (1 v), *viesen* (1 r, 1 v, etc), *Virgen* (1 r), *virtudes* (2 v), etc. Os sufixos modo-temporais dos copretéritos da primeira conxugación case sempre se escriben con <u>, como era tradicional: *safirmaua* ‘se afirmaba’ (12 r), *andaua* (8 r, 13 r), *andauan* (11 r), *apagauan* (4 r), *asiñoreaua* (2 r), *siñoreauan* (2 v), *señoreaua* (2 v), *asobiauan* (5 r), *casauan* (10 v), *catiuauan* (5 v), *daua* (18 r), *dauan* (7 r), *estaua* (5 r, 8 v, 10 r, 11 r, 12 v, 13 v, 16 r, 16 v, 17 r, 18 r), *estauan* (5 v, 7 v, 8 v, 12 r, 13 v, 17 v), *estragauan* (18 r), *lebau[a]* (5 v), *mandaua* (3 r), *matauan* (5 v), *mendicauan* (11 r), *morauan* (16 r), *mudaua* (12 r), *ousauan* (11 r, 15 r), *pululaua* (3 r), *queimaua* (6 v), *sojuzgauan* (13 r), *trespasaua* (12 r), *vsaua* (9 r); as formas con suman ata sete, unha cantidade nada desdeñable: *çalebraba* (10 v), *chamaban* (17 v), *entraban* (18 r), *jajunaba* (10 r), *lançaba* (9 r), *lebantaba* (14 v) e *trataba* (9 r).

Nesta copia da *Historia de Iria* o grupo [βr] medial intervocálico procedente de -B’R- ou de -BR- represéntase con <-br-> e non con <-ur-> ou <-vr->: *libros* (1 r, 6 r, 6 v, 16 v), *libre* (10 v), *librada* (7 v), *librou* (10 r, 17 v), *librara* (11 v), *febres* (2 v); realmente, nestes contextos <-br-> xa se coñecía en galego desde o século XIV e para algunhas voces mesmo desde o XIII. *Oprobio* <OPPRβ→BR•U non se documenta nos romances ibéricos centro-occidentais ata o século XV (cf. Corominas & Pascual: s.v. / Lorenzo 1968: s.v.): a dúbida entre *oprouio* (7 r) e *oprobio* (11 r) en que se debate este copista da *Historia de Iria* debe de vir determinada pola disimilación da segunda vibrante, que deixa o /b/ nunha posición intervocálica na que, para quen non coñecese a etimoloxía da voz, cabería tanto coma <u>.

Constitúe un arcaísmo o mantemento da grafía xeminada do étimo en *abbade* (6 r, 8 r, 8 v, 10 v, 11 v, 14 v, 15 r, 18 v) e *abbades* (7 r, 14 r); mais é certo que tamén se encontra *abade* (9 r, 14 v).

Os grafemas <u> e <v> comparten nesta copia da *Historia de Iria* a representación da vocal /u/, pero, ó igual que sucede cando ten

²² Se ben a etimoloxía de *rebtar* é discutible (cf. Corominas & Pascual: s.v.), o certo é que en galego medieval, desde as *Cantigas de Santa María* (cf. Lorenzo 1968: s.v.), son normais as documentacións con .

valor consonántico, <v> só se emprega en posición inicial de palabra²³, onde de toda maneira tamén pode aparecer <u>: *vn* (1 r, 1 v, 7 r, 9 v, 11 v, 16 r, 16 v, etc.), *un* (1 v, 8 r, 13 v, 16 v, 18 v, etc), *vna* (4 v, 6 v, 7 r, 7 v, 8 r, 9 r, 16 r, 16 v, 18 v, etc.), *una* (7 r, 14 v, 16 r, 16 v, etc.), *vltemo* (3 v, 5 r), *vltimo* (4 v), *vmildade* (12 r, 14 v, 17 r), *vngos* (1 v, 2 r), *vsaua* (9 r), *vsou* (6 r, 12 v), *usando* (10 r), *vsos* (17 r). Nos restantes contextos emprégase sempre <u>: *deluuio* (1 r), *duna* ‘dunha’ (7 r), *caeu* (7 r), etc. Como maiúscula, vocálica ou consonántica, só se utiliza <V>: *Vlla* (2 r, 11 v, 17 r), *Vncello* (4 r), *Vngo* (13 v), *Vrbano* (4 v, 10 v, 11 v, 12 v, 13 r, 14 r), *Vrraca* (11 v, 17 v), *Vimara* (11 r), *Vincenso* (13 v), *Vicenço* (15 r), *Vincente* (13 v).

É considerable nesta copia da *Historia de Iria* o número de grafías antietimolóxicas e antitradicionais que atopamos: *auerta mente* (4 r), *abôs* (17 v), *Baca* (6 v), *botos* (14 r), *bella* ‘vella’ (6 v), *bellos* ‘vellos’ (16 r), *embellecesen* ‘envellecesen’ (6 r), *escrabos* (6 r), *nobos* (2 r), *obellas* (14 r), *presvitero* (16 v), *Riua de Miño* (8 r, 17 r), *Riuas de Sil* (8 v), *riuera* (16 v), etc. *Vispos* (7 r) contradí o habitual (*arço*)(*arce*)*bispo(s)* desta mesma copia seiscentista; *sauer* (2 v, 6 v, 11 v, 14 v, 17 v), *sauendo* (13 r), *sauemos* (8 v), *sauedes* (11 r), *sauen* (1 r), *sauidor* (9 r), *sauedores* (9 r, 11 v) e *sauidores* (2 r, 5 r, 11 v, 14 v, 15 v) opóñense a *sabe* (6 v), *sabendo* (7 r) *sabido* (12 v), *sabia* (12 v) e *souberon* (7 r); *vatalla* (3 v) e *vatallas* (6 v) a *batalla* (7 r, 7 v, 15 v); *trauallos* (4 r) a *traballo* (11 v, 17 r), *traballos* (8 r, 11 r, 12 v, 13 r, 14 r), *traballando* (14 r), *traballaron* (1 r) e *traballou* (3 r); *nabes* (8 v) a *naue* (16 v) e *naues* (10 v); *nobe* (3 v), *nobenta* (1 v) e *nobecentos* (5 v, 7 v) a *noue* (1 v, 4 r), *dezenoue* (3 v) e *nouecentos* (6 r, 6 v); *lebantado* (2 r, 3 r), *libantado* (7 r), *lebantaba* (14 v), *lebantaron* (5 v, 9 r, 10 r, 12 v), *lebantou* (6 v, 8 v), *lebantouse* (8 v) e *lebantara* (13 r) a *leuantado* (3 r), *leuantados* (9 r), *leuantate* (7 r) e *leuantouse* (2 v, 5 r), *leuantaron* (3 r) e *leuantaronse* (3 v); *pribou* (9 r, 10 v) a *priuara* (10 v) e *priuado* (10 v); *prober* (10 v, 13 r) a *prouer* (12 v) e *prouendolles* (16 r); *receuer* (6 r, 13 v), *reciuido* (14 r, 16 v, 17 r, 18 r), *receuimos* (13 r), *receueron* (2 v, 13 r) e *receuera* (6 r) a *receber* (13 r, 14 v), *recebido* (13 v), *recibido* (15 r), *recebeu* (10 r, 11 v, 14 r, 16 r), *recebiu* (13 v, 15 r), *receberon* (10 v, 18 r) e *recebesen* (14 v); *Bazquez* (9 r) a *Vazquez* (9 r); *ben* ‘veu’ (9 v) fronte ó habitual *ven*; etc.

Para *volver* e a súa familia léxica atopámo-las formas con correntes no castelán da época: *rebolueuas* (14 v), *emboltos* (10 v). De *embiar* (13 v), *embies* (13 r), *embiolle* ‘envioulle’ (6 r), *imbiache* (13 r), *embiou* (6 r, 10 r, 13 v, 14 r), *embiô* (6 r), *imbiou* (12 v), *embiaron* (7 r) e *embiara* (14 v) cómpre dicir algo moi semellante ó que ob-

²³ *Fvndaron* (5 v) é lectura insegura.

servamos para *boluer*: son formas sen tradición no galego medieval, pero no castelán, lingua que evidentemente interfería na esporádica escritura galega do século XVII, *embiar* fora a grafía máis corrente en toda a Idade Media e Corominas & Pascual (s.v.) indican que este uso chega polo menos ata Nebrija. Comentario polo estilo merecen *biuiron* (4 r), *bibeu* (6 r) e *bibiu* (6 v, 8 v), que se opoñen ó habitual *vida* deste traslado da *Historia de Iria*: en castelán -non en galego- as formas con , baseadas nunha disimilación coma a que actuou en *volver* > *bolver*, foron xerais en toda a Idade Media e só o *Diccionario de Autoridades* de 1726 implantou definitivamente o uso latinizante (cf. Corominas & Pascual: s.v.). A propósito de *embeja* (10 v), lembramos que en castelán se empregaron formas con *enb-* ou con *emb-*.

No caso de *aproube* (2 r, 12 r) < PLACUIT non podía buscarse apoio etimolóxico para ningún dos grafemas en xogo, pero o uso medieval para este tipo de formas labializadas dictaba <u> ou <v> (cf. Lorenzo 1977: s.v.)²⁴

Hai, finalmente, casos de grafías etimolóxicas pero que daquela atentaban contra o uso tradicional. Isto era o que pasaba con *cabalo* (7 r), *cabaleiros* (9 v, 17 v) e *cabaleria* (11 v, 17 v), que se opoñían a *caualo* (7 v), *caualeiro* (7 r, 11 v, 15 r) e *caualeiros* (1 v, 7 v, 9 v); con *escribir* (14 r, 17 r), *escrebeu* (13 v), *escreberon* (13 v), *iscribiron* (1 r) e *escribiu* (13 r, 13 v), opostos a *escreuendolle* (9 v); con *ouberon* (9 v) e *oubera* (11 r, 11 v) fronte a *ouueron* (4 r); con *soberbea* (13 r), contradictorio con *soberuia* (14 v) e *soberueo* (8 r). Tamén era, finalmente, o caso de *abito* ‘hábito’ (6 r), *abeto* ‘hábito’ (10 r) e *abetos* (16 r), pero aquí cómprenos non esquecer que *abito* xa o utiliza Nebrija e máis tarde tamén outros escritores casteláns (cf. Corominas & Pascual: s.v.).

Na copia manuscrita do *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño*, datada en 1671, alternan tres códigos lingüísticos: o galego do labrador Roleiro, o pseudo-portugués do fidalgo miñoto e da súa namorada e o castelán das acoutacións teatrais. Mais no tocante ó uso dos grafemas , <u> e <v> non se aprecian diferencias entre cada un destes tres códigos, polo que na exposición que vou facer prescindirei da lingua castelá das acoutacións e non farei distinción entre a dos textos galegos e a dos pseudo-portugueses.

O emprego destes tres signos gráficos caracterízase polas constantes que xa vimos para outros textos manuscritos dos séculos XVI e XVII, anteriores, por tanto, ás orientacións que dará a RAE no XVIII. Quere isto dicir que o que neles observamos é un apego fundamental ós

²⁴ En *aprouese* (13 v) debe de haber omisión involuntaria de <-b>, quizais por un descoñecemento da palabra por parte do copista seiscentista.

usos herdados desde a época afonsina (séc. XIII) coas vacilacións e inseguridades derivadas da falta dun soporte fonolóxico para esta oposición gráfica desde a propia Idade Media. Así, son usos ortodoxos os seguintes: *abade* (ENT 5 9), *acabou* (ENT 2 1), *alba* (ENT 1 39, 2 22), *baça* (ENT 2 38), *basta* (ENT 1 25, 2 56, 2 76), *beijo* (ENT 3 42), *bein* ‘ben’ (ENT 1 43, 3 10, 3 66, 5 25, 5 47), *ben* (ENT 6 42), *beira* (ENT 3 47)²⁵, *bela* (ENT 3 5), *belas* (ENT 3 67), *besta* (ENT 1 12), *bo* (ENT 1 38, 3 18), *boa* (ENT 2 72, 6 14), *bois* (ENT 2 10), *bosta* (ENT 5 19), *braços* (ENT 5 66), *brioso* (ENT 3 20), *brotado* (ENT 1 10), *buscan* (ENT 3 15), *cabesa* (ENT 3 61, 3 82), *cebola* (ENT 5 59), *cubrirà* (ENT 6 14), *debaijo* (ENT 2 35), *diabo* (ENT 3 2), *diabro* (ENT 2 17), *diabros* (ENT 2 57), *dobrada* (ENT 1 57, 1 58), *dubia* ‘dúvida’ (ENT 1 46), *graue* (ENT 5 39; *grave* ITB), *labrador* (ENT 1 67), *libran* (ENT 6 12), *librama* (ENT 5 3), *librarian* (ENT 6 10), *marauedis* (ENT 5 2), *nabo* (ENT 1 20), *nobre* (ENT 1 8, 1 33), *priuou* (ENT 5 27; *privou* ITB), *quebra* (ENT 2 82), *quebrense* (ENT 1 61), *rabos* (ENT 2 27), *raiba* (ENT 5 62), *raibosa* (ENT 1 36), *rebenta* (ENT 1 9), *rebranton* (ENT 3 74)²⁶, *ribeira* (ENT 1 42, 2 65), *roubou* (ENT 5 40), *vase* (ENT 2 30), *vea* (ENT 1 37), *uer* (ENT 2 8, 2 44; *ver* ITB), *uer* (ENT 2 71; *saver* ITB), *veran* (ENT 2 22), etc.

En posición medial de palabra non se utiliza nunca o grupo <mb> (nin <mp>), senón sempre <nb> (e <np>). Véxase: *anbos* (ENT 5 68), *conbosco* (ENT 5 61), *enbajada* (ENT 6 38), *enbaso* (ENT 3 66), *lonbo* (ENT 4), *onbreiro* (ENT 6 7), *tanboriladas* (ENT 2 26); con <np>: *canpo* (ENT 5 51), *conpadre* (ENT 4), *compañeiro* (ENT 6 65; *compañeiro* ITB), *conprar* (ENT 7 22), *inpipinando* (ENT 2 51), *senpre* (ENT 3 78), *sinpresa* (ENT 3 63; *simpresa* ITB).

Evítase a combinación <vr> ou <ur>; por iso se escribe, con metátese da consoante vibrante, *bregoña* ‘vergoña’ (ENT 6 47).

Grafías etimolóxicas pero en 1671 adiantadas ós tempos e contrarias ó uso tradicional herdado dos séculos medievais eran as de *barba* (ENT 6 7), *barbas* (ENT 2 12), *beber* (ENT 2 19), *debe* (ENT 3 38), *governarnos* (ENT 5 7), *neboeiro* (ENT 6 17) e *trabado* (ENT 1 35). *Carballos* (ENT 2 40) non tiña unha orixe evidente e fóra de discusión, pero o uso tradicional máis estendido pedía <u> ou <v>. No caso do verbo *haber* oscilase no *Entremés* entre as grafías tradicionais con <u> ou <v> e as que, respectuosas coa forma do étimo latino, presentaban e daquela representaban realmente transgresións da norma establecida: *auer* (ENT 1 17, 2 25, 2 65; *aver* ITB), *aberà* (ENT

²⁵ Esta era a forma tradicional en galego; non así en castelán, que escribía e escribe con <v> a súa voz *vera*.

²⁶ Véxase a nota 22.

3 64), *abes* ‘habedes’ (ENT 2 35). Nos sufixos modo-temporais dos copretéritos da primeira conxugación temos xa sempre : *abentajaba* (ENT 5 36), *dabais* (ENT 5 38), *estabàis* (ENT 5 32), *sobraba* (ENT 5 37).

Palabras de etimoloxía dubidosa, ou non trivial, ou para as cales o étimo non ofrecía (ou non ofrecía claramente) ou <u, v> eran *aqueibar*²⁷ (ENT 2 3, 6 1), *aqueibaran* (ENT 6 26), *Borgorio* ‘Gregorio’ (ENT 2 31), *ouben* (ENT 2 23), *tuber* (ENT 2 29; contra o uso). Obsérvase que estas voces se escriben con , mesmo se isto atenta contra o uso tradicional, coma nos casos de *ouben* e *tuber*.

Grafías antietimolóxicas e/ou contrarias ó uso establecido eran as de *abentajaba* (ENT 5 36), *atrabesada* (ENT 2 48), *atrebido* (ENT 5 28), *bacas* (ENT 2 10), *balente* (ENT 5 50), *balla* (ENT 1 54), *ballamo* (ENT 1 7), *bara* (ENT 2 4), *basallaje* (ENT 7 4), *bello* ‘vello’ (ENT 5 11), *bende* (ENT 7 20), *bento* (ENT 1 48), *berteu* (ENT 5 49; *verteu* ITB), *bilaons* ‘viláns’ (ENT 1 22), *biola* (ENT 6 56, 6 58), *bito-rioso* (ENT 5 56), *bocè* (ENT 6 36; *vocè* ITB), *bos* ‘vos’ (ENT 3 76, 5 31, 5 37, 5 56, 5 63, 6 42), *darbos* (ENT 3 51, 5 67), *bosa* (ENT 2 36, 3 43, 5 34), *bosos* (ENT 6 41), *bosastede* (ENT 3 42; *vosastede* ITB), *conbosco* (ENT 5 61), *crabada* (ENT 6 70), *ebanjeos* (ENT 1 16), *fabores* (ENT 3 17), *lebe* (ENT 2 9), *trabesa* (ENT 5 62; *travesa* ITB); *abó* (ENT 3 39), *bisabo* (ENT 3 22) e *tartarabos* (ENT 1 28; *tartaravos* ITB) deberon de inspirarse nas correspondentes formas do castelán, idioma en que desde as orixes se escribiron estas voces con . Así mesmo, as formas do verbo *varrer* (< lat. VERR \rightarrow RE) con , inda que contrarias á escritura etimolóxica, xa eran comúns no castelán medieval (cf. Corominas & Pascual: s.v.); coído que *barran* (ENT 2 58) e *barredeira* (ENT 6 44) acusan a influencia deste uso gráfico da lingua da corte.

Tamén eran antietimolóxicas as grafías de *bejo* ‘vexo’ (ENT 7 5, 7 14, 7 23), *beja* ‘vexa’ (ENT 3 17), *bejos* ‘véxoos’ (ENT 6 23) e *beja* ‘vexo a’ (ENT 6 66), que alternan con *veja* (ENT 3 35); e tamén o era a de *vicho* (ENT 1 38; do lat. BESTIUS), que se opón a *bichos* (ENT 1 15). Tampouco hai coherencia na escritura das diversas formas dos verbos *ir*, *vir* e *volver*: fronte a *vou* (ENT 1 39), vemos *bou* ‘vou’ (ENT 5 16), *bai* (ENT 3 46, 3 49, 6 32), *bamos* (ENT 7 22) e *ba* ‘vaia’ (ENT 6 40); fronte a *ven* (ENT 6 35), *vein* (ENT 2 83), *veñan* (ENT 2 43), *venha* (ENT 1 39, 3 33), *viran* (ENT 2 45), *viraõ* (ENT 1 50) e *viu* (ENT 3 28), atopamos *ben* ‘vén’ (ENT 3 48, 6 6, 6 30), *beo* ‘veu’ (ENT 5 53) e *bindo* (ENT 3 74); a par de *bolbe* (ENT 5 66), *bolbera*

²⁷ En diversos dicionarios portugueses *aqueibar* alterna con *aqueivar*.

(ENT 5 13) e *rebolbais* (ENT 6 46)²⁸ rexistramos *volber* (ENT 6 28). Tamén se oscila entre *saben* (ENT 1 30) e *sauer* (ENT 1 24; *saver* ITB), entre *ves* ‘vez’ (ENT 2 33) e *beces* (ENT 2 76).

Non está definitivamente asentada a etimoloxía do nome *Basco* (ENT 1 29) e, por tanto, non é posible determinar con seguridade se o criterio ortográfico etimolóxico esixiría *Vasco* ou *Basco*; mais, en todo caso, si se pode afirmar que o uso establecido desde antigo era o de utilizar <V>.

A vocal /u/ pódese representar no *Entremés* con <u> ou con <v>. Na posición inicial de palabra téndese a empregar <v>, se ben non falta neste contexto algún caso de <u>: *vn* (ENT 2 47), *vn* (ENT 1 6, 3 4, 3 20, 3 60, 3 72, 6 58; *un* ITB), *uns* (ENT 1 15), *vnha* (ENT 2 33, 2 48, 3 73, 5 19, 6 16, 6 17, 6 52, 6 68, 6 70; *unha* ITB), *vnha* (ENT 2 52, 3 81), *unha* (ENT 2 64), *umha* (ENT 1 15), *vnhas* (2 49), *vso* (ENT 1 52; *uso* ITB), *vsos* (ENT 2 11; *usos* ITB). Nos restantes contextos só se emprega <u> con este valor vocálico. Como pode comprobarse relendo a relación de exemplos que ata aquí vin dando, na copia manuscrita do século XIX (ITB) téndese xa, de acordo co criterio académico do XVIII, a reservar <v> para representar /b/ en alternancia con e a deixar <u> para representar /u/, unicamente con algunhas excepcións probablemente debidas simplemente a descoidos motivados por momentáneas faltas de concentración.

Do solpor do século XVIII son as papeletas manuscritas en que o Padre Sobreira (Sobreira 1979) foi anotando voces galegas recadadas en diversos puntos da nosa xeografía. Nelas xa se ve como <u> ten sempre valor vocálico e <v> valor consonántico. En bastantes das voces máis triviais e comúns ó galego e ó castelán o frade bieito non tivo en xeral problemas para segui-lo criterio etimolóxico establecido pola RAE para o castelán en 1726 e afinado logo en anos posteriores. Así e todo, non deixan de aparecer nestas papeletas grafías non etimolóxicas ou contrarias ó uso moderno mesmo nalgunhas palabras de moita circulación, como é o caso de *apobeytar(se)* (19, s.v. ABÊCER, 239-240) e *probeyto* (396, s.v. BEN LLE VAGA), *crabar* (419, s.v. BOTADOR), *crabos* (419, s.v. BOTADOR), *biga* (403), *bispora(s)* e *bispra(s)* (406), etc.²⁹ Sospeito que estas grafías antietimolo-

²⁸ Lémbrese que ata que a RAE publica o *Diccionario de Autoridades* en 1726 en castelán eran norma común as formas con <b->.

²⁹ En voces nas que houbo síncope vocálica ante consoante vibrante a grafía antietimolóxica
 débese ó rexeitamento da combinación <vr>: *abriguar* ‘averiguar’ (35) e as súas variantes, *abriguación* ‘averiguación’ (35) e as súas variantes; *bran* (422) e *brao* (424); que esta actuación era premeditada parece evidente nas seguintes entradas: “BRAN. (Melon). *Verao*” (422); “BRAO (Ribadavia). *Verao*” (424); “BREGONZA. S. f. del Ferrol. *Vergonza*. = Castellano Vergüenza” (425).

lógicas puideron ser empregadas ás veces de maneira premeditada, quizais como un recurso de distanciamento artificial do galego fronte ó castelán. Inspírame esta sospeita o que vexo na décimo terceira entrada de AYRE (335), onde se escribe *huevo* na glosa que se fai en castelán e se pon *obo* cando se recolle unha expresión galega; así e todo, tamén atopo *ovo* (474) nun dos refráns que o frade de Beade recolleu e, en contradicción con isto último, *óbas* e *desoban* (454, s.v. PEYXES) noutra papeleta. É irrefutable, pois, que temos aquí unha mostra máis de inconstancia e falta de criterio firme nun texto do galego medio, pero tamén coído que non admite moita contestación a dedución de que cando Sobreira cubriu a papeleta de AYRE que antes mencionei pesou no seu ánimo un certo afán diferencialista no intre en que escribiu a voz *obo*.

Tamén se observan nas *Papeletas* de Frei Juan Sobreira as case inevitables incoherencias internas, coma a que se establece entre *abalar* (12) e *avalar(se)* (320-321), entre *abanear(se)* (14) e *avanar(se)* (321-322), entre *abisouiro* (22-23) e *avizouiro* (331) e *avisouiro* (331, s.v. AVIZOURO), entre *abisoueyro* (22) e *avisoueyro* (117, s.v. AGUILLOAR, 3ª entrada), entre *beyra* (400; 123, s.v. ALA, 2ª entrada) e *veyra* (123, s.v. ALA, 2ª entrada; 141, s.v. ALEYRO; 414, s.v. BÓRDA, 2ª entrada), entre *bravo* (37, s.v. ABRÓLLO, 1ª entrada) e *brabo(s)* (422, 476), entre *caballarias* (434, s.v. BULLEYRO, 3ª entrada) e *cavallarias* (434, s.v. BULLEYRO, 6ª entrada), entre *chober* (7, s.v. A MANTA; 419, s.v. BOTAR POR) ou *chubia* (469) e *chovediza* (107, s.v. AGOA CHOVEDIZA), entre *dovesa* ‘devesa’ (442, s.v. E, 2ª entrada) e *dobesa* (451, s.v. O, 2ª entrada), entre *estivada(s)* (271, s.v. ARXE; 336, s.v. AYRÓA, 3ª entrada; 417, s.v. BORRÉ; 421, s.v. BOUZA, 1ª e 3ª entrada) e *estibada* (364, s.v. BARBEYTO), entre *levácheme* (3, s.v. A BOA FE) e *lebàlas* (373, s.v. BARRER) ou *lebareya* (1, s.v. A, 4ª entrada), entre *ovellas* (398, s.v. BERRAN) e *obellas* (475), entre *vaca* (461) e *baca* (388, n. 94; 469), etc. Así mesmo, resulta curioso que na papeleta de *bèzo* (401) o autor propoña como traducción castelá a palabra *vicio* e que, sen embargo, non se decate de que a voz galega tamén debería levar <v-> inicial. Dá a impresión, en fin, de que mesmo unha persoa instruída coma Frei Juan Sobreira non daba dominado por completo a norma académica nin sequera con palabras triviais; en contrapartida, supoñemos que as impresas se encargaron durante moito tempo non só de publicar, senón tamén de corrixi-la ortografía de boa parte dos manuscritos que a elas chegaban destinados a pasar polo prelo.

Se as dificultades xa eran notables con voces triviais e comúns ó galego e ó castelán, o problema facíase aínda máis revirado a Frei

Juan cando debía escribir palabras exclusivamente galegas ou de uso moi restrinxido en castelán que ademais non tiñan unha etimoloxía que resultase evidente para quen fose simplemente un mediano home de letras. O monxe de Beade deixou por escrito en varias das súas papeletas as dúbidas que o asaltaban á hora de escribir este tipo de vocábulos:

ABASTAR. V.a. de Ribasil. Alcanzar con la mano, o instrumento manejado en ellas, alguna cosa distante. Acaso es *avastar* con V. [...].

ABASTAR. [...] Debe escribirse con B. (p. 16, s.v.).

ABELAYRA. [...] Acaso *avelayra*, que tambien puede ser (p. 19, s.v.).

ABENZA O AVENZA. [...] V. *Benza* o *Venza* (p. 20, s.v.).

ABIÑAR [...] o *aviñar* (p. 22, s.v.).

BALO, vel VALO (p. 352, s.v.).

BANO. [...] Parece no deber escribirse *Vano* (p. 357, s.v.).

BASCA o VASCA (p. 377, s.v.).

De toda maneira, aínda que esta vacilación non a resolveu en casos coma os anteriores, o certo é que en bastantes outras ocasións parece que se inclinou por actuar como en 1726 aconsellara a RAE para este tipo de voces, é dicir, empregando nelas “porque es más natural a nuestra manera de hablar la pronunciación de la *b* que de la *v*” (in Rosemblat 1951: LXVII). Creo que isto é o que explica a grafización dun considerable número de palabras das papeletas, grafización que case sempre é coincidente coa acordada para o galego moderno: *abouzar(se)* (31), *basoyra* (378), *botar* (419-420), *bácaro* e *bacaro* (344-345), *bácoro* e *bacoro* (346), *bacoriño* e *bacuriño* (347), *balòr* (352) e *abalorar(se)* (12), *batujar(se)* (385-386) e *batuxar(se)* (386), *billa* (404), *boubear* e *boubelear* (420), *bouza* (421), *bruar* (429) e *bruyar* (431), *bugalla* e *bugallo* (433), *buràca* e *buraco* (435), *buràta* e *buràto* (435), *esbarar* (1, s.v. A, 8ª entrada) e *esbàre* (471), *esbarada* (203, s.v. ANGUÍA), etc. Coido tamén que é a preferencia por neste tipo de casos o que o moveu a face-lo comentario ortográfico que lle fixo á voz *balboreta* (350), sobre a que advertiu isto: “y no *Valboreta*”³⁰.

Por outra parte, se antes viamos que Frei Juan non seguiu o criterio etimolóxico da RAE en casos en que este era acertado e adaptable ó galego, noutras ocasións observamos que se ativo á norma castelá cando esta non respectaba realmente a grafía que esixían as orixes de determinadas voces. Isto é o que aconteceu cando, coma tantos escritores galegos ata as postrimerías do século XX, anotou *abò* (23), *abó* (477), *abóo* (27), *abòa* (23), *abòs* (29), *abogado* (25), *abogar* (25), *acebo* e *acebro* (49), *acibo* (58), *barrer* (3, s.v. A BARRER; 15, s.v. A BARRER; 373), *bermello* (397), *berza* (398), *berzas* (2, s.v. A, 14ª entrada), *bulto* (4), s.v. A BULTO) e *abultar* (41), etc.; e débense consignar tamén os castelanismos lexicais *basura* e *basureyro* (379-380).

Nun “Romance galogreco” que debeu de chegar ás mans de Sobreira e que el cortou en tres anacos para anotar voces no seu reverso destacan dúas grafías antietimolóxicas: *beña* e *viba* (cf. Sobreira 1979: 482, vv. 2 e 7, respectivamente).

2.2. *Textos impresos*

³⁰ Ora ben, Sobreira non resolveu as dúbidas sobre a grafización do fonema /b/ da segunda sílaba da palabra, pois na mesma entrada anota as variantes *barvoreta* e *bolboreta* e na entrada de *borboreta* (414) escribiu que era “lo mismo que *bolvoreta*”.

Polo xeral, nos dous sonetos publicados en 1612 con motivo das exequias da raíña Margarita de Austria hai bastante corrección no tocante ó uso destes grafemas, xa porque as honras da imprenta contribuíron a ela, xa porque os propios autores eran xente letrada con certa capacidade para a adecuada grafización. Así e todo, neste marco xeral de corrección resultan rechamantes o *bento* (NEI 14) e mailo *ber* (NEI 3) do poema de Vázquez de Neira, a quen por certo se lle chama “Pedro Bazquez de Neyra” na presentación do soneto.

Na *Relazón da carta executoria* publicada en 1674 pola imprenta real de Francisco de Ochoa observamos un considerable respecto ós usos tradicionais: *acabou* (RELA 4 31), *bes* ‘bens’ (RELA 2 22, 2 23, 2 26, 2 38, 3 17), *bispo* (RELA 2 39, 3 3, 3 8), *obispo* (RELA 2 43), *nobremente* (RELA 2 38), *Ribadeneira* (RELA 2 34), *Ribadeo* (RELA 4 7), *ribeyra* (RELA 4 11), *saber* (RELA 2 15, 2 40), *archivo* (RELA 0 4), *cavaleyros* (RELA 1 3, 3 8), *civis* (RELA 1 4), *Elvira* (RELA 1 18), *governador* (RELA 2 1, 2 36), *Gonçalvo* (RELA 1 17), *estuvera* (RELA 3 14), *vezes* (RELA 3 10), etc. Para *labradores* (RELA 2 3), coma para outras formas co grupo [βr], temos antecedentes galegos xa no século XIV, inda que nos textos medievais eran máis comúns as que presentaban os grafemas <u> ou <v> (cf. Lorenzo 1977: s.v.). Os sufixos modo-temporais do copretérito dos verbos da primeira conjugación escríbense sempre con <v>: *andavan* (RELA 3 4), *chamava* (RELA 2 41), *desejavan* (RELA 1 13), *encontravan* (RELA 3 5), *fiava* (RELA 1 5), *llevantava* (RELA 2 39), *matava* (RELA 3 7), *matavan* (RELA 2 12), *pegava* (RELA 3 7).

Na *Relazón* téndese decididamente a reservar para <u> o valor vocálico e para <v> o consonántico, pero percíbense neste punto dúas excepcións que eran habituais na época e desde antigo:

1. Como maiúscula só se emprega <V>, mesmo con valor vocálico: XECVTOVRIA (RELA 0 1).

2. En posición inicial de palabra soamente se utiliza <v>, tanto para representa-lo fonema /u/ coma para o facer con /b/. Isto xa o vimos como tendencia evidente en textos manuscritos, pero neste texto publicado é norma sen excepción: *vbera* ‘houbera’ (RELA 3 14), *vn* (RELA 3 2), *vm* (RELA 1 20, 2 10, 4 5), *vno* (RELA 3 5), *vna* (RELA 2 20, 2 31), *vma* (RELA 2 27). Fóra deste contexto a vocal /u/ sempre se representa con <u>, non sendo que se utilicen caracteres maiúsculos. Esta norma tiña unha notable circulación naquela época; no século XVI

defendéraa Juan de Valdés no *Diálogo de la lengua* e logo subscribírona autores coma Pedro de Madariaga³¹.

Estas dúas regras operan simultaneamente na grafización de *Vlloa* (RELA 2 32) e *Vn* (RELA 1 6, 1 7, 1 8, 1 9, 1 10, 1 11, 1 12, 1 13, 1 14, 1 15, 1 16, 1 17).

Neste texto non se emprega nunca <u> con valor consonántico.

Son escasas na *Relazón* as grafías etimolóxicas que rompen cos usos consagrados desde a Idade Media. Así e todo, pódense sinalar *Barba* (RELA 1 13), *vbera* ‘houbera’ (RELA 3 14)³² e *probar* (RELA 2 24).

Unicamente *Biladalle* (RELA 1 16) escapa tanto ós usos ortográficos tradicionais coma ó que dictaba o criterio etimolóxico; non así *bolveran* (RELA 2 38), *embiaron* (RELA 3 10) e *embaron* ‘embiaron’ (RELA 3 12), con grafía non latinizante e sen tradición no galego medieval, pero si no castelán desde as orixes ata 1726 no caso de *bolver* e polo menos ata Nebrija no de *embiar*. Creo, por tanto, que só *Biladalle* pode ser considerada unha incorrección inxustificable dentro dun texto impreso en Granada en 1674 que en xeral é bastante pulido na utilización dos signos gráficos , <u> e <v>.

O máis importante conxunto de textos galegos levados á imprenta no século XVII foi o constituído polos nove romances en lingua galega presentados ó certame poético celebrado co gallo das Festas Minervais compostelás de 1697. En xeral advírtese neles un apego ós usos gráficos máis estendidos no castelán da época, usos que, como xa se dixo, eran polo común continuadores dos da ortografía medieval. O galego non presentaba grandes problemas para practicar este acomodo porque o desenvolvemento do seu sistema fonolóxico fora neste punto coincidente co do castelán. Así, na maioría dos casos vemos , <u> e <v> nas voces e contextos en que viñan aparecendo desde antigo³³: *abade* (MINe 52), *abertamente* (MINi 30), *ambos* (MINi 39), *ben* (*passim*), *brancas* (MINh 6), *arcibispo* (MINc 23), *cabe* (MINb 20), *cabeça* (MIN a 13, MINf 9, MINh 74), *pobo* (MINc 35), *nobre* (MINa 36), *bastaua* (MINa 59), *cautiuidade* (MINe 36), *escrava* (MINa 49) e

³¹ Xa no século XVI Juan de Valdés, reservando o <u> para a vocal e o <v> para a consoante, mantiña o <v> para a vocal en posición inicial de palabra, “pero aquí máis por ornamento de la escritura que por otra necesidad ninguna” (Valdés 1976: 68). Despois de Valdés viñeron outros coma Pedro de Madariaga que, aínda propoñendo normas diversas para o uso de , <u> e <v>, coincidían con el na proscripción de <u> en posición inicial de palabra (cf. Rosemblat 1951: XXXVII).

³² Sen embargo, mantense o <v> en *aveyr* ‘haber’ (1 2) e *overa* ‘houbera’ (2 37).

³³ As letras a, b, c, d, e, f, g, h, i fan referencia ós respectivos romances galegos do volume das *Festas Minervais* respectando a súa orde de aparición entre as pp. 31 e 55.

escraua (MINa 19), *escribir* (MINc 5) e *escriuir* (MINf 2), *estorvo* (MINi 56), *vezes* (MINc 23), *Vniversidade* (MINe 42, MINi 61), etc. Hai que incluír aquí as formas de *bolver*, alleas ó galego medieval pero normais en castelán ata 1726: *bolverlle* (MING 39), *bolvendo* (MINf 66, MINi 60), *bolvome* (MING 82), *bolve* (MINd 64); o *embejando* (MINa 75) que vemos aquí débese relacionar coa forma *embeja* do poema de Torrado e do traslado da *Historia de Iria* e todas elas con formas con *emb-* e *enb-* que se documentan en castelán.

Pódese comprobar na anterior relación que <v> e <u> comparten, como era normal na época, valores vocálicos e consonánticos. Pero cómpreme advertir sobre dúas restriccións de uso xeneralizadas que xa detectamos como tendencia en textos manuscritos e sistematicamente na *Relazón da carta executoria*; estas restriccións fan pensar nun posible criterio editorial que lles dese unidade gráfica ós nove romances na súa versión impresa, e non só no que a esta cuestión respecta. En primeiro lugar, vese que en posición inicial de palabra nunca se emprega <u>, nin para representa-lo fonema /b/ nin para facelo con /u/. Quitando loxicamente os casos de , nese contexto só se admite <v>, e non só con letra maiúscula -onde non era posible <U>-, senón tamén con minúscula: *vn* (MINb 9; MINd 6, 7, 15, 20; MINe 31; MINf 28; MING 14, 53, 78) e *Vn* (MINb 65; MINc 40; MINd 11, 67; MINh 43), *vnha* (MINb 39; MING 9, 37, 39, 61; MINi 56) e *Vnha(s)* (MINb 49; MINi 36; MINf 21), *Vniversidade* (MINe 42, MINi 61), *vñas* (MINb 15), *viue* (MINc 25), *vostede* (MINd 46), etc. Nos restantes contextos nunca se utiliza <v> para representa-la vocal /u/, a non ser que se trate de caracteres maiúsculos; así, se no primeiro verso do poema de Ignacio Rodríguez vemos escrita a exclamación *OV*, logo no segundo rexistramos *Ou* cando a segunda letra do ditongo pasa a poñerse en minúscula:

OV meu Varon Eminente,
Ou Raudal do meu Fonseca
Da nossa terra gran Padre
Gran Fillo da nossa terra (MINi 1-4).

Neste marco de respecto ós hábitos ortográficos máis tradicionais sobrancean certos usos “modernos” na onda do criterio etimolóxico que para o castelán se estableceu no século XVIII e para o galego no XX. Falo de *beba* (MINb 22), *dubido* (MINb 13), *oubo* (MINh 45), *ouberan* (MINh 63), *proba* (MINf 39), *probado* (MINh 77), *taberneyras* (MINh 56), *torbon* (MINd 20) ou o uso normal de *deber* e formas conxugadas correspondentes (*passim*), se ben neste caso con esporádicas excepcións “conservadoras” localizadas no ro-

mance de Joseph Guerrero Lasso de la Vega (onde, por certo, tamén se rexistran formas con): *deuer* (MINf 47, 48), *deue* (MINf 46, 47), *deber* (MINf 68), *debe* (MINf 26, 27, 74). Na grafización do sufixo modo-temporal dos copretéritos da primeira conxugación verbal aínda hai predominancia de <u> ou <v>, pero no poema de Pardiñas Villardefrancos xa se rexistran dúas formas con ó lado de tres con <v> ou <u>: *bastaua* (MINa 59), *berravan* (MING 78), *estava* (MING 6), *obraua* (MING 52), *falaban* (MING 2) e *toaba* (MING 18). Precedido de vocal e seguido de vibrante e representando un -B- latino, o xa se empregara no galego desde o século XIII, pero en principio neste contexto estaba máis estendido o uso de <u> ou <v>; pois ben, nestes romances só se emprega xa nestes casos: *labrastes* (MINb 43), *libra* (MINE 39, 60), *librou* (MINc 65; MINE 35; MINh 39; MINi 63), *librastes* (MINb 53), *libre* (MINa 19, 49; MINd 67), *libres* (MINa 55)³⁴.

En certas palabras o emprego de estaba evidentemente guiado polo uso consolidado en castelán, pois en galego sempre se escribían, de acordo cos seus correspondentes étimos, con <u> ou con <v>; penso en *abòs* (MINE 11, MING 1), *barra* ‘varra’ (MINb 18), *bermello* (MINc 36), *bermella* (MINb 50) e *bermellas* (MINh 42). Así mesmo, os castelanismos léxicos con mantéñeno ó penetraren nestes textos minervais: *alabanza* (MING 48), *alabanzas* (MINE 78), *alaban* (MINE 79), *alaben* (MINE 80), *alumbrando* (MINi 67), *alumbrou* (MINi 11), *cumbre* (MINi 6), *relumbros* (MINd 48). É evidente, como xa dixen, que a adopción do uso castelán nestes casos non suscitaba problemas en galego porque o desenvolvemento dos sistemas fonolóxicos de ámbalas linguas fora converxente neste punto. Desde esta perspectiva, e tendo en conta as circunstancias sociolingüísticas en que o galego se cultivaba literariamente a finais do século XVII, podemos afirmar que, se o seguimento do modelo castelán parece claro nos exemplos que acabo de citar, cando menos podémolo sospeitar tamén para as voces comentadas no parágrafo anterior.

Hai logo un grupo de voces para as que o castelán non podía servir de modelo porque nel se descoñecían. No seu caso, ademais, os seus étimos non eran tan evidentes que puidesen dictar sen lugar para dúbidas a súa ortografía correcta. Estas palabras, de acordo co que era un criterio en xeral aceptado na época, escribíronse normalmente con ³⁵: *alcoube* (MINc 41), *berzo* ‘berce’ (MINd 69, MINh 29), *be-*

³⁴ Para usos medievais destas formas cf Lorenzo (1977: s.v.).

³⁵ Actuábase así á maneira que vintenoventa anos despois, en 1726, a RAE había de dispoñer para os vocábulos de orixe incerta, “porque es más natural a nuestra manera de hablar la pronunciación de la *b* que de la *v*” (in Rosemblat 1951: LXVII).

rravan (MING 78), *bourar* (MINb 16); para *debesa* (MINh 76) nin o latín DEFENSAM nin o castelán *dehesa* constituían modelo ningún, e isto supoñendo que o responsable ou responsables da edición do poema fosen conscientes de que o *devesa* galego proviña do DEFENSAM latino e que tiña como correlato en castelán a solución *dehesa*. Tamén tiña que ser de escritura dubidosa a forma *anduberan* (MINh 67), que de seguro se escribiu con porque non se percibiu a raíz analóxica da súa formación a partir dos temas de perfecto do verbo *estar*, que por súa vez naceron analoxicamente a partir dos *sive*, *seviste*, etc. de *seer*; o certo é que, fronte ó devandito *anduberan*, temos nestes romances minervais *estuverades* (MINd 36), *tuvo* (MINE 2, MINf 69, MINi 73), *tuvera* (MINi 30) e *tuveran* (MINE 55). Resultan antietimolóxicas as grafías de *corbo* (MINh 1) e *corbos* (MINh 11, 12), pero temos que lembrar que *cuerbo*, inda que minoritariamente, aparece xa no castelán medieval e que diversas linguas románicas ofrecen tamén formas con : cat. *corb*, fr. *corbeau*, rom. *corb* (cf. Corominas & Pascual: s.v.). Soamente atopo unha voz en que creo que o descoido ortográfico carece de toda posible xustificación posto que non soamente pedía ostensiblemente <u> ou <v> o seu trivial étimo, senón tamén o uso castelán e o galego medieval; refírome a *obellas* (MINh 68).

Non hai unanimidade co verbo *botar*, nin co substantivo *beca*, nin co italianismo *gabela*, de etimoloxía probablemente ignorada: *botar* (MINE 4) / *voto* (MIND 78), *becas* (MINb 48) / *vecas* (MINE 67), *gabelas* (MINa 56) / *gavelas* (MINi 64). Por outra parte, e a pesar da seguridade e do bo criterio ortográfico que en xeral dominan na publicación, este tipo de incertezas chega incluso a afectar a voces bastante comúns e de etimoloxía latina transparente: *besta* (MINh 78) / *vesta* (MINh 14), *vay* (MINa 31) / *bay* (MINc 17), *voso(s)* (MINd 27, MINb 7) - *vosas* (MINb 6, 7) / *bosos* (MINb 77) - *bosa(s)* (MINb 40, 43, 56, 64, 66, 72). Repárese en que a oscilación *besta* / *vesta* se dá dentro do mesmo romance (o de Juan Antonio Torrado, MINh) e en que a inseguridade respecto da grafía adecuada do posesivo de segunda persoa de plural para varios posuidores é particularmente notable no poema de Francisco Antonio del Valle (MINb). Tamén nos cómpre lembrar aquí o caso do verbo *deber*, que se escribe con alí onde aparece agás no poema de Joseph Guerrero Lasso de la Vega, onde alterna con formas con <u>: *deuer* (MINf 47, 48), *deue* (MINf 46, 47), *deber* (MINf 68), *debe* (MINf 26, 27, 74).

Coido que, en conxunto, os romances galegos das Festas Minervais compostelás de 1697 ofrecen unha notable unidade e un notable apego ós usos máis xeneralizados no seu tempo no tocante ó emprego dos signos gráficos , <u> e <v> en castelán. Este apego,

por outra banda, non atentaba en xeral contra os usos tradicionais en galego durante a Idade Media, dada a historia paralela da oposición fonolóxica b / β en ámbalas linguas. Así e todo, a ortografía destes poemas non deixa tampouco de paga-lo seu tributo á considerable desorientación que no tocante a esta cuestión ortográfica afectaba daquela ós que escribían na Coroa de Castela.

O primeiro texto en galego do século XVIII que aquí analicei é o poema á virxe de Reza de Noguerol y Camba, incluído nun volume publicado en 1708 pola imprenta compostelá de Antonio de Aldemunde. A maioría das formas que nel se rexistran responden ós usos tradicionais: *assombrar* (NOGU 35), *beyjar* (NOGU 48), *botarlle* (NOGU 14), *embora* (NOGU 56), *probo* ‘pobo’ (NOGU 6), *recobrar* (NOGU 39), *convido* (NOGU 53), *escrivano* (NOGU 13, 17), *ventajas* (NOGU 45), *veña* (NOGU 47, 49, 50), *Virg M* ✻ (NOGU 49), *Virgen* (NOGU 31, 40), etc. Ó igual que en textos revisados anteriormente, detecto o uso de en posición post-vocálica e formando grupo con consoante vibrante: *libre* (NOGU 23). Mención á parte merece *reveldes* (NOGU 35), pois, se ben *rebelde* é castelanismo antigo tanto en galego coma en portugués, as formas galegas tradicionais no Medioevo eran *reuel* ou *revel* (cf. Lorenzo 1977: s.v.); en todo caso, parece que aquí si hai un arredamento fronte á forma canonizada polo uso para ese castelanismo, que evidentemente non era outra cá que presentaba : *rebelde*. O signo <u> destinábase exclusivamente á representación de /u/ e <v> á de /b/, salvo nas xa coñecidas excepcións das maiúsculas e da posición inicial de palabra, que concorren en *Vn* (NOGU 34). Finalmente, atópanse ata varios casos de grafías antietimolóxicas pero non estrañas no conxunto da produción galega que estamos analizando e no seu contexto literario: *bolta* (NOGU 48) -obviamente conectado con *bolver-*, *bos* ‘vos’ (NOGU 49, 50, 56) e, do verbo *ir*, *baya* (NOGU 30) e *ban* (NOGU 52).

Os poemas galegos de Plácido e Anselmo Feijoo formaban parte dun volume que en 1723 publicou en Madrid a imprenta de Juan de Ariztia. Non presentan novidades fronte ós textos impresos xa analizados. Predominan neles as grafías respectuosas cos usos tradicionais: *ben* (PFEI 11), *sabido* (PFEI 37), *acaban* (AFEI 35, 36), *alabasse* (AFEI 19), *sabe* (AFEI 22), *escribir* (PFEI 14), *revè* (PFEI 16), *servir* (PFEI 33), *viron* (PFEI 24), *versos* (PFEI 41), *vos* ‘vos’ (PFEI 31, AFEI 45), *vos* ‘vós’ (AFEI 1, 43), *devocion* (AFEI 19), *avia* (AFEI 47), *levo* (AFEI 22), *vocabros* (AFEI 34), etc.; tamén se pode considerar forma respectuosa mesmo co uso establecido no galego medieval a voz *libraria* (PFEI 46), xa que, se ben é certo que na Idade Media predominan as documentacións de *liuro* e *livro*, temos *libro* xa

desde o século XIV (cf. Lorenzo 1977: s.v.) e *libreria* e *libreria* en 1407 e 1448, respectivamente (cf. Lorenzo 1968: s.v.). *Viduria* (AFEI 6) é unha creación estraña que tal vez teña relación con ‘ver’. Para /u/ utilízase <u> e para /b/ <v> (amais, loxicamente, de), agás nos dous contextos en que naquela época se empregaba <v> con valor vocálico: *vn* (PFEI 32), *Vnha* (PFEI 19), *Vn ha* (PFEI 5), *vsar* (AFEI 38). Son formas irreconciliables coa súa etimoloxía *bella* ‘vella’ (PFEI 6), *de vaiso* ‘debaixo’ (AFEI 44) e *vizarria* (PFEI 47). Tamén o é, evidentemente, *bolva* (AFEI 14), pero xa sabemos que *bolver* foi norma en castelán ata 1726 e que os escritores galegos da época se ativeron en xeral a ela cando escribiron na lingua de Galicia.

As transcricións da *Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores* que publicaron Huerta y Vega e Rioboo y Seixas apareceron despois de que a Real Academia Española dictaminase en 1726 que en castelán <u> se reservase para a representación de /u/ e que, para representar /b/, se empregasen os grafemas e <v> diferenciándoos con criterio etimolóxico e utilizando cando a orixe dunha palabra fose descoñecida ou moi discutible. Ora ben, estas disposicións da RAE non se estenderon de maneira inmediata e universal, e de feito destas transcricións que no XVIII se fan da devandita *Memoria* pódese dicir que se observa nelas un predominio moi imperfecto do novo criterio académico; quizais sexa posible, por tanto, que os transcritores practicasen nelas algunha manipulación modernizadora sobre o texto de 1624 do que seguramente partían.

Axustábase ás novas normas da RAE e contradecía os usos consagrados desde a Idade Media *cabaleyro* (CAMB 1 39), mais fronte a el situábase *cavaleyros* (CAMB 4 16). Mostrábase tamén moita constancia no moderno uso de nos sufixos modo-temporais dos copretéritos da primeira conxugación: *daban* (CAMB 3 16), *estaba* (CAMB 1 26, 2 5, 2 9, 2 11, 2 35, 3 3), *mataban* (CAMB 3 21) e *roubaban* (CAMB 3 21); e soamente nunha ocasión se empregaba <v> nunha destas formas: *estava* (CAMB 1 6). Escribíase aínda *havie* (CAMB 1 19) axeitándose ó *haver* que contra o seu propio criterio etimolóxico mantivera a RAE en 1726, pero tamén se escribía *haberes* (CAMB 3 33). *Solobio*³⁶ (CAMB 1 12, 1 36, 2 4) e *taboas*³⁷ (CAMB 4 6), en troques, contiñan tamén grafías etimolóxicas e non presentaban variantes alternativas. Contra o uso e contra a etimoloxía atentaban

³⁶ Tradicionalmente escribíase con <u> ou <v>: *Solouio*, *Solovio*. Isto cadra ben co étimo comunmente aceptado para este topónimo, que é o de SUB LOVIUM, sendo este LOVIUM unha adaptación latina medieval do xermanismo *LAUBJA ‘cobertizo, alpendre’.

³⁷ Como cabe esperar, na Idade Media predominan *tauoa* ou *tavoa*, pero xa aparece *taboa* no século XIV (cf. Lorenzo 1977: s.v.).

coba (CAMB 2 9) e *Flabia* (CAMB 2 38), que así e todo tamén se contrapesaban con *cova* (CAMB 2 9) e *Flavia* (CAMB 2 38). *Bermudez* (CAMB 4 26) non responde ó que pedía o seu étimo (VEREMUNDUS), pero o certo é que na Idade Media, se ben predominan as formas con grafía etimolóxica, tamén se atopan bastantes con <B-> (cf. Lorenzo 1975: 925). Finalmente, a maioría das voces presentaba grafías acordes tanto coa etimoloxía coma co uso tradicional: *abaijo* (CAMB 1 11, 1 20), *Abril* (CAMB 4, 28), *bispo* (CAMB 1 33, 2 4, 3 11), *obispo* (CAMB 3 1), *bois* (CAMB 2 30), *pobo* (CAMB 1 17, 2 18), *poboadores* (CAMB 3 29), *sobre* (CAMB 1 27), *avisou* (CAMB 1 30), *Gonzalvez* (CAMB 4 27), *vay* (CAMB 1 15), *Oviedo* (CAMB 3 4), *val* (CAMB 1 21), *verdad* (CAMB 4 38), etc.; tamén *labrada* (CAMB 17, 2 11), con
 para [βr], como xa vimos noutros textos desta época. Por outra parte, nestas transcricións da *Memoria* <u> xa ten sempre valor vocálico e non cae ante <v> nin en posición inicial de palabra nin en caracteres maiúsculos: *un* (CAMB 1 21, 1 26, 4 5), *unha* (CAMB 2 14), *ua* (CAMB 1 28), *Urenacido* (CAMB 4 24).

Para a análise ortográfica dos textos galegos de Diego Antonio Cernadas y Castro, cura de Fruíme, resulta moi útil -creo mesmo que imprescindible- a distinción entre aqueles poemas que foron publicados na imprenta madrileña de Joaquín Ibarra e aqueles outros que quedaron inéditos e hoxe en día se gardan no Museo de Pontevedra. Os textos de Cernadas publicados por Ibarra, impresor de cámara do rei Carlos III, destacan polo seu esmero ortográfico e son excepcionais as ocasións en que escapan ós criterios propostos para o castelán pola RAE desde 1726, en xeral bastante ben acollidos por escritores e editores nas décadas seguintes. A letra <u> só se emprega con valor vocálico e <v> con valor consonántico, sen excepcións nin restricións de uso. A distinción de e <v> fundaméntase etimoloxicamente e practícase cunha moi notable corrección³⁸: *beixarme* (FRUa 9), *ben* (*passim*), *bispo* (FRUb 10, FRUd 42), *bó* (FRUd 17, FRUh 98, FRUi 36), *boa* (FRUh 42, FRUk 34), *boca* (FRUd 30), *cebola* (FRUi 2, FRUi 24, FRUi 46), *cobiza* (FRUb 6), *endeben* (FRUk 45), *nobre* (FRUd 28, FRUh 3, FRUh 13, FRUh 84, FRUh 90), *obrar* (FRUh 66), *advertida* (FRUh 111), *cativo* (FRUh 22), *envexar* (FRUd 10), *favor* (FRUh 98), *novas* (FRUh 68), *proveito* (FRUd 7, FRUh 58), *varons* (FRUk 44), *verdá* (FRUf 5), *viño* (FRUf 7), *vertús* (FRUd 37), etc.; os sufixos modo-temporais dos copretéritos da primeira conxugación escribíense

³⁸ As letras a, b, c, d, e, f, g, h, i, j, k fan referencia ás distintas composicións poéticas do cura de Fruíme publicadas en 1778 respectando a súa orde de aparición neste volume.

constantemente con : *casaba* (FRUk 61), *daba* (FRUk 24), *levaba* (FRUk 14) e *paraba* (FRUk 9). Soamente hai tres casos de contradicción interna:

1. Fronte a *botarme* (FRUh 122) e *bóte* (FRUi 22) aparece un *votou* (FRUb 10). Non deben estrañá-las dúbidas respecto á ortografía deste verbo, de etimoloxía non evidente e descoñecido no castelán común da Península Ibérica.

2. Contra *haber* (FRUh 116), *habendo* (FRUi 42), *habemos* (FRUf 4) e *habia* (FRUk 40) rexístrase *haviache* (FRUk 28). Lémbrese que o caso de *haver* foi aínda unha clamorosa excepción ás normas etimolóxicas predicadas pola RAE en 1726.

3. Alternan *avòs* (FRUh 44) e *abó* (FRUi 37). ¿Sería consciente o revisor de probas da contradicción existente entre o uso castelán e o que esixía o respecto escrupuloso ó criterio etimolóxico?

Só encontro constancia na utilización dunha grafía antietimolóxica no caso de *en valde* (FRUc 5, FRUc 8) e *de valde* (FRUc 10), do árabe *b ٱtil*³⁹; mais o étimo de *balde* non era tan trivial que puidese dictar con toda evidencia a súa ortografía. Así e todo, tamén batemos co caso de *governo* (FRUk 35), no que a etimoloxía non podía ofrecer moitas dúbidas.

As poesías manuscritas do cura de Fruíme presentan unha maior frecuencia relativa de grafías antietimolóxicas, e ademais estas danse en palabras de uso común⁴⁰: *aprobeite* (FRUn 10), *lebe* (FRUi 31; na obra impresa, sempre *levar*), *saver* (FRUñ 1, na obra impresa, sempre *saber*). Ademais chama a atención que aínda se rexistre nelas un caso de uso de <u> para /b/: *uedes* (FRUi 20). No restante non hai realmente nada máis digno de mención, pero así e todo vexo no indicado indicios de que as normas ortográficas académicas deberon de irse afirmando primeiramente nas imprentas, ó paso que moitos escritores, e especialmente os máis entrados en anos, deberon de permanecer por moito tempo aferrados ós hábitos de escritura que aprenderan na súa etapa de formación.

2.3. A opinión e a práctica de Frei Martín Sarmiento

³⁹ Deberíase dici-lo mesmo de *atrevida* (FRUh 114), *estrevo* (FRUh 27) e *estreveu* (FRUh 108): se a orixe de *atrevase* é, como adoita afirmarse, TRIBUERE SIBI, estamos ante unha grafía antietimolóxica consolidada.

⁴⁰ FRUi é a composición “A cabaza”, FRUm é a que empeza co verso “Probe de un vello”, FRUn é a “Décima gallega” e FRUñ é “Otra en gallego”. Estes catro manuscritos consérvaos o Museo de Pontevedra (Papeis Cabeza de León do Museo de Pontevedra, Rexistro 1315).

Dado que, que eu saiba, o Padre Sarmiento non chegou a formular de maneira explícita e coherente as súas opinións en materia de ortografía en xeral, e de ortografía galega en particular, o que queira penetrar no que el pensaba a este respecto vese obrigado a buscalo a través de comentarios dispersos non sempre totalmente congruentes entre si e a confrontar logo o que atope coa súa praxe. Isto é o que me proponho facer a seguir.

Sen dúbida a opinión en materia de ortografía galega que máis explicitamente Frei Martín formulou é a de que a “verdadeira” ortografía do galego era a que el observara nos instrumentos medievais:

Aunque no soy poeta y estas coplas son las primeras que hize en este *metro, idioma y estilo*, importa poco que no sean buenas, pues mi asunto ha sido juntar muchas voces gallegas particulares y escribirlas con su verdadera *orthografía*, que observè en varios instrumentos en lengua gallega que lei en Pontevedra y en otras partes con singular gusto (Sarmiento 1995: 109).

Para el, pois, o uso observado na documentación medieval era unha referencia fundamental, inescusable para aquel que desexase escribir en galego no século XVIII axustándose á súa “verdadeira” ortografía. Existía, pois, unha ortografía verdadeira do galego, e esta non era outra cá “mui constante y arreglada” (Sarmiento 1995: 111) dos instrumentos medievais. Supoño, por tanto, que a que se apartase deste uso sería falsa e inapropiada.

Mais, con ser para el primordial, non era este o único criterio que de feito manexaba no momento de acomete-la grafización da que fora a súa lingua inicial. Aínda que non lle coñeza declaracións explícitas neste sentido, deduzo da lectura de diversas pasaxes da súa obra que en materia ortográfica o Padre Martín Sarmiento era tamén partidario da práctica etimoloxizante, e creo non me enganar se afirmo que entendía que cada voz que se quixese escribir debía levar en si as marcas que permitisen recoñece-la súa orixe, de tal maneira que gardase na súa forma gráfica os indicios que a asemellasen á palabra da que procedía e que fixesen visualmente inequívoca esta relación. Despois de que en 1726 a RAE acordase para o castelán que o <u> se usaría só con valor vocálico e o <v> só con valor consonántico, dá a impresión de que Sarmiento non só aceptou esta decisión para o galego⁴¹ senón que tamén, ó non resultar operativo neste caso o criterio da pronunciación, pensou en aplicarlle o criterio etimolóxico da RAE no tocante ó emprego de e <v> para a representación de /b/. As

⁴¹ As excepcións que se poden sinalar son sumamente esporádicas e non é seguro que se lle deban imputar ó propio Sarmiento e non ós copistas das súas obras.

observacións ortográficas que fixo a propósito de certos vocábulos casteláns non permiten dubidar de que el aceptaba sen reservas o criterio académico respecto do uso de e <v>:

¿Quien negará que de *depanare* vino el castellano *devanar*, y que por lo mismo se debe escribir con B, *debanar*? (*Colección*, 332).

Así se debe escribir *obillo* con B y no *ovillo*, pues no viene de *ovum*, sino, según San Isidoro, de *globus*, *gubellum* (*Colección*, 333).

Por outra parte, certas observacións espalladas pola súa obra deixan claro que o bieito non vía razóns para que este criterio etimolóxico non se lle puidese aplicar igualmente ó idioma galego:

Berraba cûm saco. [...] *Berraba* o *verraba*, esto es, *voceaba*; si se escribe con V vendrá de *verres*, el *verraco* por su gruñido alto y desagradable, por eso en gallego se llama el *verro* o *verrón*, como que siempre *verra*. Esto es lo más natural. Si se escribe con B *berraba* tiene su origen en la voz horrisona o *barrito* de el *elefante*, cuyo verbo latino es *barrire*. *Berrar* por gritar es muy usado en Galicia (*Colección*, 433).

Así, pois, ó seu parecer cada voz tiña unha determinada ortografía que había que esforzarse en atopar, e esa ortografía reflectía necesariamente a súa orixe. Sarmiento entendía que debía haber acordo entre o étimo e o seu descendente ou descendentes, de maneira que non soamente o étimo tiña que dicta-la ortografía dunha palabra, senón que tamén esta, á par da recta pronunciación da voz, debía permitir recoñecer inmediatamente o seu étimo:

Pecèbes, *pecèbres*, *percèbes*, *percebres*, *precèbes*, *precebres*. Y si en lugar de C se pone Z o acaso S o SC saldrá el número de 24 combinaciones de aquel nombre con que en Galicia se significa un singular marisco, que he visto y comido varias veces, pero que jamás he leído escrito. Así, no sabiendo la justa ortografía ni la fija pronunciación, es casi imposible fijar la etimología, y pide mucho tiempo para hacer la análisis, según las 24 combinaciones (*Colección*, 222).

Reflexións de materia ortográfica parangonables a esta lense na obra de Sarmiento non só a propósito do uso de e <v>, senón tamén cando se aproxima a outra das grandes cuestións problemáticas no terreo da grafización do galego na época moderna: a representación do fonema fricativo prepalatal xordo (cf. Mariño 1995: 43).

Ocasionalmente Frei Martín empregou tamén o criterio do valor diacrítico que podía asumir a ortografía. Isto é, por exemplo, o que el di a propósito de *botar*: “se debe escribir con B y no con V, para distinguirlle de *votar* de *voveo*, *es*; y de *voltar* de *volvo*, *volutum*” (*Colección*, 371). Así mesmo, responde ó mesmo tipo de motivacións a idea de representar como *ao(s)* o resultado do encontro da preposición *a* e o artigo determinado masculino e *o(s)* o artigo sen contracción (cf. *Colección*, 163); nesta pasaxe queda claro, ademais, que para Sarmiento o criterio fonético xogaba un papel moi secundario.

Xa que logo, se por unha parte parece poderse concluir que para este autor o valor diacrítico da ortografía, sendo utilizable unicamente -como é obvio- con carácter ocasional, debía situarse xerarquicamente por riba do criterio fonético, por outra non se lle atopan opinións en que quede inequivocamente declarado se ó seu parecer o criterio etimolóxico debía preponderar sobre o do uso medieval ou viceversa. Quen queira deitar algo de luz nesta incerteza terá ineludiblemente que enfrontarse coa praxe observada nos seus escritos. Para comezar, podería ser un bo campo de exploración o das pautas que se observan na escritura do sufixo modo-temporal dos copretéritos dos verbos da primeira conjugación que aparecen no *Coloquio de 24 gallegos rústicos*: son maioría incontestable, con ampla diferenza numérica sobre os casos de <v>, os casos en que se lle aplica ó galego o criterio etimolóxico e, por tanto, en que se escriben as ditas formas con ; mais aínda queda un resto de dezasete ocorrencias de formas con <v>, respectuosas co uso antigo tanto en galego coma en castelán: *andava* (68.1, 182.2; andaba B, MP), *beixava* (1153.4; beixaba MP), *berrava* (67.3 -berraba MP-, 145.4 -berraba B, MP-), *cantava* (65.3; cantaba B, MP), *comprava* (67.1; compraba B, MP), *comungava* (404.3; comulgaba MP), *dava* (501.3 -daba B, MP-, 521.2 -daba MP-), *estavan* (85.4; estaban B, MP), *jugava* (502.1; jugaba MP), *mandava* (1048.3; mandaba MP), *marchavan* (524.3; marchaban B, MP), *pasava* (395.3; pasaba B, MP), *pesava* (270.3; pesaba B, MP), *tomava* (447.3; tomaba B, MP).

Verbo destes primeiros datos ofrécense as seguintes consideracións:

1. A escasa frecuencia das formas con <v> faise en xeral aínda menor canto máis se avanza na lectura do *Coloquio*. Apréciase unha tendencia decrecente no seu uso que non resulta invertida polo leve incremento que se observa entre as estrofas 501 e 524. Hai cinco ocorrencias no primeiro centenar de coplas, dúas no segundo, unha no terceiro, unha no cuarto, dúas no quinto e catro no sexto; de aquí ata o final só atopo dúas máis. Quizais isto queira dicir que ó primeiro

Sarmiento escribía cunha maior inseguridade, suspenso entre o que dictaba a RAE desde 1726 e o que lle dicía a tradición na que el aprendera a escribir; ó avanzar na composición das coplas esa incerteza tornariase nunha seguridade e constancia só ocasionalmente contraditas. Todo isto sucedería entre os últimos meses de 1746 e o ano 1747⁴².

2. Cando reproduce no glosario da *Colección de voces y frases gallegas* as coplas que van ser obxecto dos seus comentarios, escribe sempre con as formas de copretérito da CI que hai ata a 195 (a derradeira reproducida), o que quere dicir que decidiu corrixi-las que inicialmente levaban <v> no *Coloquio*: *andaba* (434, 471; versos 68.1, 182.2), *berraba* (432, 462; versos 67.3, 145.4), *cantaba* (426, verso 65.3), *compraba* (432, verso 67.1), *estaban* (444, verso 85.4). Estes datos son de seu elocuentes, pero temos ademais unhas palabras do propio Padre Sarmiento, escritas en xaneiro de 1751, nas que aclara que a ortografía que el estimaba correcta é a que se atopa no comento ou glosario, e non nos versos do *Coloquio*, escritos a escape e sen o detemento preciso para a reflexión:

No hay reglas de la *ortografía* gallega, si bien la que he observado (6 r.) en los ynstrumentos es mui constante y arreglada. Y porque quando escrivi las coplitas no puse toda la atencion posible á la orthografía, al propio acento de cada voz, porque las pensava, proferia y escrivia *calamo disparatante*, tube el cuidado de rectificar en el comento la verdadera ortografía y el propio *acento* de cada voz, porque en cada voz ponía especial atencion. Por este motivo no es facil que todo gallego, y menos castellano, pueda hazer copia exacta de mis 15 pliegos (Sarmiento 1995: 109).

Creo que isto proba que a grafía que Sarmiento estimaba incorrecta para estas formas verbais era a que tiña (-*aba*) e, así mesmo, que desde podía dispoñer dun intre para a reflexión corrixiu as formas con <v> (en -*ava*) que probablemente escribira levado pola inercia do que fora uso tradicional ata 1726.

3. No manuscrito B as formas rematadas en -*ava* son unicamente catro e no MP non se rexistra ningunha. Trátase, pois, de traslados do *Coloquio* mellor acomodados á escritura etimolóxica có da Colección Dávila, tal vez máis escrupuloso na copia literal do autógrafo ou do traslado do autógrafo co que o seu amanuense traballou. No caso do manuscrito MP, o uso constante da terminación -*aba* é unha proba máis que vén a sumarse ás que falan do seu carácter

⁴² Sobre a cronoloxía desta obra cf. Pensado (1970: 10-14).

tardío⁴³, pois é evidente que canto máis se avanza nos séculos XVIII ou XIX máis se vai consolidando a norma académica no cultivo do castelán e, non habendo problema ningún de adaptación, máis se vai estendendo entre os escritores galegos a súa aplicación á escritura do galego.

Coido, pois, que no relativo á grafización destes sufixos modotemporais Sarmiento acabou por darlle preferencia ó criterio etimolóxico e finalmente ignorou as formas en *-aua* ou *-ava* que tivo que ver arreo nos instrumentos medievais, por máis que na carta ó Padre Rávago de xaneiro de 1751 dixese, como xa lembramos, que era neles onde estaba a verdadeira ortografía do galego. Creo tamén que é indisputable que, mentres que os versos do *Coloquio* os compuxo a escape e con pouca reflexión, para escribi-lo glosario dispuxo de máis tempo para matinar na etimoloxía e na historia de certas voces galegas e na correcta maneira de as representar graficamente. Ora ben, como el nunca se preocupou de reducir a sistema as súas ideas ortográficas, non é infrecuente que no discorrer deste glosario ou doutras das súas moitas obras batamos con opinións ou prácticas ortográficas non totalmente congruentes entre si, ben porque nuns casos parece predomina-la etimoloxía, ben porque noutros dá a impresión de prevalece-lo uso medieval, ben porque en certas ocasións non se pode substraer ó arrastre que sobre el -alfabetizado e aculturado, obviamente, en castelán- exercía a ortografía castelá. Tampouco se poden cualificar de excepcionais os casos en que se observa que unha mesma palabra non a grafa sempre da mesma maneira, se ben non podemos asegurar que estas incoherencias ou vacilacións sexan imputables a el ou unicamente a el porque non traballamos sobre o autógrafo do *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, nin sobre o do seu glosario, nin sobre o do *Catálogo*, hoxe descoñecidos, senón sobre copias ou copias de copias deles. Se non a totalidade, cando menos algunhas destas incoherencias (ou algúns dos acertos) poden ser responsabilidade dos copistas; para todo o que se diga de aquí en diante deberase ter en conta esta reserva.

Metodoloxicamente pode ser oportuno analizar primeiro as opinións e a praxe de Sarmiento verbo dalgúns vocábulos cunha orixe latina trivial que en absoluto se lle podía escapar a un excelente latinista coma el e sobre os que a RAE xa dictaminara para o castelán en 1726. Vou analizar algúns destes casos, mais non sen antes facer algunhas precisións necesarias acerca da cronoloxía da composición da *Colección de voces y frases gallegas* e do *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*.

⁴³ Sobre esta cuestión cf. Mariño (1995: 14-17).

O *Coloquio de 24 gallegos rústicos* e o seu glosario anexo comeza Sarmiento a escribilos despois do 9 de xullo de 1746, data da morte do rei Felipe V, inspiradora, xunto coa entronización de Fernando VI, da idea de acometer esta obra⁴⁴. O traballo prolongarase ata o ano 1770, se ben é certo que o bieito non se puxo a el de maneira continuada, senón, como ten dito Pensado, “saltuariamente” e alternándoo coa realización doutros moitos estudos e tarefas diversas. Pola *Vida y Viajes Literarios* sabemos que no ano 1747 tiña compostas as 1201 coplas do romanzón e que é entón cando empeza co glosario. Se no momento de redacta-la dita *Vida y Viajes Literarios*, escrito asinado en novembro de 1767, di que o comento chega ata a copla 70 e que ocupa 57 pregos, en xaneiro de 1751 só tiña comentadas as trece primeiras estrofas e cubertos sete pregos, que unidos ós oito que ocupaban as coplas sumarían os quince que entón lle envía ó Padre Rávago (cf. pp. 106-107). Ata maio de 1753 o traballo avanzou bastante, pois nesa altura cubría xa corenta pregos e o comentario alcanzaba xa a copla 30; mais ata o 7 de agosto de 1761 o glosario quedou abandonado (cf. *Colección*, p. 348). Daquela aínda non desbotara definitivamente a idea de prosegui-lo *Coloquio* coa intervención dos tertulianos adultos e tiña mentes de continua-lo comento, se ben de maneira menos prolixa anque ó mesmo tempo curiosa e instructiva (cf. *Colección*, p. 348). Entre o 7 e o 14 de agosto de 1761 escribiu o comentario das coplas 31 a 40 (cf. *Colección*, p. 364). De alí a 1766 ou 1767 chegaría ata a copla 70, como pode deducirse do que di en certas pasaxes da *Vida y Viajes Literarios* e dos *Elementos Etimológicos según el método de Euclides*. Da copla 70 en diante o comentario vaise facendo cada vez máis parco, pois tamén van sendo cada vez menos as forzas que lle quedan. Sabemos, porque o di el, que o comentario da copla 146 o fixo no ano 1770 (cf. *Colección*, p. 462). De aquí á 195 as glosas son aínda máis concisas, e mesmo non son poucas as estrofas que quedan sen ela. O 7 de decembro de 1772 morreu o autor deixando a obra inacabada. En esquema, pois, a cronoloxía desta obra sería a seguinte:

1. *Coloquio de 24 gallegos rústicos*: entre 1746 e 1747.
2. Glosario:
 - coplas 1-13: de 1747 a xaneiro de 1751;
 - coplas 14-30: de xaneiro de 1751 a maio de 1753;
 - coplas 31-40: do 7 ó 14 de agosto de 1761;
 - coplas 41-70: do 14 de agosto de 1761 a 1766 ou 1767:

⁴⁴ Os datos sobre a cronoloxía desta obra tíroos de Pensado (1970: 10-14).

- coplas 71-146: de 1766 ou 1767 a 1770;
- coplas 147-195: de 1770 en diante (morre o 7 de decembro de 1772).

Pensado (1973: 9), por outra parte, observa con toda razón que o *Catálogo* “es la base y al mismo tiempo el complemento de la *Colección de Voces y Frases Gallegas*”. Os materiais que nel recolleu, procedentes das súas viaxes a Galicia de 1745-1746 e 1754-1755, están moi ben delimitados no discurrir do texto e polo xeral non representa ningún problema saber cando anotou cada voz; en certos casos podemos mesmo precisa-lo día en que o fixo. Sen embargo, como advirte Pensado, estas notas foron revisadas e ampliadas cando, xa de volta en Madrid, traballou sobre elas no mosteiro de San Martín:

No nos parece lícito suponer que todas estas notas no hayan sido retocadas, adicionadas, comentadas etimológicamente, ya que nos resulta imposible creer, por muy buena memoria que le achaguemos a Fr. Martín, que el aparato erudito desplegado en muchos comentarios haya sido hecho a libro cerrado. [...] Creemos y tenemos noticias de que este texto, como muchos otros, sufrió elaboraciones continuas y adiciones o enmiendas durante toda la vida del autor, ya que al fin y al cabo una buena parte de él fue a dar a la *Colección de Voces y Frases Gallegas*, que saltuariamente le ocupó la última época de su vida.

Vaiamos agora, pois, cos datos relativos a algunhas voces de orixe latina trivial e á forma gráfica que o Padre Sarmiento ou os seus copistas lles deron⁴⁵:

AVÓ: *avô* (1133.4, 1170.4; Abó MP), *avos* (132.3), *avos* (1146.3; Abós MP), *avôs* (1126.2, 1142.1); da copla 1202 á 1308 (MP):

⁴⁵ Cada entrada ábrese coa voz que se pretende estudar en maiúsculas e grafada sempre á maneira en que o facemos hoxe. Seguen logo as formas rexistradas no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* coa súa localización (o número que vai antes do punto indica a copla e o que vai despois, o verso desta en que se encontrará a voz) e as variantes que os manuscritos B e MP poidan presentar en cada caso. Despois a voz “glosario” dá paso á forma ou formas que se atestan cando Frei Martín reproduce cada copla no glosario da *Colección de voces y frases gallegas* antes de pasar a comental, e indícase entre parénteses a páxina ou páxinas das ocorrencias; como xa se dixo, non é infrecuente apreciar neste punto correccións respecto do escrito inicialmente no romanzón. A seguir anótanse as observacións de tipo etimolóxico ou ortográfico que sobre a palabra analizada se atopan na *Colección de voces y frases gallegas* e, de se-lo caso, no *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*; os números entre parénteses remiten sempre ás páxinas das edicións de J. L. Pensado. Finalmente consígnanse, se é que aparecen, outras posibles documentacións da palabra na *Colección* e máis no *Catálogo*. Cando unha palabra leva a abreviatura *doc.* quérese dicir con ela que se trata dunha voz tirada por Sarmiento dun instrumento medieval.

- abós* (1207.1), *abos* (1217.1). Glosario: *avós* (459). *Catálogo*: “*Avóo*. Abuelo” (274; doc.); “*De meu avoo e avoa*” (292; doc.).
- CABER: *caven* (322.4; caben B), *couvo* (122.3; coubo MP). Glosario: *couvo* (456).
- HABER: *avendo* (172.1), *avia* (246.1, 440.1, 722.2, 730.1, 820.1, 828.3), *avia* (609.2; auia MP), *habia* (829.1, 873.1; avia B, MP), *habia* (1048.2; havia B, auia MP), *habian* (1054.1; avian B, MP), *habrà* (124.3, 125.3; avra B, abra MP), *habria* (1021.2; avria B, abria MP), *ouvo* (112.1, 704.1, 785.2; oubo MP), *ouvo* (248.3, 689.4, 714.1), *ouvesse* (1024.3). Glosario: *avendo* (468, verso 172.1), *avrà* (457, versos 124.3, 125.3), *ouvo* (452, verso 112.1).
- HERBA: *herva* (42.3, 83.1; herba B, MP). Glosario: *herva* (365, verso 42.3), *herba* (442, verso 83.1). *Colección*: “*a herba do aire* [...] significa la *hierba del aire*” (339). *Colección*: “*Deitado na herba*. [...] *Na herba en la hierba*” (365). *Colección*: “*ja herba, fácil*” (443). Outras documentacións na *Colección*: *herba* (339, 341, 430), *herva* (210, 339). *Catálogo*: *herba* (*passim*), *herva* (299, 302).
- SABER: *saver* (54.3, 1087.2; saber B), *sabêlo* (202.2), *savelo* (254.2; sabelo B, MP), *sabes* (1191.1), *saves* (951.1; sabes MP), *sabe* (487.3), *sabe* (567.2; save MP), *sabemos* (1201.2), *sabemos* (367.1, 589.2; savemos MP), *savemos* (130.2; sabemos B), *savedes* (1048.1; sabedes B), *savia* (1035.3; sabia B, MP), *savia* (1037.2; sabia B), *souberon* (203.2), *suberon* (1049.4), *sabredes* (534.3), *saibais* (107.3, 780.2; sabais MP); da copla 1202 á 1308 (MP): *savelos* (1246.4), *sabe* (1228.3), *save* (1274.2), *saven* (1273.4), *sabera* (1216.3). Glosario: *saber* (374, verso 54.3), *sabemos* (458, verso 130.2), *saibais* (450, verso 107.3). *Colección*: “*Saber dós que viñan. Saber de sapere*” (375).
- VELLO: *bello* (71.2; vello B, MP), *bellos* (67.2; vellos B, MP); nos restantes casos (e son moitos) aparece con <v>. Glosario: *vello* (437), *vellos* (432). *Colección*: “*Vellos de el latín vetulos*” (432). *Colección*: “*Vello del latín vetulo*” (437).
- VOLVER: *volbendo* (624.2; volvendo B, bolbendo MP), *volvendose* (973.4; bolvendos’ MP), *volvemos* (133.2; bolvemos MP), *volben* (278.3; volven B, bolben MP), *volbian* (44.4; volvian B, MP), *volvians’* (75.1), *volviche* (258.1; bolviche MP), *olveu* (663.2;olveuse MP), *volbeuse* (407.3;olveuse B), *volbamos* (229.1; volvamos B, bolvamos MP), *volvâmos* (650.3; volvamos MP), *volvamos* (1194.3; volvamos MP); da copla 1202 á 1308 (MP): *bolbe* (1283.1), *bolvell’* (1247.2). Glosario: *volvemos* (459; verso 133.2), *volvian* (366, verso 44.4), *volvians’* (438, verso 75.1). *Colección*: “*Volvían ao*

eido. Volvían de volvo” (366). Colección: “*Volvians’a terra. De volvo, is*” (438).

A independencia de criterio que a miúdo soubo manter Frei Martín queda ben de manifesto no caso das formas *avô*, *avos* e *avôs*. As formas con , imitadoras da ortografía castelá, non se rexistran senón no manuscrito MP, onde son exclusivas na continuación apócrifa que vai da estrofa 1202 á 1308; este dato véñse a sumar así ós outros que proban tamén que esta continuación non se lle pode atribuír ó Padre Sarmiento (sobre esta cuestión cf. Mariño 1995: 15-17). Creo que o noso monxe debeu de forma-la opinión de que esa voz galega e o seu feminino se debían grafar con <v> logo de rexistralas en diversos instrumentos notariais e anotalas nos seus cadernos en 1745: *avoo*, palabra que el mesmo traduce por *abuelo* demostrando así que é consciente de que se debía establecer unha diferenza gráfica entre o vocábulo galego (con <v>) e o castelán (con), recadouna nalgún documento anterior a 1500 (ou tal vez en varios) que leu en Santa Clara de Pontevedra, no mosteiro de Poio ou nos dous lugares; *avoo* e *avoa* copiounos dun documento de 1366 que consultou tamén en Santa Clara de Pontevedra. Neste caso, pois, coído que o coñecemento da tradición medieval foi o principal estímulo que o moveu a escribir esta palabra con <v>, pero a frecuencia con que emprega o til circunflexo no masculino⁴⁶ indúceme a pensar que o exemplo do portugués debeu de actuar como forza coadxuvante.

Couvo parece dictado analoxicamente polos *ouvo* do verbo *haber*, pois na lingua medieval non se puido inspirar directamente Sarmiento para o escribir así, xa que se escribía con . Quizais sexa entón *couvo* o que o arrastrase tamén a *caven*.

É certo que o <v> das formas do tema de pretérito de *haber* poderían estar inspiradas aínda no castelán, pois non debemos esquecer que aínda en 1726, a pesar de decantarse pola solución etimolóxica para resolver este problema ortográfico, a RAE mostrábase respectuosa co uso establecido desde antigo e estatuíra que se debía escribir *haver*, e non *haber*. Non obstante, obsérvase que Sarmiento, ó pé dos casos con <h> e con , escribe a miúdo sen <h> estas formas verbais, e isto xa non puido ser tomado da RAE (que prescribía *haver*), senón dos instrumentos medievais. Outra cousa é o que sucede coas formas de futuro, xa que aquí batía coa resistencia a escribir <vr>, combinación que non rexeita en absoluto o copista do manuscrito B. Tamén se debe

⁴⁶ Neste sentido é significativo que, cando no glosario reproduce a copla 132 para o comentario, corrixe para *avôs* o *avos* do texto inicial e aínda insiste en *avôs* na escueta explicación que segue (cf. *Colección*, 459).

destacar que nos manuscritos B e MP hai moita máis firmeza ca en MS no referente á adopción de formas gráficas de *haber* de feita medieval. Finalmente, tamén se debe valora-lo feito de que en tódalas ocasións en que unha forma deste verbo se reproduce no glosario se prescinde do <h> e se emprega <v>, mesmo no caso de *avrà*. Creo, en definitiva, que na grafización do *haber* galego e das formas do seu paradigma o Padre Sarmiento aplicou con notable constancia o criterio de recupera-lo uso medieval.

Para *herba* observo inconstancia en galego e constancia en uso de para o castelán *hierba*, e isto non só nos textos aquí utilizados, senón no conxunto da obra de Frei Martín. Non se aprecia evolución ningunha do uso na liña temporal, pois, se *herva* ocorre no manuscrito MS do propio *Coloquio*, nas anotacións de 1745 do *Catálogo* ou na glosa da copla 42 (feita entre 1761 e 1766 ou 1767), *herba* está tamén -e maioritariamente- no *Catálogo* e repite aparición, entre outras pasaxes, na glosa da copla 83 (de entre 1766 ou 1767 e 1770). Xunto a isto, débese salientar tanto o feito de que nas traducións que fai coloca unha vez *herva* á par de *hierba* como que do étimo da palabra di que é “fácil”. Creo que isto quere dicir que el evidentemente coñecía este étimo trivial e naturalmente non ignoraba que en castelán *hierba* se escribía con desde a reforma ortográfica de 1726, deixando así definitivamente de lado as formas grafadas con <v> ou <u>, que foron comúns ata ben tarde (cf. Corominas & Pascual: s.v.). Así as cousas, que se mostre firme en castelán e vacilante en galego quizais poida deberse a que, asumida a reforma da RAE para o castelán, para grafa-la voz galega puido pesar no seu ánimo o recordo da grafía dos nosos textos medievais ou incluso tamén a portuguesa. Aquí hai lugar, por tanto, para conxecturar que no tocante á escritura da voz *herba* o criterio etimolóxico non conseguiu impoñerse definitivamente sobre o do uso antigo, pero tamén é certo que é moi probable que a confusión observada no uso de *herba* e *herva* nas obras consultadas haxa que apoñerllela en boa medida ós amanuenses.

Saver ou *sauer* xa non son raros nos textos galegos dos séculos escuros anteriormente analizados: vímolos nas cartas ó conde de Gondomar, na copia seiscentista da *Historia de Iria* e no *Entremés famoso*. Tamén os usa o propio Sarmiento cando escribe en castelán e de feito, sen sairmos do ámbito da *Colección de voces y frases galegas*, detectamos *saver* (1995: 106), *savia* (1995: 106) e *Savio* (1995: 108) nos preliminares do *Coloquio*. Realmente estamos ante unha manifestación máis do desconcerto e a anarquía ortográfica que ata 1726 reinou na Coroa de Castela no tocante ó uso de , <u> ou <v> ou doutros grafemas arrastrados desde tempos de Afonso X e totalmente

inadecuados para a grafización da lingua moderna: os que escribiron en galego naquela época, dadas as circunstancias sociolingüísticas en que o facían, arrastraron o mesmo problema que experimentarían cando utilizaban o castelán. Pois ben, sendo certo que nos tres manuscritos que conteñen o *Coloquio de 24 gallegos rústicos* hai unha maior ou menor vacilación entre *saver* e *saber*, creo que o que se debe salientar é que cando no glosario se reproducen os versos 54.3 e 130.2 aparecen corrixidas con as formas que inicialmente ocorren con <v> no texto poético: *saver* pasa para *saber* e *savemos* para *sabemos*. Tamén emprega ó face-la glosa e indica-lo étimo deste verbo: “*Saber de sapere*”. Dito isto, non se nos pode escapar que o propio Frei Martín dixo que cando fixo o “comento” das voces do romanzón tivo coidado de rectificala “verdadera ortografía” de cada voz “porque en cada voz ponía especial atención” (1995: 109).

Respecto de *vello* resulta evidente que os *bello* e *bellos* de MS representan unha exigua minoría fronte á inmensa maioría de formas con <v>. O único que non podemos elucidar é se se trata de descoidos do propio Sarmiento debidamente corrixidos ó reproduci-los dous versos no glosario da *Colección* ou de descoidos do seu copista de MS. O sentido das correccións e das glosas etimolóxicas do comentario son evidentes.

Para a escritura de *volver* hai grande inconstancia nos tres manuscritos do *Coloquio*, que se debaten entre a representación etimolóxica acordada pola RAE para o castelán en 1726 e aquelas que se apartan dela (ben a que era máis común en castelán ata a dita reforma de 1726, é dicir, *bolver*, ben outras igualmente antietimolóxicas pero non tan refrendadas polo uso). Na dedicatoria ó Padre Rávago e máis no prólogo do *Coloquio*, redactados en castelán, rexístranse sempre formas que se atañen ó uso antigo, que foi o que Frei Martín tivo que aprender de rapaz e o que probablemente lle saíría máis espontaneamente: *bolvi* (Sarmiento 1995: 12) e *debolvermelos* (Sarmiento 1995: 109). Ver que nos comentarios da *Colección*, elaborados todos eles xa de 1761 a 1770, Sarmiento demostra coñecer perfectamente o étimo de *volver* e que na reprodución dos versos no glosario sexa constante no uso de *volv-* fálanos novamente de inconsecuencia na aplicación do criterio etimolóxico e de falta de atención ó uso galego medieval na composición apresurada das coplas, ó tempo que alimenta tamén as nosas dúbidas acerca da fidelidade que os copistas lle puideron gardar ó autógrafo do bieito. A grafía *volv-* debeu de tardar en ser asumida como normal durante o século XVIII⁴⁷, e boa proba disto témola nos

⁴⁷ Cando lle chegaron á Real Academia Española as primeiras probas de imprenta do primeiro volume do Diccionario de Autoridades, publicado en 1726, os inte-

documentos galegos que estamos analizando, e especialmente no manuscrito MP, onde as ocorrencias da dita grafía *volv-* son moi escasas e aínda é moi frecuente a histórica *bolv-*.

É distinta a aproximación que se debe facer ás voces do *Coloquio* que tiñan un étimo non trivial, pois no seu caso a decisión ortográfica esixía unha previa investigación etimolóxica que a miúdo non se podía apoiar nin en rexistros medievais (case sempre ignorados) nin no modelo do castelán (que para moitas destas voces non ten un correlato das galegas). Analicemos unha por unha este tipo de voces para posteriormente tentar extraer algunha conclusión⁴⁸:

ABOUXAR: *abouxando* (493.2), *aboujando* (483.1), *abouxan* (126.3), *aboujaban* (217.3). Glosario: *abouxan* (457, verso 126.3). Colección: “Del francés *aboy* y *aboyer*, meter ruido como perros, se formó el verbo *aboujar*” (457). Catálogo: “*Abouxar*. Aturdir a otro a voces o vocear mucho, v. g.: *no me abouxes*, siempre está *abouxando* (acaso de *aboier* francés)” (261).

BÁCORO: *vacuriños* (31.1; bacuriños MP). Glosario: *bacuriños* (348). Colección: “*Bacuriños*. Significa esta voz los *cochinitos*. Para significarlos dice el gallego *bàcoros*, y el diminutivo *bacoriños* y *bacuriños*. El origen, del latín, se formó así: *porcus*, absoluto, el *puerco*. De *porcus* su diminutivo *porculus*; y *porculo*, mudada la P en B y la O en A y la U en O y la L en R, resulta *barcoro* y *bàcoro*. Las dichas mudanzas son de analogía. Así *bacoriño* o *bacuriño* es un diminutivo del diminutivo de *porcus*, *porculus*, y de *porculo*, *porculino*. ¿Quién dijera que *bacoriño* venía del latín puro?” (349). Catálogo: “*Bàcoro*, *bacuriño*. Los puercos recién

grantes da institución levaron unha desagradable sorpresa. “Pasan las pruebas de mano en mano -narra Lázaro Carreter (1972: 74)-; pero, en cada una, suscitan un repeluzno de sorpresa: están llenas de horrendas faltas, porque los oficiales de la imprenta han interpretado como errores las novedosas grafías del original, y las han corregido a su modo”. Proba isto que, se ben a principios do século XVIII non había aínda unhas normas ortográficas do castelán moderno propiamente ditas, si existían uns usos ortográficos tan consolidados que toda novidade que se arredase deles producía sorpresa e era inmediatamente interpretada como un erro, como unha falta. Desde logo, a publicación do prólogo do primeiro volume do Diccionario de Autoridades non puido producir efectos inmediatos; ó contrario, durante décadas, mesmo durante séculos, perviviron usos ortográficos antigos que habitualmente eran corrixidos nas imprentas cando os escritos que os contiñan estaban destinados á publicación.

⁴⁸ Para a estrutura destas entradas, véxase o dito para o pequeno catálogo anterior. Naturalmente, non vou discutir os posibles acertos ou desacertos que puido ter Sarmiento ó lanza-las súas hipóteses etimolóxicas, pois isto resulta indiferente para o que aquí me proponho facer. Con todo, non deixarei de dicir que a miúdo se mostra Frei Martín moi atinado nos resultados, cousa que non debe estrañar se se considera a grande solidez dos principios teóricos que o guían e a idoneidade do método de traballo de que se vale.

nacidos. De *porcus*, *porculo*, de éste *barcolo*; *porculino* (¿si de *verres*?)” (336). Otras documentaciones no *Catálogo: bácoro* (296), *bacoro* (478), *bacoriño* (478), *bacuriño* (296).

BELDRO: *beldros* (123.2, 1029.4; *veldros* MP), *veldros* (1119.2; *beldros* B). Glosario: *beldros* (456, verso 123.2). *Colección:* “*Dos beldros del latín blitum*” (456). *Catálogo:* “*Beldros*. Haylos en Madrid, y son los que en Castilla llaman *bledos*. Todo de *blitum*” (363). *Catálogo:* “*Belitre*. Castellano, y éste del francés; y todo de *blitum* o *bledo*. [...] Y de *belitre*, *beldro*, gallego” (401). Otras documentaciones no *Catálogo: bédro* (492), *beldros* (302, 492).

BERBERECHO: *verberichiños* (23.3; *berberechiños* MP), *berberichiños* (84.3). Glosario: *berbirichiños* (242, verso 23.3), *berberichiños* (443, verso 84.3).

Colección: “*Berbericho* y *berberechiño*. [...] Es testáceo vulgarísimo en Galicia, pero difícil el origen de esa voz. Atheneo da noticia de un género de testáceo llamado *berberi*, y hacen memoria de él los lexicones griegos. Si Atheneo no dijese que era concha que daba perlas (lo que no conviene al *berbericho*) me aquietaría con creer que de *berberi*, *berberisco*, se dijese *berbericho*.

Y siendo inverisímil que la voz *berberisco*, por alusión a Berbería, venga al caso, se ofrece más creíble origen en la voz *marisco*, *mar-marisco*, y mudando la M labial en la labial B, *barbarisco*, *berberisco*, *berbericho*, y *berberichiño*.

Y siendo la voz *marisco* comunísima y muy general apuntaré otro origen que sea más especial y más significativo. Es cierto que del nombre *pecten* (por concha que en sus rayas representa un *peine*) se formó el diminutivo *pectunculus* y se pudo formar con las dos voces *breve-pectino*. Entonces por la analogía, *brevelechino*, *breverechino*, y trasponiendo la R *berberechino* y a la gallega *berberechiño*.

En este caso no será *berberechiño* diminutivo sino absoluto como *brevepechino*, o pequeña *pechina*, que no es diminutivo por la terminación sino por el *adjunto*. Añadiré a esto, y en confirmación, el que la voz *berbericho* no tiene consonante riguroso en el riguroso idioma gallego; por lo que, o la voz *berbericho* no es pura gallega, o el *berberechiño* es absoluto extraño y no diminutivo” (220-221).

Colección: “Ja *berberichiños* es diminutivo del absoluto *berbericho* que le usó Atheneo, y es una especie de *concha*, que produce, como las *almejas*, *aljófares* y *uniones* o *margaritas*.

[...]

No sé de qué lengua es el origen de la voz *berbericho*. Sé que en los *diccionarios griegos* la voz *berberi*, como que es de la lengua índica oriental, y que la usó en su III libro *Athe-*

neo. Creible es que de *berberi* se haya formado la voz gallega *berbericho* al principio de la primitiva población de Galicia. De eso infiero que la voz *berbericho* es de las más antiguas gallegas” (443).

Catálogo: “*Berberichos*. [...] Del griego *berberi*” (288). Otras documentaciones no *Catálogo*: *berbericho* (404, 474), *bervericho* (404), *berberichos* (288, 402), *berverichos* (406).

BERRAR: *berrando* (1139.4), *berran* (489.3), *berraba* (148.1, 877.1), *berrava* (67.3; *borrava* MS, *berraba* MP), *berrava* (145.4; *berraba* B, MP), *berraban* (720.2); da copla 1202 á 1308 (MP): *berrastes* (1214.1). Glosario: *berraba* (432, verso 67.3; 462, verso 145.4; 463, verso 148.1). *Colección*: “*Berraba cūm sacco*. [...] *Berraba* o *verrava*, esto es, *voceaba*; si se escribe con V vendrá de *verres*, el *verraco* por su gruñido alto y desagradable, por eso en gallego se llama el *verro* o *verrón*, como que siempre *verra*. Esto es lo más natural. Si se escribe con B *berraba* tiene su origen en la voz horrisona o *barrito* de el *elefante*, cuyo verbo latino es *barrire*. *Berrar* por gritar es muy usado en Galicia” (433).

BOCAREU: *bucarèos* (115.4). “*E mais bucareos*, no sé el latín de *bucareo*” (*Colección*, 453). Glosario: *bucareos* (453). *Catálogo*: “*Bucareos*. ¿Si de *Macarellus*? o de *Picarel*. *Aldrovando folio 86. Mocareos* (*Vivero*) [...]. *Macareos*. *Escaligero, Exerc.*” (476). Otras documentaciones no *Catálogo*: *bucareos* (289), *bucarèos* (439), *bucareu* (289).

BOTAR: *botàr* (622.1), *botàr* (1119.1; *votar* MP), *botar* (1119.1; *votar* MP), *votar* (613.2; *botar* B, MP), *botàre* (1159.1), *votando* (150.4, 610.3; *botando* B, MP), *botando* (1001.3, 1017.3), *bota* (826.4), *botais* (710.3), *botaban* (739.4, 848.3), *boteylle* (895.1), *botou* (620.1), *botòu* (705.4), *botaran* (327.1), *botaria* (963.1), *bota* (645.1, 1129.1), *botaylle* (52.3), *votailles* (534.1; *botailles* B, MP). Glosario: *botando* (463, verso 150.4), *botaylle* (369, verso 52.3). *Colección*: “*Botaylle dous tragos*. El verbo *botar* [...] se debe escribir con B y no con V, para distinguirlle de *votar* de *voveo*, *es*; y de *voltar* de *volvo*, *volutum*. [...] El francés usa el verbo *bouter* por *botar*. *Menage* deriva su *bouter* de un supino del verbo *pello*, *is*. De ese mismo se formó el *botar* gallego. [...] Consta que los antiquísimos latinos usaron el supino *pultum* para el verbo *pello*, *is*. Así de ese supino *pultum* se formó el frecuentativo *pulto*, *pultare*. Mudada la P en B y la U en O, *boltare*, de ahí el *bouter* francés, y perdida la L el *botare* gallego” (371). *Catálogo*: “*Botar* por empujar. [...] Del francés *bouter* y del lorenés *boter*, y todo de *pouser*, *pultare*” (341).

BRANÑA: *braña* (61.3; tamén Sarmiento 1995: 115). Glosario: *Braña* (406, verso 61.3). *Colección*: “*Da Braña*. Debo al acaso el po-

der proponer como muy verisímil la etimología de la voz *braña*. Pasando yo por el lugar *Puente de Domingo Flórez*, que está en la raya de El Bierzo y de Galicia, oí allí el verbo *embrayar* o *envrayar* (pues el oído no le pudo distinguir); supe que ese verbo significa allí llevar el ganado al *pasto de verano*. Al punto se me ofreció que *embrayar* venía de *enveranar*, y *emberanar*, *embranar*, *embrañar*, y que de todo se había formado la voz *braña*, para significar el sitio del pasto de *verano*” [...].

Paréceme que en cuanto a la analogía de las *letras* se prueba que *embrayar*, *envrayar*⁴⁹ o *enveranar*⁵⁰ es lo mismo que *embrañar*, y que de ahí se formó *braña* sin violencia alguna” (408).

Otras documentacions na *Colección: braña* (409, 410), *brañas* (410).

Catálogo: “Braña, en gallego, y *breña* en castellano, o acaso *braña* y *breña* del céltico *warene* y *garenne* en el Diccionario de Trévoux. Es lo mismo. No significa el sitio áspero, sino el pasto de bueyes en el sitio áspero o montes. *Braña* en Pontevedra es una pradería con agua sin ser en montes. Así como hay el verbo *invernar*, hubo el verbo *emveranar*, [...] que oí en el *Puente de Domingo Flórez*, el verbo *embrayár* o *envrayár*, y significa *pastar* el ganado en *verano*. Los vaqueros de Asturias invernan hacia el mar, y *emberánan* o *embrayan* en las sierras. De *enveranar: enbrenar* y *emvrenar* o *embrañar*, para significar el sitio del pasto de *verano*, y en segundo lugar el sitio áspero de las *sierras*. Así hay la voz *Braña Longa* y *Longa Braña* o *Lombraña*, que es apellido de *Campos*” (454).
Otras documentacions no *Catálogo: braña* (452).

BRUÑO: *bruños* (83.3). Glosario: non copiou o autor este verso no glosario. *Colección: “Ou bruños de prunus”* (443). Outras documentacions na *Colección: “Bruño de prunus”* (217). *Catálogo: bruño* (345), *bruños* (300, 472).

BURAZ: *buraces* (114.3). Glosario: *burazes* (452). *Catálogo: “Buráz* o acaso *voráz”* (286). Outras documentacions no *Catálogo: buraz* (475), *burases* (476).

CARBALLEDO / CARBALLO: *Carvalledo* (77.4, 132.4; Carballedo MP), *carballo* (902.3). Glosario: *Carvalledo* (439, 441, 459), *carvallo* (284). *Catálogo: “Carvållo*, y antes *caravållo*. *Ubilla*, folio 559, habla del marqués de *Caravaggio*, famoso en Milán. Búsquese el origen de *Caravaggio*, pues acaso dará alguna luz” (375). *Catálogo: “Carvållo*. Acaso de *quercus, quercualio, carqualio*, y a la alemana, *carqvalio, carvaglio*,

⁴⁹ Hai aquí unha nota do editor da *Colección: “embrayar B”*.

⁵⁰ Hai aquí unha nota do editor da *Colección: “B. ad. o envrayar”*.

carvållo” (376). Outras documentacións no *Catálogo: Carvalledo* (343), *carvallo* (301), *carvållo* (358)⁵¹.

CASTROVE: *Castrove* (10.1, 905.2). Glosario: *Castròve* (175, verso 10.1). *Colección*: “*Castròve*. No se halla esta voz en los antiguos geógrafos, pero se conoce tener mucho de latina por su principio *Castro*. La dificultad está en la terminación *Castro-ve*. Lo primero que se ofrece es si su origen es de *Castrum Jovis*, *Castriove*, *Castrove*, o por consagrado a Júpiter e por que Júpiter tenía en la cumbre algún *templo*. [...] Lo mismo [a mesma relación con Xúpiter que Sarmiento supón para Aranjuez (*Ara Jovis*) na p. 176] se debe discurrir del *Castrove* o *Castrum Jovis* (175-176)”.

“No debo omitir un reparo que no a todos se ofrecerá. En un instrumento gótico de Santiago del año de mil y veinte y tantos leí esta expresión latina ‘*in territorio salinensis* (de Salnés) *ad radicem alpe Castovre*⁵², etc.’. Es evidente que aquí se habla del *Castrove* [...]. El reparo está en que se escriba en el documento no *Castrove* sino *Castovre*, porque siendo esta terminación *obre* u *ovre* común a otros lugares de Galicia, v. g.: *Xobre*, *Lobre*, *Tiobre*, *Fiobre*, *Obre*, *Callobre*, *Bañobre*, *Yllobre*, *Anzobre*, *Sillobre* y *Barallobre*, etc., o todos habrán de aludir a Júpiter y *Jove*, lo que es inverosímil; o el *Castrove* y *Castobre* no viene de *Castrum Jovis*. Confieso que aún no he podido averiguar si la R de los lugares dichos *Tiobre*, *Anzobre*, etc., es *radical* o *servil*, esto es, si es añadida, trasmutada, o de la raíz esencial del nombre.

El que *Castrove* traspuesta la R se dijese *Castovre* tiene ejemplares en la lengua gallega; si bien muchos más en que de *Castobre* se dijese *Castrove*, pues es más común entre gallegos anticipar la R, v.g.: de *pobre*, *probe*; de *pebre*, *prebe*; de *congrío*, *crongo*; de *cabras*, *crabas*; de *cangrejo*, *cranguejo*, etc.

Pero quien me hace creer que la R no es radical es el padre Yepes, que en la fundación de Poyo cita instrumentos que lo confirman. [...] Así creo que *Castobre*⁵³ o *Castovre*⁵⁴ es transposición de *Castrobe* o *Castrove*⁵⁵, al modo que también en otro instrumento gótico de Santiago leí esto: ‘*subtus monte Kastrobiti*’ en el territorio de Deza” (*Colección*, 176-178).

⁵¹ Na p. 514 do excelente e utilísimo “Índice de voces gallegas y portuguesas” do *Catálogo* figura un “carballo albariño *Ribadavia*” para a que se remite ó folio 147 r do texto. Alí, sen embargo, o único que vemos é isto: “*Cerquiño*. Llamen en Ribadavia *carvållo* veriño. Acaso *albariño*”. Supoñemos, pois, que a introducción do substantivo *carballo* no devandito índice é da responsabilidade do editor.

⁵² Hai aquí unha nota do editor da *Colección*: “*Castrove* MS”.

⁵³ Hai aquí unha nota do editor da *Colección*: “*Castrobe* MS”.

⁵⁴ Hai aquí unha nota do editor da *Colección*: “*Castrove* MS. *Castobre* B”.

⁵⁵ Hai aquí unha nota do editor da *Colección*: “*Castrove* o *Castrobe* B”.

Otras documentacions na *Colección: Castrove* (175, 176, 177, 178, 380), *Castrobe* (177).

Catálogo: Castróbe (276, doc.), *Castrove* (435, 494, 502), *Kastrove* (276, doc.).

CORBELO: *corvelos* (113.2; corbelos MP). Glosario: *corvelos* (452). *Colección: “Muges e corvelos. [...] Corvelo, un pescadito como sardina y muy gustoso”* (452). *Catálogo: “Corbello. ¿Si Cordilla?”* (475). Outras documentacions no *Catálogo: corvêlo* (283), *corbêlos* (458).

DEVANDITO: *devandito* (41.3), *debanditos* (961.1; devanditos B, MP). Glosario: *devandito* (364, verso 41.3). *Colección: “Aó chan debandito. [...] Devandito todo una dicción antedicho. De ante y dicto”* (365). *Catálogo: devandito* (274, doc).

LAVERCO: *laverco* (93.4), *laberco* (1176.4; laverco B, MP), *labercos* (555.4, 733.4, 987.4, 1176.4; laverco B, MP), *labercos* (629.2; laverco B). Glosario: *laverco* (446, verso 93.4). *Colección: “Laverco. A las cugujadas llaman en Pontevedra laverco. Probé ya que laverco, significando lo mismo, es palabra gótica y del norte⁵⁶. Llaman también laverco a los sábalo, cuando ya no son de substancia, y por metáfora a los tagarotes palurdos”* (446). *Catálogo: laberco* (475, 477), *lavérco* (319, 428), *laverco* (271), *lavércos* (428).

NABIÑA: *naviña* (35.3; nabiña B). Glosario: *naviña* (354). *Colección: “Se mide a naviña. [...] Hay el vegetable rapa y el vegetable napus. Parece que el nabo viene de napus (navet en francés); no hay tal cosa, viene en cuanto a las letras, no en cuanto a la cosa. El latín de nabo es rapa (en francés rave). El napus tiene la raíz larga y la rapa tiene la raíz gruesa, y redonda. En breve, los nabos de Lugo son rapas y el nabo de Fuencarral es napus. La naviña que se vende en Pontevedra, y en especial por la fiesta del Apóstol Santiago, es semilla de las rapas. [...].*

La *naviña* es la simiente de toda diferencia de *nabos*. Se originó del latín *napina*”. [...] Así *napina*, de donde se formó la *nabiña* gallega, es una de las voces perdidas del latín, y que se debe restablecer. [...] El gallego, según su analogía, dice *cánabo* y *canabiña*, como de *napo*, *napina*, <*nabo*⁵⁷> y *naviña*” (355-356).

⁵⁶ Efectivamente, fai isto nas pp. 415-419 do glosario da *Colección*, mais nestas páxinas non hai ningún intento de establecer unha conexión semántica entre *laverca* ‘paxaro’ e *laverco* ‘peixe’. O que si podemos dicir é que Sarmiento, a pesar de sinalar decididamente a orixe desta voz na lingua sueva ou gótica (el non se preocupa gran cousa de distinguilas) fundamentándose en voces de dialectos xermánicos modernos coma *laverch*, *laverce*, etc., escribe unhas veces *laberca* (249) e outras *laverca* (*Colección*, 415, 416, 418, 419). No *Catálogo* obsérvase a mesma vacilación: *laberca* (477, 480), *laverca* (298, 411, 440, 451), *lavérca* (428), *laverco* (428).

⁵⁷ Hai aquí unha nota do editor da *Colección*: “restablecemos *nabo* de cuya existencia es indicio la conj. y”.

Catálogo: *naviña* (282, 299).

PERCEBE: *pezebres* (118.3). Glosario: *pezebres* (455). Colección: “*Pecèbes, pecèbres, percèbes, percebres, precèbes, precebres*. Y si en lugar de C se pone Z o acaso S o SC saldrá el número de 24 combinaciones de aquel nombre con que en Galicia se significa un singular marisco, que he visto y comido varias veces, pero que jamás he leído escrito. Así, no sabiendo la justa ortografía ni la fija pronunciación, es casi imposible fijar la etimología, y pide mucho tiempo para hacer la análisis, según las 24 combinaciones” (222).

Colección: “Así, pues, para no gastar más papel en proponer mi ignorancia, digo que la voz *pecebe* o *pecebre* (y en las demás combinaciones) acaso vendrá de *pes, pediculus, y petiolus*, que es el pezón de la teta por la grande similitud a pie, pata y pezón; el *pes caprae*, a la francesa, se diría *piechevre* o *piecebre* y en gallego *pêcebre*; y de el *pes cervi, pêcerve* o *pê-cebre*; y de *petiolus: pecibolo, pecible, peceble, pecebre*; y de *pes uberi pesobre, y pesebre y pezebre*” (224).

Colección: “No sé de que marisco habló Nicandro, sólo conjeturo que acaso habló del *pezebre*, y que esta voz viene del latín antiquísimo *proebra, proebre, praesebre, precebre* y *precebe*, y finalmente *pecebe*.

En el *Glosario de la Lengua Theotisca* que sacó Schilter, y en el cual se conservan muchas reliquias de la lengua gótica, tropecé con una voz que podrá dar alguna luz al intento aún no admitido el origen dicho de *proebra*, sino su significación. Allí la voz *pizouprota* significa *fascinavit*; sábase que la voz *fascinum* significa la *res turpicula* de Varrón. El verbo *pizouprota* se derivará de un nombre que no sabemos cuál era su terminación, pero sí que tendría semejanza con *pizoupro, pezopro, pezebro*, etc. Y siendo cierto que en la lengua gallega se conservan muchas voces góticas, no hay inverosimilitud que sea gótico el vocablo *pezebre* y que signifique lo que el *fascinum* de los latinos, porque esta voz se deriva del *bascaeno* griego; o porque *bascaeno, fascino* y *pizouprota* todos significan lo mismo” (225).

Colección: “Cuando en la copla 22 [...] comencé a tratar de los mariscos *pezebes* o *pezebres* no había visto autor alguno que los describiese y menos que los pintase; y así por esto como porque no les hallaba voz latina correspondiente, no pude pasar de conjeturas, y sólo acerté a conjeturar que en la voz *pezebe* entraba el latín *pes, pedis* o *petiolo*.

Después vino a mis manos un libro en el cual hallé la pintura, la descripción y el nombre latino de la media edad de los *pezebres* dichos.

[...]

En la lámina 30 se hallan dibujados los *pezebres*, que no es posible pintarlos más a lo vivo; y en la página 345 y 349 se les pone el nombre latino *pollicepedes* y en francés *pousepieds*; como que representan los dedos pulgares de los pies, lo que en realidad es así. Por lo cual ya se ofrece a primera vista el origen de la voz *pecebes*; si de *pollice-pes* se prepara la voz *policebes*, *porcebes*, *percebes*, y en algunas partes *percebres*. Así quede asentado que, aunque aquel marisco no tiene nombre latino puro, se debe reducir a *pollicipes*, y se debe escribir con fundamento *percebes*” (245-246).

Colección: “*Pezebres* es un singular *marisco* del cual no hay noticia ni en *latinos* ni en *griegos*, pues no se crían en el mar *Mediterráneo*. [...] Sólo Mr. de *Argenville* en su *Conchyliología* pinta a lo vivo los *pezebres*, en latin *pollicipedes*, <y en francés> *poussepieds*” (455).

Catálogo: “*Pezébres*, *precébres*, *pezébres* y *prezébres*. [...] No sé el origen; acaso de *p<o>licipes*, de *petiolus*, *tethia* en griego, de *pescebre*, *pezebre*” (289); “*Pezèbre*. ¿Si de *proebia* de Varrón, de la *colibdaena* o *pudendum marinum* de Atheneo, si de *pizouprota*, que en el Glosario de Schilter significa *fascinavit*?” (339); “*Pezebres* (Pollicipedes)” (460); “*Precebes* (Pontevedra) *Policipes hidra*” (474). Outras documentaciones no *Catálogo*: *pecebres* (474), *percébes* (339), *pecébres* (339), *pezebres* (266).

POLBO: *polvos* (114.2; *polbos* MP). Glosario: *polvos* (452). *Colección*: “*Pólbo*. Pronunciando la Ó del circunflejo con la boca muy cerrada para distinguirlo del *polvo* por *pulvis*. Del latín, tomado del griego *polypus*, se formó, perdiendo la -Y-, y mudando la P en B *polbus* y el gallego *pólbo*; y el castellano conservó la P y mudó la O en U, y dijo *pulpus* y *pulpo*” (227). *Colección*: “*Pólvos*, son los *pulpos*, en latín *polipus*, aludiendo a sus muchas garras” (452). *Catálogo*: *polbo* (287), *pulbo*⁵⁸ (287), *polvo* (473).

REBOLO: *rebolos* (29.2). Glosario: *rebólos* (279). *Colección*: “*Rebólos*. [...] Alguno creará que viene de *revolver* porque se va revolviendo al *rasar el grano* en el celemín. No lo admite la analogía, ni toma el nombre de la figura ni del oficio, ni de su movimiento, sino de su naturaleza.

El origen está en el sustantivo latino *pullus* que significa muchas cosas: primeramente al hijo del *caballo*, y de *pullus*, *pollo*, *poldo* y *poldro* (en castellano *potro*). [...]

Pullus significó después todo hijuelo de algún animal, y en especial el *pollo* de la gallina. [...].

⁵⁸ Esta voz leva a seguinte nota no *Catálogo*: “*pulbo*, sic MS. probable errata por *pulpo*”.

Pero, al asunto, digo que *pullus* significa también el renuevo, vástago, pimpollo o hijuelo de un árbol, *arboris pullus*, y aludiendo a lo cual se formó el verbo *pullulare* y *repullulare*. Y así como hai *pullus arboris*, hay *repullus* cuando es renuevo que nace junto al pié.

Esta voz *repullus*, a la gallega, o es *repólo* o es *rebólo*; y en castellano, o *repollo* o *rebollo*” (280).

Otras documentacións na *Colección: rebólo* (281, 284, 285, 355), *rebólos* (284).

Catálogo: “Rébo. Es aquella piedra, palo, etc., que sirve de *hipomochlio* a la palanca o *vecte*, para levantar o mover peso. Acaso de *ropalo*, o de *robur* fuerza, pues *robore*, en escrituras antiguas, se llama *rebor* o *revor*. Si de *ropalo* de ahí vendrá *rebollo*, o de *revolvo*, todo por *rollizo*” (316). Outras documentacións no *Catálogo: rebolo* (305, 398).

RIBEIRO: *Ribeyro* (2.2 -Ribeiro B, Riveiro MP-, 50.4 -Ribeiro B, MP-). Glosario: *Riveiro* (163), *Riveyro* (368). *Colección: “RIBEIRO.* Hacia el valle de *Avión*, al oriente del monte *Suido* nace el río *Avia*, el cual, caminando poco más de tres leguas, antes de meterse en el Miño, forma dos leguas de valle muy ameno, y cuyas laderas, o *riveras*, dan el celebrado vino de *Rivadabia*, ya por el nombre del valle, ya por la villa de *Riva de Avia*, y sincopado, *Rivadabia*. A todo aquel valle llaman ó *Riveiro*, y a los de él (*Riveranos*) *Riveira*”os o *Riveiraos*.

La voz *Riva* es del latín *ripa*, y el nombre *Avia* y *Avión*, acaso de *vius*, *avia*, *avium* ‘cosa fragosa y remota de caminos’ cual es el valle de *Avión*. *Avia*, neutro plural, corresponde a *in via*. Así hay otros sitios llamados *Avia*, y en Portugal hay otro río *Avia*. Así, la ortografía debe ser *Rivadavia*⁵⁹” (163-164).

Otras documentacións na *Colección: Ribeyro* (369).

ROBALO: *robàlos* (115.1). Glosario: *robalos* (453). *Colección: “Robalos* son bien conocidos. El latín es *lupus*, el griego *labrax*. Del diminutivo *lupulus*, y mudada la L en R, se formó el nombre *robaliza*” (453). *Catálogo: “Robalo* (Lupus)” (474). Outras documentacións no *Catálogo: robálo* (285), *robaliza* (285, 407, 474).

RODABALLO: *rodaballos* (116.2). Glosario: *rodaballos* (453). *Colección: “Rodaballos* [...], que en latín se llaman *rhombus*” (453). *Catálogo: “Rodaballo* o *rodavallo*” (284), “*Rodaballo* (Rhombus)” (474).

VASOIRA: *vasoiras* (83.3). Glosario: non copiou o autor este verso no glosario. *Colección: “Vasoiras* [...] de *vasura*, que viene de *verro*, *is*, *varrer*, se formó el gallego *vasoira*, por *escoba*, si

⁵⁹ Hai aquí unha nota do editor da *Colección: “Rivadabia MS. y B. grafía que no respecta el pensamiento del autor”.*

acaso *vasura* no se originó del francés *vase*⁶⁰ (443). *Catálogo*: “*Vasoira* o *basoira*. La *escoba*; de *verro, is*” (263). Otras documentacions no *Catálogo*: *vasoira* (408), *vasoura* (408), *vasoyra* (280).

VERZA: *berzas* (123.1; verzas MP). Glosario: *berzas* (456). *Colección*: “La *berza* viene del puro latín *brassica*, como si fuese *bersica*, *berça* o *berza*” (281); “del latín *brassica*, se formó la voz *berza*; y por ser la *berza* tan famosa y trivial, se entendía entre los romanos por la voz *caulis* o *col*” (354); “*Das berzas*, el latín es *brassica*” (456). *Catálogo*: *berzas* (302).

VINCO: *binco* (65.2), *binco* (210.1; vinco MP), *vinco* (583.2; binco B), *vinco* (718.3; binco B, MP); da copla 1202 á 1308 (MP): *vinco* (1252.1). Glosario: *binco* (426, verso 65.2). *Colección*: “No hallé escrita la voz gallega *binco*, así no sé si se ha de escribir *binco* o *vinco*, el *binco del ciego*. La voz *binco* tiene tres significaciones en gallego: 1ª significa el *binco* o triángulo del lazarillo, 2ª significa un adorno de orejas como pendientes, 3ª significa una como *gargantilla* o collar. En instrumento gallego de 1481 leí esto: ‘*dous binquos de coraas*’, ‘*dos bincos de corales*’. Es preciso buscar una raíz a la cual se pueda reducir las tres significaciones. Creo que es del caso el verbo *vincio, is, vincire, vixi, vinctum, atar, ligar. Vinctus, us, vinculum*, el atadero, o liga, o ligadura.

Digo pues que de *vinctus*, perdida la T, o de *vinculo*, *vinco*, perdida la L se dijo *vinco* y *binco*. [...]

Al modo que por eso se llama ese vegetable *vinca pervinca* [...] no es impropio que otro cualquier atadizo se llamase *vinco*. De hecho *vencello* y *vingallo* se aplican a cualquiera cosa con que se ata o liga otra. Al caso, una *sarta de corales*, porque se enfilan y se atan con un hilo, se llamará con propiedad un *binco* o *vinco* de *corales*; así mismo un *círculo* o *triángulo* de hierro que en si tenga insertos muchas sortijas, argollitas o anillos de hierro, no estará mal llamado, *ô binco* o *vinco dos ferros*. [...] El *binco* de las orejas se llamaría así porque tendría insertas perlas, aljófares o piedras preciosas, y atado todo al *zarcillo*. [...]

Covarrubias dice que las damas llaman *brinco* ciertos *joyelitos pequeños que cuelgan de las tocas, porque como van en el aire, parece que están saltando*, y lo deriva de *brincar*. La Academia dice corresponden los *brincos* a los *tembleques* de hoy. El portugués también usa la voz *brinco* y el diminutivo *brinquinho*, y esta voz, en segunda significación se aplica a un niño muy hermoso. Ahora se ofrece la dificultad si es una misma palabra *brinco* y *binco*; si *binco* perdió la R o si la R se

⁶⁰ As formas *Vasoiras* e *vasoira* levan unha nota no glosario da *Colección*: “*vassoiras* MS.”.

añadió a *binco*. No acierto a determinar cosa fija, pues el *brinco* se podrá aplicar a la raíz de *binco*, y *binco* se podrá aplicar a la raíz de *brinco* si éste viene de *brincar*.

El caso es que ninguno me señala la etimología de *brincar*. Después de muchas tentativas vine a creer que su raíz es *gótica*. Juan Schiltero en la voz *sprincko* dice que significa langosta, y que tomó ese nombre ‘a saltu. Salire autem nobis to spring’. Es palmario que la langosta *salta* y *brinza*, por eso el francés le llama *sauterelle* y el gallego *saltón*. Así pues, significando *sprincko* la *langosta* y perdiendo la S y mudando la P en B, resulta la voz *brinco* y el verbo *brincar*” (429-431).

Catálogo: “*Binco* o *vinco* [...] (y debe ser *binco*)” (271). Otras documentaciones no *Catálogo*: *binco* (317, 335), *bincos* (330), *vinco* (330).

VINGUELETE: *vingueletiños* (34.3). Glosario: *vingueletiños* (353). *Colección*: “E *vingueletiños*. El *barreno* se llama en gallego *vinguelete*, y su diminutivo *vingueletiño*. Es difícil. Diré lo que he conjeturado. *Wimble* en inglés significa el *barreno*, en alemán *wim-borken* (que quiere decir *agujera vino*) aludiendo al *barreno* que se da a un tonel. Menage, verbo *foret*, que es el *barreno*, trae texto de Pedro Cellense: ‘*tonellus foratur ut vinum habeatur*’; verbo *ville brequin* que es el *barreno* dice que en Anjou se llama *vire brequin*, y en Normandía *vin-brequin*, en la baja Bretaña *libricquin*, los de París *ville-brequin*.

Dice que los toneleros llaman a su *barreno ville*, y en diminutivo *villette*. Al caso, los gallegos llaman *villa* y *villete* a aquel palo que entra y sale, como dando vueltas al modo de *barreno* en la *canilla* de una cuba, pipa o tonel. Imitando a los alemanes o góticos *vin-breckin* es como un agujereador o *barreno* del *vino*. De ese modo: *vin-villa* o *vin-villete*, pronunciando el VI como GUI, de que hay mil ejemplos, resulta la voz *vinguillete* o *vinguelete* y su diminutivo *vingueletiño*” (353).

Catálogo: “*Vingueléte*. El *barreno*. Skinner dice: a fr. g. *guimble*, y del *vimble*, inglés, *terebra*. (Acaso será gótico). Acaso de *cata* y *cala* de vino, se diría *vincala*, *vingala*, *vingaléte*, *vinguelete*. Fúndome en que el francés *vil-brequin*, por *barreno*, le derivan del alemán *vin-brokin*, como agujerear el vino. En España se dice dar espita al vino. *Calar* es a la cosa y *catar* al gusto. Véase *villa*” (338). Otras documentaciones no *Catálogo*: *vinguelete* (307).

XOUBA: *jouviñas* (81.1, 117.3). Glosario: *jouviñas* (441, 454), *jouvas* (454). *Colección*: “*Jouviñas*, a las *sardinetas pequeñas* llaman, desde junio adelante *jouvas*, aludiendo a que aún son *chicas* y *jóvenes*” (441). *Catálogo*: “*Xoubio*. [...] Acaso será *joubio*, y esto vendrá de *juvenil*, *jouvenil*, *jouvil*, *jouvillo*, *jouvio* (al modo que de *juvenis sardina* se llama hoy *jouva*)” (325). Otras

documentacións no *Catálogo*: *jouva* (284, 325, 476), *jouvas* (289), *joubas* (475), *jouviña* (425).

XOUBÍO: *xoubio* (360.3), *xoubios* (92.1). Glosario: *xoubios* (446, verso 92.1). *Colección*: “Os homes *xouvios*, de *juvenes*, simples” (446). *Catálogo*: “*Xoubio*. Significa loco y tonto, pero no furioso ni rematado. Acaso será *joubio*, y esto vendrá de *juvenil*, *jouvenil*, *jouvil*, *jouvil*, *jouvil*, *jouvio* (al modo que de *juvenis sardina* se llama hoy *jouva*). En este caso *jouvio* es lo mismo que pueril, niño, etc., y viene bien para significar *tol*, *tonto*, *parvo*” (325).

Móstrase Sarmiento coherente coa etimoloxía que propón e constante no uso de no caso de *abouzar*, para o que non fai ningunha referencia ó uso medieval, probablemente porque non o coñecía.

Por contra, non é totalmente constante na escritura de *bácoro* e *bacoriño*, se ben é certo que se inclina netamente polo uso de , e a este respecto é significativo que cando entre o 7 e o 14 de agosto de 1761 reproducíu o verso 31.1 para o glosario corrixiu o <v> inicial de MS, que debe datar de 1746 ou 1747. A utilización de fundaméntase no desenvolvemento P- > B- (“mudanza de analogía”⁶¹), que el sitúa mesmo en posición inicial absoluta. A idea de escribir *vacuriños*, con <v>, debeulle de vir dictada pola hipótese, expresada no *Catálogo*, de que a voz puidese proceder de VERRES; esta palabra aparece entre as que el recolleu na viaxe de 1745, pero non é imposible que a conxectura sobre a orixe a anotase tempo despois, xa de volta en Madrid. Por tanto, creo que se pode afirmar que neste caso Sarmiento se mostra coherente na aplicación do criterio etimolóxico, se ben nalgún momento dubidou respecto do asentamento do étimo.

En *beldro* o emprego de é consecuente co étimo que propón (BLITUM) e congruente co *bledo* castelán. O único *veldros* de MS, quizais imputable só ó copista, está corrixido en B.

Ververichiños, corrixido xa na reprodución do verso no glosario e mais en MP, presenta un tipo de grafización insólita que non se repite nin na segunda aparición da palabra nas coplas nin en ningunha das ocorrencias que se lle rexistran na *Colección* e no *Catálogo*. Creo por tanto que, se non se trata dun erro do copista de MS, tralo tenteo inicial do verso 23.3 Sarmiento acordou que esta palabra había que escribirla con <b->. Maior indecisión hai no tocante á representación do segundo /b/, que no *Catálogo* vemos por veces con <v> (*berv-*). *Berb-*

⁶¹ Sarmiento utiliza o termo *analoxia* no sentido de ‘principio de proporcionalidade que rexe o desenvolvemento fonético das linguas’, é dicir, non de maneira moi distinta do que no século XIX se entenderá por *lei fonética*.

avense coa primeira hipótese etimolóxica que, logo de rexeita-la de BERBERI, se aventura a lanzar sen demasiada fe: MAR-MARISCO, con troco de labiais (M > P), levaría a *barbarisco*, *berberisco* e *berbericho*. A alternativa que propón é a de BREVE-PECTINO, coa que non se conforman as formas con *berb-* que rexistramos na propia explicación da *Colección* pero que lle puido suxerirlos *bervericho* e *berverichos* que anotou no *Catálogo*; cronoloxicamente isto é perfectamente posible, pois a referida glosa da *Colección* data de entre 1751 e 1753 e os *berverichos* do *Catálogo* foron anotados estando en Galicia en 1754 (época na que, obsérvase ben, tamén apuntou *berbericho(s)*). A hipótese de BERBERI só lle parece “crible” na glosa da copla 84, de entre 1766 ou 1767 e 1770, é dicir, cando xa nos últimos anos de vida escribía con poucos azos, con pouca disposición para o debate crítico de etimoloxías e mesmo esquecendo que entre 1751 e 1753 escribira que tal hipótese resultaba “inverisímil”. Tamén acepta esta proposta etimolóxica no *Catálogo*, pero aquí ten todo o aspecto dunha anotación apresurada e non definitiva, tanto se foi feita por quen, ocupado en rexistrar voces na súa viaxe galega de 1745, deixaba para outro momento a discusión sobre a súa etimoloxía, coma se se lle ocorreu apuntala estando xa en Madrid. En todo caso, o uso de *berb-* sería congruente con esta posible orixe e a de *berv-* pola representada por BREVE-PECTINO. Non me consta que vise esta voz na documentación medieval que consultou.

Na glosa de *berrar* expón Sarmiento con transparencia o que son as consecuencias da aplicación do criterio etimolóxico ó problema do uso de e <v> en galego. Débese ter en conta que a súa inclinación a favor da hipótese etimolóxica de VERRES (e, por tanto, de escribir *verrar*), data de entre 1761 e 1766 ou 1767, mentres que no *Coloquio* escribira este verbo constantemente con , ó igual có substantivo *berros* (206.2, 211.4, 422.2, 612.2, 720.2, 822.2, 894.2)⁶². Con todo, véxase como no mesmo lugar onde dicía que a hipótese de VERRES era a “máis natural” reproducía con <b-> a forma *berrava* do verso 67.3 e volvía a face-lo mesmo cando, xa vello e cangado polas doenzas e probablemente sen ánimo para a discusión, reescribía os versos 145.4 e 148.1. É evidente que hai aquí un elemento de contradición que tal vez se puido desenvolver debido a un posible arrastre exercido polo castelán *berrear*.

Non está certo da orixe de *bocareu*, pero si parece estar seguro de que se debía escribir con . Obsérvase que este uso é coherente coas ideas que el tiña verbo do que chama *analoxía* no desenvol-

⁶² Tamén constantemente con na continuación de MP: *berros* (1278.2, 1289.4, 1298.2).

vemento fonético que leva do latín ó galego, pois tódolos étimos que propón comezan por consoante labial (/m, p/) e para el, por tanto, podían dar paso perfectamente a /b/, tanto nesa posición inicial absoluta coma noutras. Xa no caso de *bácoro* se advirte como el entendía que /p-/ latino podía pasar en galego a /b-/ e propoñía que este /b-/ se presentase por medio de .

Para o uso de en *botar* Sarmiento apóiase exactamente no mesmo argumento que manexa para *bácoro* e para *bocareu*: a analoxía das transformacións fonéticas levaría de /p-/ latino a /b-/ en galego e, por tanto, cumpría escribi-la palabra con . Ora ben, neste caso esgrime ademais o argumento do valor diacrítico que podía asumi-la grafía utilizada. Os casos con <v> dos distintos manuscritos son minoritarios e, á vista da observación que Frei Martín fixo na *Colección*, inclínome a crer que deben de ser da responsabilidade dos distintos copistas.

É constante no uso de para *braña*, se ben esta grafización non se avén coa etimoloxía baseada en VERANU, que el acolle como boa. Coido que o que aquí temos é que fronte á aplicación do criterio etimolóxico se cruza a resistencia ó emprego da combinación <vr>, condenada pola RAE para o castelán. Obsérvase que Frei Martín utiliza ese grupo gráfico no discorrer da discusión etimolóxica da *Colección* ou do *Catálogo*, pero refúgao noutros contextos.

Acerta o beneditino no étimo de *bruño* e é constante no uso do grafema , esperable tanto en razón do /p-/ de PRUNUS⁶³ coma do rexeitamento do grupo <vr>. Tamén se mostra firme no emprego de para *buraz*; a hipótese que lanzou ó recolle-la voz en 1745 ou tal vez ó volver sobre ela tempo despois (*voraz* < lat. VORACE) non parece máis ca unha idea do momento necesitada dun estudio posterior que a confirmase ou aconsellase desbotala.

Aínda sen estar certo da súa orixe, é bastante constante no uso de <v> para *Carballedo* e *carballo*, quizais por ter visto *caruallo* ou derivados en instrumentos medievais, se ben isto non nos consta. Por esta razón, parécese probable que a única ocorrencia dunha forma con que se le en MS (*carballo*, 902.3) obedeza máis a unha preferencia ou inercia do copista ca á vontade de Sarmiento. Ó mesmo tempo, coido que temos na grafización desta voz un argumento máis a favor da tese de que no manuscrito do Museo de Pontevedra interveu unha man

⁶³ Non é fácil explica-lo /b-/ de *bruño* e de momento debémonos contentar con conxectar que o /p-/ de PRUNUS puido ser tratado como intervocálico por razóns de fonética sintáctica. En todo caso, xa sabemos que para Sarmiento as pautas da “analoxía” permitían perfectamente que o /p-/ inicial latino pasase a /b-/ en galego e que isto pedía o concurso do grafema .

con criterios lingüísticos, en xeral, e ortográficos en particular, notablemente distintos dos de Frei Martín.

Canto a *Castrove*, a primeira hipótese apuntada (CASTRUM JOVIS) xustifica plenamente o uso de <v>. A outra posibilidade que se lle ofrece lévao a relaciona-la terminación deste topónimo coa de todos aqueles que presentan o elemento céltico *-obre*, pero ó final parece rexeitar esta conexión porque se inclina a pensar que a forma correcta é *Castrove* e que *Castovre* ou *Castobre* aparecen por metátese. Daquela, a vacilación gráfica entre *Castovre* e *Castobre* tal vez se deba atribuír á resistencia ó uso de <vr> e o emprego ocasional de *Castrobe* na discusión etimolóxica pode ter que ver co rexistro de *Castróbe* nun instrumento pontevedrés anterior a 1500 que el leu en 1745 e anotou no seu *Catálogo*. Así e todo, obsérvase que Sarmiento tamén coñecía rexistros medievais do topónimo con <v>, que supoñían un argumento a prol de *Castrove* que harmonizaba co uso do século XVIII, vantaxe que non lle proporcionaba *Castrobe*.

Corvelos é forma utilizada no texto inicial do romanzón e confirmada no lugar correspondente do glosario, dentro dun comentario redactado entre 1766 ou 1767 e 1770. Tamén se detecta no *Catálogo*, pero aquí en minoría fronte a *corbelo*: un caso con <v> fronte a dous con (dos cales un, o da p. 456, é de cando estaba de regreso en Madrid en 1755 trala terceira expedición a Galicia). A hipótese etimolóxica que aventura (CORDILA) pouca luz lle podía dar para a solución do problema ortográfico. Daquela, a oscilación *corbelo* / *corvelo* podería ter dúas explicacións: 1ª) o étimo que se lanza como hipótese non tiña nin , nin <v> nin <-p->, e nestes casos a norma da RAE era empregar ; 2ª) quizais, aínda sen declaralo, pensou Sarmiento nunha posible relación con *corvo*, voz que el adoita escribir con (cf. *Catálogo*, 350, 479, 480)⁶⁴, como non raramente se facía en castelán ata o século XVIII e como fixo tamén o gramático don Xoán Antonio Torrado, autor dun dos romances en galego que concursaron no certame minerval compostelán de 1697.

Hai unha lixeira inconstancia no caso de *devandito*, por máis que tende claramente a escribir esta voz con <v>. É posible que no seu ánimo pesase o recordo do latín ABANTE (de AB e ANTE), que, segundo Corominas e Pascual (s.v.), debeu de chegar ó galego a través dos catalanismos *avant*, *davant* e *devan*. Mais, tendo en conta que, salvo no verso 961.1 do *Coloquio*, emprega sempre <v> e ademais contaba polo menos cun rexistro medieval tamén con <v> recollido na viaxe de 1745 (antes de compoñe-lo romanzón), inclínome a pensar

⁶⁴ Tamén temos un *Corvos* (1143.3; Corbos MP). Obsérvase que o amanuense de MP preferiu o .

que o *debanditos* de MS se debe explicar como un descoido do copista, e con máis razón aínda en vista de que tanto B coma MP ofrecen nese lugar e sempre *devanditos*.

Mentres que o manuscrito B presenta invariablemente *laverco(s)*, con <v>, e MP só contén unha ocorrencia dunha forma con fronte a seis con <v>, en MS detectamos seis casos de *laverco(s)* e unicamente un de *lavercos*. Se se ten en conta que na reprodución do verso 93.4 no glosario se escribe *lavercos*, confirmando a grafía inicial do *Coloquio*, e que Sarmiento entende que esta voz está relacionada coa xermánica *laverca*, para el proveniente do gótico *laverca*, cabería esperar que o autor se mantivese firme no emprego de <v> para esta palabra. Mais non é así, e coma noutras ocasións isto non pode deixar de deitar sospeitas sobre a fidelidade do copista de MS respecto do manuscrito da Colección Medina Sidonia e, en última instancia, respecto do autógrafo de Sarmiento. Ora ben, tamén hai que considerar que, sendo maioritaria a forma *laverca* na *Colección*, no mesmo texto rexístrase tamén unha ocorrencia de *laverca* (p. 249, *laverca* en B); igualmente, no *Catálogo* oscílese entre *laverca* / -o e *laverca* / -o, como poderá comprobar doadamente quen lea o “Índice de voces gallegas y portuguesas” da edición que manexamos. Enfrontámonos, en definitiva, cun problema de variación intratextual e intertextual que non podemos resolver sen contarmos co autógrafo de Sarmiento. Con todo, non quero deixar de subliñar que o manuscrito B da *Colección*, copiado aínda en vida do autor e directamente sobre o orixinal polo menos na parte das coplas (cf. Pensado 1970: 67), é constante no uso de <v> (*laverca*, *laverco*), o que quizais queira dicir que por esa vía camiñaba o autógrafo. En todo caso, o que si se pode afirmar é que estamos ante unha palabra de etimoloxía non trivial que lle suscitaría dúbidas de grafización a calquera, incluso a Sarmiento, que con pleno dereito pertencía no século XVIII ó grupo escolleito dos moi versados en etimoloxías; ben o demostrou xustamente no caso desta voz, coa que atina ó buscarlle xenealoxía xermánica.

Sorprende un tanto que, logo de identifica-la *nabiña* como semente do *nabo* e despois de sinalar como étimo da voz o latín NAPINA (que por “analoxía” levaría ó galego *nabiña*), atopemos case constantemente o rexistro *naviña* e só nunha ocasión, no decorrer do comentario da *Colección*, *nabiña*. Entra dentro do posible que aquí interferise a grafía das voces francesas *navet* e *rave*, que el mesmo cita. Por outra parte, volve a ser de interese o feito de que o manuscrito B, copiado sobre o orixinal cando menos na parte das coplas, presente *nabiña* e non *naviña*. Temos aquí outro dato que nos fai dubidar do creto que merece a escrupulosidade do copista de MS.

O lector das glosas que Sarmiento fixo sobre a voz *percebe* asiste en directo ó desenvolvemento das pesquisas etimolóxicas que el emprende: as dúbidas iniciais, pois entre xaneiro de 1751 e maio de 1753 ignoraba tanto cal era a que debía ser considerada xusta ortografía da palabra coma cal de entre as diversas formas que dela coñecía debía ser considerada a recta e cales as súas variantes, de onde se seguía que ó descoñece-la correcta figura gráfica da voz para a lingua moderna se lle facía moi custoso ascender ata o seu étimo; os primeiros tenteos dubitativos sobre a orixe da palabra (acaso os vocábulos latinos PES, PEDICULUS ou PETIOLUS; tal vez o latín “antiquísimo” PROEBRA; quizais unha posible voz gótica coma PIZOUPRO, PEZOPRO ou PEZEPRO); e por fin, pouco tempo despois, o feliz achado definitivo, hoxe aceptado polos etimólogos (o latín POLLICIPEDES). Unha vez establecida con firmeza a etimoloxía da voz, determina-la súa xusta ortografía non presentaba dificultades: “de *pollice-pes* se prepara la voz *policebes*, *porcebes*, *percebes*, y en algunas partes *percebres* [...] y se debe escribir con fundamento *percebes*”. A meu parecer, cando afirma que o que queira escribir “con fundamento” debe escribir *percebes* Sarmiento refírese principalmente ó lugar en que de acordo co étimo proposto se debe coloca-la consoante vibrante. Mais a observación do bieito leva implícito que a escritura “con fundamento” pide tamén que a un <-p-> latino intervocálico se lle faga corresponder <-b-> na forma galega descendente, e é o certo que o bieito vacila no uso de <c> ou <z> ou na colocación da consoante vibrante á hora de escribir esta palabra, pero non o fai no tocante ó uso de , no que se mantén firme. Véxase, sen ir máis lonxe, como, se entre 1751 e 1753 chegara á conclusión de que se debía escribir *percebes*, cando entre 1766 ou 1767 e 1770 reproduce o verso 118.3 insiste no *pezebres* que vai inicialmente no *Coloquio*. ¿Caería tamén aquí o bieito traizoado polos seus copistas?

Como home sagaz e de inmensa lectura que era, acertou plenamente Frei Martín ó sinalar entre 1751 e 1753 a orixe da voz *polbo*, e mesmo parece dar na correspondente glosa da *Colección* unha concluínte indicación sobre a xusta ortografía da palabra baseada nas pautas de evolución fonética que nela observou (-P- > -B-): “del latín, tomado del griego *polypus*, se formó, perdiendo la -Y-, y mudando la P en B *polbus* y el gallego *pólbo*”. Tamén a escribira con ó apuntala en 1745 no seu *Catálogo*, a non ser que el mesmo ou un copista corrixiase anos máis tarde un posible <v> inicial. No *Coloquio*, composto entre 1746 e 1747, rexistramos xa *polvos*, que é confirmado na glosa da copla 114, realizada entre 1766 ou 1767 e 1770. Logo parece que entre 1745 e 1770 fixo Sarmiento dúas viaxes de ida e volta

en relación coa grafización desta palabra, e delas podemos dicir, coma sempre, que se poden explicar como froito da inconstancia do autor ou ben, se se entende que non estamos máis ca ante descoidos dos copistas, que non hai realmente tales viaxes de ida e volta na intención do autor e que non as debeu de haber nos seus autógrafos.

Na páxina 316 da edición do *Catálogo* de Pensado témo-las primeiras impresións que sobre a etimoloxía de *rebolo* se lle deberon de ofrecer a Sarmiento ó sentir e anota-la palabra estando en Galicia durante o verán de 1745: podería vi-la voz de ROPALO ou de REVOLVO. Logo, ó escribir entre 1751 e 1753 o comentario da copla 29 parece comezar rexeitando unha daquelas dúas hipóteses anteriores e declarándose a favor da representada por REPULLUS. O uso constante de é coherente con este étimo, mentres que a hipótese de REVOLVO entraría en contradicción co *rebolos* que vemos nas coplas, compostas, como se sabe, entre 1746 e 1747. Probablemente tal conxectura etimolóxica nunca chegou a parecerlle convincente, de modo que o modelo do castelán *rebollo* debeu de animalo a escribir *rebolo* en galego, mesmo antes de dar con REPULLUS.

Respecto de *Ribeiro*, a oscilación que se nota nos manuscritos (agás en MP, sempre con) parece dictada pola vacilación que se dá en castelán entre *riva* e *riba*, *rivera* e *ribera*, *rivero* e *ribero*. Da lectura do primeiro parágrafo da glosa da *Colección*, redactada entre 1747 e xaneiro de 1751, tiro a impresión de que *riveras* inflúe na grafía empregada en *Riveiro*, que é a que ó final propón nese parágrafo; e no segundo parece que *Riva*, con grafía antihistórica e antietimolóxica pero imposta no castelán no uso onomástico (cf. Corominas & Pascual: s.v.), determina a de *Rivadavia*. De toda maneira, a pesar do que o bieito di nestas reflexións, a vacilación *Ribeiro* / *Riveiro* ou *Ribeyro* / *Riveyro* persiste nas páxinas posteriores da *Colección*. E, a propósito de Ribadavia, salta á vista que a grafía que propón definitivamente como correcta no seu comentario (*Rivadavia*), viña a corrixi-los *Rivadabia* do parágrafo anterior e non se compadecía cos *Rivadabia* (350, 368, 369) que se rexistran máis adiante na *Colección*. Así, pois, batemos unha vez máis coa inseguridade e a inconsecuencia, pero tamén unha vez máis temos que preguntarnos se estas son atribuíbles exclusivamente a Sarmiento ou tamén, nunha medida difícil de determinar para nós, ós seus copistas. O que si me parece que se pode manter é que na grafización destes topónimos Sarmiento non se deu liberado das servidumes que impoñía a ortografía castelá.

En *robalo* o emprego constante de é congruente co étimo que firmemente sinala (LUPUS), que tiña -P- intervocálico.

Para *rodaballo* cómpre precisar que Frei Martín non di que proceda do latín RHOMBUS, etimoloxía obviamente inaceptable desde o punto de vista fonético, senón que en latín o rodaballo se chamaba RHOMBUS. Con esta palabra asaltouno unha indecisión inicial (“*rodaballo* o *rodavallo*”) cando a anotou no seu *Catálogo* durante o verán de 1745; a dúbida púidolle vir dictada ben polo portugués *rodvalho* -que el vería, por exemplo, no *Vocabulario* (1712-17127) de Bluteau- ben polo castelán *rodavallo*, definitivamente abandonado por *rodaballo* no tomo V do *Diccionario de Autoridades* da RAE (1737).

De *vasoira* hai que dicir que, se ben xa no *Catálogo* escribiu que procede de VERRO, mostrouse indeciso na mesma anotación (de 1745) entre usa-lo grafema <v> ou usar . Tal vez datos coma este nos poidan autorizar a pensar que xunto co etimolóxico Sarmiento puido considera-la aplicación doutros criterios alternativos, como puido se-lo da imitación do uso castelán: quizais a suxestión a prol de *basoira* estivese inspirada polo vocábulo *escoba* que se cita no mesmo lugar ou mesmo por *barrer*, xeral xa no castelán medieval (cf. Corominas & Pascual: s.v.) e nunca corrixido pola RAE ó facer prevalecer neste caso o uso establecido sobre o criterio etimolóxico. En todo caso, trala dúbida de 1745 parece convencerse de que se debía escribir *vasoira* con <v>.

Sarmiento adopta a grafía asentada en castelán para *berza*, pero obsérvase que el coída que o étimo desta voz é BRASSICA e, por tanto, que non contravén con ela o criterio etimolóxico. No caso desta palabra, pois, non creo que se deba falar de que o bieito adopta irreflexivamente a grafía do castelán, senón máis ben de que acepta o errado dictame etimolóxico da RAE e, en consecuencia, tamén a grafía que para esta voz se adopta no *Diccionario de Autoridades*⁶⁵.

Entre 1761 e 1766 ou 1767 dicía Sarmiento que nunca vira escrita a palabra *vinco* na acepción de ‘triángulo del lazarillo’, e polo tanto non tiña ningunha referencia de autoridade ou de simple uso para orientalo acerca da súa xusta ortografía. En troques, para as acepcións 2ª (‘un adorno de orejas como pendientes’) e 3ª (‘una como *gargantilla* o collar’) contaba con documentación rexistrada nun instrumento do ano 1481. Daquela, entendía que se debía buscar unha única raíz á que se puidesen facer remonta-las tres acepcións, e en principio opinaba

⁶⁵ O emprego de para o castelán *berza* decidiuse na sesión que a Academia celebrou o 12 de decembro de 1720 e debeuse a un equivocado asentamento da súa etimoloxía. Segundo Lázaro Carreter (1972: 34), “*berza*, conforme al correcto sentir académico que la relacionaba con *viridis*, estaba destinada a escribirse con v-; pero Antonio Dongo disiente, escribe un largo alegato para probar que el étimo de *berza* es *brassica*, persuade con él a la mayoría, y de la urna inapelable sale la extravagante *b* que aparta a la *berza* de lo *verde* (12-XII-1720)”.

que esta podía se-lo latín VINCTUS ou ben o latín VINCULUM ‘ligadura’. Mais así e todo, quizais porque ó mesmo tempo consideraba a posibilidade de que o étimo verdadeiro tivese que ver con *brincar*, non chegaba a resolver-la dúbida de se se debía escribir *binco* ou *vinco*. É probable que fose algúns anos antes (tal vez en 1745) cando deixou escrito no *Catálogo* que cría que a forma xusta debía ser *binco*. Quizais fose por esta incerteza non resolta polo que na glosa da *Colección* observaba que “de *vinctus*, perdida la T, o de *vinculo*, *vinclo*, perdida la L se dijo *vinco* y *binco*”, sen extraer definitivamente a conclusión obvia que esixiría a aplicación do criterio etimolóxico. Ó cabo, o problema ortográfico desta voz non o deixa resolto e, se ben é certo que non chegou a atopar bases etimolóxicas firmes que o puidesen orientar nesta toma de decisión, non o é menos que o rexistro medieval de *binquos* tampouco lle pareceu definitivo, quizais porque non estaba referido realmente ó instrumento musical chamado triángulo, senón a un pendente ou a un colar.

Para *vinguelete*, malia recoñecer que o seu étimo é difícil de establecer, semella estar certo de que o hai que escribir con <v>, pois así o fai constantemente. En todo caso, isto é coherente coa ortografía que teñen as orixes xermánicas que el conxectura para a palabra.

No caso de *xouba* é coherente coa hipótese etimolóxica que defende (JUVENIS SARDINA) a grafización que case sempre lle rexistramos: *jouva*. Xustamente o contrario, claro está, cómpre dicir do *joubas* da páxina 475 do *Catálogo*, que visto á luz da maioría de *jouva* resulta sospeitoso. Menos firme se mostra no caso de *xoubio*, e paga a pena sinalar que con esta voz vexo máis coherencia no tocante á conclusión esperable verbo da representación da consoante fricativa prepalatal xorda ca no referente a /b/: “*Xoubio*. Significa loco y tonto, pero no furioso ni rematado. Acaso será *joubio*, y esto vendrá de *juvenil*, *jouvenil*, *jouvil*, *jouvillo*, *jouvio* (al modo que de *juvenis sardina* se llama hoy *jouva*)”.

Realmente, a análise individualizada dos datos relativos a cada unha das voces incluídas nos pequenos catálogos de voces precedentes deitou tal volume de informacións e de reflexións que se fai necesario intentar poñer un pouco de sistema nelas se é que queremos chegar a algunha conclusión minimamente sólida verbo das opinións e a praxe ortográfica de Frei Martín Sarmiento. O primeiro que estimo preciso dicir aquí é que a importancia que este autor lle confería ó uso contrastado nos instrumentos medievais queda patente ó comprobar que efectivamente o tivo en conta cando quixo escribir algúns vocábulos para os que, xustamente por seren de emprego relativamente frecuente e de entrada antiga no idioma, chegou a contar coa correspondente

documentación medieval. Creo que isto é irreatible nos casos de *avó*, *devandito* e o topónimo *Castrove* e que, aínda sen termos constancia documental, podemos soste que tamén é moi probable que o recordo do uso medieval lle inspirase formas coma *carvallo*, *Carvalledo*, *avendo*, *avia*, *ouvo*, *ouvesse* ou *erva*. Ademais, se se consideran con certa calma estes datos, verase como a preferencia ou o gusto pola utilización de <v> para escribir *erva* e as formas de *aver* invita a pensar que, cando o criterio do uso medieval entraba en conflito co etimolóxico, Sarmiento tendía a darlle preferencia ó primeiro. Non coñezo ningún caso en que, enfrontándose á mesma disxuntiva, optase o autor pola vía etimolóxica.

Realmente, lonxe de mostrarse como un etimoloxizante inflexible, Sarmiento dá probas de que, coma a RAE⁶⁶, se inclinaba por un acordo -o mellor acordo posible- entre a atención ó étimo das voces e o respecto ó uso establecido. No caso do galego este uso non podía ser outro có observable na documentación medieval. Descoñezo calquera posible referencia de Frei Martín a textos galegos escritos publicados no século XVI, XVII e primeira metade do XVIII, e o máis probable é que ignorase a súa existencia. En fin, como acabo de dicir, parece poderse afirmar que, cando o acordo entre o criterio etimolóxico e o do respecto ó uso medieval non era factible, o Padre Sarmiento dáballo preferencia ó segundo.

Mais o número de vocábulos do *Coloquio* cos que era forzoso facer esta elección non era moi numeroso, como tampouco o era o daqueles implicados no problema ortográfico que estamos analizando para os que o noso autor dispuxese de rexistros medievais. Por esta razón, as reflexións ortográficas de Sarmiento tenderon a relacionarse coas súas pescudas etimolóxicas, especialmente no caso das voces de orixe non trivial e con máis razón aínda se para elas non tiña referencias tomadas da Idade Media. O lector da *Colección* e do *Catálogo* asiste a miúdo a unha reflexión en marcha sobre a orixe das voces que neles se recollen e destas meditacións non é infrecuente que Sarmiento intente tirar consecuencias para a que el estima correcta grafización das palabras galegas que comenta; por veces, coma no caso de *berrar*, estas conclusións chéganse a explicitar. En liñas xerais, creo que o rigor na aplicación do criterio etimolóxico é considerable, mais tamén é moi

⁶⁶ O rigor etimoloxizante da RAE nos primeiros momentos da súa fundación foise atemperando ó ir entrando en contacto coa realidade das palabras concretas por esixencias dos traballos de preparación do Diccionario de Autoridades. Son proba disto a decisión de escribir sen <h> *ayer* (< HERI), con *barrer* (< VERRERE) ou sen hiatos *fe* e *ver*. Deste xeito, chegarase a un “pacto entre el uso y la etimología” (Lázaro Carreter 1972: 47) porque co paso do tempo a Academia irá rebaxando o nivel de esixencia etimoloxizante.

digno de ter en conta o volume de incoherencias que se perciben, non todas elas susceptibles de recibila mesma interpretación:

1. Algunhas serán imputables ó descoido do propio autor, descoido que parece ir en aumento conforme se vai adentrando na vellez e na conseguente caducidade intelectual. Coido que se deben incluír aquí algún dos poucos casos en que o castelán exerceu un efecto de arrastre non explicitado pero bastante claro: *Riveiro*, probablemente algunhas das grafías antietimolóxicas de *volver*, tal vez -pensando en *escoba*- a dúbida de se se debía escribir *basoira* e non moito máis.

2. Outras, probablemente bastantes, deberán explicarse como froito da infidelidade dos copistas respecto dos autógrafos de Sarmiento ou respecto das copias dos autógrafos que algúns utilizaron.

No caso de *braña* non parece poderse discutir que para Sarmiento o rexeitamento da combinación gráfica <vr> chegaba a situarse xerarquicamente por riba do criterio etimolóxico. Finalmente, en *botar* vimos como para o noso monxe o respecto pola ortografía que dictase a orixe de cada voz podía en certas ocasións verse suplementado polo valor diacrítico que podía asumir o uso de ou <v>.

O pouquísimo creto que en xeral merecen os copistas que lle couberon en sorte a Frei Martín Sarmiento lévame á conclusión de que o estudo da ortografía deste autor debe fundarse moito máis nas opinións que sobre esta materia emitiu que en todas aquelas grafizacións a miúdo discordantes que se lle poden rexistrar nos apógrafos a través dos cales coñecemos hoxe case toda a súa obra. Xunto a isto, hai que recordar que en xeral debemos concederlle máis valor ás formas gráficas que aparecen no glosario ca ás que van no *Coloquio* mesmo, xa que, como o propio autor dixo, cando escribiu o comentario tivo máis vagar para reflexionar sobre a xusta ortografía de cada voz.

Do grao de arbitrariedade no uso de e <v> a que se puido chegar mesmo despois de 1726 dá idea unha forma coma *Potebedra* (2.3), que aparece no manuscrito MP e corresponde a un topónimo sobradamente coñecido, constantemente escrito con <v> en tódalas épocas e, por certo, de etimoloxía coñecida por Sarmiento⁶⁷. Aquí si que é evidente que a responsabilidade da gralla recae sobre o copista de MP.

Referencias bibliográficas

⁶⁷ Lemos isto na *Colección* (p. 164): “Llámase así [Pontevedra] por estar a la orilla del mar, y junto a un puente, que ya hace muchos siglos que era vieja, esto es vetera; y de Ponte vetera se dijo Ponte-vedra”.

- Carré Aldao, E. (1916): "De nuestro pasado literario. Una poetisa gallega del siglo XVI (Doña Isabel de Castro y Andrade, condesa de Altamira)", *BRAG* 110, pp. 39-42; 111 (1916), pp. 73-77; 112 (1916), pp. 105-110.
- Cernadas y Castro, D. A. (1778-1781): *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime, D. ---, natural de Santiago de Galicia*, 7 tomos. Madrid, MDCCLXXVIII. Por D. Joachin Ibarra, Impresor de Cámara de S. M. Con las licencias necesarias.
- Clarín de la Fama y Cithara de Apolo, El. Con métricos rasgos a la Reales Fiestas, que en el felicísimo nacimiento de el Principe N. Señor D. Luis Jacobo primero el Deseado executó la esclarecida y nobilísima, y muy leal Ciudad de Orense... en Santiago.* En la Imprenta de Antonio de Aldemunde. Año de 1708 (Biblioteca do Mosteiro de Poio, R.S. 36 / 5 /33-34).
- Corominas, J. / Pascual, J. A. (1987/1989//1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*, 6 vols. Madrid: Gredos ☹
vol. 1: 1987; vols. 2, 3, 4: 1989; vols. 5, 6: 1991 ☹.
- Ercilla y Çuñiga, Alonso de (1589): *Tercera / parte de La / Araucana de don ---, / Cauallero dela orden de Santiago, gentil/hombre de la camara dela Magestad / del Emperador.* Madrid: En casa de Pedro Madrigal.
- Ferreiro, M. (1994): "Contribución á lexicografía histórica do galego: o vocabulario de Payzal", *Cadernos de Lingua* 9, pp. 55-88.
- Fiestas Minervales y aclamacion perpetua de las Musas, à la inmortal memoria de el Ilustrissimo, y Excelentissimo Señor D. Alonso de Fonseca El Grande, Arzobispo de Toledo, y de Santiago, por sv Escuela, y Vniversidad, qve afectuosamente las consagra, dedica, y ofrece, al Excelentissimo Señor Conde de Monte-Rey, su Protector, Valedor, y Mecenas: Por mano de el doctor D. Joseph Varela y Vasadre, Retor de dicha Vniversidad, y Prior de la Santa y Apostolica Iglesia de el Señor Santiago: Con acuerdo de el Claustro; y por su comision; de el Secretario, que obediente las descriue.* Con licencia. En Santiago: Por Antonio Frayz. Año de 1697. Ed. facsímil, con *Estudio literario das Festas Minervais Compostelanas de 1697* de X. Alonso Montero: Santiago de Compostela: Universidade, 1993 [Con nove romances galegos entre as pp. 29-55].
- Gándara [y Ulloa], Fr. F. de la (s.a./1678): *El Cisne Occidental canta las palmas y triunfos de Galicia.* Madrid: Julián de Paredes.
- Gómez Tonel, J. (1951): *Relacion de las exequias que hiço la Real Audiencia del Reyno de Galicia a la Majestad de la Reina D. Margarita de Austria, Nra. Señora.* Edición facsímil con una

- Introducción de Antonio Rey Soto. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- Huerta y Vega, F. X. de la (1734-1735): *Anales de el Reyno de Galicia*. Santiago: Imprenta de Ignacio Guerra.
- Lázaro Carreter, F. (1972): "Crónica del Diccionario de Autoridades (1713-1740)", in Real Academia Española (1972): *Crónica del Diccionario de Autoridades (1713-1740)*. Discurso leído el día 11 de junio de 1972, en el acto de recepción, por el Exm. Sr. Don Fernando Lázaro Carreter y contestación de Exm. Sr. Don Rafael Lapesa Melgar. Madrid, pp. 15-119.
- López. A. (1916): "La grafía portuguesa", in *Estudios crítico-históricos de Galicia. Primera serie*. Santiago de Compostela: El Eco Franciscano, pp. 106-109.
- Lorenzo, R. (1968): *Sobre cronologia do vocabulário Galego-Português (Anotações ao 'Dicionário etimológico' de José Pedro Machado)*. Vigo: Galaxia.
- Lorenzo, R. (1975-1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario. 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo" [vol 1 (1975): Introducción, texto anotado e índice onomástico; vol. 2 (1977): Glosario].
- Mariño Paz, R. (1995): "Estudio introductorio", in Fr. M. Sarmiento (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega, pp. 7-102.
- Martínez Barbeito, C. (1956): "Don José Cornide y su *Catálogo de palabras gallegas*", *Boletín de la Real Academia Gallega* 27, pp. 291-349.
- Monteagudo, H. (1996): "Noticia dun texto prosístico en galego do século XVII: 'Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores'", in R. Lorenzo / R. Álvarez (eds.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 351-375.
- Murguía, M. M. (1910): "Don José Cornide y sus versos en gallego", *Boletín de la Real Academia Gallega* 10, pp. 162-169 e 179-182.
- Noia Campos, C. (1979): "Notas sobre Seguino, autoridade citada no diccionario de Rodríguez", *Grial* 64, pp. 237-239.
- Noia Campos, C. (1991): "Aspectos gráficos e lingüísticos na transcripción do século XVIII duns documentos medievais", in M. Brea / F. Fernández Rei (coords.) (1991): *Homenaxe ó profesor*

- Constantino García*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. 2, pp. 145-153.
- Pensado, J. L. (1970): "Estudio preliminar", in Fr. M. Sarmiento (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- Pensado, J. L. (1973): "Estudio preliminar", in Fr. M. Sarmiento (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- Pensado, J. L. (1985^a): "Las cartas gallegas a Gondomar", in *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*. A Coruña: La Voz de Galicia, pp. 17-22.
- Pensado, J. L. (1985^b): "Invasiones y evasiones del gallego", in *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*. A Coruña: La Voz de Galicia, pp. 23-36.
- Pensado (1989): "O galego no século da Ilustración", *Grial* 102, pp. 183-198.
- Pérez de Guzmán, J. (1891/1892): *Cancionero de la Rosa*, vol. 1. Madrid: Colección de Escritores Castellanos.
- Rioboo y Seixas, A. (1747): *Analysis Historica-Chronologica de la primitiva Ereccion, progressos y diversas reedificaciones de la Santa Iglesia de Santiago*, por su autor, el Lcdo. Don Antonio Rioboo y Seixas, Presbytero, Graduado en Derechos por la Universidad de Santiago, Predicador con licencia general, y perpetua de este Arzobispado, Y Visitador General Titular, que hà sido de el Obispado de Tarazona. Con Licencia, En Santiago: En la Imprenta de D. Andres Fraiz, Impressor de la Santa Inquisicion.
- Rosemblat, A. (1951): "Las ideas ortográficas de Bello", in A. Bello (1951): *Obras completas*. Caracas, tomo V, pp. IX-CXXXVIII.
- Saavedra Rivadeneyra y Aguiar Pardo de Figueroa, Fernando de (1674): *Memorial/ al Rey N. Señor,/ en que se recopila, adiciona y representa/ quanto los Cronistas, y otros autores han escrito, y consta por instrumentos,/ del origen, y antigüedad, descendencia, y sucesión, lustre/ y servicios/ de la casa de Saavedra,/ y de identidad, y permanencia de su primitivo/ Solar, y estados en el reyno de Galicia,/ y de la linea primogénita, recta y troncal de varon / de sus Posseedores, Cabeças, y Parientes mayores, continuada desde los/ primeros siglos de su mas antigua fundación, hasta/ el presente. / Por don --,/ sucesor, y actual posseedor della, Año de/ 1674*. Con licencia: En Granada, en la Imprenta Real de Francisco de Ochoa, en la Calle de Abenamar.

- Sagradas Flores del Parnaso, de la bien templada lyra de Apolo, que a la reverente catholica acción, de aver ido acompañando sus magestades al SSmo. Sacramento, que iba a darse por Viatico à una Enferma, el día 28 de noviembre de 1722. Cantaron los mejores cisnes de españa...* Madrid: Imprenta de Juan de Ariztia, 1723. (Biblioteca do Mosteiro de Poio, R.S. 36 / 3 / 7).
- Sarmiento, Fr. M. (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- Sarmiento, Fr. M. (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- Sarmiento, Fr. M. (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega.
- Sobreira, Fr. J. (1974^a): *Ensayo para la historia general botánica de Galicia*, in J. L. Pensado (1974): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Galaxia: Vigo, pp. 221-267.
- Sobreira, Fr. J. (1974^b): *Idea de un diccionario de la lengua gallega*, in J. L. Pensado (1974): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Galaxia: Vigo, pp. 185-219.
- Sobreira, Fr. J. (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Edición y estudio crítico por J. L. Pensado. I. Texto. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijóo".
- Tobío, L. (1973): "Gondomar e o galego", *Grial* 40, pp. 133-144.
- Tobío, L. (1977): "Outras dúas cartas en galego a Gondomar", *Grial* 57, pp. 366-367.
- Valdés, J. de (1976): *Diálogo de la Lengua*. Edición, introducción y notas de José F. Montesinos, 6^a ed. (1^a ed.: 1928). Madrid: Espasa-Calpe.

AS EXPRESIÓNS FIXAS NOS DICCIONARIOS GALEGOS*

MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA
Universidade de Santiago

1. *Introducción*

A pesar do considerable avance que se produciu, sobre todo a partir dos anos 70, no estudio das unidades fraseolóxicas, estamos aínda lonxe de termos un aparato teórico capaz de dar cabida de forma satisfactoria ás que Coseriu 1977 chama “unidades do discurso repetido”¹. Ata hai ben pouco as expresións fixas consideráronse como excepcións no funcionamento normal da lingua e como tales excepcións, e malia a súa alta frecuencia de aparición no discurso, tratáronse marxinalmente.

Isto non quere dicir, desde logo, que as unidades fraseolóxicas pasasen desapercibidas ós ollos dos estudiosos da lingua. Desde sempre refráns, frases proverbiais, locucións... foron incluídos e definidos nos dicionarios, ou ben foron recompilados en pequenos ou grandes repertorios, acompañados moitas veces de comentarios sobre a súa orixe, significado, etc. Non resulta estraño, por outra banda, este interese se temos en conta as peculiares características das expresións fixas: a palabra *mandar* non nos di nada especial, non nos atrae por ningún trazo particular, pero ¿por que no canto de *mandar* podemos dicir *corta-lo bacallao?*, ¿por que non *corta-lo peixe sapo?*, ¿por que de alguén que sufriu moitas desgracias dicimos que *xa lle viu os ollos á curuxa?*, ¿ou por que en galego se di que *hai gato encerrado* ou en francés que *il y a anguille sous roche?* Este último exemplo dános pé a mencionar outro aspecto que pode tamén explica-lo xa vello interese

* Debo agradecer ó profesor Francisco A. Cidrás Escáneo a lectura da primeira versión deste traballo, así como as súas pertinentes observacións que, sen dúbida, contribuíron a enriquece-lo contido do aquí exposto. Por suposto, os erros que aínda poidan subsistir son da miña enteira responsabilidade.

¹ Ó lado da Fraseoloxía rusa, foi a alemana a que tivo un maior desenvolvemento. No conxunto das linguas románicas a obra fundamental de referencia é *Introducción al estudio de las expresiones fijas*, de A. Zuluaga.

pola recompilación de unidades fraseolóxicas: en gran parte dos casos as expresións fixas son intraducibles literalmente, palabra por palabra, e isto convérteas en elementos peculiares e propios das linguas, en elementos representativos do ser, da pureza ou da enxebreza do idioma. Os termos “idiomatismo” ou “idiotismo”, tamén empregados para referirse ás unidades fraseolóxicas, ou ben os seus hipónimos, “galeguismo”, “galicismo”, “anglicismo”... hoxe desbotados, son unha boa proba do valor autoidentificador que se lles concedeu a este tipo de expresións.

Tendo en conta o que acabamos de indicar, é perfectamente esperable que a lingua galega teña tamén polo menos algunha tradición na recompilación de unidades fraseolóxicas, non só por un afán meramente erudito, senón tamén pola necesidade de buscar marcas diferenciais e sinais de identidade. Xa no século XVIII, o P. Sarmiento incluíu algunhas destas unidades no seu *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* e na súa *Colección de voces y frases gallegas*. Posteriormente, en 1928, Noriega Varela publicou *Como falan os brañegos*, que recolle voces e expresións propias das montañas de Mondoñedo e Abadín. O *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González inclúe a colección máis rica de expresións fixas galegas publicada ata agora. En canto ós traballos máis recentes, é de obrigada mención o único dicionario fraseolóxico co que contamos: a obra de Carme López Taboada e María do Rosario Soto Arias, de orientación claramente didáctica, *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega*, que recolle 4628 unidades fraseolóxicas². Son aportacións parciais os traballos de Armando Requeixo *Sobre fraseoloxía galega: algunhas notas da área mindoniense*, o libríño de Paco Rivas *Expresións e ditos populares da área mindoniense: Unha proposta didáctica*, ou as numerosas colaboracións de X. Ferro Ruibal en revistas galegas como *Irimia* ou *Encrucillada*, por citar só tres exemplos representativos.

Tódolos traballos mencionados son ben dicionarios, ben repertorios parciais. En liña co esquecemento teórico ó que aludiamos ó comezo deste artigo, pero mostrando xa un certo atraso en relación a outras linguas, non temos aínda ó seu carón estudos que reflexionen sobre o status teórico e o funcionamento das unidades fraseolóxicas

² O profesor X. Ferro Ruibal traballa tamén na actualidade cun equipo de investigadores na elaboración dun dicionario fraseolóxico, para o que contan xa cun amplo corpus.

galegas, estudos que axuden a recoñecelas e a distinguir no seu interior³.

Ante esta carencia, non debe estrañarnos que o tratamento das expresións fixas nos dicionarios galegos non sexa o máis adecuado, pois a elaboración de calquera obra lexicográfica require a existencia de bases teóricas previas, en dúas dimensións:

- a) En primeiro lugar, é requisito indispensable o coñecemento por parte do lexicógrafo das unidades coas que traballa, neste caso, as expresións fixas.
- b) En segundo lugar, e con base nese coñecemento, é necesaria a reflexión metalexicográfica para determinar cál é o tratamento máis axeitado.

Pois ben, na Lingüística galega carecemos de estudos nesas dúas dimensións, e, insistimos, este feito pode xustificar, polo menos en parte, os erros que atopamos na presentación das expresións fixas nos dicionarios galegos⁴.

O obxectivo do noso traballo é a descrición deste tratamento, de qué é o que ven sendo incorporado como expresión fixa e de cómo se ven incorporando. Por suposto, non puidemos aborda-la análise de tódolos dicionarios galegos, nin tampouco era esta a nosa intención, pois pretendiamos ofrecer unha visión globalizadora antes ca particularizadora. Escollemos catro obras que consideramos representativas, e en dous sentidos: representativas dos distintos *tipos* de dicionarios existentes e representativas no panorama lexicográfico galego pola súa importancia ou actualidade. O *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González (en adiante, *DEGC*) é un dicionario *bilingüe* que vén sendo referencia inevitable para tódolos dicionarios posteriores, sexan xerais ou fraseolóxicos. O *Diccionario Xerais da Lingua* (en adiante, *DXL*) e o *Diccionario da lingua galega* (en adiante *DLG*) son dous dicionarios *monolingües* de grande importancia no panorama actual, o primeiro como referencia inevitable que foi e segue sendo para moitos escolares (e non escolares)

³ Coñecemos só o traballo inédito de Maribel González Rey titulado *Les expressions idiomatiques: leur valeur métaphorique*, onde as expresións galegas entran exclusivamente como tradución de expresións francesas, e o estudo da nosa autoría, tamén inédito, titulado *Tratamento lexicográfico das expresións fixas. As unidades con estrutura "Verbo + Obxecto Directo" no Diccionario Xerais da Lingua*.

⁴ É obrigado sinalar, con todo, que estas eivas non son exclusivas dos nosos dicionarios. En primeiro lugar, porque en moitas linguas, como no portugués, faltan tamén traballos de carácter teórico e en segundo lugar, porque a existencia de estudos deste tipo non garante que os lexicógrafos os teñan en conta á hora de elabora-las súas obras. Moitas das deficiencias que encontramos nos dicionarios de galego, atopámolas tamén nos de castelán.

de Galicia, e o segundo como alternativa recentísima (1995) no mesmo ámbito. Non podía faltar nesta escolla, por último, o único dicionario *fraseolóxico* co que contamos, *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega* (en adiante *AFG*), publicado tamén en 1995.

Antes de aborda-la análise destas catro obras cremos necesario ofrecer unha visión, aínda que sexa moi xeral, de qué é unha expresión fixa, de cáles son os seus trazos distintivos e das posibles clasificacións que se poden establecer no interior dun grupo tan heteroxéneo como o que constitúen as unidades fraseolóxicas. Só así, e de acordo co que acabamos de expoñer, poderemos despois abordar con certas garantías a análise do tratamento que propoñen os nosos dicionarios.

2. *As expresións fixas: caracterización, delimitación e tipos*

As expresións fixas son unidades pluriverbais caracterizadas por presenta-lo trazo da *fixación*. Zuluaga define así este concepto:

“Según el saber lingüístico del hablante, la fijación se entiende como la propiedad que tienen ciertas expresiones de ser reproducidas en el hablar como combinaciones previamente hechas -tal como las estructuras prefabricadas, en arquitectura-. Desde el punto de vista lingüístico-funcional (...) dicha propiedad puede ser definida como suspensión, semántica y sintácticamente inmotivada, de la aplicación de alguna regla de la combinación de los elementos del discurso” (1975: 230).

Unha unidade fraseolóxica como *face-la rosca* (“adular”) prodúcese en bloque, o falante non escolle illadamente os elementos *fac*, *a* e *rosca*, combinándoos na expresión citada, senón que a encontra así, xa construída, no seu acervo léxico. Este feito maniféstase no comportamento particular da expresión á hora de ser sometida a operacións propias da técnica do discurso:

- Relativización*: *A rosca que fixen.
- Pluralización*: *Fíxenlle as roscas.
- Modificación*: *Fixen a rosca de Luís.
- Substitución*: *Fixen o boleardo.

A expresión fixa *face-la rosca* non acepta a aplicación de ningunha destas operacións, pois o único significado posible desas catro construcións é o literal. A *fixación* é o trazo que distingue as unidades

fraseolóxicas das expresións libres, *producidas* e non *reproducidas* no discurso⁵.

Dous son os tipos fundamentais de fixación existentes: *fixación léxica* e *fixación sintáctica*. A primeira tradúcese na imposibilidade de varia-los elementos compoñentes da expresión ou, polo menos, na limitación sintáctica e semanticamente inxustificada desa variación. A última operación das catro indicadas antes pon de manifesto a existencia deste tipo de fixación: o cambio semántico que se produce ó substituír *rosca* por *boleardo* (considerando *face-la rosca* co significado de “adular”) non é, desde logo, regular, e non pode explicarse pola diferenza de significados entre eses dous substantivos. Sucede que só o elemento *rosca*, e ningún outro do seu mesmo campo semántico, pode aparecer como constituínte da expresión fixa.

A fixación sintáctica tradúcese na imposibilidade de realizar unha serie de operacións propias da técnica do discurso sen varia-lo inventario de compoñentes léxicos: relativización, pasivización, alteración da orde...⁶. As tres primeiras operacións das catro sinaladas arriba poñen de manifesto a fixación sintáctica de *face-la rosca*.

A nosa demora na análise da fixación ten unha razón de ser. Hai unha serie de construcións propias da técnica do discurso que aparentemente comparten tamén o trazo da fixación léxica: as implicacións e, en menor medida, as seleccións léxicas. Lembremos que as implicacións son as relacións entre dous lexemas nas que todo un lexema funciona como trazo distintivo no outro (*chisca-lo ollo* onde *chiscar* só se di de *ollo*). As seleccións son as relacións entre dous lexemas nas que o arquilexema dun deles funciona como trazo distintivo no outro (*pescar* só se di dos “peixes”)⁷. Dixemos antes que estas estruturas comparten o trazo de fixación léxica coas expresións fixas *só aparentemente*, porque a pesar de que naquelas a variación dun dos elementos compoñentes, o elemento determinante (*ollo*, “peixe”) é imposible ou está limitada, esta imposibilidade ou limitación ten unha clara xustificación semántica. Lembremos que a fixación se definía como “suspensión, *semántica* y sintácticamente inmotivada, de la

⁵ Existen, con todo, diferentes graos de fixación. Un refrán é máis fixo ca unha locución verbal, pois presenta unha forma verbal invariable: *can que moito ladra, pouco morde*, pero **can que moito ladraba, pouco mordía*. Aínda dentro dun mesmo grupo de expresións fixas podemos atopar diferencias no grao de fixación: é posible dicir *abre eses ollíños (abri-los ollos = “vixiar”)*, pero non, por exemplo, *metiches esa patíaña (mete-la pata = “equivocarse, cometer un erro”)*, onde non se admite a substitución do artigo determinado polo demostrativo (cf. *metiche-la patíaña*, perfectamente posible).

⁶ As operacións ás que se someten as distintas expresións dependen, por suposto, da categoría á que pertencen e da súa configuración: o test da pasivización non ten sentido, por exemplo, para unha locución nominal.

⁷ Vid. o capítulo “Las solidariedades léxicas” in Coseriu 1977.

aplicación de alguna regla de la combinación de los elementos del discurso” (o destacado é noso). No caso das solidariedades léxicas, non podemos falar, en consecuencia, de fixación léxica, ou non podemos facelo, en todo caso, se consideramos que se trata do mesmo tipo de fixación que atopamos nas unidades fraseolóxicas.

Aparentemente, sen embargo, o comportamento en canto ás posibilidades de variación dos elementos constituíntes das implicacións léxicas e, en menor medida, das seleccións léxicas, é semellante ó que atopamos nas expresións fixas e este feito, sobre todo se se dan determinadas circunstancias, pode levar ó lexicógrafo, como veremos, a confundir ámbolos dous tipos de construcións⁸. Por este motivo, cremos necesario distinguir claramente entre solidariedades léxicas (neste caso, implicacións e seleccións) e expresións fixas. As solidariedades léxicas son construcións sintacticamente libres, con comportamentos propios da técnica do discurso: ó lado de *chisca-lo ollo* podemos atopar *chisca-los ollos* ou *chisca-lo ollo dereito*; a carón de *nariz aquilino* é perfectamente posible *o seu nariz era aquilino* ou *nariz grande e aquilino*. A limitación na substitución é condición *sine qua non* para falar de expresión fixa pero non é condición suficiente; debe ir acompañada sempre de fixación sintáctica se non queremos confundir estruturas que responden a realidades ben distintas: técnica libre do discurso vs. discurso repetido. Por este motivo, non podemos estar de acordo con Zuluaga cando afirma que “la insubstituibilidad es el tipo fundamental de fijación” (1980: 100)⁹.

Ademais de polo feito de non presentaren fixación sintáctica, as solidariedades léxicas caracterízanse por ter un significado perfectamente regular e analizable en significados parciais. O valor semántico global da construción resulta da suma dos significados dos elementos compoñentes e da relación que manteñen. Esta regularidade non a atopamos en boa parte das expresións fixas, caracterizadas pola súa

⁸ Fronte a esta coincidencia de comportamentos podería argumentarse que nas solidariedades léxicas só un dos elementos, o elemento determinante, é insubstituíble, mentres que nas expresións fixas tódolos elementos léxicos son invariables. A primeira parte da argumentación é ben certa: en *chisca-lo ollo*, o verbo *chiscar* pode ser substituído por calquera outro producíndose cambios semánticos regulares (*pecha-lo ollo*, *abri-lo ollo*). Pero no grupo das expresións fixas atopamos algúns casos, as expresións parcialmente idiomáticas, onde tamén podemos variar un dos elementos: en *facen noite*, ou en *saber latín*, *facen* e *latín* poden ser substituídos: *sabe moito*, *sabe moitas cousas*; *pasa-la noite*. Isto non implica, sen embargo, que esas construcións non sexan unidades fraseolóxicas, pois son sintacticamente fixas. De tódolos xeitos, o que interesa e o que é indubidable é a confusión que podemos atopar nos dicionarios.

⁹ O cal non quere dicir, por suposto, que o autor non distinga entre expresións fixas e solidariedades léxicas.

idiomaticidade. Recorramos de novo a Zuluaga para coñece-lo significado deste concepto:

“idiomaticidad es el rasgo semántico propio de ciertas construcciones lingüísticas fijas, cuyo sentido no puede establecerse a partir de los significados de sus elementos componentes ni del de su combinación” (1980: 122).

O significado “adular” de *face-la rosca* non pode deducirse a partir dos valores parciais dos seus constituíntes. O falante debe coñece-lo significado da expresión como conxunto, pois esta non é semanticamente analizable e o diccionario debe dar conta dese valor semántico global. Se ben a *idiomaticidade* é un trazo moi frecuente no grupo das unidades fraseolóxicas, non é necesario, a diferenza da fixación, para poder falar de expresión fixa: *a unión fai a forza, por causa de* ou *danos e perdas* son expresións fixas non *idiomáticas*.

Queda, por último, establecer algún tipo de clasificación no grupo das unidades fraseolóxicas. A primeira gran división que podemos facer sérvenos para distinguir entre aquelas unidades que posúen valor de enunciado e aquelas que non o posúen, é dicir, que non son *semántica* e *sintacticamente independentes*.

As unidades carentes do valor de enunciado adoitan chamarse *locucións*, e necesitan combinarse con outros elementos para poder aparecer no discurso. De acordo co seu valor funcional distinguimos entre locucións verbais (*face-la rosca*), nominais (*cabalo de batalla*), adxectivas (*limpo e pelado*), adverbiais (*ás caladas*), prepositivas (*á beira de*) e conxuntivas (*con todo*)¹⁰.

As unidades con valor de enunciado non necesitan combinarse con outros elementos para aparecer no discurso, aínda que, por suposto, poden integrarse en unidades máis amplas. Distinguiremos en primeiro lugar os refráns e as frases proverbiais. Discútese sobre a conveniencia ou non de que estas expresións sexan consideradas unidades fraseolóxicas, ó tratarse de construcións complexas con estruturas sintácticas oracionais. Con independencia da nosa opinión a este respecto, o que nos interesa agora é a súa inclusión ou non nos dicionarios galegos e na medida en que esta se leva a cabo, debemos telas en conta na nosa análise.

Os refráns caracterízanse por seren unidades pluriverbais con valor de enunciado, anónimas e portadoras dun valor de verdade xeral.

¹⁰ En realidade, estas etiquetas, que nós mantemos por comodidade, supoñen confundir categoría con función. As locucións adxectivas, por exemplo, poden realiza-la mesma función cós adxectivos, pero tamén cás frases preposicionais ou cás cláusulas de relativo. Tómase para a etiqueta o nome da categoría que máis se vincula con determinada función.

En realidade, e seguindo a Arnaud 1991, o significado dos refráns é triple:

- a) *significado referencial*: o tipo de situación no que se enuncia. O refrán *can que moito ladra pouco morde* dise, por exemplo, cando alguén fala moito e en actitude ameazadora.
- b) *significado funcional* ou *pragmático*: o por qué da enunciación, o seu valor comunicativo. Ese mesmo refrán adoita empregarse para animar a alguén que foi reprendido ou ameazado.
- c) *significado proposicional*: a verdade xeral que encerra o refrán, neste caso, que as persoas que falan e berran moito, ó final non adoitan se-las máis perigosas.

As *frases proverbiais*; pola súa banda, son unidades pluriverbais con valor de enunciado, denominadoras de situación e carentes de significado proposicional. A diferenza fundamental co refrán radica, pois, na ausencia do valor de verdade xeral e, na nosa opinión, na ausencia de calquera significado proposicional. A frase proverbial *pasou un anxo*, enúnciase nunha conversa cando se produce un molesto silencio (significado referencial, situación ligada á enunciación da frase), pronúnciase coa intención de superar esa incomodidade (significado funcional), pero ¿pode buscarse algún significado proposicional?, ¿pode responderse a pregunta “qué significa” *pasou un anxo*, entendendo significar no seu sentido habitual (como cando dicimos que significa *uperizar* ou que significa *can que moito ladra pouco morde*)? Cremos que non, e este feito, como veremos, debe ter repercusións no tratamento lexicográfico das frases proverbiais.

Outras unidades con valor de enunciado son os clichés ou fórmulas (fórmulas conversacionais, fórmulas de saúde) e as locucións interxectivas.

Vexamos cómo os dicionarios galegos tratan toda esta heteroxeneidade que atopamos no grupo de unidades fraseolóxicas, que tipo de unidades se inclúen e cáles non, cómo se leva a cabo esa introducción e en qué medida uns tipos e outros se manteñen diferenciados.

3. O tratamento lexicográfico das expresións fixas nos dicionarios galegos

Ante o elevado número de expresións co que teríamos que traballar se analizásemos os catro dicionarios escollidos na totalidade

das súas entradas, acordamos reduci-lo noso corpus de estudio. Centrámonos só nas unidades que se recollen nas entradas das palabras con letra inicial B e L, para os dicionarios xerais, e nas expresións con letra inicial B e L para o dicionario fraseolóxico. Cremos que o número de unidades obtido (1128 no *DEGC*, 546 no *DXL*, 142 no *DLG* e 311 no *AFG*) é suficientemente representativo de cál é o tratamento xeral en cada un dos dicionarios, e, globalmente, no conxunto dos catro, tendo en conta ademais que sempre que o consideramos oportuno, nos remitimos a outras expresións non recollidas nun principio nese corpus parcial.

3.1. *As expresións fixas nas páxinas introductorias do dicionario*

O primeiro paso no noso achegamento ós dicionarios lévanos ás páxinas iniciais, de presentación da obra. ¿Que é o que se di sobre as expresións fixas?

No *DEGC*, como se sabe publicado postumamente, non existe ningunha introducción nin presentación do autor. Na nota dos editores atopamos só unha referencia marxinal ás unidades fraseolóxicas: “ademáis da súa gran riqueza de voces, refráns e modismos populares” (p. VII)¹¹.

Na Introducción do *DXL* dáse conta dos distintos *bloques de información* que conforman unha entrada: o bloque 4 son *as expresións ou frases feitas*¹². Indícase cal é o seu modo de presentación e sinálase unha das fontes empregadas para a súa elaboración: o material inédito do profesor X. Ferro Ruibal. Na “Mostra práctica do funcionamento do dicionario”, onde con varias entradas se exemplifica cál é o modo de presentación das distintas informacións, as expresións fixas son denominadas “frases feitas, ditos populares, expresións enxebres e modismos”.

O *DLG* fai referencia ás unidades fraseolóxicas nas seccións tituladas “Así é este dicionario” e “Aprende a usar este dicionario”. Fálase de *expresións* e alúdese ás particularidades do seu significado, aínda que mantendo sempre unha orientación claramente escolar.

O *AFG* non pode poñerse en paralelo neste momento cos dicionarios anteriores por tratarse dun dicionario fraseolóxico, onde a única información que atopamos é a relativa ás expresións fixas, denominadas *frases* polas autoras. A obra vai precedida dun interesante prólogo do profesor Luís González García sobre a caracterización formal, orixe e constitución das unidades fraseolóxicas.

¹¹ Mantemos sempre as escollas ortográficas da obra.

¹² Outros bloques son: etimoloxía, categoría gramatical, definicións, variantes...

3.2. Organización das expresións

É o momento de adentrámonos xa no dicionario mesmo. ¿Onde se recollen as expresións fixas? ¿Como se organizan?

Os tres dicionarios xerais coinciden en introducilas na entrada dalgún dos seus elementos léxicos compoñentes, e despois da última acepción dese elemento. No *DEGC* e no *DXL* a acepción e a expresión fixa atópanse en contigüidade inmediata, separadas unicamente por unha dobre barra (//), mentres que no *DLG* as unidades fraseolóxicas se separan das acepcións por un punto e á parte e van precedidas da etiqueta **EXPR**. Nos tres casos as expresións fixas aparecen en contigüidade inmediata entre si e destacadas, pero nunca ó mesmo nivel cá palabra de entrada (cursiva no *DEGC*, ó igual cós exemplos, negriña en tamaño menor cá palabra de entrada no *DXL* e no *DLG*).

Nos tres dicionarios as expresións ordénanse alfabeticamente de acordo coa letra inicial do primeiro dos compoñentes, tendo en conta tanto as palabras con significado léxico como as que só teñen significado gramatical (nos tres casos, sen embargo, podemos atopar bastantes alteracións inxustificadas desta ordenación). Con todo, no *DEGC* e no *DXL* as locucións nominais e compostos constituídos polo substantivo de entrada e un adxectivo ou un grupo preposicional¹³, presentan ou poden presentar unha ordenación particular¹⁴. No dicionario de Eladio Rodríguez González, estas unidades preceden ó resto de expresións fixas: *boi bravo*, *boi de ara*, *boi de palla* sitúanse antes de *a paso de boi* (pero hai tamén aquí algunhas excepcións: *lei do mar* ou *bágoas de sangue* ordénanse alfabeticamente en relación ó resto de unidades fraseolóxicas). No *DXL* atopamos distintas presentacións: nalgún caso aparecen primeiro as locucións nominais, *lingua de boi* (planta), despois o resto de expresións fixas, *ata-la lingua* e finalmente os compostos, *lingua artificial*. Outras veces invértese a orde de compostos e locucións: primeiro *bóveda de abano* (tipo de bóveda), despois *bóveda celeste*. Finalmente, noutras ocasións a orde alfabética non se altera: *leva-los libros*, *libro das corenta follas*, *xogada de libro*... Por outro lado, en certos casos as locucións nominais e os compostos sepáranse do resto de expresións fixas mediante dobre barra (voz *lingua*), mentres que outras veces dito separador está

¹³ Resulta bastante complexo distinguir entre locucións nominais e compostos. En principio, estes últimos son regulares, o seu significado é deducible a partir dos elementos constituintes, e responden a un modelo de construción polo menos en certo xeito productivo. Sobre este aspecto, vid., por exemplo, Spence 1969 ou Zuluaga 1980.

¹⁴ No *DEGC*, como veremos, tamén os refráns presentan unha ordenación especial.

ausente (voz *letra*) (no *DEGC* tódalas expresións, e tamén as distintas acepcións dunha palabra, se separan mediante dobre barra).

Nos tres dicionarios xerais ningunha etiqueta distingue os diferentes tipos de expresións que se recollen. Hai só unhas poucas excepcións: no *DEGC* os refráns aparecen tralo resto de expresións fixas, sen definición e precedidas do rótulo REFR(S). No *DXL* dúas expresións teñen etiqueta categorial: *bardante de* (loc. conx.) (*sic*) e *a base de* (loc. prep.). Outras unidades da mesma categoría carecen desa etiqueta (*á beira de*).

Atopamos só dous tipos de excepción a este modelo de presentación xeral: en primeiro lugar, algunhas expresións son introducidas no *DEGC* no medio de explicacións de carácter enciclopédico (etnográfico, histórico...):

lapa (...) // El molusco que vive pegado a las peñas de nuestras costas se alimenta de la espuma marítima (...). Con tal fuerza se adhiere el molusco a las peñas, que es difícil despegarlo, y de esa propiedad se deriva el proverbio popular, *apegarse coma unha lapa*, que significa arrimarse a alguno con pesadez y molestia para chuparle lo que queda.

En segundo lugar, e tanto no *DEGC* como no *DXL*, algunhas locucións adverbiais presentan entrada independente, ó mesmo nivel cás unidades monoverbais: trátase de locucións constituídas por unha preposición (ou contracción de preposición e artigo) seguida dun elemento inexistente fóra da expresión. A presentación é como segue:

bertola (a) loc adv	(<i>DEGC</i>).
bruzos (de) loc adv	(<i>DEGC</i>).
baroutas (ás)	(<i>DEGC</i>) ¹⁵ .
baluto , en loc adv	(<i>DXL</i>).
boleiradas , ás loc adv	(<i>DXL</i>).

No *DLG*, pola contra, dáse entrada independente a eses elementos “únicos” e non á expresión como conxunto:

bruzo. Úsase na expresión **de bruzos** que significa ‘boca abaixo, coa cara contra o chan’: *Caeu de bruzos e rompeu o nariz*.

No *DXL* e no *DLG* non se varía o tipo de presentación cando o suposto elemento “único” existe tamén fóra da expresión, pero ten unha orixe distinta. Así, no *DXL*:

¹⁵ Como se observa, ás veces falta no *DEGC* a etiqueta categorial.

lusco, -a. *adx.* Chosco, curto de vista (do lat. *luscu* = chosco).

lusco e fusco, entre loc. *adv.* Expresión que se refire ó momento do final da tarde (...) (de *luz*, por imitación de *fusco*).

No *DLG* atopamos exemplos coma este:

balde *s. m.* Caldeiro ou recipiente similar (..) (do lat. *baiulus aquae*).

balde. Úsase nas expresións **de balde**, que significa ‘gratis’, e **en balde** que significa ‘inutilmente, en van’ (do ár. *batil*).

No *DEGC*, pola contra, encontramos unha única entrada para cada un deses termos e é nela onde se recollen as locucións adverbiais citadas¹⁶.

¿Mantense o mesmo tratamento cando os elementos “únicos” aparecen en locucións doutro tipo ou con outra estrutura?

A resposta é afirmativa no caso do *DLG*:

cábalas. Úsase na expresión **facer cábalas** que significa ‘facer suposicións para adiviñar unha cousa’: *Están facendo cábalas sobre quen vai gaña-lo partido de mañá.*

No *DXL*, pola contra, parece que só as locucións adverbiais do tipo citado presentan entradas independentes, pois noutros casos atopamos formulacións semellantes ás do *DLG*:

xis (onomat.). *s. m.* Emprégase na expresión **botar un xis** co significado de inspeccionar, botar unha ollada, tentar unha cousa.

No *DEGC*, e sempre que a súa estrutura o permita, encontramos algunhas expresións que reciben o mesmo tratamento cás locucións adverbiais citadas:

xis (BOTAR UN) loc.

No que respecta á escolla da palabra de entrada, en ningún dos tres dicionarios se segue un criterio xeral: no *DEGC* *anda feito un lázaro*, *poñer feito un lázaro* e *deixar a un feito un lázaro* aparecen en *lázaro*, pero *estar feito un lázaro* recóllese en *estar*; na entrada deste

¹⁶ O tratamento da homonimia neste dicionario non segue un criterio fixo: a modo de exemplo, os significados “rocha” e “penalidade” de *pena* aparecen nunha única entrada, pero, pola contra, *bota* presenta entrada dobre para os valores “tipo de calzado” e “acción de botar”.

mesmo verbo encontramos tamén *non estar pra festas*, pero a expresión *non estar pra leros* só se atopa en *lero*. No *DXL* *levar auga ó mar* aparece en *levar*, pero *coma botar auga ó mar* en *auga*; *a lume de biqueira* recóllese en *biqueira*, pero *a lume de pallas* en *lume*. No *DLG* *botar a perder* recóllese en *botar*, pero *botarse a perder* en *perder*; *cala-la boca* en *calar*, pero *cala-lo bico* en *bico*. Estes poucos exemplos poñen de manifesto a ausencia dun criterio fixo á hora de decidi-la localización das expresións no dicionario.

O mesmo pode dicirse verbo da repetición en distintas entradas dunha mesma expresión: no *DEGC* *cala-lo bico* aparece só en *bico*, *cala-la boca* en *calar* e en *boca*; *a brazo aberto* recóllese en *brazo* e en *aberto*, *a brazo partido* só en *brazo*. No *DXL* *mete-los cans na horta* aparece tres veces, *mete-las cabras na horta* só unha; *ata-la lingua* recóllese en *atar* e en *lingua*, *solta-la lingua* só en *soltar*. No *DLG* *bos días* e *boas noites* só aparecen unha vez, *boas tardes* dúas; *face-las beiras* recóllese en *beira* e en *facer*, pero *face-lo conto* só se recolle en *facer*. Ademais, sobre todo no *DEGC* e no *DXL*, a formulación pode variar dunha entrada a outra: *botala carga*, *botar un a carga de sí* (*DEGC*); *caer do burro*, *caer da burra* (*DXL*)... No *DEGC* repítense en varias entradas ó redor do 13,5% das expresións recollidas, no *DXL* o 11,5% e no *DLG* o 7,5%.

No *AFG* as expresións fixas ordénanse tematicamente en 46 grupos: “amor”, “aparencia”, “aparvamento”, “aproveitamento”, “bebida e comida”... Ó final da obra inclúese un índice alfabético onde se remite ó lugar que ocupa cada expresión no dicionario. Nos grupos temáticos as expresións ordénanse alfabeticamente, sen indicarse en ningún momento o seu tipo ou categoría.

3.3. Tipos de expresións recollidas

Interésanos agora saber qué tipos de unidades se recollen nos nosos dicionarios. Nas catro obras que analizamos atopamos locucións verbais, adxectivas, nominais, adverbais, preposicionais e conxuntivas: expresións como *bota-la lingua a pacer, ve-la luz; de ben, en bruto; lingua de can, caza de bruxas; polo baixo, a lume de pallas; á beira de, a base de; ora ben, logo entón...* encóntranse nuns, noutros ou en tódolos dicionarios estudiaados. No *AFG*, a maioría se non tódalas locucións preposicionais e conxuntivas que se recollen, aparecen no grupo temático “Varios”.

Tamén teñen cabida nas obras estudiaadas expresións con valor de enunciado: encontramos en tódolos dicionarios frases proverbiais: *dálle, Pepa, ó banastillo (DEGC), pouca la e polas silveiras (DXL), ¡bótalle un can! (AFG)*. No *DLG* non atopamos ningunha nas letras B e L pero si noutras entradas: *meu dito, meu feito*. En realidade, no *DXL* só rexistramos no noso corpus inicial o exemplo citado, pero un repaso ó resto do dicionario permitiunos localizar ó redor de 40 frases proverbiais, o cal nos fai concluír que é norma do dicionario a introducción deste tipo de unidades.

Tamén encontramos nas catro obras analizadas locucións interxectivas: *¡ai, logo! (DEGC), ¡léveme o demo! (DXL), ¡lobos te coman! (AFG)*. No *DLG* tivemos que buscar noutras entradas do dicionario: *¡quen me dera!*

Nos tres dicionarios xerais atopamos tamén fórmulas de saúdo ou e conversa: *páseo ben (DEGC), bos días, boas tardes, boas noites (DXL, DLG)*. Non se rexistran no *AFG* ó non teren cabida en ningún dos 46 temas nos que se agrupan as expresións fixas.

No que respecta ós refráns, xa indicamos que o *DEGC* os inclúe ó final das entradas e sen definición. Con todo, dentro deste grupo atopamos en ocasións unidades fraseolóxicas que en realidade non son refráns: *bebamos hastra que máis non poidamos, atar os cás con longanizas*, e á inversa, podemos atopar algúns refráns fóra do lugar que en principio lles corresponde, mesturados coas outras expresións fixas: *o barato é caro* (na mesma entrada, pero no grupo dos refráns, atopamos *o barato sempre é caro*), *a bolsa é o mellor amigo...* No *DXL*, dentro do corpus restrinxido co que operamos, rexistramos un único refrán: *a letra con sangue entra*. Repasámo-lo resto do dicionario para determinar se é norma xeral ou non a introducción deste tipo de unidades e atopamos un total de 20 refráns (fronte, por exemplo, ós máis de 11000 que recolle o *DEGC*) o que, co apoio

doutros factores¹⁷, nos fai cuestionar se realmente o criterio do lexicógrafo foi o de introducir este tipo de unidades no dicionario.

No *DLG*, pola súa banda, non atopamos ningún refrán, mentres que no *AFG* inclúense a carón doutras expresións fixas e sen distinción con elas.

No *DEGC* encontramos ademais outras unidades fraseolóxicas con valor de enunciado non encadrables en ningún dos grupos citados: berros de alarma (*¡o lobo... o lobo!*), dísticos populares (*tin pirrintín, pirrintín, pirrintola, o que non come non ten barrigola*), fórmulas propias de mendigos (*¡dai-me un ben de caridade!*), entre outros posibles exemplos.

3.4. *Expresións libres*

A carón deste grupo de expresións fixas, máis ou menos espezables segundo os casos, rexistramos tamén unha serie de construcións que responden con regularidade a procedementos propios da técnica do discurso. Tentaremos establecer unha clasificación dentro do conxunto destas *expresións libres*:

I. Algunhas das construcións son só unha “escusa” para a introducción de información de carácter enciclopédico, moitas veces etnográfico, sobre determinado tema ou actividade (nomeadamente no *DEGC*, dada a súa concepción):

barroco gallego. Entre los muchísimos templos notables que hay en las más apartadas aldeas de Galicia, figura en el Ayuntamiento de Castroverde, cerca de Lugo, la iglesia ojival de Vilabade (...) (*DEGC*).

botalo rebolo. Lanzar el REBOLO contra las ramas de un árbol frutal para hacer caer al suelo los frutos. Empléase especialmente con los castaños (*DEGC*).

tende-lo liño. Tende-lo liño ó sol para que segue (*DXL*).

bater o leite. Maza-lo leite para face-la manteiga (*DXL*).

Repárese no feito de que nos tres últimos exemplos a expresión definida repítese practicamente (e mesmo de xeito literal) na de-

¹⁷ Estes factores son: a formulación das definicións dalgúns destes refráns coma se se tratasen de definicións de frases proverbiais, a coincidencia de moitos deles cos que no *DEGC* aparecían fóra do grupo que lles é propio (téñase en conta que o *DEGC* é fonte fundamental para tódolos dicionarios posteriores, e moi en especial no que respecta á fraseoloxía), a omisión dalgúns moi usuais (por exemplo, *can que moito ladra, pouco morde*), e a ausencia en moitos dos recollidos dos trazos prototípicos destas unidades: rima, repeticións, arcaísmos...

finición, o que pon de manifesto que o que interesa realmente é a información que se engade (“para qué se bate o leite” ou “para qué se bota o rebolo”).

No *DLG* e no *AFG* non atopamos expresións encadrables neste grupo.

II. No *DEGC* encontramos unha serie de construcións que parecen responder ó desexo do autor de informar sobre as distintas posibilidades de combinación dunha palabra ou, desde outro enfoque, de sinalar que con certos termos se emprega esa palabra e non outra. Téñase en conta que estamos tratando dun dicionario galego-castelán e que en moitos casos a escolla léxica varía nunha e outra lingua: *botala avenza, botala porta, botala semente, botalo gando, botalo pan no forno, botalo tarabelo á porta, botar benzós, botar cántigas, botar-lle a comida ó gando, botar un baile, botar un bando...; batela lan, batelas aas, batela sola, batelo cabalo, batelo trigo...* Algunhas destas expresións tamén se recollen no *DXL*: *botar unha cantiga, botar un baile*¹⁸.

III. En terceiro lugar, nos catro dicionarios atopamos construcións nas que os elementos constituíntes manteñen unha relación de implicación ou selección léxica: *baixa-la roupa, cortar / cortarse o leite, apuntar a barba (DEGC); arriar bandeira, levantar as patacas, viola-lo bloqueo (DXL); face-la barba, leite cortado ou leite picado (DLG); bautiza-lo viño, bebe-la doutrina de alguén, levanta-la eira (AFG)*.

En todos estes casos estamos en presenza de combinacións frecuentes: así, por exemplo, *bautizar* na acepción de “adulterar mediante a adición de auga” practicamente só aparece con *viño* e *leite*. Por outro lado, a maioría das acepcións dos elementos determinados (verbos e adxectivos) son acepcións non dominantes¹⁹, moitas veces

¹⁸ Por suposto, a presenza destas expresións nun dicionario monolingüe como o *DXL* non debería poder explicarse polo contraste co castelán. Pode seguirse entendendo, sen embargo, que esas construcións se recollen no dicionario pola necesidade de sinalar que, por exemplo *cantiga* e *baile* se combinan con *botar* e non con *facer* ou con *dar*. Estamos nestes dous casos en presenza dos que chamamos verbos funcionais (vid. Álvarez de la Granja 1996), imprevisibles na súa combinación cos substantivos: *dar un paseo* pero *facen unha viaxe*, *dar pena* pero non *dar aflicción*. Isto non impide, con todo que sigamos tratando con expresións libres: *¿lémbra-lo baile que botamos onte?, botar unha muiñeira / un tango / un valse...*

¹⁹ “The dominant sense is the one which is the first to be thought of by the majority of the speakers of a language if presented with the word in isolation, without any context” (Zgusta 1971: 64). Así, por exemplo, a acepción dominante do verbo *bautizar* sería “administra-lo sacramento do bautismo”.

metafóricas, o cal pode facer pensar no carácter idiomático deses elementos. A alta frecuencia de combinación dos termos constituintes desas construcións e a referencia á idiomaticidade pode levar a considerar estas expresións libres como unidades fraseolóxicas. Tal visión é absolutamente errónea: a alta frecuencia de combinación obedece ó carácter da relación que se establece entre os elementos (implicación ou selección léxica) e, por outro lado, a idiomaticidade nada ten que ver coa proximidade ou afastamento en relación coa acepción dominante: *bautizar* en *bautiza-lo viño*, *facér* en *face-la barba* ou *cortado* en *leite cortado* presentan acepcións individuais, propias. Todas estas expresións son analizables semanticamente e esta analizabilidade semántica tradúcese en analizabilidade sintáctica, isto é, nun comportamento sintáctico regular: *bautizaron este viño*, *fixéronlle a barba e as uñas*, *o leite está cortado*.

Na nosa opinión, tamén deben ser consideradas solidariedades léxicas e non unidades fraseolóxicas, combinacións de verbo e adverbio ou locución adverbial como as que seguen: *ler de corrido* (DEGC), *beber a chorro* (DXL), *loitar a brazo partido* (DLG), *beber a gulapos* (AFG). O modificador presenta unha alta restricción contextual, pero esas expresións son semanticamente analizables e admiten a separación dos elementos constituintes: *-¿Xa le ben? -Si, de corrido*.

IV. Un cuarto grupo de expresións libres dá cabida ó que simplemente son combinacións frecuentes: *ser un baraza de lan*, *ter boa vista* (DEGC); *deixar un branco*, *limpa-lo bico* (DXL); *ter (moito) bico*, *estar / deixar a bravo* (DLG); *levar un chasco*, *levar unha boa molladura* (AFG). Por suposto, é posible a substitución de calquera dos elementos compoñentes producíndose cambios semánticos regulares²⁰: *necesítase boa vista e puntería*, *ten as terras a bravo*, *un baraza de lan coma ese non merece nada...*

No DLG e no AFG empréganse en ocasións parénteses para sinala-la opcionalidade dun elemento frecuente: *(andar) nos bicos dos pés* (DLG).

V. No DEGC, no DXL e no AFG recolleemos tamén unha serie de expresións libres presentadas nunha formulación que adoito se repite en determinada situación ou contexto extralingüístico. As po-

²⁰ A posibilidade de substitución dos elementos compoñentes non implica, desde logo, que non haxa restriccións combinatorias, léxicas (solidariedades) ou gramaticais: a locución adxectiva *fóra de combate*, por exemplo, só funciona como atributo ou predicativo, pero isto non implica que constitúa unha unidade con *estar* ou *quedar*. Outras combinacións son posibles: *deixar fóra de combate*, *poñer fóra de combate...*

sibilidades de variación nese mesmo contexto ou fóra del están, sen embargo, abertas: *¡bátoche!*, *vai ben*, *¡vas levar!* (DEGC); *¡vas lamber unhas!*, *axiña*, *¡bule!* (DXL); *¡bule, bule!*, *¡boura, boura!* (AFG).

3.5. Outras expresións

A carón de tódalas construcións que acabamos de ver, atopamos tamén outras unidades de moi diverso tipo:

-Compostos sintagmáticos: *bico do lar*, *bica amanteigada* (DEGC); *luz eléctrica*, *luz natural* (DXL); *palabra base*, *batería de cociña* (DLG); *bico do peito*, *branco do ollo* (AFG).

-Compostos monoverbais: *pingalaceira* (DXL).

-Perífrases verbais: *botar(se) + a + inf.* (DXL); *botar a seguido de inf.*, *levar + participio* (DLG).

-Interxeccións monoverbais: *¡leva!* (DEGC); *¡largo!* (DLG).

-Grupos constituídos por un verbo mailo seu contorno: *buscar a un* (“usar expresións que puedan incomodarlo o soliviantarlo”) (DEGC). No DXL e no AFG atopamos exemplos semellantes, aínda que fóra do noso corpus inicial: *plantar a un* (“deixalo burlado”), *sacudir a alguén* (“pegarlle duramente; mallalo”) (DXL); *comer a un* (“acabar con alguén, insultalo”), *cuspir nun* (“maltratalo”) (AFG). Repárese en que se trata simplemente de acepcións do verbo, acepcións nunca dominantes.

3.6. A formulación das expresións fixas

Este repaso xeral ós nosos dicionarios pon de manifesto a heteroxeneidade que encerran neles etiquetas como “frases feitas” ou “expresións”. Dentro do grupo de unidades que realmente se poden considerar fraseolóxicas, queremos agora abordar algúns aspectos vencellados á súa formulación.

Como indicamos anteriormente en relación a certas expresións libres, o dicionario introduce determinadas locucións nunha soa das súas varias formas de aparición posibles, unha forma frecuente pero que pecha as portas ás outras posibilidades de formulación da unidade, pois, en boa lóxica, pode pensarse que a expresión está fixada nesa forma concreta. En ocasións, o que atopamos é un verbo conxugado, fronte ó esperable infinitivo²¹: *¡fixémola boa!* (por *facela boa*)

²¹ Téñase en conta que nas locucións verbais, a formulación en infinitivo representa tódalas posibilidades do paradigma, ó igual que sucede nas unidades monoverbais.

(*DEGC*); *¡cala o bico!* (por *calar o bico*) (*DXL*); *non vale nin para a corte* (por *non valer nin para a corte*) (*AFG*)²². Outras veces, cun verbo en infinitivo ou conxugado, as expresións inclúen algún elemento que en realidade pertence ó discurso libre: *ti ándaslle buscando tres pés ó gato* (por *buscarlle tres pés ó gato*) (*DEGC*); *anda pingando laceira* (por *pingar laceira*) (*DXL*); *darlle moito bombo* (por *dar bombo*)²³ (*DLG*); *non deixar meter baza* (por *meter baza*) (*AFG*).

Por outra banda, como puidemos observar nalgunhas das expresións que nos serviron de exemplo ó longo das páxinas precedentes, en ocasións o contorno lexicográfico²⁴ inclúese na formulación da unidade, pero outras veces está ausente. Vexamos cáles son as distintas posibilidades de presentación que se nos ofrecen:

I. Ausencia de información: *botar a perder* (“echar a perder, dejar inútil”) (*DEGC*), *bota-lo lazo* (“apresar”) (*DXL*), *botar unha man* (“axudar”) (*DLG*), *botar pestes* (“falar mal levado pola ira”) (*AFG*). Nalgúns casos, a información pode tirarse do coñecemento do contorno da definición, pero en ocasións este non coincide exactamente co da unidade fraseolóxica, o que, sen dúbida, pode conducir a erros e equívocos: no *DXL*, no *DLG* e no *AFG* a definición de *dar a luz* é “parir”, fronte ó significado “parir una mujer” que atopamos no *DEGC*. Unha presentación como a dos tres primeiros dicionarios indicados, que prescinde do contorno, pode levar á formulación de frases inadecuadas e afectadas como esta: *a cadela deu a luz*. De tódolos xeitos, e como xa se terá advertido, este problema non é exclusivo das unidades fraseolóxicas.

II. O contorno preséntase só na definición: *sobirse ás barbas* (“atreverse, perder el respeto al superior o al anciano”) (*DEGC*), *de brocha gorda* (“pintor de paredes, portas, etc.”) (*DXL*), *servir* ou *poñer en bandexa* (“poñerlle algo fácil de conseguir a alguén”) (*DLG*), *levar a mal* (“tomar a mal, disgustarse con algo”) (*AFG*).

²² Os exemplos do *AFG* están tomados fóra do noso corpus inicial.

²³ En todo caso, o dicionario debería indicar que o elemento *bombo* admite a súa cuantificación, pero, desde logo, *moito* non é a única posibilidade existente: *non lle deron bombo ningún, déronlle pouco bombo...*

²⁴ O contorno da definición lexicográfica (vid. Seco 1979) é aquel elemento alleo ó contido mesmo desa definición, pero necesario para coñece-las unidades con que se combina a palabra ou expresión definida: **beber**. Pasar un líquido da boca ó estómago. Así, sabemos que as combinacións *beber auga / viño / leite...* son posibles, pero non, por exemplo, as combinacións *beber carne / peixe...*

III. O contorno preséntase na forma de entrada. Na definición pode repetirse, retomarse mediante clíticos ou eliminarse: *lavarlle a cara a un* (“adularlo, lisonxearlo con algún fin”) (*DEGC*), *levar un a batuta* (“dirixir”) (*DXL*), *ter a alguén no bote* (“ter gañada a vontade de alguén”) (*DLG*), *bebe-los aires por alguén* (“estar namorado”) (*AFG*). Por outro lado, no *DEGC*, no *AFG* e no *DXL*, o contorno non adoita diferenciarse da expresión fixa, aínda que neste último dicionario atopamos algunhas excepcións: a carón de *comer a un a bicos*, recollemos, por exemplo, *ser* (unha cousa) *como arar no barbeito* ou *comerlle a porca os libros* (a un estudante). No *DLG* o habitual é a diferenciación do contorno, aínda que as marcas tipográficas poden variar: *caerlle a alguén a baba, nas barbas* (de alguén)²⁵.

3.7. A presentación do significado

Centrarémonos agora nalgúns aspectos relativos á presentación do significado das unidades fraseolóxicas: en primeiro lugar, é necesario indicar que na maior parte dos casos non coinciden as definicións dunha mesma expresión fixa cando se repite en distintas entradas: *de alto bordo* (“dícese del barco muy grande y de mucho tonelaje”, en *bordo*, “dícese del buque de mucho tonelaje”, en *alto*) (*DEGC*)²⁶; *baixar as orellas* (“ceder humildemente nunha disputa”, en *orella*, “humillarse, obedecer”, en *baixar*) (*DXL*); *ó pé da letra* (“de maneira literal”, en *pé*, “exactamente como se di ou está escrito”, en *letra*) (*DLG*).

En segundo lugar, en ningún dos tres dicionarios xerais se distingue a polisemia da homonimia. Ademais, no *DEGC* e no *DXL* as distintas acepcións sepáranse mediante signos de puntuación ou mediante conxuncións; non se mantén o modelo de presentación característico das unidades monoverbais (separación mediante dobre barra no *DEGC*, ordenación numérica no *DXL*). Pola contra, no *DLG* emprégase o mesmo sistema de presentación, incluso no que se refire á inclusión de sinónimos e antónimos:

²⁵ Téñase en conta que para representar fielmente as entradas do dicionario, e tanto nos exemplos do *DXL* como nos do *DLG*, habería que substituí-la letra cursiva pola grosa.

²⁶ Ha de terse presente que o *DEGC*, dicionario bilingüe, non só traduce, senón que tamén define noutra lingua (castelán). Cando hai coincidencia entre os dous idiomas, e tanto nas unidades monoverbais como nas pluriverbais, moitas veces só define. Nas últimas, ademais, e aínda que non haxa tal coincidencia, falta con frecuencia a tradución, só atopamos explicación.

tí ándaslle buscando tres pés o gato. Dícesele al que, por capricho, anda tras de su mal *o* pretende provocar la ira o enojo de otro (*DEGC*) (o destacado é noso).

bota-la lingua a pacer. Falar sen tino, non conterse en falar mal dos mais. (*DXL*).

desde logo 1. Claro que si, por suposto: -¿*Podo coller este bolígrafo?* -*Desde logo.* **SIN.** Xaora, e logo. **2.** Úsase para asegurar con máis forza o que se di: *Desde logo, non sei cómo podes queixarte co ben que te tratan.* (*DLG*).

No *AFG* unha mesma expresión polisémica pode aparecer en grupos temáticos distintos cando as diferentes acepcións así o requiren: *face-la rosca* (= “adular”) recóllese en “falsidade”, *face-la rosca* (= “galantear”), en “amor” (non atopamos exemplos en B e L). Por suposto, o mesmo pode ser dito verbo das expresións homonímicas.

Finalmente referímonos brevemente a algúns aspectos relativos á presentación do significado das frases proverbiais. Lembremos que estas unidades carecen, ó noso entender, de significado proposicional. Son fundamentalmente expresións denominadoras de situación, e, como tales, o dicionario debe dar conta do seu significado referencial, usando os introdutores adecuados (*dise cando*, por exemplo). Así ocorre nalgúns casos:

dálle, Pepa, ó banastillo. Dícese cuando una persona pesada da vueltas con mucha insistencia a un asunto o tema; como ocurre generalmente con el BANASTILLO, que anda de mano para los mismos menesteres (*DEGC*).

Outras veces, sen embargo, dáse como definición o só aparente significado proposicional, ou ben unha expresión libre “equivalente” á frase proverbial. Pero deste xeito non se dá conta das peculiaridades significativas das unidades que estamos tratando:

asubíalle ás botas. Significa la pérdida de algo que ya no podrá ser recuperado (*DEGC*) (por “dise cando se perde algo que xa non pode ser recuperado”).

pouca la e polas silveiras. Xa non eran poucas as desgracias, e chegou outra máis; éramos poucos e pariu a avoa (*DXL*) (por “dise cando se acumula unha nova desgracia ás moitas xa existentes”).

¡bótalle un galgo! Xa non lle hai que facer (*AFG*) (por “dise cando se perde algo que xa non pode ser recuperado”).

Quedan aínda bastantes aspectos por analizar e comentar: a presenza de interferencias do castelán, a formulación das variantes, o tratamento das expresións que admiten cuantificación... Cremos, de tódolos xeitos, que a visión que aquí achegamos é suficiente para coñecer de xeito global cómo son tratadas as expresións fixas nos dicionarios galegos.

4. Conclusións

Baixo rótulos como o de “frases feitas” ou semellantes encérrase nos nosos dicionarios unha gran variedade de construcións: a carón das esperadas expresións fixas (con ou sen valor de enunciado) atopamos perífrases, compostos, expresións libres... Sucede ademais que, á hora de introducir estas unidades no dicionario, faltan criterios de ordenación e organización e, cando eses criterios existen, moitas veces non atopámo-la súa xustificación: ¿que sentido ten, por exemplo, altera-la ordenación alfabética das locucións nominais? Estes feitos traducen, en primeiro lugar, o descoñecemento xeral sobre a realidade e o funcionamento das unidades fraseolóxicas²⁷ e en segundo lugar, e como consecuencia do anterior, o papel secundario que as expresións fixas xogan nos nosos dicionarios xerais, se non cuantitativamente si cualitativamente (repárese, por exemplo, na ausencia de marcas categoriais).

De xeito moi esquemático, estas son as principais conclusións que podemos tirar do estudo precedente:

- a) As unidades fraseolóxicas constitúen un campo vasto, heteroxéneo e moi complexo. Non é de estrañar, pois, que os dicionarios galegos e, en xeral, os de calquera lingua, se enfronten con moitos problemas á hora do seu tratamento lexicográfico.
- b) Tódolos dicionarios xerais estudados coinciden na introducción de, polo menos a gran maioría das expresións fixas, baixo a entrada dalgún dos seus elementos compoñentes, e en subentradas destacadas. Non hai un criterio fixo, sen embargo, á hora de escolle-la palabra concreta de entrada.
- c) Os catro dicionarios recollen no seu interior locucións e frases proverbiais, pero hai diverxencias respecto á inclusión ou

²⁷ Queremos insistir en que non se trata dunha deficiencia dos lexicógrafos, na medida en que faltan traballos teóricos que sustenten ese coñecemento. Non é tarefa do lexicógrafo investigar sobre as unidades coas que traballa senón aplica-los coñecementos adquiridos por outros lingüistas.

non de refráns e verbo da súa presentación individualizada (*DEGC*) ou indiferenciada (*AFG*).

d) A carón das unidades fraseolóxicas e sen distinción con elas, podemos atopar nos catro dicionarios numerosas expresións libres. A súa presenza obedece fundamentalmente a dous factores: ó desexo de introducir información sobre a realidade extralingüística (sobre todo no *DEGC*, pola súa concepción pretendidamente enciclopédica, pero tamén no *DXL*) e á confusión coas expresións fixas, ó tratarse en gran parte dos casos de grupos de palabras que presentan unha alta frecuencia de combinación, sexan solidariedades léxicas (*bautiza-lo viño*) ou non (*ter boa vista*).

e) En tódolos dicionarios podemos atopar tamén problemas á hora de formula-la expresión fixa: a carón de formulacións parciais que pechan as portas a posibles variacións da unidade fraseolóxica, atopamos tamén a ausencia dun criterio fixo cando se trata de informar sobre o contorno da expresión.

f) O papel secundario que xogan nos dicionarios as unidades fraseolóxicas en relación ás unidades monoverbais, ponse tamén de manifesto á hora de estudia-la formulación do seu significado: salvo no *DLG* e parcialmente no *AFG*, os fenómenos da polisemia e da homonimia preséntanse como unha mera acumulación desordenada de acepcións. A formulación da definición das frases proverbiais pon tamén de manifesto o descoñecemento das peculiaridades significativas deste tipo de unidades.

O *Diccionario da Lingua Galega (DLG)* é, na nosa opinión, a obra que ofrece o tratamento máis adecuado das expresións fixas, achegando a súa presentación á das unidades pluriverbais e eliminando boa parte das expresións “alleas”. Con todo, quedan aínda bastantes problemas por solucionar e o único dicionario fraseolóxico co que contamos, *Así fálán os galegos. Fraseoloxía da lingua galega (AFG)*, se ben necesario e utilísimo, non supera esas eivas e deficiencias que aínda subsisten²⁸.

É de xustiza recoñecer e mesmo admira-las nosas primeiras obras lexicográficas, sobre todo se somos conscientes das circunstancias ben difíciles nas que foron creadas. Con todo, esas circunstancias están xa polo menos parcialmente superadas e cremos que é tempo, en primeiro lugar, de elaborar un dicionario galego de calidade que saiba corrixi-los erros precedentes e, en segundo lugar, de recolle-la nosa

²⁸ Téñase en conta a súa orientación claramente didáctica.

enorme riqueza fraseolóxica nun “Gran Dicionario Fraseolóxico da Lingua Galega”.

Antes de que estas dúas obras vexan a luz, é imprescindible, sen embargo, que existan estudos teóricos que sustenten a súa elaboración e organización. Este requisito obedece, en realidade, a unha lei metalexigráfica inescusable: o coñecemento por parte do lexicógrafo das unidades coas que traballa.

Referencias bibliográficas

1. Dicionarios analizados

Ares Vázquez et alii (1986): *Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1993⁴.

López Taboada, C. / Soto Arias, M. R. (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*. A Coruña: Galinova.

Rodríguez González, E. (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.

Xove Ferreiro, X. et alii (1995): *Diccionario da lingua galega*. Vigo: Obradoiro / Santillana.

2. Monografías e artigos

Álvarez de la Granja, M. (1996): *Tratamento lexicográfico das expresións fixas. Unidades con estrutura “verbo + obxecto directo” no Dicionario Xerais da Lingua*. Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.

Arnaud, P. J. L. (1991): “Réflexions sur le proverbe”, *Cahiers de Lexicologie* 59, pp. 5-27.

Coseriu, E. (1977): *Principios de semántica estrutural*. Madrid: Gredos.

González Rey, M. (1993): *Les expressions idiomatiques, leur valeur métaphorique*. Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.

Noriega Varela, A. (1928): *Como falan os brañegos*. A Coruña: Nós.

Requeixo, A. (1994): “Sobre fraseoloxía galega: algunhas mostras da área mindoniense”, *Cadernos de Lingua* 9, pp. 89-110.

Rivas, P. (1992): *Expresións e ditos populares da área mindoniense: unha proposta didáctica*. Lugo: Deputación Provincial.

- Sarmiento, Fr. Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición e estudio de J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Edición e estudio de J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- Seco, M. (1979): “El contorno en la definición lexicográfica”, in *Homenaje a S. Gili Gaya (In memoriam)*. Barcelona: Vox, pp. 183-191.
- Spence, N. C. W. (1969): “Composé nominal, locution et syntagme libre”, *La Linguistique* 2, pp. 5-26.
- Zgusta, L. (1971): *Manual of lexicography*. The Hague / Paris: Mouton.
- Zuluaga, A. (1975): “La fijación fraseológica”, *Thesaurus* 30,2, pp. 225-248.
- (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt: P. D. Lang.

REPERTORIO DE REFRÁNS INGLÉS-GALEGO¹

ALBERTO ÁLVAREZ LUGRÍS
Universidade de Vigo

1. Paremioloxía contrastiva inglés - galego

Son moitos os autores que coinciden en afirmar que o maior nivel de destreza no uso dunha lingua só se acada cando se domina a súa fraseoloxía. Paradoxalmente, a paremioloxía non ten cabida máis que de xeito marxinal nos actuais plans de estudio, tanto no ensino secundario coma no universitario. A deficiencia é aínda maior no que respecta ás linguas estranxeiras e, sobre todo, dende o punto de vista do galego como lingua materna. Os libros de texto do bacharelato, por exemplo, soen estar feitos non para estudantes galegos especificamente, senón para alumnos de todo o Estado; como consecuencia, os contadísimos exemplos de fraseoloxía contrastiva que neles atopamos teñen como lingua de chegada o castelán. Pero o problema non remata no Instituto, xa que os alumnos da licenciatura de Traducción ou de Filoloxía non teñen tampouco a onde recorrer para coñecer esa parte máis allea da lingua estranxeira. Se a traducción de calquera texto ó galego sofre os inconvenientes de termos que recorrer a “diccionarios ponte” (xeralmente inglés-castelán) para atopar as equivalencias do léxico xeral, a traducción da fraseoloxía é moito máis lenta e difícil. Un diccionario inglés-castelán, por exemplo, danos para “port” traduccións como “puerto”, que de contado podemos traducir ó galego como “porto”. Nembargantes, para o refrán “any port in a storm” atopamos, por exemplo, “cuando hay hambre no hay pan duro”; poderíamolo traducir literalmente ó galego: “cando hai fame, non hai pan duro”, pero obteríamos un refrán espurio, de aparencia galega pero estrutura

¹Son tan grandes as débedas deste traballo e do seu autor con Xesús Ferro Ruibal que habería que recoñecelo a cada paso con notas ó pé; vallan como recoñecemento unhas poucas notas cando o cite expresamente. A el e a M^a Xesús Anido agradézolle-os seus valiosos comentarios sobre unha versión previa deste artigo. Os posibles erros son todos meus.

castelá². Hoxe por hoxe, chegarmos á expresión verdadeiramente galega “vale máis pouco pan duro que fame de nove días” supón termos que utilizar unha “ponte” lingüística e cultural máis: un diccionario de refráns galegos, onde a busca da equivalencia exacta é moi laboriosa dado que non buscamos un refrán X en concreto, senón que queremos atopar un refrán que signifique o pensamento Z, sen saber de antemán se existe ou non ou que forma ten.

Este modesto traballo quere contribuír a muda-la situación da paremioloxía contrastiva no ámbito galego; sabemos que non é exhaustivo, pero non pretende ser máis que o punto de partida dun labor que, como Ferro Ruibal nos amosa de cote, é inxente pero tamén fermoso.

Precisamente é Ferro Ruibal (1996) quen nos dá as claves das dificultades da tradución da fraseoloxía: trátase de expresións feitas, fixadas, inalterables na súa forma básica; como falantes podemos botar man delas, pero non alteralas. O significado dun dito ou dun refrán non é igual, xa que logo, á suma dos significados parciais das palabras que o compoñen: “a mellor besta dá coa carga no chan” non ten porque facer referencia a ningún animal, senón a unha persoa que comete un erro; do mesmo xeito, o significante, é tamén inalterable³: non diremos “ás nove non é musulmán quen non dorme” senón “ás nove non é cristián quen non dorme”. Forma e significado veñen determinados polo uso, pola historia (da lingua); pola comunidade de falantes, non polo individuo.

As paremias son, ademais, froito do xenio da lingua e, polo tanto, radicalmente distintas de idioma a idioma: reflecten o xeito de ser dos falantes, a súa vida, historia, cultura, clima, paisaxe... O profesor austríaco Mario Wandruszka consagrou todo o seu labor docente a amosarnos, precisamente, as diferentes concepcións do mundo que cada lingua posúe e unha parte considerable da súa obra está dedicada ó que el denomina “kontrastive Idiomatik”⁴ (fraseoloxía contrastiva): a metáfora, a ironía, a transposición, o xogo de palabras, a lección moral que constitúen a base dos ditos teñen sentido só dentro da comunidade que os viu nacer e unha tradución literal ou adaptación forzada estragaríalos. Wandruszka vén dicir que a traslación de significado dun dito é comprensible só dentro de cada lingua e exemplifícao coa

²É o que Ferro Ruibal (1996) denomina construcións agalegadas, é dicir, calcos feitos sobre expresións castelás principalmente.

³Básicamente así é, aínda que Ferro Ruibal (1996) sinala (pp. 81-89) a posibilidade de desautomatiza-las expresións feitas. Pero trátase só de situacións nas que se quere conseguir un efecto estético. No uso cotián, a forma dos ditos e refráns vennos imposta; doutro xeito a comunicación sería imposible.

⁴Cf, por exemplo, Wandruszka (1969) e (1979).

expresión alemana “mausetot sein” (literalmente “morto coma un rato”) que se traduce por “stone dead” en inglés, “proprio morto e stramorto” en italiano, “bien muerto” en castelán e “tout ce qu’on y a de plus morte” en francés⁵. (En galego traduciríámolo pola expresión “está tan morto coma a miña avoa”).

Velái as dúas características básicas das paremias: a súa inaltransferabilidade e a exclusividade do seu dominio.

Pero a radical diferenza entre as expresións propias dun pobo e as doutras, a asimetría das linguas, non nos debe facer pensar que non existen equivalencias: se ben as culturas que ollan o mundo e o xulgan son distintas, o mundo é todo un e a natureza humana, se ben poliédrica, basicamente a mesma en todas partes; o xuízo resultante é tamén, xa que logo, sempre semellante. Se o inglés fala de osos (don’t sell the skin before you have caught the bear) e o galego de cabritos (aínda non pariu a cabra e xa o cabrito mama), ó cabo todo é un: a presa non é boa. Mentres o inglés prefere ás veces o xogo fonético e a abstracción (bear and forbear), o galego escolle a anécdota concreta (agárrome a este sacho porque outro mellor non acho); outras veces é o galego o que prefere a xeneralización (obra de común, obra de ningún) mentres que o inglés recorre á exemplificación e á concreción (too many cooks spoil the broth), pero a ensinanza moral é sempre a mesma.

Da dualidade “significado común vs forma e anécdota diferentes” nace a paremioloxía contrastiva: da necesidade de establecer unha relación entre un tipo especial de léxico de dúas linguas. Mario Wandruszka mesmo di que o idiomático ou fraseolóxico só pode ser estudado e descrito dende un punto de vista contrastivo⁶. Se cadra a súa afirmación é esaxerada, pero o certo é que a fraseoloxía dunha lingua amosa toda a súa forza creadora, todo o seu afán estético, en contraste con outra lingua. Quizais non nos decatemos completamente da potencia expresiva e do desprazamento conceptual que implican expresións como “amigo que non dá e coitelo que non corta, que se perda pouco importa” ata que as temos que comparar coas correspondentes doutras linguas: “a friend who shares is a friend who cares”. O significado da expresión inglesa é máis evidente, e a súa expresividade é, por iso, menor. O contraste entre as dúas linguas fai recaer a nosa atención sobre a expresión galega, na que se identifican

⁵Wandruszka (1979), p. 955.

⁶Wandruszka, op. cit., p. 951: “Das entscheidende Merkmal des idiomatischen hat man dabei noch kaum beachtet: daß nämlich, wie schon der Name sagt, seine Bildungen nur einer Sprache, oder nur einigen Sprachen eigentümlich sind, daß daher alles Idiomatische in dieser seiner Besonderheit überhaupt nur kontrastiv oder konfrontativ richtig erfaßt und beschrieben werden kann”.

“amigo que non dá” e “coitelo que non corta”; ¿cal é a base da ecuación? A inutilidade dunha ferramenta e dunha persoa que non dan servizo nunha sociedade traballadora, necesitada e solidaria.

Non pretendemos entremeternos nun campo teórico do que non somos máis que atentos observadores; rematamos aquí esta pequena introducción e deixamos que sexan os anónimos creadores ingleses e galegos os quen falen. Nós seremos só unha ponte.

Referencias bibliográficas

- Carbonell Basset, Delfin (1996): *Diccionario de refranes Castellano e inglés. A Dictionary of Proverbs English and Spanish*. Ediciones del Serbal, Barcelona.
- Ferro Ruibal, Xesús (1987): *Refraneiro Galego Básico*. Galaxia, Vigo.
- (1996): *Cada quen fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. Discurso lido na recepción pública do 4 de Maio de 1996 por Don Xesús Ferro Ruibal e resposta de Don Carlos Casares Mouriño. Real Academia Galega, A Coruña.
- López Taboada, Carme e Soto Arias, María do Rosario (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*, Galinova, A Coruña.
- Navaza Blanco, Gonzalo (coord.) (1990): *Diccionario Xerais Castelán Galego de usos, frases e sinónimos*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- Wandruszka, Mario (1969): *Sprachen: vergleichbar und unvergleichlich*, Piper, München. Cito pola tradución española de Elena Bombín (1976) *Nuestros idiomas: comparables e incomparables*, Gredos, Madrid.
- Wandruszka, Mario (1979): "Kontrastive Idiomatik" in Manfred Höffer, Henri Vernag, Lothar Wolf (Hrsg.) *Festschrift für Kurt Baldinger*. Niemayer, Tübingen, 1979. Pp. 951-963.

REPERTORIO PROVISIONAL DE REFRÁNS INGLESES COAS SÚAS EQUIVALENCIAS GALEGAS.

Este repertorio provisional componse dunha serie de 200 refráns ingleses seguidos das súas equivalencias galegas. Onde foi posible incluímos máis dunha equivalencia co mesmo significado para cubri-lo maior número posible de contextos, situacións, aplicacións, etc. En certos casos, a lingua non é totalmente normativa: recóllense variantes dialectais, diacrónicas, etc, tal e como aparecen no *Refraneiro Galego Básico* de Xesús Ferro Ruibal, fonte principal para a elaboración deste traballo. A ordenación dos refráns é alfabética; o espacio en branco conta como un carácter máis que se ordena antes do “a”. En certos casos preséntanse dúas ou máis alternativas dun mesmo refrán separadas por unha barra (/).

1. **a bad workman always blames /finds fault with/ quarrels with his tools**
achaque quere a morte non sabe de que sorte
morte non veña que achaque non teña
2. **a bird in the hand is worth two in the bush**
máis que cen de pardal vale unha de asnal
vale máis unha cagada de león que cen de gorrión
3. **a blind man will not thank you for a looking glass**
ó cego de nada lle serve o espello
4. **a blinds man's wife needs no paint**
a muller do cego, ¿para quen se compón?
5. **a book that is shut is but a block**
libro pechado non fai letrado
6. **a burnt child dreads/fears the fire**
dos desgraciados nacen os avisados
7. **a cat has nine lives**
sete vidas ten o gato
8. **a clear conscience fears no false accusations**
a boa conciencia vale por cen testigos
9. **a client twixt his attorney and counsellor is like a goose twixt two foxes**
cando toma corpo o diaño vístese de avogado
10. **a danger foreseen is half avoided**
coñecido o dano, o fuxilo é o sano
eu ben sei con que bois aro e por iso vou con tento
11. **a fallen man is everybody's prey**
da árbore derrubada todos levan algo
12. **a friend in need is a friend indeed**
o bo amigo, no ben e no mal está contigo
será o teu amigo o que te tire do perigo
coitas e camiños dannos amigos
13. **a friend who shares is a friend who cares**
amigo que non dá e coitelo que non corta, que se perda pouco importa
quen ben me quere dáme do que ten

para o amigo verdadeiro ten sempre aberto o peito e a bolsa do diñeiro

14. a good beginning is half the battle

obra comezada xa está case acabada
comezar case é acabar

15. a good conscience makes a soft pillow

está ben rico o que está a ben consigo

16. a leopard cannot change his spots

inda que a mona se vista de seda, se mona era, mona se queda
madeiros hai que se douran, madeiros hai que se adouran, madeiros hai
que se queiman e, ó cabo, todo é leña

17. a man is known by the company he keeps

tales amigos temos, tal vida facemos
con quen paces e non con quen naces
dime con quen andas e direiche as túas mañas/ quen es e que costumes
tes

18. a man is known by the company he keeps

tal o paxariño, tal o niño
dime con quen andas e direiche as túas mañas
dime con quen irás e direiche o que farás
ben louco será o que con loucos se xunta e o que de loucos se fie
con quen paces e non con quen naces
quen con nenos se deita, cagado se levanta
quen con lobos anda a ouvear aprende
tales amigos temos, tal vida facemos

19. a miss is as good as a mile

perdido por un, perdido por cento
por unha palla arde un palleiro
por un cravo pérdese un cabalo; por un cabalo, un cabaleiro; e por un
cabaleiro, un reino

20. a rich man and his money are soon parted

coida o avarento que gasta por un e gasta por cento
home avarento por un perde un cento
a bolsa do avaro ábrea o díaño
moitas veces o avaro aforra para o díaño
na arca do avarento, o demo dorme dentro

21. a rolling stone gathers no moss

a pedra redonda nunca moito acouga
a pedra que moito roda para cemento non é boa
pedra que roda, para sentar non a escollas
pedra rodando non cría musgo

- 22. a scalded cat fears hot water**
dos desgraciados nacen os avisados
- 23. a soft answer turneth away wrath**
a cortesía custa pouco e vale moito
cortesía e falar ben custa pouco e viste ben
- 24. a useful trade is a mine of gold**
quen ten oficio non morre de fame
quen ten oficio ten beneficio para o seu servicio
- 25. abundance ruins many**
de rico a soberbio non hai palmo enteiro
a riqueza é moitas veces causa de tristeza
o moito ter, o moito poder e o moito valer, botan ás veces un home a perder
- 26. actions speak louder than words**
o amor e a fe nas obras se ve
obras son amores e non palabras doces
- 27. Adam's ale is the best brew**
a auga non emborracha, nin enferma nin entrapa
a auga non creba óso
- 28. advice most needed is least heeded**
o consello non é ben recibido se non é pedido
- 29. after the feast comes the reckoning**
ó comer, comamos; e, ó pagar, a ti suspiramos
ó come-los touciños cantan pais e fillos; e, ó pagar, todos rompen a chorar
- 30. all that glitters is not gold**
non son todos reiseñores os que cantan entre as flores
boca de mel e mans de fel
cara de beato e unllas de gato
debaixo do mel hai moitas veces fel
detrás da cruz anda sempre o díaño
nin é ouro canto reloce nin brilla canto se ve
non é ouro todo o que reloce
- 31. an ape's an ape, a varlet's a varlet, though they be clad in silk or scarlet**
inda que a mona se vista de seda, se mona era, mona se queda
madeiros hai que se douran, madeiros hai que se adouran, madeiros hai
que se queiman e, ó cabo, todo é leña
- 32. an ass must be tied where the owner will have him**
ben mandado, mal mandado, fágase o que manda o señor amo
fai o que che manda o teu amo e sentaraste con el no escano
o que ha de obedecer non se ha de repoñer
- 33. anger and hate hinder good counsel**
can danado non coñece o amo
cando a cólera sae da nai, non ten a lingua pai

- 34. anyone can make a mistake**
o mellor nadador afoga no río
un erro calquera o ten
a mellor besta dá coa carga no chan
o que non coxea, trenquea
ó mellor escribidor esgállaselle a pluma
o mellor cabalo dá un tropezón
- 35. appearances are deceiving**
o parecer non é querer nin é ser
a moita cortesía é moitas veces falsía
debaixo do mel hai moitas veces fel
vémo-las caras e non vémo-las intencións
- 36. appetite comes with eating**
haxa que comer, que as gañas veñen de seu
comer e rascar, todo é comezar: que despois mal se pode deixar
- 37. ask and it shall be given you**
pedide e darásevos
- 38. attack is the best form of defense**
o ataque é a mellor defensa
- 39. bad news travel fast**
logo chega á porta o que trae a mala nova
que tarden as malas novas, que, anque tarden, virán á súa hora
- 40. barking dogs seldom bite**
gato maiador non é bo cazador
gato maiador nunca foi rateador,
can moi ladrador, pouco mordedor
- 41. Barnaby bright, Barnaby bright, the longest day and the shortest night**
ende chegando San Bras, pon pan e viño na alforxa, que o día non faltará
o día de san Brais ten dúas horas máis
- 42. bear and forbear**
non hai mellor regalo que non estar malo
a cada paxariño chégalle o seu niño
agárrome a este sachó porque outro mellor non acho
algo é algo, pero menos é nada
cando fores bigornia, aguanta; cando fores martelo, malla
se non vexo polos ollos, vexo polos anteollos
todo o que vén, convén
non hai mellor riqueza cá vontade contenta
a mal dar, paciencia e barallar
a mal dar, picar tabaco e fumar
consólese o que mal ten, que un día tras doutro vén
en coiro nacín e en coiro me vexo: nin gaño nin perdo
máis vale padecer que morrer
onde boa ola se creba, boa tapadeira queda
todo vai ben, se a morte non vén
se se queima a casa, quentémonos nas brasas

- 43. beauty is but skin-deep**
a bonitura acábase na sepultura
- 44. beauty is in the eye of the beholder**
ollos hai que de lagañas se namoran
o que a feo quere fermoso lle parece
- 45. beggars can't be choosers**
a quen lle dan, non escolle
do que che dean colle e non escollas
- 46. better a poor compromise than a strong case**
máis vale ruín compostura que bo preito
quen de preito se librou, bo preito gañou
- 47. better be alone than in ill company**
máis vale só que mal acompañado
da mala compañía fuxe e gárdate do ruxe ruxe
das malas compañías moitos perigos manan
- 48. better beg than steal**
máis vale pedir que furtar
o que anda a pedir non anda a fuxir
o que vai pedindo non vai correndo
- 49. better brain than brawn**
onde non serve a forza, a maña abonda
vale máis maña que forza
- 50. better later than never**
máis vale tarde que nunca
non chega tarde quen, á fin, chega
non tarda o que vén se o que espera paciencia ten
- 51. better safe than sorry**
vale máis un por se acaso que un ¡quen pensara!
- 52. better the devil we know (than the devil we don't know)**
máis vale malo coñecido que bo por coñecer
máis vale perde-lo pouco que perdelo todo
máis vale torto que morto
mellor é que a la se perda e que non se perda a ovella
¡Deus conserve o meu amo, por medo doutro máis malo!
mal por mal, antes no cárcere que no hospital
- 53. better to ask (the way) than to go astray**
quen pregunta, non erra
- 54. birds of a feather flock together**
tódalas aves, cos seus pares
cada cal ama o seu igual por lei natural
cada cal co seu cada cal
nunca falta un roto para un descosido
os males fan amizades

- 55. birth is much but breeding more**
cada un segundo se cría, e na boa crianza está a fidalguía
- 56. blind men can judge no colours**
¿que sabe o cego se o pano é branco ou é negro?
- 57. blood is thicker than water**
o sangue tira
vale máis onza de sangue que libra de carne
- 58. buy at a fair but sell at home**
merca na praza e vende na casa
merca na casa e vende na feira
mercar, na feira; e vender, na praza,
- 59. Caesar's wife must be above suspicion**
a muller do César debe estar fóra de sospeita
- 60. care killed the cat**
o pouco mal espanta e o moito pesa e cansa
- 61. cast your bread upon de waters**
bota o teu pan na auga
- 62. cleanliness is next to godliness**
ás mans lavadas Deus dálles que coman
o día que non se varre entra na casa quen non se sabe
- 63. clothes do not make the man**
viste un ladrón e parecerá un señor
o bo traxe cobre mala liñaxe
a capa todo tapa
- 64. clothes make the man**
cal te vexo, tal te teño
como te vexo no fato, así te trato
canto temos, ó lombo traemos
- 65. comparisons are odious**
as comparanzas son odiosas
- 66. conscience is a thousand witnesses**
a boa conciencia vale por cen testigos
- 67. content is better than riches**
non hai mellor regalo có non estar malo
- 68. cross the stream where it is shallowest**
non hai río bravo que non teña un bo paso para atravesalo
- 69. courtesy costs nothing**
a cortesía custa pouco e vale moito
a cortesía non priva a valentía
- 70. covetousness breaks the sack**
a bolsa do avaro ábrea o díaño
na arca do avarento, o demo está dentro
- 71. cowards die many times**
ovella farta do seu rabo se espanta
o temor é a máis fera dor

- 72. curiosity killed the cat**
o que escoita e axexa, oe e ve cousas que despois lle pesa
escaravellou o galo e atopou o coitelo que ha de matalo
quen pregunta o que non debe oe o que non quere
- 73. customs reconcile us to everything**
a novos tempos, novos consellos
- 74. custom rules the law**
o costume fai lei e mata a lei
o costume ten forza de lei
- 75. charity begins at home**
a caridade ben entendida comeza por un mesmo
- 76. cheap things are dearest**
de balde é caro aquilo que é malo
o barato moitas veces de balde é caro
o barato sempre é caro
- 77. don't count your chickens before they are hatched**
aínda non pariu a cabra e xa o cabrito mama
fillo aínda non o temos e xa nome lle poñemos
non digas pillei o gato mentres non o teñas no saco
o fillo por nacer e as sopas xa están a ferver
- 78. don't cry over spilt milk**
ó feito, rogo e peito
cousa feita, feita está
- 79. don't judge a book by its cover**
ata que probes, non aprobes nin desaprobes
- 80. don't judge a man until you've walked in his boots**
ata que probes, non aprobes nin desaprobes
- 81. don't look a gift horse in the mouth**
a cabalo dado non lle mire-lo dente
o cabalo regalado cólleo cos ollos pechados
do que che dean colle e non escollas
- 82. don't put off for tomorrow what you can do today**
non deixes para mañá o que poidas facer hoxe
- 83. don't sell the skin before you have caught the bear**
aínda non pariu a cabra e xa o cabrito mama
fillo aínda non o temos e xa nome lle poñemos
non digas pillei o gato mentres non o teñas no saco
o fillo por nacer e as sopas xa están a ferver
- 84. don't bite off more than you can chew**
a cabra que moito anda pouco apaña
ó que moito quere agarrar, pouco lle dan a apreixar
quen moito abarca, pouco apreta
quen moito enfeixa pouco ata
- 85. dress up a monkey as you will, it remains a monkey still**
inda que a mona se vista de seda, se mona era, mona se queda
madeiros hai que se douran, madeiros hai que se adouran, madeiros hai
que se queiman e, ó cabo, todo é leña

- 86. easy does it**
 apresúrate despacio
 gañando tempo pérdese tempo
 vísteme despacio que teño présa
- 87. every cloud has a silver lining**
 non hai mal que non veña por ben, mais cata para quen
 non hai mal sen ben, cata para quen
- 88. every cook praises his own broth**
 cada un achega a brasa á súa sardiña
 cada un fala en dereito do seu dedo
 cada un varre para si
 cada oleiro as súas olas gaba; e máis, se as ten crebadas
- 89. every man for himself and God for us all**
 cada un coida o seu negocio e Deus o de todos
 cada un é para si e Deus para todos
- 90. every man must carry his own cross**
 cada un ten a súa cruz
- 91. every path has a paddle**
 no mellor carreiro nunca falta algún lameiro
 o mellor sendeiro ten o seu bulleiro
 en tódolos lados hai unha legua de mal camiño
 non hai carne sen óso
 non hai mel sen fel
 non hai rosas sen espiñas
 non hai sardiña sen espiña
 non se pescan as troitas coas bragas enxoiatas
 non se pode guiar ben o carro, se non se tripa o barro
- 92. familiarity breeds contempt**
 a moita confianza trae consigo a mala crianza
 a moita manualidade é causa de menosprezo
 cando vos pedimos, dona vos dicimos; e cando vos temos, chamá-
 mosvos como queremos
 nin de burlas nin de veras co teu amo partas peras
- 93. first come first served**
 na acea primeiro moe o que primeiro chega
- 94. for many are called but few are chosen**
 pois moitos son os chamados e poucos os escollidos
- 95. forewarned is forearmed**
 eu ben sei con que bois aro e por iso vou con tento
 mira, Bras, por onde vas e coida ben o que fas
- 96. former friends can be dangerous**
 dos amigos gárdeme Deus, que dos inimigos gardámonos nós
 o máis amigo pégacha

- 97. God helps those who help themselves**
Deus non axuda ó que non se axuda
- 98. God tempers the wind to the shorn lamb**
non fere Deus coas dúas mans
Deus castiga e non dá paus
Deus dá o frío conforme é o abrigo
- 99. good things come in small packages**
dunha noz pequena nace unha nogueira
nun pequecho pote ben cabe un guisote
- 100. half a loaf is better than no bread**
vale máis codia dura que pedra mol
mellor é un pouco pan duro que un figo enteiro maduro
pan balorento alegre ó famento
para a gana de comer non hai pan duro
vale máis pan duro que fame de nove días
- 101. haste makes waste**
canta máis présa, máis vagar
aquele que anda moi de présa, sempre adoita chegar tarde
de correr a parar non hai moito que andar
canto máis tempo se gaña, máis tempo se perde
o moito correr trae o pouco andar
tellado feito de contado non tarda en ser retellado
camiña vagariño e andarás moito camiño
- 102. he that blames would buy**
o que a cousa desdeña, ese é o que a merca
quen fala mal da cousa ese é quen a compra
quen di mal da egua, ese é quen a merca
- 103. he that buys what he does not want, must often sell what he does want**
quen merca sen ter, vende sen querer
- 104. he that chastens one, chastens twenty**
o que a un fostiga, a cento castiga
- 105. he that dwells nest to a cripple, will learn to halt**
achégate ós bos e serás un deles
achégate ós malos e serás un de tantos
ben louco será o que con loucos se xunta e o que de loucos se fie
o que entre lobos se mete, gandido sae
o que se deita con cans, érguese con pulgas
perdido é quen con perdidos anda
quen co demo anda, co demo acaba
quen con lobos anda, a ouvear aprende
tales amigos temos, tal vida facemos
un louco fai un cento
- 106. he that has an art, has everywhere a part**
o que ten arte vai por todas partes

- 107. he that has lost his credit, is dead to the world**
a mala chaga sana e a mala sona mata
- 108. he who hesitates is lost**
o que entre dúbidas vive, nunca saberá o que é certo
- 109. he who is not with me is against me**
quen comigo non está, contra min está
- 110. he who laughs last, laughs best**
todos queren rirse del e el sabe rirse de todos
¡Madia leva o que pode rirse de todos, cando todos se empechan en rirse del!
tamén sei face-la burla de quen de min a fixer
- 111. honesty is the best capital**
andar a pago non pago, non é de homes fidalgos
vale máis leva-las mans limpas que levalas cheas
o bo nome vale máis que toda a riqueza para un home
a honra vale máis tela que merecela
- 112. if Candlemas Day is fair and bright, winter will have another flight; if on Candlemas Day it be shower and rain, winter is gone and will not come again**
cando a Candelaria chora, medio inverno vai fóra; que chore, que deixe de chorar, metade do inverno está por pasar
pola Candelaria, metade do inverno vai fóra; se chora ou venta, inda entra
se a Candelaria chora, vai o inverno fóra; se ri, o inverno quere vir;
mais cal chorar, cal rir, medio inverno está por vir
se a Candelaria vén mal, o inverno está caroa.
- 113. if the blind lead the blind, both shall fall into the ditch**
un cego mala guía é para outro cego
- 114. if you can't beat them, join them**
en terra de lobos ouvear coma todos
- 115. if you can't stand the heat, get out of the kitchen**
o que non se sinta con forzas que non se meta en liornas
- 116. if you cannot bite, never show your teeth**
quen ameaza e non dá, medo ha
- 117. in the country of the blind, the one-eyed man is king**
na terra dos cegos o torto é un rei
- 118. it's an ill wind that blows nobody good**
non hai mal que non veña por ben, mais cata para quen
non hai mal sen ben, cata para quen
- 119. it's easier to pull down than to build**
o demo ensina a romper mais non a compoñer
- 120. it is good to beware of other men's harms**
se zoa a carballeira non saias da lareira
coñecido o dano, o fuxilo é o sano
- 121. it is good to make a bridge of gold to a flying enemy**
ó inimigo que foxe ponlle ponte de prata
- 122. it never rains but it pours**

ó carro crebado nunca lle faltan petoutos
as cereixas e as malas fadas cóllense poucas e veñen ás presadas
desgracias e malas horas sempre veñen todas
mal enriba de mal e pedra por cabezal
ó can fraco todo se lle volven pulgas

123. like father like son

a uso de igrexa catedral, tal serán os fillos, cal foron os pais
cal nas unllas, cal nos pés has de imitarte a quen es
de tal pau tal racha
de mala semente, peor xente
o fillo da cabra cabrito é
ou nas mans ou nos pés has de tirar a quen es
o fillo do burro ben sabe ornear
o fillo do lobo logo aprende a ouvear

124. long absent, soon forgotten

a ausencia trae a esquencia
o que non parece, logo se esquece
o que non vexo, non o desexo
a ausencia é madrasta do amor e da benquerencia
a ausencia gasta o namoro se tarda a presenza
lonxe da vista, lonxe do corazón
ollos que non ven, corazón que non sente.

125. love is blind

o amor é tan xordo coma cego
o amor non quere consello
o que a feo quere, fermoso lle parece
ollos hai que de lagañas se namoran

126. love makes the world go round

amor e morte, nada máis forte
o amor non hai forza que o venza nin o torza
o amor todo o pode

127. make hay while the sun shines

a ocasión non pasa andando, senón voando
a ocasión píntana calva.

128. might makes/is right

o máis forte gaña
a razón do máis forte é sempre a mellor razón
quen manda, manda; e quen obedece, panda
quen manda, non roga.

129. more haste less speed

canta máis présa, máis vagar
aquele que anda moi de présa, sempre adoita chegar tarde
de correr a parar non hai moito que andar
canto máis tempo se gaña, máis tempo se perde
o moito correr trae o pouco andar
tellado feito de contado non tarda en ser retellado

130. much coin, much care

- cargado de ferro, cargado de medo
- 131. much cry and little wool**
son máis as voces que as noces
- 132. necessity is the mother of invention**
a experiencia é a nai da ciencia
a mellor mestra é a experiencia
o uso é mestre de todo
- 133. neither a borrower nor a lender be**
en débeda se mete quen fia ou promete
- 134. never buy a pig in a poke**
non merques ó coñecido nin ó fiado, que sairás trompicado
- 135. new brooms sweep clean**
a vasoira nova varre ben todo o que atopa
- 136. no answer is also an answer**
quen cala consente
- 137. no bees, no honey; no work, no money**
non hai carne sen óso
non hai mel sen fel
non hai rosas sen espiñas
non hai sardiña sen espiña
- 138. no convenience without its inconvenience**
cada un entende o que lle convén e non sempre lle sae ben
- 139. no news is good news**
as malas novas sempre saen certas
- 140. no pain, no gain**
con pouco traballo non se fan logo as cousas
de trás do traballo vén o pago
non dá morcilla o que non mata porco
o que non traballa, non manduca
quen non traballa non ten migalla
non hai pan sen afán
- 141. nothing hurts like the truth**
as verdades sempre amargan
mal me queren as comadres, porque lles digo as verdades
por dici-las verdades, pérdense moitas amistades
andade a dicir verdades e morreredes nos hospitales
- 142. nothing is certain but death and taxes**
a cada porco chégalle o seu san Martiño
a morte é tan certa como a vida incerta
para todo hai maña, senón para a morte
que morrer hemos, ben o sabemos
tarde ou cedo queda o burro sen pelexo
tarde ou cedo tódolos porcos proban o coitelo
todo ten remedio menos a morte
- 143. nothing like the old horse for the hard road**
a cabaleiro novo, cabalo vello
a cabaleiro vello, cabalo novo

para entender de presos, carcereiros vellos
a can vello non hai cus cus
a idade é do xuicio media irmá
canto máis vella, máis leva
debaixo dunha capa vella adoita esta-la sabencia
máis sabe o demo por ser vello que por ser demo
nos máis vellos están os bos consellos
paxaro vello non cae na gaiola

144. nothing ventured, nothing gained

o que non arrisca non pasa o mar

145. old habits die hard

costume malo tarde ou nunca é deixado
o costume de xogar e xurar é malo de deixar

146. once bitten, twice shy

dos desgraciados nacen os avisados

147. one beats the bush and the other catches the birds

uns erguen a caza e outros máтана e pápana
uns sementan e outros segan
uns tenden as redes e outros collen os peixes

148. one good turn deserves another

unha boa obra págase con outra
coa vara que midas serás medido
como midas, hante medir

149. one hair of a woman draweth more than a hundred yoake of oxen

a muller e o ouro pódeno todo
coas mulleres entrarás cando quixeres e sairás cando poideres
o que non alcanzan barbas consigueno faldras

150. one man's gravy is another man's poison

o que un aborrece outro o apetece

151. plenty breeds pride

de rico a soberbio non hai palmo enteiro

152. practice makes perfect

a mellor mestra é a experiencia
mallando mallando apréndese a mallar

153. silence is golden

aprende a ben calar para que saibas ben falar
a boca, pechada; e a bolsa, escondida ou gardada
boca pechada é forte como unha muralla
calar nunca a ninguén fixo mal
máis vale calar que mal falar
quen cala e pedras apaña, tempo virá que as espaxerá
quen come e é calado, non perde bocado
o parvo, se é calado, pasa por ben asinado

154. small choice in rotten apples

entre a rapa e a rebola ¡veña o demo e escolla!
entre folla e folla non hai moita escolla

155. speech is silver(n), silence is gold

aprende a ben calar para que saibas ben falar
a boca, pechada; e a bolsa, escondida ou gardada
boca pechada é forte como unha muralla
calar nunca a ninguén fixo mal
máis vale calar que mal falar
quen cala e pedras apaña, tempo virá que as espaxerará
quen come e é calado, non perde bocado
o parvo, se é calado, pasa por ben asisado

156. the absent are always in the wrong
non hai ausente sen culpa nin presente sen disculpa

157. the absent saint gets no candle
ó santo que non está presente vela non se acende

158. the apple doesn't fall far from the tree
de tal pau tal racha
de mala semente, peor xente
o fillo da cabra cabrito é
ou nas mans ou nos pés has de tirar a quen es
o fillo do burro ben sabe ornear
o fillo do lobo logo aprende a ouvear

159. the bait hides the hook
o peixe que busca o anzol, busca o seu dó
detrás da cruz anda sempre o díaño

160. the best cloth may have a moth
a mellor besta dá coa carga no chan

161. the biter is sometimes bit
a demo, demo e medio
a ruín, ruín e medio
man por man, coma o pardal
onde as dan, as toman

162. the bull must be taken by the horns
colle-lo touro polos cornos
o mal camiño, andalo logo
se te vires perdido, bótate a andar

163. the cat would eat fish but would not wet her feet
quen non traballa non ten migalla

164. the cow that is first up, gets the first of the dew
a quen madruga, Deus o axuda
madruga e verás, busca e atoparás

165. the devil finds work for iddle hands
cando o demo non ten que facer, nalgo se ha de entreter
ó demo e á muller nunca lles falta que facer

- 166. the early bird catches the worm**
 a quen madruga Deus o axuda
 a quen cedo se ergue, logo lle amañece
 madruga e verás, busca e atoparás
 se queres ter boa fama, non te colla o sol na cama
- 167. the grass is always greener on the other side of the fence**
 a cabra da miña veciña dá máis leite cá miña
 a galiña da miña veciña está máis gorda que a miña
- 168. the least said, the better**
 as palabras han de ser contadas e pesadas
 non digamos que digamos, pero tampouco digamos que digamos
 as silveiras teñen orelleiras
 ben dixo o que soilo o preciso dixo
 bo saber é calar ata que sexa tempo de falar
 garda o bico e terás paz
 non hai mellor palabra que a que se cala
 oír, ver e calar, pola terra e polo mar
 a moito falar, moito errar
- 169. the more danger, the more honor**
 o que non se arrisca non colle nin pisca
- 170. the road to hell is paved with good intentions**
 de boas intencións está o inferno cheo
- 171. the shortest answer is doing**
 calar e obrar pola terra e polo mar
 dicir ben e obrar mellor
- 172. the squeaking wheel gets the oil**
 o que non chora non mama
 Deus non oe a quen non pide
 do que non pide ninguén se acorda
- 173. there's many a slip twist the cup and the lip**
 dicir e facer non é para todos
 dicir e facer poucas veces xuntos se ven
 do dito ó feito vai un bo treito
 do pensar ó facer hai moitas leguas que correr
 hai quen fala da guerra e non vai a ela
 lingua longa, sinal de man curta
 non todo o que se di se fai, nin todo o que se fai se di
- 174. there's no fool like an old fool**
 o vello desvergonzado fai o neno mal falado
- 175. there's no honour among thieves**
 dúas aves rapiñeiras fan malas compañeiras
- 176. there's no place like home**
 non sabe o que ten quen casa de seu ten
- 177. there's none so blind as those who won't see**
 non hai peor cego có que non quere ver

- 178. there's nothing lost by civility**
 falar ben pouco custa
 por falar ben non prenden a ninguén
- 179. to carry coals to Newcastle**
 burro lavado, xabrón perdido
 cando a semana está de piollos, non vale mudar de camisa
 deume Deus un ovo e deumo grollo
 machacar en ferro frío, traballo perdido
- 180. to dead men and absent there are no friends left**
 dende que non nos vemos non nos coñecemos
 o que non parece, logo se esquece
- 181. to kill two birds with one stone**
 matar dous paxaros dun tiro
 matar dous coellos dunha caxatada
- 182. too many cooks spoil the broth**
 obra de común, obra de ningún
- 183. too many chiefs, not enough indians**
 ninguén pode servir a dous amos e agradar a entrambos
 catro nádegas non caben nun trono real
- 184. two's company, but three's a crowd**
 amor e señoría non sofren compañía
 compañía de dous, compañía de bos
 compañía de tres mala é
- 185. we are all Adam's children**
 todos somos fillos de Deus
- 186. well begun is half done**
 obra comezada xa está case acabada
 comezar case é acabar
- 187. what can be cured must be endured**
 facer de tripas corazón
 a mal tempo, boa cara
 o mal que non ten remedio, esquecelo é o mellor medio
 torto ou dereito, o que está feito está feito
- 188. what is not wisdom is danger**
 nunca deixes o certo polo que che ofrezca dúbida
- 189. what will be, will be**
 o que ha de ser, convén que sexa
- 190. when a man gets angry, his reason rides out**
 cando a cólera sae da nai, non ten a lingua pai
 endexamais a cólera fixo cousa boa
- 191. when Adam delved and Eve span, who was then the gentleman?**
 o abade e o veciño, todos moen nun mesmo muíño
 todos igual chegamos á alba; uns en boa cama e outros en palla
 no nacer e no morrer todos iguais temos que ser
- 192. when in Rome, do as the Romans do**
 en terra de lobos ouvear coma todos
 mira onde vas e, como vexas, fai

a onde fores fai como vires
fai como vires onde vivires

193. where there's smoke, there's fire

onde hai cañotos ó lume, hai fume

194. who keeps company with the wolf will learn to howl

achégate ós bos e serás un deles
achégate ós malos e serás un de tantos
ben louco será o que con loucos se xunta e o que de loucos se fie
o que entre lobos se mete, gandido sae
o que se deita con cans, érguese con pulgas
perdido é quen con perdidos anda
quen co demo anda, co demo acaba
quen con lobos anda, a ouvear aprende
tales amigos temos, tal vida facemos
un louco fai un cento

195. you can see a mote in another's eye but cannot see a beam in your own

o corcovado non ve a súa corcova e ve as outras todas
vémo-las faltas alleas na alforxa dianteira e non vémo-las nosas na tra-
seira
ve-la palla no ollo alleo e non vi-la viga no propio
ves no ollo do veciño a palla e non ves no teu a tranca
a ninguén lle cheira a súa merda
dixo o burro ó mulo: ¡jarre alá, orelludo!
díxolle a caldeira ó pote: ¡tírate alá, non me lixes!
díxolle o peite ó tiñoso: ¡tírate alá, pioloso!

196. you can take the boy out of the country but you can't take the country out of the boy

o que adoita bailar, nunca quedo pode estar
costume malo tarde ou nunca é deixado

197. you cannot catch old birds with chaff

o rato vello non cae na rateira
paxaro vello non cae na gaiola

198. you cannot get blood out of a stone/ turnip

onde non hai, non hai
de onde non hai non se pode sacar

199. you have to be cruel to be kind

Deus castiga ós que ben quere

200. you reap what you sow

como sementares e estercares así colleitarás cando segares
como sementedes, así colleredes
quen sementa sega
tal sementeira, tal sega
quen semente en mala terra non espere gran colleita
quen sementa na culler, apaña na garfela

PROCESOS DE EXEMPLIFICACIÓN NO DISCURSO

MARÍA XESÚS RODÍZ MARTÍNEZ
Universidade de Santiago

1. Introducción

A intención deste traballo é describir certos fenómenos lingüísticos que se presentan no nivel do discurso, centrando a nosa atención nos procesos de exemplificación. A necesidade de tratar este tipo de cuestións desde un marco adecuado deu orixe a que a lingüística desenvolvera unha serie de disciplinas¹ nas que o obxecto específico é o discurso e nas que as principais aproximacións teñen como fin describi-los fenómenos que contribúen a forma-la textualidade do mesmo, é dicir, o conxunto das diferentes relacións semánticas e pragmáticas realizadas máis alá do límite da oración que fan que o discurso sexa percibido como unha unidade desde o punto de vista comunicativo².

Os fenómenos propios do nivel discursivo adoitan ser estudados de acordo cunha serie de criterios, diferentes necesariamente dos empregados para analiza-las estruturas de nivel inferior ó do texto. Así cítanse como características propias dos textos a súa coherencia e cohesión³, e por outra parte abórdase o seu estudio tendo en conta

¹ Trátase de “novos enfoques” de estudio na lingüística tales como a Pragmática, a Análise do discurso e Análise da conversación, a Lingüística textual (coas variantes de Gramática textual e Sintaxe textual), etc. Pode verse un resumo das principais perspectivas en C. Fuentes (1996: 9-16); sobre Gramática Textual tratan as obras de L. Acosta (1982), E. Bernárdez (1982) e M. Casado (1993).

² Na terminoloxía que empregan os diversos autores a diferenza entre texto e discurso non sempre é clara. Recollémo-la definición de J-F. Halté (1988: 8): enténdese por discurso un enunciado ou unha enunciación de carácter verbal que ten unhas propiedades textuais e que debe ser caracterizado contextualmente, en canto acto de linguaxe realizado en certas condicións de comunicación (está ligado por tanto ós problemas de produción e recepción dos enunciados). O texto é a estrutura abstracta do discurso, un obxecto formal, caracterízase pola súa coherencia profunda e superficial.

³ Segundo E. Bernárdez (1982) a coherencia dun texto ten a súa orixe na intención comunicativa e baséase na existencia de “procesos que ponen en relación unas oraciones con otras y hacen que el texto que componen se considere coherente e íntegro”

aquelas disciplinas que expliquen adecuadamente o seu funcionamento, como a pragmática ou as teorías da enunciación.

A cohesión, por exemplo, consiste no estudo das relacións semánticas entre as oracións do discurso realizadas polos elementos de nivel léxico-gramatical. Entre os procedementos cohesivos⁴ están certos marcadores textuais que conectan os enunciados no texto, e dentro deles é onde hai que sitúalos marcadores de exemplificación que relacionan dous enunciados facendo que un se considere, segundo esa función textual concreta, como exemplo do outro. Neste traballo estudiaremos principalmente as características semánticas e pragmáticas deste tipo de enunciados conectados entre si mediante unha relación de exemplificación⁵.

2. Concepto de exemplificación

2.1. No nivel do discurso a exemplificación é unha actividade que consiste en construír enunciados de tipo particular e que é necesario distinguir doutras operacións que gardan con ela certas seme-lanzas. Considerémoslos casos seguintes:

(1) *A partir dos anos setenta apareceron as primeiras publicacións enteiramente en galego:* O tío Marcos da Portela, O galiciano e A Monteira.

(2a) *A partir dos anos setenta apareceron publicacións enteiramente en galego:* O tío Marcos da Portela, O Galiciano, A Monteira...

(2b) *A partir dos anos setenta apareceron publicacións enteiramente en galego:* O tío Marcos da Portela, O galiciano e A Monteira, *entre outras.*

(p. 92). A coherencia maniféstase no texto a través de certos fenómenos de carácter máis ou menos superficial (sintácticos, semánticos, pragmáticos): estes aspectos relacionais entre os seus compoñentes que se manifestan verbalmente no plano da formulación lingüística son os fenómenos de cohesión (substitución sinonímica, relación semántica entre lexemas, etc.).

⁴ C. Fuentes (1996: 69-73) distingue entre os medios cohesivos as relacións de *substitución* (gramatical e léxica), de *referencia* (determinación, deíxe...) e a *conxunción*. En tódolos casos hai “una relación de presuposición de algo anterior, un señalamiento textual (...)”. Así, por exemplo, “la conjunción supone la conexión de estructuras con unas determinadas presuposiciones y orientaciones de contenido: adición (*y, además, encima...*), oposición (*pero, sin embargo...*), (...) reformulación (*es decir, por ejemplo, en definitiva...*)” (p. 72-73).

⁵ Os exemplos que integran o corpus empregado proceden da lingua escrita (libros de texto, xornais e revistas maioritariamente), nun número que consideramos suficiente para achegar unha descrición o máis completa posible.

O enunciado (1) non contén ningún marcador ou índice de exemplificación, o cal nos está indicando que as publicacións mencionadas constitúen a totalidade das existentes. En (2) aparecen marcadores tales como os puntos suspensivos ou a expresión “entre outras” que revelan unha operación de exemplificación. A este respecto D. Coltier (1988: 24) afirma: “Affecter un segment de discours du statut d'exemple par l'adjonction d'un marqueur spécifique revient à transformer le segment en un énoncé d'un type particulier: incomplet, tronqué”, nese caso as publicacións que se citan como exemplo son só unha mostra de tódalas posibles⁶.

Coltier concibe a exemplificación como un tipo de paráfrase⁷ mediante a cal, nun discurso dado, se instaura unha relación de identidade entre un enunciado exemplificado e outro exemplificador. Ámbolos dous son intercambiabes, sempre e cando a intención do falante sexa a de indicar que o contido no primeiro segmento é equíparable ó expresado no segundo:

(3) *A partir dos anos setenta apareceron* O tío Marcos da portela, O Galiciano, A Monteira...

Trataríase, xa que logo, dunha equivalencia de enunciados: “affirmer “X par exemple Y” c'est finalement poser que “dire X est la même chose que dire Y” dans un discours donné”. Esta forma de considerar que “X repite Y” é confirmada polo feito de que “l'exemple est généralement conçu comme un segment discursif qui n'apporte rien au contenu global du discours dans lequel il est introduit et qu'il est, en particulier, supprimable sans dommage pour le sens général du discours” (p. 25).

C. Fuentes (1987), pola súa parte, estudia amplamente na súa obra as relacións entre enunciados, centrándose na análise dos marcadores, que ela denomina “enlaces conxuntivos”. Estes enlaces teñen como función na lingua a de conectar enunciados (o mesmo que as conxuncións), pero no nivel textual. Separa dous grandes tipos: os que

⁶ Esta mostra pode constar dun único elemento: “Algúns países, por exemplo Exipto, teñen zonas superpoboadas”, este elemento forma parte dun paradigma no que tódolos casos son susceptibles, coma el, de ser exemplos.

⁷ Sobre as reformulacións parafrásticas ver E. Gülich & T. Kotschi (1983) e C. Rossari (1990) e para un estudio elaborado da paráfrase C. Fuchs (1982). A reformulación parafrástica é unha operación que establece unha relación de equivalencia entre dúas formulacións. No caso da exemplificación, a paráfrase consiste nun enunciado fragmentario que forma parte dun paradigma, cousa que non ocorre nos outros tipos de paráfrase que, ademais, admiten outra clase de marcadores, como é *dicir*.

indican conexións lóxicas entre os feitos enunciados (adición, oposición e causalidade) e os que indican relacións intradiscursivas (equivalencia e inclusión). As relacións intradiscursivas fan referencia ás conexións entre enunciados relativas á *expresión* dos mesmos, non ós *feitos* contidos neles. Así:

“Unos precisan lo enunciado, estableciendo una aclaración sobre lo anterior que haga más completa su enunciación. Son los explicativos: *es decir, esto es, a saber, o sea*, e indican una relación de identificación: $A=B$.

Por otro lado están los que matizan ese enunciado mediante una exemplificación, ilustrando lo general (A) con lo particular (B): los ejemplificadores *por ejemplo, así*. En ellos se da una relación de inclusión: $A\supset B$.” (p. 78).

Así pois, a exemplificación está moi próxima da identificación, pero expresa no discurso unha relación distinta: esta última céntrase nunha equivalencia, mentres que aquela indica unha relación de inclusión. O noso traballo será abordado desde este punto de vista considerando por tanto que a exemplificación é *unha operación discursiva que pertence ó plano enunciativo na cal o falante pon en relación dous enunciados (ou segmentos de enunciado) dos cales o primeiro expresa un feito ou idea xeral e o segundo un caso particular que serve de mostra ante o oínte*. Desde esta perspectiva, dar un exemplo non é máis que realizar un segundo acto comunicativo que aclara ou explicita ó primeiro: “O falante enuncia A. O falante enuncia B, que é un caso de A”:

(4) *Non hai dúbida de que o padre Silva é o mellor embaixador de Galicia en todo o mundo, con premios e distincións de moitos países. Máis coñecido fóra ca en España. Por exemplo, no Xapón hai máis de 15 libros sobre el e as cidades de Bemposta e uns 25 rapaces xaponeses están na sede central, en Ourense (...)* (LVG-7.3.96)

É evidente que este tipo de fenómenos só se pode analizar adecuadamente desde o marco da *lingüística textual*, principalmente por dúas razóns:

a) as conexións que establecen estes enlaces ou marcadores exceden en moitas ocasións o nivel da oración, como se ve en (4), de maneira que para ser explicadas necesitamos ter en conta un nivel superior que é o texto.

b) as relacións entre secuencias das que estamos a falar pertencen ó ámbito discursivo, de emprego real dos elementos nunha situación comunicativa. Hai que utilizar, por tanto, aqueles enfoques da

Lingüística que dean conta destes aspectos, o que supón amplia-lo campo de análise da oración (unidade sintáctica, da gramática) ó texto (unidade do discurso, onde se manifestan os fenómenos comunicativos).

1.2. Entrando xa no comportamento semántico das expresións exemplificadoras debemos distinguir diversos tipos. A exemplificación pode ser en *extensión*, é dicir, introducindo unha relación de termos que se refiren a cousas concretas consideradas como casos particulares dun concepto xeral denotado polo segmento exemplificado⁸. Os casos particulares que serven de exemplo forman parte dun paradigma e o enunciado ó que pertencen considérase fragmentario:

(5) *Hai especies que frecuentan unha grande diversidade de medios, como o caso do raposo e a denociña* (ZIN-14)

(6) *América deu grandes figuras literarias, como o Inca Garcilaso, sor Xoana Inés da Cruz e Xoán Ruíz de Alarcón* (Soc. 7^o-133)

Raramente encontramos casos que glosen (desenvolvendo a modo de exemplo) a *intensión* das palabras; nestas ocasións estase privilexiando o significado das mesmas:

(7) *Carlos III era o prototipo de monarca ilustrado: instruído, amante da cultura e protector de artistas e sabios* (Soc. 7^o-183)

Sen embargo, a distinción entre extensión e intensión non é posible, en rigor, máis ca se se exemplifican frases nominais. Se o significado é de acción, como cando o enunciado é unha oración ou frase verbal, aparecen estruturas implicativas, que tenden a substituí-las relacións de elementos particulares. Exemplificar consiste entón en enuncia-las condicións nas cales o emprego dunha expresión dada é válido:

(8) *É certo que Haris non ten nada de fundamentalista: come carne de porco, bebe alcohol e véndeo, pois é propietario dun bar; ademais fuma e nunca puxo os pes nunha mezquita* (LVG-12.4.96)

(9) *Na poesía desapareceron tódalas limitacións tanto nos temas como nos recursos literarios: triunfou o verso libre, alterouse a sintaxe, ampliouse a base semántica das figuras literarias, suprimíronse signos de puntuación, etc* (HLG-142)

⁸ Nos enunciados exemplificadores (“un moble, por exemplo unha cadeira”) dáse un proceso de xeneralidade decrecente (B é menos xeral que A).

Nestes casos estamos moi cerca da relación de equivalencia: o segundo enunciado precisa ó primeiro facendo unha interpretación del e contribuíndo así á claridade do discurso. Neste uso poden aparecerse los marcadores explicativos *é dicir, isto é, ou sexa* e, especialmente, *a saber*, que é un enlace que indica que a seguir vén unha enumeración (“Non ten nada de fundamentalista, *é dicir/a saber*, come carne de porco, bebe alcohol, fuma...”). A distinción radica na diferenza de presuposición: se enumeramos tódolos membros da serie, establecendo unha equivalencia designativa entre os dous enunciados, estamos ante unha relación de identificación; se só se citan algúns como mostra teremos unha exemplificación.

Con todo, a característica semántica principal dos enunciados exemplificadores consiste na ilustración dun feito xeral (suceso, cousa...) mediante a introducción dun caso particular que axuda a comprendelo porque, como afirma D. Coltier (1988: 23) “il appartient au domaine du concret, du vérifiable, de l’expérience et en tant que tel, au domaine du savoir que l’expérience procure sur les choses et le monde”:

(10) *Nas súas investigacións deduciu que un corpo pode estar sometido a máis dunha forza. Por exemplo, unha bala de canón recibe un pulo horizontal ó ser disparada e ó mesmo tempo recibe unha forza vertical (gravitatoria) que fai caer ó proxectil* (Soc.7º-163)

3. A inserción de exemplos nos textos

No referente ós procedementos a través dos cales se manifesta na lingua a relación que estamos a estudar, a partir dos datos do noso corpus foi posible distinguir estratexias de exemplificación variadas, algunhas empregadas masivamente. Os diferentes medios de que dispoñemos para exemplificar ou ilustrar son⁹:

- a) marcadores
- b) fórmulas construídas a partir dos marcadores
- c) puntuación e tipografía
- d) medios léxicos

3.1. Marcadores:

⁹ Seguimo-las categorías que establece N. Briend (1988:46).

Os marcadores son elementos con función cohesiva especializados en determinadas funcións textuais. Para o caso que nos ocupa, a función de exemplificación, contamos en galego cunha serie de palabras ou expresións que funcionan como tales e que serven para dar a un enunciado o carácter de exemplo ou ilustración: *por exemplo, así e como*. En tódolos casos, como sinala N. Briend (1988) “la présence de ce marqueur sert à alerter le lecteur sur le statut particulier de la proposition qu’il concerne et donc à établir une distinction entre ce qui relève de l’assertion principale et ce qui relève de l’illustration” (p. 46). Neste sentido o marcador é extremadamente útil para clarificar a intención comunicativa, pois orienta ó interlocutor sinalando o punto de vista do falante sobre como a mensaxe seguinte se relaciona coa precedente¹⁰.

De entre eles, *por exemplo* é o marcador máis empregado e o que permite unha maior mobilidade no enunciado, aínda que o cambio de situación produce diferencias de interpretación:

- En posición inicial *por exemplo* conecta o segundo enunciado co primeiro, introducíndoo como exemplo. Este segundo enunciado contén un ou varios elementos que serven de mostra ante o oínte en relación co feito xeral indicado no primeiro:

(11) *A relación entre o texto literario e as outras formas artísticas é bastante común. Por exemplo, na obra “Crime en Compostela” o seu autor Carlos G. Reigosa adica moitas páxinas a describi-la escultura e a arquitectura compostelás. Inversamente, a literatura serve en moitos casos de tema á música, á pintura, ó cine ou á televisión. Por exemplo, certos relatos de “Outros feirantes” e Álvaro Cunqueiro, serviron de guión para a elaboración de varios capítulos televisivos producidos pola TVG (HLG-6)*

(12) *Cando se circula co ciclomotor cómpre levar algunhas ferramentas coas que se poden amañar pequenas avarías. Por exemplo: unha chave inglesa, unha chave de buxías, un destornillador, uns alicates, un anaco de lixa, cinta adhesiva... (Soc 7º-213)*

Cando *por exemplo* se atopa en cabeza de enunciado é conmutable con *así*. Este último como marcador de exemplificación só pode ocupar esta posición e ás veces o seu valor está próximo ó consecutivo,

¹⁰ Sobre esta cuestión é interesante o artigo de B. Fraser (1990), nel estúdiáanse os marcadores discursivos, ós que este autor define como “expressions (...) which signal a sequential relationship between the current basic message and the previous discourse” (p. 383).

de aí que resulte moito máis claro cando se combina co anterior (*así por exemplo*):

(13) *A partir do desastre da Invencible, os navíos ingleses acrecentaron os seus ataques ós portos españois tanto en América como incluso na Península. Así, en 1556, unha escuadra inglesa atacou por sorpresa e incendiou o porto de Cádiz* (Soc. 7º-113)

(14) *Xeralmente as mulleres teñen sido discriminadas respecto ós homes no traballo, na cultura e mesmo nas leis. Así, por exemplo, a muller conseguiu moito máis tarde có home o dereito ó voto* (Soc. 7º-203)

- No interior do enunciado *por exemplo* aparece en forma de inciso pero pode resultar ambiguo. Tal e como indica C. Fuentes (1987) “este elemento puede usarse también como adjunto. En dicho caso acompaña a un participante sintáctico, al que introduce como ejemplo, pero no lo conecta con lo anterior, sino que la referencia es presuposicional: señala a toda la serie a la que se presupone pertenece ese elemento y cuyos miembros también podrían haber sido escogidos para aparecer en ese contexto” (p. 186). Vexámolo no seguinte caso:

(15) *Oceanía é un continente moi pouco poboado. Cunha superficie algo inferior á Europa, ten moitos menos habitantes ca, por exemplo, España* (Soc. 7º-71)

Aquí *por exemplo* non conecta dous enunciados entre si, senón que introduce no segundo un elemento que resulta escollido de entre moitos posibles, matiz que se perde se eliminámo-lo exemplificador:

(15b) *Oceanía é un continente moi pouco poboado. Cunha superficie algo inferior á de Europa, ten moitos menos habitantes ca España.*

A ambigüidade xorde en casos como (16): podemos interpretar *por exemplo* como conector entre enunciados, expresando co segundo un caso particular do contido expresado no primeiro:

(16) *Trátase dun desenvolvemento autónomo dunha poesía popular de carácter feminino que estivo moi en voga en Europa durante a Idade Media. As jarchas mozárabes, por exemplo, testemuñan existencia deste tipo de lírica nos séculos X e XI* (HLG-34)

ou ben considerar que o marcador indica que, de entre un conxunto de elementos posibles en relación paradigmática como candidatos a suxeito desa oración, o falante elixe as jarchas.

Outro marcador abundantemente utilizado é *como*, así como a combinación *como por exemplo*, que introducen frases nominais ou elementos en función nominal:

(17) *A maior parte das manifestacións da literatura oral perdéronse, outras foron recollidas por eruditos do século XVIII, como Sarmiento e Sobreira, ou investigadores do século XIX como Pérez Ballesteros e Saco y Arce (HLG-51)*

Existen algunhas formas que están moi próximas ós marcadores pero non se inclúen nesta categoría pois admiten a variación formal de número: *exemplo, exemplos, tal como, tales como*:

(18) *As palabras galegas que rematan en -i ou en -u non son patrimoniais, senón de orixe estranxeira ou recente. Exemplos: taxi, kiwi (LG 8º-11)*

(19) *Os adxectivos especificativos expresan unha cualidade que non vai implícita no substantivo. Exemplo: Teñen un porco rabelo (LG 8º-34)*

3.2. Fórmulas construídas a partir dos marcadores:

Tamén aparecen con valor exemplificador unha serie de expresións como frases nominais ou, máis frecuentemente, oracións enteiras, que se empregan para introduci-lo exemplo. Estas expresións poden ir claramente separadas do segmento exemplificador (ó principio ou ó final):

(20) *De feito, non sabemos cando os discípulos tiveron a experiencia íntima e persuasiva de que Xesús non era un morto, senón un Vivente. Un exemplo: dous discípulos (...) camiñaban de Xerusalén a Emaús; achégaselles un camiñante o mesmo domingo de resurrección (...) e eles que levaban anos vivido con Xesús, non o recoñecen ata que el bendiciu o pan e o repartiu (LVG-20.4..96)*

ou ben inscribirse na continuidade do parágrafo:

(21) *Nas sociedades orientais, con valores diferentes ós nosos, os deportes de masas son outros que o fútbol. Un exemplo sería o sumo no Xapón, con elefánticos loitadores considerados semi-deuses (NT,17-5)*

(22) *Hai ocasións en que algúns novelistas mesmo escriben algunhas novelas que se dan lido. Miren, se non, o caso de Muñoz Molina que chegou a escribi-la que se titula O xinete polaco (OCG-22.11.95)*

As fórmulas mencionadas non se consideran marcadores posto que non son estruturas lexicalizadas, trátase de construcións libres que admiten un gran número de posibilidades. As variantes son múltiples:

-Utilización da palabra “exemplo”: *pódense destacar por exemplo..., por poñer un exemplo significativo, o mellor exemplo é..., e son exemplos..., ...son exemplos de..., ...por dar algúns exemplos, temos un exemplo en..., é o exemplo máis...de..., constitúe(n) claro(s) exemplo(s) de..., un exemplo facilitanolo..., vexamos se non o exemplo de..., ...que pode servirnos como exemplo para... Moitas destas fórmulas son presentativas: *Velaquí un exemplo:..., vexámolo cun exemplo:..., un exemplo:..., aquí temos un exemplo de...:..., e algunhas alcanzan unha extensión considerable: *recollemos só algúns a título de exemplo:..., só a modo de exemplo ofrecemos unha pequena relación daqueles que nos parecen máis significativos:..., verdadeiras paráfrases do marcador por exemplo.***

-Emprego doutras palabras para darlle a un enunciado o carácter de ilustración (nomes como “caso”, “mostra”, “representante”, etc., os verbos “ver”, “citar”, “lembrar”, ou adxectivos como “indicativo”): *caso(s) de..., (como) é o caso de..., tal é o caso de..., ...por poñer un caso, un é o caso de..., caso de..., existe un caso que..., mostra diso é..., será mostra disto..., ...son só pequenas/unhas mostras de..., boa mostra de..., vexamos estas..., para citar un dos máis eminentes lembremos a..., lembremos..., ...por só citarmos uns poucos, son indicativos disto..., etc.*

-Outras expresións: *mirade se non...; con...desta guisa:...; foi o que aconteceu con...; velaí...; concretamente..., en concreto..., sen ir máis lonxe..., etc.*

3.3. As parénteses e a tipografía:

A función textual de exemplificación tamén se expresa a través das parénteses e dos guións. Aínda que é frecuente atopalos combinados cos marcadores: *(por exemplo, ...), (... , por exemplo), (así, por exemplo...), (como...),* ou con algunha das expresións vistas no apartado anterior, o máis normal é que por si sós illen o exemplo; trátase de signos gráficos que aparecen na lingua escrita para reflectir fenómenos fónicos de entoación e pausa:

(23) *O uso de instrumentos de traballo (ligóns, tixolas, gadañas...) ou funcionais (chaves, caldeiros, botellas, culleres...) como instrumentos musicais esténdese á xeografía universal (Pallamallada, NS)*

No caso das enumeracións pode haber ambigüidade entre o valor exemplificador e o identificativo:

(24) *Na prosa, os elementos que constitúen a mensaxe -palabras, sons, esquemas oracionais, pausas...- distribúense de forma irregular (HLG-6)*

se os elementos que aparecen se consideran como unha lista pechada, estaríamos ante unha identificación de dous enunciados (por exemplo se dicimos: “os elementos que constitúen a mensaxe -palabras, sons, esquemas oracionais, pausas- distribúense de forma irregular”); nese caso podería aparecer un marcador de identificación como *é dicir, ou sexa, isto é...* Nas enumeracións resultan moi clarificadores elementos como os puntos suspensivos ou a palabra *etcétera* ó final da lista, que indican de maneira explícita o carácter aberto, e por tanto, exemplificador, do segundo enunciado.

Nos textos explicativos, especialmente os de tipo didáctico, aparecen certas disposicións tipográficas que revelan as partes do texto que conteñen exemplos:

(25) *O presente de indicativo presenta a acción que se está a desenvolver no momento en que se fala.*
Estudio para saír pola tarde (LG 8º-84)

3.4. Os medios léxicos:

Á parte dos medios sinalados pode haber outros que nos indiquen a existencia de exemplos nos textos. Os dous puntos ó principio do enunciado seguidos de listas ou enumeracións de elementos pertencentes á mesma categoría e a presenza de puntos suspensivos ó final son claros indicios dunha relación de exemplificación no discurso. A enumeración adoita estar anunciada por un termo xenérico:

(26) *O propio mundo rural que ata agora mantivera unha certa inmunidade fronte ós factores de agresión vai ser violentado sistemática e implacablemente: a escolarización obrigatoria, a irrupción máis ou menos masiva dos medios de comunicación, os maiores contactos co mundo urbano, etc, son algúns dos factores que si corroeron seriamente os debilitados piares da nosa lingua (VLG-21)*

Nas enumeracións é moi frecuente que se dea unha relación de hiponimia entre o enunciado exemplificado (un tipo ou unha especie) e

o exemplificador (individuos mostras desa especie); trátase dun procedemento de cohesión léxica:

(27) *Ainda que cobra nas romarías o gaiteiro non vive exclusivamente desa adicación, desempeñando a cotío os oficios máis dispares, sempre dentro da economía rural tradicional: labregos, taberneiros, tendeiros, muiñeiros, ferreiros -caso de Rilo ou do de Soutelo, que aprendera este oficio de mozo-, son as ocupacións normais cando non son contratados.* (NT, 20-6)

Hai textos sen marcas¹¹ nos cales cómpre realizar unha lectura máis atenta:

(28) *Os recursos estilísticos son característicos da linguaxe literaria, aínda que tamén aparecen no uso cotián da lingua. Cando dicimos: “un ninguén que vai para ningures”, “baila coma un argadelo”, ou “cor rechamante” estamos empregando a linguaxe nun sentido figurado* (HLG-6)

só as variantes estilísticas ou as características do léxico nos permiten situa-los exemplos: a posibilidade de engadir “por exemplo, ...” antes do enunciado, como en (28) é un dos recursos máis habituais. Outro indicio é a aparición de palabras que resumen ou xeneralizan ó final unha serie de feitos enunciados previamente:

(29) *Unha aportación fundamental de Blanco Amor é a utilización de diferentes técnicas novas para a literatura galega, nun momento en que se está a conforma-la narrativa actual. A distancia do narrador-autor cos seus personaxes, os diferentes puntos de vista, o tratamento do tempo, a indeterminación na novela do espacio físico en que se desenvolve... son aspectos técnicos que (...) el introduce na literatura galega* (HLG-184)

Pero o criterio máis claro é a aparición de termos que van do xeral ó particular. O exemplo en tódolos casos é considerado como un feito ou idea que pertence ó dominio do concreto, mentres que o segmento exemplificado é produto da actividade conceptualizadora dos falantes:

¹¹ A presenza ou ausencia de marcador segundo B. Fraser (1990) non altera a potencial relación discursiva entre a mensaxe que segue e o discurso precedente: “a discourse marker does not create meaning (...) but only orients the hearer”. De todas formas, cando non aparecen este tipo de marcadores “since the relationship is not signaled by a lexical signal but is based on the hearer’s interpretation of the utterance context and the particular intonation used, there is a great chance for communication breakdown” (p. 390).

(30) *O automóbil é tamén (...) o símbolo do modo de vivir á americana, cun alto nivel de benestar. Sete de cada dez familias estado-unidenses posúen un ou máis automóviles e case 140 millóns de vehículos circulan decote polas estradas do país* (Soc. 7^o-43)

4. Función dos exemplos no discurso

4.1. Como vimos, os procesos de exemplificación son produto da intención comunicativa dos falantes, de aí que neste apartado debamos de facer alusión á función pragmática dos mesmos. A pragmática¹² é unha disciplina que se ocupa do estudo dos elementos lingüísticos no contexto, onde se inclúen aspectos como a intencionalidade do emisor ó enunciar algo ou a adecuación e relevancia do que se comunica con respecto á situación. Escribe V. Escandell (1993: 27): “Frente al punto de vista gramatical, que sólo debe ocuparse de analizar los aspectos formales y constitutivos del sistema lingüístico, la perspectiva pragmática se caracteriza por tomar en consideración los elementos y factores extralingüísticos que determinan en grados diversos el uso e interpretación de las secuencias gramaticales”. Entre eses factores está a intención comunicativa dos falantes, é dicir, o obxectivo co que unha determinada oración é proferida¹³.

Parécenos moi interesante a este respecto a obra de S. Stati (1990) titulada *Le transphrastique*, que foi escrita para intentar remediar as carencias derivadas da falta de estudio por parte da gramática tradicional (e tamén da estruturalista e xenerativa) dos fenómenos lingüísticos situados máis alá da oración: “la succession des énoncés ne semble pas obéir à des règles grammaticales, l’enchânement des idées

¹² O concepto de pragmática non ten unha definición unitaria na lingüística, apunta a diversas direccións : estudio da lingua no contexto, concepción da lingua como acción (actos de fala), etc. Pode verse un resumo en C. Fuentes (1990: 39-45; 1996: 9-11), afirma esta autora: “(...) en general, se reconoce la necesidad de tener en cuenta el contexto para fijar el significado de los términos o unidades lingüísticas (...) Hay que tener en cuenta la situación enunciativa: el aquí y ahora, la relación hablante-oyente, y las circunstancias del canal de transmisión, así como el código” e o que é aínda máis importante, e recolle aquí as ideas de Ducrot (1980): “ la enunciación debe tenerse en cuenta no sólo al intentar interpretar un enunciado en su valor pragmático, sino también en el análisis lingüístico. Porque existen elementos que si bien se relacionan sintácticamente con otros, semánticamente hacen referencia al acto de enunciación y no a lo dicho en el discurso” (p. 42).

¹³ M. Casado (1993) fala de “funcións textuais”, estas “designan el contenido propio de un texto o de una parte de un texto. Así, por exemplo, “pregunta”, “respuesta”, “orden”, “asentimiento”, “conclusión”, “resumen”, etc. son, entre otros muchos, contenidos posibles de textos, o sea, funciones textuales o sentidos” (p. 12).

et des interventions dans la conversation n'étant pas régi par des contraintes d'ordre morphologique et/ou syntaxique *stricto sensu*" (p. 10). Factores esenciais dentro da "transfrástica" son a identificación das funcións pragmáticas e dos papeis argumentativos, que por outro lado non se circunscriben a ningún nivel concreto xa que poden expresarse mediante unha oración, unha parte da oración e mesmo unha secuencia de oracións. O estudio destes dous aspectos son os que responden a unha concepción máis "pragmalingüística", os que mellor reflicten as intencións comunicativas dos falantes e deles ímonos ocupar no apartado seguinte, analizando cómo se manifestan nos enunciados de exemplificación.

4.2. Para entende-la función dos exemplos no discurso hai que partir do punto de vista comunicativo que pon en xogo a uns individuos (emisor e receptor) que desenvolven entre eles, nunhas determinadas circunstancias, unha serie de interaccións; elas condicionan, en gran medida, o tipo de texto resultante, entendido como a manifestación global da intención comunicativa do falante. En xeral, adoitan distinguirse diversos tipos de textos (explicativos, narrativos, descritivos...) dependendo das funcións predominantes nos mesmos. Unha das tipoloxías máis estendidas é a que se fundamenta en procesos cognitivos característicos que dan lugar ós seguintes tipos textuais: narrativo, inxunctivo, descritivo, argumentativo, explicativo-expositivo, dialóxico-conversacional e poético¹⁴.

O corpus empregado neste traballo provén na súa maior parte de obras de carácter didáctico (manuais escolares e de nivel superior) e divulgativo (revistas de divulgación cultural e científica) así como de textos xornalísticos, onde se actualizan de forma notoria os tipos textuais "explicativo" e "argumentativo", que son os que tomaremos en consideración. En todos estes textos, como veremos, a función dos exemplos é primordial. Do exame dos datos podemos concluír que a exemplificación cumpre tres funcións predominantes no discurso: explicar, informar e argumentar.

No caso da función *explicativa* dos exemplos o obxectivo comunicativo é "facen entender algunha cousa a alguén". Son discursos nos que hai unha especie de obstáculo que se intenta remontar: o falante non se queda simplemente en dici-las cousas senón que toma en conta ó outro e trata de restablece-la interacción comunicativa. Esta interacción é a propia da situación de ensino/aprendizaxe, de aí que o recurso ó exemplo sexa constante nos textos didácticos:

¹⁴ Véxase J-M. Adam (1990: 59).

(31) *Encol- Este adverbio significa sempre “sobre algo material”; enriba, encima. (ex.: “o lapis está encol da mesa”). (VLG- 137)*

A adaptación ó oínte, eliminando os posibles obstáculos na comprensión, fai que os textos explicativos, comunicativamente, sexan os máis cooperativos por parte do falante. Con frecuencia percíbese unha diferenza de nivel no papel adoptado por cada un dos participantes na interacción comunicativa: o demandante de información está nunha posición baixa, porque non comprende (ou o falante supón que non comprende), e o que proporciona a información en posición alta porque sabe.

Recorrendo ó exemplo é posible explicar significados de palabras, nocións (especialmente nos textos científicos), fenómenos, e toda clase de afirmacións que sexan susceptibles dunha incorrecta comprensión (abundan as consignas explicativas no apartado das actividades):

(32) *Na linguaxe natural utilízanse as palabras cun significado **denotativo**, é dicir, convencional e obxectivo, compartido por toda a comunidade (por exemplo cando dicimos **a pomba voa**) (HLG-6)*

(33) *Nun proceso de estilización da realidade, o poeta substitúe o substantivo sempre por un mesmo epíteto considerado como nota definitiva dese substantivo. Así, os piñeiros son os **rumorosos**; a vila de Laxe, a **areosa**; as andoriñas, as **vagamundas**, etc. (HLG-90)*

(34) *No galego, as palabras escribímolas con **b** ou con **v** segundo a etimoloxía. Así, escribimos **avogado** porque deriva do latín **advocatu** e escribimos **beber** porque en latín era **bibere**. (LG 8º-13)*

(35) *A sogra de Pedro dirixese a el con sarcasmo. Escribe os sarcasmos que atopas e explicaos.*

Exemplo: ¡Ai, que rico debes vir! - quere dicir que vén moi pobre. (LG 8º-109)

Para facer comprender pódese proceder por analogía (o que o oínte non coñece funciona igual ca aquilo que coñece e que é presentado no exemplo) ou por inducción (non se explica nada, preséntase un exemplo do que se espera que o oínte induza o significado dos conceptos que non comprende).

Con frecuencia o exemplo explicativo cumpre unha función meramente *ilustrativa*. A explicación aquí non está ligada ós problemas de comprensión pois non hai obstáculos que impidan a correcta interpretación da mensaxe. O exemplo posibilita unha recepción clara e accesible do discurso e demostra igual ca no caso anterior unha actitude cooperativa por parte do falante pois mellora a comunicación.

A miúdo ilústrase o contido dun termo xeral achegando feitos (sucesos, cousas) concretos, directamente extraídos da realidade:

(36) *O gaiteiro incárdinase de tal xeito na súa comunidade que chega a trocar en moitos casos o seu nome e apelidos polo da súa parroquia ou lugar de orixe, sendo aqueles descoñecidos da maioría da xente: os gaiteiros de Penalta, Ventosela, Baio, Soutelo..., son exemplos desta asimilación* (NT, 20-4)

(37) *Por outro lado era frecuente que os equipos vilegos ou cidadáns reforzasen as súas liñas con xogadores procedentes doutros equipos que adoitaban a cobrar polo seu traballo, mantenza e estancia incluídas. Así, nun encontro habido en 1920, entre o Rayo S.C. de Verín e o Antelo F.C. de Xinzo, participan nove xogadores do Real Unión de Ourense: cinco nas filas do primeiro e catro nas do segundo que ademais contaba co reforzo do xa famoso Pinilla do Celta que prodigaba as súas intervencións nesta zona.* (NT,17-28)

O estudio do corpus demostrounos que non sempre se debe considera-la exemplificación como unha estratexia que teña a súa orixe nos problemas comunicativos. Hai polo menos dous empregos máis específicos, que se superpoñen ó uso xeral: o emprego en función argumentativa e en función informativa.

Na función *informativa* o falante ten a intención de proporcionar datos. O exemplo preséntase como unha *exposición*: unha sucesión de datos que teñen como fin facer saber, facer coñecer; lonxe de ser superfluo o exemplo pode conter unha grande densidade de información¹⁵. Hai un procedemento bastante común que consiste en enunciar primeiro un feito ou concepto xeral que anuncia a información que se vai dar a seguir:

(38) *Por veces, as cantigas de amigo clasifícanse polo marco ambiental en que se desenvolven. Así, as que fan referencia á peregrinaxe a un santuario denomínanse **cantigas de romaría** e aquelas en que está presente o mar denomínanse **barcarolas** ou **mariñas**; se nas cantigas se fai referencia ó baile, reciben o nome de **bailías** ou **bailadas*** (HLG- 34)

O destinatario debe comprender que o contido do exemplo é importante e que é unha parte do texto que debe reter:

¹⁵ Xeralmente o exemplo é concebido como “un segmento discursivo que non contribúe nada ó contido global do discurso no que é introducido, suprimible sen prexuízo para o significado xeral do discurso” (Vid. D. Coltier, 1988: 25), afirmación que cabe matizar, pois neste caso pérdese información.

(39) *A pesar diso podemos atopar unha ducia de especies, entre saurios e ofidios que viven nesta área. Así, témo-lo **lagarto anual**, que é o meirande dos saurios galegos e (...). Outro lagarto, o **das silveiras**, é unha especie endémica de Galicia (...). Entre as lagartixas temos nesta área dúas especies, a **lagartixa dos camiños** e a **de Bocage**. (...) Ademais dos saurios anteriores, hai varias especies que se semellan ás cóbregas aínda que non o son. Tal é o caso do **escáncer boeiro**, moi frecuente en bosques, hortas, mato (...). Xa dentro dos ofidios ou cóbregas, témo-la **cóbrega rateira** ou **de Montpellier**. (...) Preto das augas de ríos e regatos está a **cóbrega sapeira** e a **de río**. (...) Outras dúas cóbregas semellantes son a **lagarteira común** e a **raiada** (...). Para rematar, tamén nos nosos montes témo-la presenza da **víbora de Seoane**, que leva este nome en recordo do naturalista galego Víctor López Seoane. (ZIN-12)*

Por último, na función *argumentativa*¹⁶ os exemplos empréganse para tratar de convencer, proporcionando ó oínte as razóns para que chegue a determinadas conclusións. O exemplo é un argumento que ten como función xustificar ou refutar un xuízo previamente enunciado: “Il y a argumentation chaque fois qu’un même locuteur prend en charge deux ensembles d’énoncés en présentant l’un comme destiné à faire admettre l’autre” (Stati, 1990: 64).

Na función argumentativa o aspecto informativo é reducido, “la prétention de décrire la réalité ne serait alors qu’un travestissement d’une prétention plus fondamentale à faire pression sur les opinions de l’autre. Des phrases apparemment descriptives, telles que “Pierre est intelligent” (...) sont à considérer comme douées de la force argumentative” (Anscombe e Ducrot, 1983: 169). Aquí a información (que pode ser nova ou xa familiar para o oínte) está supeditada ós fins persuasivos e é só un contido que se dá como apoio dun enunciado anterior:

(40) *O investimento en medio ambiente constituíu un compoñente importante dos programas de creación de emprego na maioría dos países europeos. Así, en Suecia, entre os anos setenta e oitenta,*

¹⁶ Sobre a argumentación véxase J.-Cl. Anscombe e O. Ducrot (1994). Estes autores estudian os discursos argumentativos e especialmente os encadeamentos de dous segmentos A e C, dos cales un se presenta como argumento que xustifica a outro dado como conclusión. Como idea xeral témo-la definición de Marta Tordesillas no prólogo en español da mesma obra (p. 17): “La concepción tradicional de la argumentación formula que hay argumentación cuando, en un discurso, un segmento discursivo es presentado con justificación de otro, entendido este segundo como conclusión”.

Pola súa parte, S. Stati (1990: 16) defínea como “la fontion, offensive ou défensive, que la phrase est capable d’exercer dans le mécanisme de la persuasion: preuve, rectification, conclusion, etc.”

constituían un tercio do programa total, en Francia, de 1984 e 1987, representou o 20% dos empregos do programa de traballo público e en Alemaña, trala reunificación constituíu o 35% do total do programa de creación de emprego.(NG, 25-9)

O carácter argumentativo dos exemplos pode recoñecerse a través de certas características lingüísticas: así, fórmulas do tipo *que pode servirnos de exemplo para confirmar...; mostra disto é...; boa mostra é...; vexámolo cun exemplo bastante representativo...; e só aduciremos uns exemplos...; vexamos se non o exemplo de...; miren, se non, o caso de...;* etc., que van introducindo o exemplo-argumento; tamén poden aparecer marcadores como *en efecto* conectando os dous enunciados. Dentro dos marcadores de exemplificación é *así*¹⁷ o máis empregado nesta función, neste caso é conmutable pola expresión *en efecto*.

O exemplo argumentativo pode converterse nun elemento decisivo no plan xeral do discurso: serve para fundamenta-las conclusións e ó mesmo tempo permite a progresión temática do discurso:

(41) *A primeira das dicotomías mencionadas (hai linguas fáciles e linguas difíciles) é, na súa totalidade, unha futilidade. Din que Edward Sapir, o grande lingüista e antropólogo norteamericano, acadou un dominio aceptable do xaponés en cuestión dunha semana. Está claro que non somos, por desgracia, Edward Sapir e que tampouco é este o xeito correcto de formular seriamente o problema da facilidade. Pero alomenos o exemplo obríganos a comezar cunhas preguntas: ¿fácil ou difícil para quen?, ¿con que condicións naturais (...)?, ¿con que actitudes e predisposicións (...)? O que é certo é que os que tildan unha lingua de “difícil” (...)* (ML- 56)

Os exemplos argumentativos poden presentarse en forma de xustificación ou proba do dito:

(42) *No século XVIII, coa chegada da dinastía borbónica, acentuouse o centralismo político e idiomático. Así o Decreto de Nueva Planta (1716) suprimiu as liberdades políticas de Cataluña, e a Real Cédula de Aranjuez (1768) ordenaba que “en todo el reino se actúe y se enseñe en lengua castellana”* (HLG- 52)

en forma de obxección ou desacordo, cando o exemplo ten como fin de invalida-lo enunciado anterior:

¹⁷ A. Zenone (1983: 189-190) distingue tres empregos de *así*: de constatación, consecutivo e ilustrativo. Señala que o *así* ilustrativo introduce no discurso un feito ou razón que apoia unha afirmación anterior (p. 195).

(43) *Dos poetas dáse por feito que o que contan sae directamente do corazón e da experiencia, cousa que non sempre é certa, alomenos en certos xéneros. Os madrigais eran puros xogos literarios, e anacreónticas eróticas houbo no noso século dezaioito escritas por fradiños tan castos como San Xosé (LVG- 21.5.96)*

ou ben como unha confirmación do dito que pretende a adhesión do oínte fronte á tese enunciada en primeiro lugar:

(44) *Nas miñas obras, polo xeral, existe unha base real que é estudiada e transformada. Cando eu digo: estaba sentada nun sillón de coiro de Moscovia, que escurece co tempo... isto é unha cousa absolutamente certa no que se refire ó coiro de Moscovia (A. Cunqueiro, revista “Coordenadas”, HLG- 172)*

En calquera caso o exemplo permite lexitimar aquilo que se afirma e preséntase coa mesma validez ca outros posibles argumentos.

5. Conclusións

A exemplificación é un tipo de relación que se establece entre elementos do texto. Non se circunscribe a unha unidade de lingua concreta: podemos exemplificar dentro da oración ou máis alá dos seus límites. A natureza desta relación non é sintáctica, gramatical, senón que obedece a fins pragmáticos e comunicativos.

Caracterízase pola súa cohesión, no sentido de Halliday e Hasan (1976): “cohesion occurs where the interpretation of some element in the discourse is dependent on that of another” (p. 4). O enunciado que ocupa o segundo lugar explica a enunciación do precedente introducindo un exemplo que o aclara. A exemplificación adopta a miúdo a forma dunha enumeración, aínda que a característica común a todos estes enunciados consiste na ilustración dun feito xeral por medio dun caso particular que serve de mostra ante o oínte.

Para conferirlle o carácter de exemplo a un segmento do discurso o falante recorre frecuentemente a marcadores como *por exemplo, así e como*, que están especializados en tal función, así como a certos signos gráficos na escrita. Con todo, a presenza de marcador non é necesaria, neste caso son as características do léxico as que revelan unha operación de exemplificación.

O recurso ó exemplo permítelle ó falante aclarar-la súa comunicación procurando unha boa recepción da mesma. Podemos falar dunha función xeral ilustrativa común a tódolos casos: o exemplo é

unha mostra ou demostración que apoia o enunciado precedente. A partir do exame dos datos distinguimos tres funcións específicas no discurso: explicativa (o exemplo trata de restaurar unha comprensión deficiente), informativa (o exemplo proporciona datos relevantes desde o punto de vista comunicativo) e argumentativa (o exemplo úsase como argumento para convencer). A predominancia de cada unha destas funcións condiciona o tipo de texto resultante.

Referencias bibliográficas

- Acosta, L. (1982): *Cuestiones de Lingüística textual*. Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca.
- Adam, J.-M. (1987): “Types de séquences textuelles élémentaires”, *Pratiques*, 56, pp. 54-79.
- Anscombe, J.-C. e Ducrot, O. (1983): *L’ Argumentation dans la langue*. Paris, Mardaga.
- (1994): *La argumentación en la lengua*. Versión española de J. Sevilla e M. Tordesillas. Madrid, Gredos.
- Bernárdez, E. (1982): *Introducción a la lingüística del texto*. Madrid, Espasa-Calpe.
- Briend, N. (1988): “L’Illustration et son marquage”, *Pratiques*, 57, pp. 45-56.
- Casado Velarde, M. (1993): *Introducción a la gramática del texto del español*. Madrid, Arco Libros.
- Coltier, D. (1988): “Introduction et gestion des exemples dans les textes a thèse”, *Pratiques*, 58, pp. 23-41.
- Ducrot, O. (1980): *Les mots du discours*. Paris, Minuit.
- (1983): “Operateurs argumentatifs et visée argumentative”, *Cahiers de Linguistique Française*, 5, pp. 7-36.
- Escandell Vidal, M. V. (1993): *Introducción a la pragmática*. Barcelona, Anthropos.
- Fernández Bernárdez, C. (1994): “Marcadores textuales de “ejemplificación” textual”, *Estudios de Lingüística Universidad de Alicante*, 10, pp. 103-144.
- Fraser, B. (1990): “An approach to discourse markers”, *Journal of Pragmatics*, 14, pp. 383-395.
- Fuchs, C. (1982): *La paraphrase*. Paris, P.U.F.
- Fuentes, C. (1987): *Enlaces extraoracionales*. Sevilla, Alfar.
- (1990): “Pragmática y Sintaxis”, *Discurso*, 5, pp. 39-56.
- (1996): *Aproximación a la estructura del texto*. Málaga, Ágora.

- Gülich, E. e Kotschi, T. (1983): “Les marqueurs de la reformulation paraphrastique”, *Cahiers de Linguistique Française*, 5, pp. 305-351.
- Halliday, M.A.K. e Hasan, R. (1976): *Cohesion in English*. London, Longman.
- Halté, J.-F. (1988): “Trois points de vue pour enseigner les discours explicatifs”, *Pratiques*, 58, pp. 3-10.
- Rossari, C. (1990): “Project pour une typologie des opérations de reformulation”, *Cahiers de Linguistique Française*, 11, pp. 345-359.
- Stati, S. (1990): *Le transphrastique*. Paris, P.U.F
- Zenone, A. (1983): “La consecution sans contradiction: donc, par consequent, alors, ainsi, aussi”, *Cahiers de Linguistique Française*, 5, pp. 189-214.

Corpus tirado de:

- HLG: Mouriño, X., Quevedo, M., *Historia da literatura galega 3 BUP*. Santillana, Madrid, 1991.
- LG 8º: Palacio, X.A., Blanco, L. e Barros X.L., *Obradoiro da lingua galega 8*. Santillana, Madrid, 1992.
- LVG: *La Voz de Galicia* (1995: 19.5, 14.6, 22.11; 1996: 7.3, 15.3, 21.3, 3.4, 4.4, 12.4, 14.4, 20.4, 24.4, 1.5, 4.5, 5.5, 21.5).
- ML: Tusón, J., *Mal de Linguas*. Edicións Positivas, Santiago de Compostela, 1990.
- NG: *Natureza Galega*, 25 (1996).
- NT: *Cadernos A Nosa Terra*, 17 (1994), 20 (1995).
- OCC: *O Correo Galego* (1995: 8.8, 22.11).
- Pallamallada NS: *Na seitura do barroso*. Ed. do Cumio.
- Soc. 7º: Alberti, A., Castejón, P., Cortés, M.M. et al., *Sociedade 7*. Santillana, Madrid, 1987.
- VLG: Graña Nuñez, X., *Vacilacións, interferencias e outros “pecados” da lingua galega*. Ir Indo, Vigo, 1993.
- ZIN: *Zonas de interese natural de Santiago (I)*. Concello de Santiago. Departamento de Educación, 1987.

UNHA APROXIMACIÓN Á NEOLOXÍA EN GALEGO NO CAMPO DA INFORMÁTICA

SILVIA CARRIL CALDELAS

Todo intento de creación neolóxica leva implícitos numerosos factores que non só fan referencia ó proceso de creación en si mesmo senón tamén ás repercusións que vai ter no medio que o rodea. Así pois, cando asistimos á aparición dun termo, debemos ser conscientes de que dende ese momento a nova palabra vai pasar a formar parte dun determinado sistema conceptual que non aparece illado senón que, como no caso dos neónimos, está en relación cun sistema internacional de linguas especializadas. A partir deste intre o novo termo debe sufrir un proceso de adaptación e son os falantes os únicos que poden xulga-la validez do seu uso nesa linguaxe determinada. Por outra banda tamén é o proceso de normalización o que determinará a pervivencia dese termo na lingua. Ben é sabido que, canto maior é estabilidade dunha lingua e maior é o desenvolvemento da sociedade que fai uso dela, menos importancia cobra o intervencionismo dos organismos normalizadores. Non obstante, a situación de Galicia é totalmente a contraria. Debido ó proceso de modernización e desenvolvemento que atravesa o país é moi importante e necesaria a presenza duns organismo normalizador. Este organismo debe lograr non só a plena adaptación dos novos termos da sociedade galega, senón tamén certa unidade ou aproximación co resto das linguas xa que a neoloxía abrangue, ademais da creación neolóxica que poderíamos chamar “xeral”, a creación de novos termos para linguas de especialización. E son estas linguas as que están a cobrar maior pulo cada día debido á súa similitude en tódalas linguas a nivel internacional. Débese pois favorecer esta unidade para facilita-la comunicación entre os diferentes especialistas e evita-lo illamento lingüístico, pero tampouco debemos caer na tentación de aceptar sempre como válidos determinados termos só polo feito de que teñan unha validez universal. Isto pódenos levar á situación contraria, é dicir, a substituír ou adoptar automaticamente un termo estranxeiro, o que acabaría por empobrecer aínda máis unha lingua que xa de por si está bastante discriminada nos usos científicos.

Hai que atopar entón un punto medio entre estas dúas posicións aínda que dende logo vai se-lo uso o que finalmente teña a “última palabra”.

É neste punto onde os especialistas deben tomar parte no proceso xa que ó tratarse de linguas especializadas só eles poderán, en colaboración cos lingüistas, afirma-lo uso de cada termo específico.

No asentamento dos novos usos terminolóxicos tamén deben colabora-las autoridades lingüísticas. No momento que está a atravesala nación galega, a intervención destes organismos é primordial. Non obstante, é preciso propoñer unha serie de iniciativas que tamén teñan en conta factores sociolingüísticos e psicolingüísticos para lle ofrecer ó falante unha sensación de seguridade e estabilidade. En definitiva, cando falamos de creación neolóxica non debemos esquecer nos das particularidades de cada lingua, da súa conciencia nacional, da súa idiosincrasia e tampouco da súa situación lingüística e do marco conceptual no que se vai integrar ese novo termo.

No caso do vocabulario plurilingüe que estamos a estudar podemos atopar moitos aspectos de creación neolóxica en galego dignos de comentario.

O primeiro que queremos tratar son as diversas posibilidades de creación neolóxica por medio da derivación. Ó tratarse o galego e o español de dúas linguas románicas tan próximas atópanse unha serie de prefixos e sufixos que son iguais nas dúas linguas. Non obstante, estas semellanzas tórnanse diferentes cando observámo-lo índice de frecuencia de uso entre unhas e outras. Un exemplo deste tipo de derivación obsérvase no termo do inglés *computer* e a súa tradución ó galego e ó español. Podemos comprobar que mentres en español se opta por utilizar só o termo *ordenador* en galego hai dúas solucións: *computadora* e *ordenador*. No inglés podemos atopa-la dicotomía no étimo do termo entre *to compute* e *to calculate*. Por unha banda, considérase que *to calculate* fai referencia *to a more complex, difficult and lengthy mathematic process executed with precision and care*, mentres que, por outra banda, *to compute* fai referencia *to a simpler mathematic process especially arithmetical and with less abstruse and problematic quest*. Tanto se se utiliza un termo coma outro, ambos son derivados do calco semántico “computar”. En español o DRAE rexista calquera dos dous termos, mentres que en galego non hai ningún tipo de regulamentación con respecto a isto.

Pero si hai, en efecto, normativa nas dúas linguas no referente ós derivados. Na actualidade prefírese utiliza-la forma *informática* (orixinaria do francés *informatique*) como substantivo. Non obstante para forma-los seus derivados utilízase a forma saxona *compute*. Así

pois atopamos que os sufixos máis rendibles para a formación de derivados son: *ado, al, ble, ción, ista, mento, teca, (t)ica*, cun índice de distribución diferente en cada lingua. En español o substantivo fórmase sobre a base do verbo en inglés: *computerizar / ización*, etc., mentres que en galego se considera que a formación correcta deste neoloxismo é sobre a forma adaptada *computadorizar* ou ben *informatizar*.

Neste caso en concreto resulta difícil rexeita-la forma *computador* e afirmar que é un calco do castelán. Persoalmente creo que se trata dunha creación neolóxica totalmente aceptable e dificilmente substituíble por outro termo calquera posto que xa está plenamente establecido na nosa lingua.

Coa palabra *format* atopamos un problema similar e diferente a un tempo. Nas tres linguas *format* ten unha raíz común do latín pero mentres no inglés derivou na creación dun verbo, no español e no galego tan só permaneceu como substantivo. Do mesmo xeito no inglés o seu significado experimentou unha especialización no campo da informática que aquí non ten equivalente. Isto pódese comprobar no DRAE, onde se define *formato* como “*el tamaño de un impreso expresado en relación con el número de hojas que contiene cada pliego e indicando la longitud y anchura de la plana*”. Na actualidade tanto o español coma o galego botaron man da creación neolóxica e ampliaron o significado deste termo chegando mesmo a crear un verbo *formatear*. Aínda que se fixeron outras propostas para substituír este termo (*dar formato a, prepara-la estructura de*), a realidade é que se aceptou definitivamente esta forma posto que ademais presenta o mesmo proceso de derivación que en *telefonar, filmar, linchar*, etc. Pola miña parte considero que a utilización deste termo é totalmente aceptable posto que ademais permite maior flexibilidade para crear derivados como por exemplo *de(s)formatear*.

Outros dous casos idénticos son os de *monitor* (etimol. *monēre*, ‘advise, warn’). En español e en galego non hai un verbo patronímico e créase mediante sufixos como *monitorizar / ción / eo*, etc. Aquí atopámonos diante dun anglicismo innecesario, facilmente substituíble por *visor*.

O mesmo acontece con *reset* (dispositivo que retorna o ordenador a unha situación inicial ou de partida). Neste caso estamos diante dun anglicismo naturalizado na fonomorfloxía e na semántica. Hai diferentes propostas para a tradución deste termo: *reposicionar, reinicializar, restablecer, restaurar, poñer a cero*. As dúas primeiras son anglicismos adaptados e a segunda delas ten características semánticas diferentes.

A miña proposta é a utilización do verbo “*reiniciar*” (sobre la base *re+iniciar*), que expresa perfectamente o proceso de “poñer a cero” o ordenador.

Unha situación semellante en certos aspectos a este anterior é a do termo *diskette*. Mentres que en español se propoñen diversas solucións para o *floppy disk* (*disco flexible, movable, diskette, disquete*) en galego non existe unha normativa sobre este termo. Na miña opinión non sería necesario en galego calcar este termo do inglés xa que témo-las palabras *disco* ou *disquiño*, que describe exactamente a estrutura formal deste elemento informático (composto dun disco xiratorio contido nunha tarxeta plástica). Poderíase argumentar, como de feito se fai en español, que é preciso conserva-la base inglesa xa que facilita a formación de derivados. Isto non é completamente certo xa que para designar, por exemplo, o lugar onde se introduce o disco podemos crea-la palabra *disqueira* (do mesmo xeito que de *chavella* se crea *chavelleira*).

Por outra banda, atopámonos co terreo da homonimia e da sinonimia. En canto á primeira é preciso reducila e en canto á sinonimia sería aconsellable eliminala. Ámbolos dous fenómenos lingüísticos poden provocar confusión no falante e dificulta-la súa capacidade de comprensión. Un exemplo da sinonimia atopámolo na palabra *field* ou *campo*. Sen embargo, eu penso que aquí utiliza-la mesma traducción é a solución máis rendible posto que ese termo xa ten asentado ese significado noutros campos de especialización como a electrónica, electricidade, lingüística, etc.

Onde podemos atopar un caso máis claro de homonimia é no termo *file*. En español danse dúas posibilidades de traducción (*archivo / fichero*) mentres que en galego só unha (*arquivo*). A palabra *fichero* pode significar tanto un *conxunto de información relacionada entre si que recibe un único nome que pode ser modificado* como tamén *dispositivo físico de acceso directo no que se almacenan os datos*.

Por outra banda o termo *arquivo* posúe un paradigma derivativo máis completo para a creación dun verbo: *arquivar* e non *fichar*.

Así pois, penso que a mellor solución é a que se nos dá aquí para o galego posto que é máis rendible cá do español. Sen embargo, a segunda tampouco me parece incorrecta ata o extremo de que resulte condenable xa que vén recuperando un termo preexistente na lingua cun significado moi próximo. Neste sentido poderíase dicir que o español resulta máis rico e menos restrictivo có galego a pesar de que debido á dobre designación pode provocar incerteza nos usuarios. Esta solución no galego non é válida porque acentuaría aínda máis esa incerteza ó tratarse dunha lingua en proceso de consolidación.

A modo de resumo e en relación cos termos aquí estudados, debo dicir que, unha vez estudados estes termos nas tres linguas, o que se pode observar en xeral na tradución ó galego é que os autores, tanto anónimos coma non, se limitaron a calcar facendo unha simple adaptación fonética dos termos en inglés, sen achegar ningún tipo de investigación nin etimolóxica nin semántica ás súas solucións. Resulta comprensible por outra banda que en determinados casos non se puidese atopar unha mellor solución posto que algúns termos están xa fortemente implantados e ademais o proceso de investigación e creación neolóxica, que xa é de por si bastante complexo, aínda está máis agravado polo feito de que a maior parte das linguas de especialización aínda non están totalmente asentadas no noso país.

Así pois, eu proporía un estudio e unha investigación máis profunda deste léxico especializado para podermos achegar algunhas solucións próximas á nosa lingua sen ter que caer continuamente en calcos e adaptacións do inglés.

Referencias bibliográficas

- Aguado de Cea, Guadalupe (1994): *Diccionario comentado de terminología informática*. Paraninfo, Madrid.
- Álvarez, Rosario et al. (1991): *Gramática galega*. Galaxia, Vigo.
- Freedman, Alan (1993): *Diccionario de computación*. 5ª ed., MacGraw-Hill, Madrid.
- Instituto da Lingua Galega - Real Academia Galega (1989): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Instituto da Lingua Galega - Real Academia Galega, [Santiago].
- Mendizábal Allende, Blanca (1984): *Diccionario de informática*. Oxford University Press, Oxford.
- Moliner, María (1988): *Diccionario de uso del español*. Gredos, Madrid.
- Quirk, R. e Greenbaum, S. (1989): *A University grammar of English*. Longman, London.
- Real Academia Española (1992): *Diccionario de la lengua española*. 21ª ed., Real Academia Española, Madrid.
- Vaquero Sánchez, Antonio e Joganés Aguilar, Luis (1993): *Informática, glosario de términos y siglas, Diccionario inglés-español / español-inglés*. McGraw-Hill, Madrid.
- VV.AA. (1990): *Diccionario Xerais castelán-galego*. Xerais, Vigo.
- VV.AA. (1990): *Diccionario de dúbidas da lingua galega*. Xerais, Vigo.

- VV.AA. (1992): *Collins Cobuild*. Collins Publishers, London.
- VV.AA. (1993): *Computer dictionary (The comprehensive standard for business, school, library and home)*. 2ª ed., Microsoft Press, Redmond, WA.
- VV.AA. (1993): *Diccionario Xerais da lingua*. Xerais, Vigo.
- VV.AA. (1993): *Collina diccionario de inglés*. 4ª ed., Grijalbo, Barcelona.

García Soto, Xosé Ramón: *Érase unha vez un neno... Estudio da evolución da linguaxe en nenos galego-falantes*, Santiago de Compostela, Edicións Sotelo Blanco, 1996, 212 p.

O traballo realizado por Xosé Ramón García Soto, baseado en gran parte no texto da súa tese de doutoramento, foi merecente do II Premio Vicente Risco de Antropoloxía e Ciencias Sociais. Pero se esto non é de abondo para albisca-lo seu interese, convén dicir que é a primeira monografía publicada que versa sobre dun aspecto da adquisición da linguaxe por nenos galego falantes. É certo que anteriormente (ou contemporaneamente) á saída á luz de *Érase unha vez un neno...* xa se tiñan publicado outros traballos que achegan datos sobre determinados aspectos da adquisición e desenvolvemento da linguaxe en nenos galegos (Rodríguez-Trelles, 1993; García Soto, 1994; García Soto e Pérez Pereira, 1996; Forján, García e Pérez Pereira, 1995, 1996; López Romalde, 1996; Pérez Pereira, Forján e García, 1996; Pérez Pereira e Rodríguez-Trelles, 1996), pero ningún deles da extensión e sistematicidade do presente libro.

A investigación realizada por García Soto está en sintonía con outras realizadas noutras linguas empregando unha metodoloxía común: o uso dun conto sen texto a partir do cal os nenos deben facer un relato. Precisamente por iso o impulsor máximo destas investigacións, o profesor da Universidade de Berkeley Dan I. Slobin, prologa a obra.

En sentido estricto, o libro comentado non pretende unha exposición sistemática da adquisición da linguaxe nos nenos galego-falantes, obxectivo por outra banda que semella no momento actual moi ambicioso, senón que restrinxe o seu interese á adquisición e desenvolvemento da cohesión nos relatos infantís.

A obra de García Soto está dividida en dúas partes. Na primeira o autor trata o tema da cohesión nas narracións de nenos galego-falantes, en diferentes capítulos. Na segunda parte ofrece o corpus narrativo, é dicir, as narracións realizadas polos nenos e adultos estudados, e sobre das que realizou o seu estudio.

No primeiro capítulo da primeira parte o autor fai unha clara e motivante introducción á análise da cohesión, na cal é quen de presentar un tema complicado e abstruso dun xeito ameno, e con múltiples exemplos non unicamente extraídos das narracións dos nenos, senón tamén de autores literarios galegos. Nel, fai unha exposición do sistema que utilizará para analiza-las narracións do conto realizadas polos nenos e adultos que el estudiou, e que non é outro que o de Halliday e Hasan (1976), que García Soto adaptou ó galego. As relacións de cohesión por referencia, substitución, elipse, conxunción e cohesión lexical son así repasadas no capítulo, indicando os

elementos lingüísticos que permiten a súa expresión no galego. Esta parte, en si mesma, xa ofrece un interese grande a quen estea interesado no estudio da lingua, pola sistematización e rigurosa adaptación do sistema de Halliday e Hasan, responsables da elaboración da que, probablemente, é a máis completa análise da cohesión.

¿Pero qué se entende por cohesión, e porque é relevante o seu estudio? A cohesión refírese “ás relacións semánticas no interior dun texto; cada vez que a interpretación dun elemento depende doutro elemento do texto, aparece cohesión”. Pero a cohesión trascende os límites da oración, dando ó texto unha unidade semántica. Evidentemente, a capacidade para relatar é algo ben valorado no mundo actual, e que mesmo está relacionado co éxito escolar. Saber cómo progresa esa capacidade ten unha evidente relevancia para os educadores.

Despois dun segundo capítulo no que repasa algúns estudos realizados sobre a cohesión noutras linguas e extrae as ideas esenciais, García Soto expón no capítulo terceiro os obxectivos, hipóteses e metodoloxía do seu traballo. A súa investigación realizouse sobre os relatos recollidos en 84 suxeitos, dos cales 14 eran adultos e 70 nenos entre 4 e 12 anos de idade. Había 5 grupos, de 14 nenos cada un, das idades seguintes: 4, 5, 7, 9 e 11 anos. Os nenos procedían das provincias de Lugo e A Coruña.

Nos capítulos cuarto e quinto o autor presenta os resultados das súas análises, e as conclusións ás que chega.

Ainda que non é este o lugar para facer unha escolma dos seus interesantes achados, si que parecen indica-la existencia de tres fases na evolución dos relatos:

a) Na primeira, propia dos 4 e 5 anos, os nenos fan narracións que son controladas por estímulos externos á linguaxe que aparecen nas láminas, polo que aparece un uso abundante de pronomes, adxectivos demostrativos e adverbios de lugar cunha función clara de sinalamento do referente extralingüístico ou referencia deíctica. É dicir, os nenos fan referencia ó que ven nos debuxos, pero sen aínda ser quen de realizaren un relato no que uns elementos do texto remitan a outros (referencia intralingüística). Por outra banda, non se aprecian indicios da existencia dunha representación xerarquizada dos elementos léxicos (termos supraordenados, subordinados, sinónimos...), pois os nenos repiten a mesma palabra ó longo do relato, sen variacións.

b) Na segunda, característica dos nenos de 7, 9 e 11 anos, existe unha organización das láminas en episodios cun protagonista principal marcado sen flexibilidade. Eso fai que exista un descenso do uso da referencia deíctica e un aumento importante do uso cohesivo dos adverbios de lugar (referencia anafórica), especialmente. Aparece, ademais o uso da sinonimia, e non xa a mera repetición do mesmo nome. Os nenos destas idades parecen estar especialmente preocupados pola organización sintáctica das oracións á hora de describi-lo conto, o que dá lugar a oracións multiclausais con subordinación. Nesta fase, segundo García Soto, prima un control interno (lingüístico) das narracións, fronte ó control externo propio dos nenos máis pequenos.

Finalmente, os adultos usan unha forma misturada de control interno e externo. Os suxeitos organizan os episodios en narracións cohesionadas,

empregando cohesivamente pronomes, adxectivos demostrativos e adverbios de lugar, xunto con usos deícticos.

Na segunda parte do libro, García Soto nos presenta os relatos que recolleron nos 84 suxeitos que estudiou. Con esto o autor fornece un corpus lingüístico de gran valor para que poida ser estudiado por outros investigadores, mesmo con obxectivos e intereses diferentes.

O libro de García Soto é o sinal máis evidente dun movemento para o estudio da adquisición da linguaxe nos nenos galego-falantes que comezou hai xa varios anos, e que ten en *Era unha vez un neno...* o que, hoxe por hoxe, constitúe o seu resultado máis sobranceiro.

Referencias

- Forján, M. T.; García, S. e Pérez Pereira, M. (1995): “Análise do primeiro léxico producido por nenos galegos”. *Cadernos de Lingua* 12, 83-102.
- (1996): “Un estudio longitudinal sobre las formas de posesión en monolingües y bilingües gallegos”, en Pérez Pereira, M. (ed.): *Estudios sobre la adquisición del castellano, catalán, euskera y gallego*. Santiago: Publicacións da Universidade de Santiago, 1996, pp. 485-502.
- García Soto, X. R. e Pérez Pereira, M. (1996): “Evolución de algunas formas de cohesión en las narraciones de niños gallegos”, en Pérez Pereira, M. (ed.): *Estudios sobre la adquisición del castellano, catalán, euskera y gallego*. Santiago: Publicacións da Universidade de Santiago, 1996, pp. 367-377.
- Halliday, M. A. K. e Hasan, R. (1976): *Cohesion in English*. London: Longman.
- López Romalde, M. A. (1996): “Características da evolución do léxico dunha nena bilingüe galego-castelán”, *Cadernos de Lingua* 13, 115-132.
- Pérez Pereira, M.; Forján, M. T. e García, S. (1996): “Comparanza da adquisición das formas de posesión do galego e o castelán en nenos bilingües”, *Cadernos de Lingua* 14, 21-38.
- Pérez Pereira, M. e Rodríguez-Trelles, A. (1996): “Evolución de las funciones de los tiempos verbales en los relatos de niños gallegos”, en Pérez Pereira, M. (ed.): *Estudios sobre la adquisición del castellano, catalán, euskera y gallego*. Santiago: Publicacións da Universidade de Santiago, 1996, pp. 379-392.
- Rodríguez-Trelles, A. (1993): “Adquisición das narracións nos nenos”, *Cadernos de Lingua* 7, 113-125.

MIGUEL PÉREZ PEREIRA

Gutiérrez Tuñón, Manuel: *Atlas Lingüístico de El Bierzo*, vol. I. Léxico (1), Instituto de Estudios Bercianos, Ponferrada (León), 1996.

Se examinámo-la nómina dos dialectólogos, atopamos que unha gran parte deles naceron en territorios de confluencia de distintas realidades lingüísticas. O Bierzo é un deses territorios caracterizados polo encontro de distintas linguas. Alí conflúen falas galegas con falas leonesas, sobre as que se superpón o castelán, coma un manto que, ás veces, non deixa percibir ó transeúnte a rica realidade polimórfica que baixo el se oculta. Por iso o Instituto de Estudios Bercianos acertou plenamente no nome de *Xornadas sobre linguas na fronteira* que, con motivo da presentación do primeiro volume do *Atlas Lingüístico de El Bierzo*, organizou en Ponferrada do día 21 ó 23 de outubro de 1996. Nestas xornadas participaron, por orde de intervención: Pilar García Moutón (“Los Atlas y el estudio de las variedades lingüísticas”), Manuel González González (“A situación do galego nas portas do século XXI”), Francho Nagore Laín (“Pervivencia y recuperación de la lengua aragonesa a finales del siglo XX. Algunos datos y anotaciones”), Xavier Lammuela García (“La política de promoción del occitano en el Valle de Arán”), Cristina S. P. Martins (“Mirandés: elementos para a comprensión da súa historia e do seu estatuto actual”), Ana María Cano González (“Situación sociolingüística del asturiano”), Francisco Fernández Rei (“A situación do galego na terra Navia-Eo, no Bierzo e nas Portelas”), Ana Seco Orosa (“O trazado da fronteira oriental do galego en León”) e Manuel Gutiérrez Tuñón (“El Atlas Lingüístico de El Bierzo”).

O *Atlas lingüístico de El Bierzo* está dirixido por Manuel Gutiérrez Tuñón, quen elaborou tamén o *Cuestionario* que serviu de base para a recollida do material, cuestionario que foi redactado tendo en conta os modos de vida e a realidade cultural do territorio estudiado, pero tamén os utilizados anteriormente para a realización dos demais atlas levados a cabo na Península Ibérica, o que facilitará sen dúbida a comparación e o contraste dos seus datos cos recollidos noutros atlas de áreas circundantes. Ó tratarse dun territorio historicamente de transición entre o galego e o leonés, ou se se prefire un territorio onde conflúen o galego, o leonés e o castelán, resultará especialmente interesante a confrontación cos datos do *Atlas Lingüístico Galego*, e cos datos do dominio lingüístico leonés no *Atlas Lingüístico de España y Portugal*. Isto permitirá ver con claridade cómo as áreas de determinados fenómenos teñen continuidade polo territorio galego, e as doutros por territorio leonés, asturiano, zamorano, etc. Hai que ter en conta que ata agora non tiñamos un estudio de conxunto da realidade lingüística do Bierzo, e que, nos traballos de cartografía lingüística publicados con anterioridade, o territorio do Bierzo só

aparecía representado por catro puntos no *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, 1 no *Atlas Linguarum Europae*, 1 no *Atlas Linguistique Roman*, e 5 no *Atlas Lingüístico Galego*. Este atlas vén cubri-lo baleiro existente, e permitíranos coñece-las falas desta cormarca dunha maneira global e non fragmentaria, como muy bien se indica na *Introducción* deste primeiro volume.

Se collemos, por ex., o mapa num. 10, correspondente a NOCHE/NOITE, atopamos fundamentalmente os seguintes resultados: a) o resultado galego *noite*, sen ditongación de *õ* e con resultado *it* do grupo CT; b) os resultados *nuoite*, *nuete*, con ditongación crecente do *õ* e resultado *it* do grupo CT; c) o resultado *nueche*, con ditongación crecente *ue* e palatalización en [tʃ] do grupo CT; d) e, por último, o resultado *noche*, sen ditongación de *õ*, e palatalización do grupo CT en [tʃ]. Do primeiro resultado coñecemos perfectamente a súa continuidade dentro do territorio galego, ¿pero cal é a vitalidade actual dos outros resultados fóra do ámbito estudado neste atlas?, ¿cal é a extensión da área de cada un destes resultados?. É algo que non coñecemos coa suficiente precisión e que cos datos ofrecidos neste atlas e cos que nos proporcione o *ALEP* cando este vexa a luz, será posible establecer. Este mesmo mapa ofrécenos informacións valiosas sobre o contacto de linguas e as interferencias lingüísticas: podemos observar como en localidades como Teixedo de Ancares ou Dehesas, ó lado da forma *noite*, está presente xa o castelanismismo *noche*, ou como esta mesma forma castelá está a punto de desprazar definitivamente ó resultado local *nueche* en Igüña.

O *ALBI* é un atlas de pequeno dominio. A rede consta de 24 puntos, separados entre si por unha distancia aproximada de 11 Km; e tendo en conta a poboación do territorio estudado, hai un punto de encuesta por cada 6.500 habitantes. O cuestionario utilizado consta de 1804 preguntas, das que 310 son de fonética, 188 de gramática e 1306 de léxico. As enquisas foron todas gravadas en cinta magnética, o que permite a realización da transcripción fonética dunha maneira máis pausada e reflexiva, e corraxir eventuais fallos que se poidan producir nunha primeira transcripción impresionista.

A recollida de datos foi levada a cabo por catro enquisadores e dez colaboradores, que traballaron con informantes maiores de 40 anos que reunían as condicións habituais esixibles a un bo informante.

Está previsto que a obra conteña un volume de fonética, outro de gramática e catro de léxico. O primeiro tomo que acaba de saír á luz corresponde á serie do léxico, e contén 217 mapas referidos ó tempo, ó espacio e á flora.

O interese principal dos datos deste volume é fundamentalmente léxico, e o estudo dos seus mapas permítenos establece-las isoléxicas que delimitan as áreas dos distintos tipos léxicos. Por ex., no mapa 5, correspondente á pregunta “onte”, podemos separar perfectamente a área continuadora de AD HERI (tipo *ayer*) da continuadora de AD NOCTEM (tipo *onte*, *oite*...); ou no mapa 170, no que se estudian as denominacións da tona da pataca, podemos delimitar con bastante precisión a área ocupada por cada un dos tipos léxicos: *casca*, *paraza*, *pela* e *monda*.

Pero o feito de que sexa un tomo dedicado fundamentalmente ó estudio do léxico, non quere dicir que os seus datos non teñan tamén interese para un

mellor coñecemento da morfoloxía e, sobre todo, da fonética (aínda que estean previstos outros volumes dedicados á gramática e á fonética). A transcripción completa da resposta permítenos estudar un gran número de fenómenos de tipo fonético, tanto referidos ó vocalismo coma ó consonantismo. A ditongación ou non das vocais breves tónicas latinas E, O (*tiempo / tempo; cueva / cova*); a perda ou conservación do -L- e -N- intervocálicos do latín (*lúa / luna*); os resultados palatais ou velares do J- inicial latino ([j=ɲko] [x=ɲko]); a conservación ou perda do F- inicial latino (*fiollo / inojo*); a palatalización ou simplificación das xeminadas -NN-, -LL- (*peña / pena, amarillo / amarelo*), por poñer só unha pequena mostra, son fenómenos que poden ser seguidos a través dos resultados que se plasman nos mapas que integran este volume.

Un atlas lingüístico ofrécenos unha fotografía do estado actual da realidade lingüística, e o exame dos seus datos permítenos tirar conclusións tamén de tipo sociolingüístico. Se estudiamos, por exemplo, os mapas correspondentes ás denominacións dos días da semana, podemos ver cómo as formas do castelán desprazaron case totalmente os resultados autóctonos galegos e leoneses, e ante esta situación hai que preguntarse cales son as causas históricas ou os factores sociais que explican a castelanización xeneralizada neste campo léxico.

Felicítamos sinceramente a Manuel Gutiérrez Tuñón (director da obra), a Alicia Fonteboa López (coordinadora), ós encuestadores, ó Instituto de Estudos Bercianos e a todos cantos fixeron posible que contemos cun atlas lingüístico do Bierzo, territorio que constitúe unha verdadeira encrucillada lingüística. Un atlas lingüístico é sempre unha obra ben querida por todos, porque se o examinamos con profundidade, nel aparece reflectida unha boa parte da nosa maneira de ve-lo mundo, dos nosos modos de vida, e, en definitiva da nosa historia e do noso ser actual.

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Viceversa. Revista galega de traducción. Nº 2, 1996, Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo, Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 266 páxs.

O segundo número da revista galega de traducción, *Viceversa*, sae cunha forte vontade crítica ante a falla de sensibilidade das institucións, universitarias e académicas, polos estudos e traballos de traducción que se realizan no eido galego. O pesimismo, que se nota tanto na “Presentación” como na nota final, “Traduccións, 1995”, ten a súa razón no descenso do número de traduccións publicadas no 1996, así como no desinterese dos responsables da Administración Autónoma, que suprimiron o Premio Ramón Cabanillas de Traducción creado por este mesmo organismo.

Isto debe ser, polo tanto, unha chamada de atención a tódolos que deberíamos estar interesados por unha sociedade mellor servida por axentes culturais e que contase con profesionais de calidade.

En relación con isto último atopamos na cuidada selección dos artigos, un fío conductor do que quere e debe ser a formación do traductor no noso contexto social e cultural. En relación con isto parécenos interesante marcar dous puntos:

1º A necesidade da Historiografía da Traducción, pois “os futuros especialistas da comunicación interlingüística e intercultural precisan adquirilo sentido da evolución das culturas e iniciárense nas estratexias da traducción practicadas polos tradutores de antano”¹ e así “constata-la relatividade dos conceptos de fidelidade e equivalencia”²

2º A posta de relevo do papel do traductor, que debe facer “unha lectura *lexítima* que poña nas mans, no espírito de todo un mundo novo de lectores, un texto que doutro xeito non chegarían a coñecer”³.

A estrutura externa da revista mantén a disposición en apartados do primeiro número (*Teoría e Hª da Traducción, Instrumenta, Traduccions Xustificadas, Criticas e recensions e Informacions*) Esa organización, en xeral, correspóndese con criterios ben delimitados: reflexións teóricas e históricas, achegas útiles para os profesionais, estudos de traballos concretos e recensións.

A primeira sección ábrese cun traballo de recompilación histórica do profesor X. Alonso Montero, “O idioma galego en edicións polilingües, quer

¹ Jean Delisle: “Reflexións sobre as esixencias científicas da Historia da Traducción”, pág. 38

² Ibidem. pág. 38

³ Consuelo García Devesa: “Algunhas ideas sobre a (I)lexitimidade das traduccions literarias”, pax. 172 (a cursiva é nosa).

como lingua de orixe, quer como lingua termo (1787-1995)” (páxs. 11-36). Temos diante unha coidada compilación de textos galegos en edicións polilingües tanto como lingua de chegada como de partida. Sinala o autor que se ben o galego é lingua termo en datas temperás, será xa ben iniciado o século XX, cando aparece como lingua de orixe por razóns de tipo político. Como lingua termo aparece en textos de carácter bíblico, relixioso, e laico⁴:

(1787). Versión do *Pater Noster* en Lorenzo Hervás y Panduro: *Saggio pratico delle lingue con prolegomeni, e una raccolta di orazioni dominicali in più di trecento lingue e dialetti....* Cesena.

(1887). *O Magnificat* (Lucas, 1, 46-55) en Fr. María Bernardós: *Magnificat in CL Linguas Versum*.

(1894). *Zara. Edição polyglota*.⁵

Pero será coa traducción de *Galicia Martir e Atila en Galicia* de Castelao cando o galego aparece por primeira vez como lingua de partida; posteriores serán as versións de poesías de Mendiño, Martín Códax, Airas Nunes ou mesmo de Curros, Lorca e Rosalía, vertidos a idiomas ós que nunca fora traducido o galego (finés, bretón, lufardo).

No seguinte artigo achegámonos ó plano teórico co traballo de J. Delisle: “Reflexións sobre as esixencias científicas da historia da traducción” (páxs. 37-65). Nel reflexiona sobre o interese da Historiografía da Traducción nesta disciplina co fin de “consolida-las súas adquisicións, defini-los seus obxectivos, puntualiza-los seus métodos de investigación, aclara-las súas esixencias científicas e logra-los mellores resultados posibles nas aplicacións pedagóxicas”⁶.

En tres apartados delimita quen son os historiadores da traducción e cál é a natureza dos seus traballos, qué non debe se-la historiografía da traducción e qué métodos deben segui-los estudiosos deste campo. A Historiografía da Traducción ten moito de encrucillada de disciplinas e isto permite enfoca-lo obxecto de estudo desde diferentes perspectivas: grandes panoramas internacionais, análise da traducción nun país, estudos de traducción de documentos particulares, estudos sobre un xeito especial de traducir.... Esta disciplina deberá deixa-los vellos costumes e non usa-la forma dos anais nin ser unha recompilación de traducións, relatos anecdóticos e menos estenderse en ideas preconcebidas. A Historiografía da Traducción debe segui-lo concepto moderno da historia en tanto ciencia que responde a unhas hipóteses e interpreta os feitos para, así, estudia-la evolución das ideas nas que se apoiou a reflexión sobre a traducción.

Itamar Even-Zohar, reflexiona sobre “A posición da traducción literaria dentro do polisistema literario” (páxs. 57-66), e a súas implicacións na conformación das culturas nacionais. Para este autor as relacións entre a obra traducida e a literatura orixinal teñen dous aspectos distintos; por unha banda a escolla que se fai dos textos que van ser vertidos a esa lingua, e, por outra, a

⁴ Estes son só uns exemplos da recompilación que fai o autor.

⁵ A traducción galega é de M. Curros Enríquez.

⁶ Jean Delisle: “Reflexións sobre as esixencias científicas da Historia da Traducción”, pág. 38.

forma na que as obras traducidas seguen unhas normas e unha política específicas. En relación con isto, a posición e a función da literatura traducida dentro dun polisistema literario pode ser central ou periférica, innovadora ou conservadora. Se a tradución ocupa unha posición central dentro do polisistema terá tamén carácter innovador. A súa función será ofrecer novos modelos literarios, novas formas de observar a realidade, novas linguaxes, estruturas e técnicas de composición. Esta situación darase en casos de: “polisistemas non cristalizados, literaturas “periféricas” ou literaturas en fase de baleiro creativo”⁷. Pero se a tradución ocupa unha situación periférica dentro do polisistema, convértese nun elemento conservador xa que as innovacións partirán da literatura autónoma.

Anxo Fernández Campo, no traballo: “Traducir literatura popular para o galego” (páxs. 67-80), pon de relevo os poucos intentos de traducir xéneros literarios de tradución oral. Neste artigo analiza, con bastante éxito ó noso entender, as posibilidades do galego, lingua de chegada, na recepción dun feixe de cantigas dialectais romanesas. Fernández Campo xoga coas diferenzas e semellanzas culturais e formais en tres diferentes tipos estróficos e temáticos: doina, cintec e strigatura. O resultado por veces permite a transcrición case intacta das formas de expresión, outras é preciso a substitución polos usos metafóricos da lingua de chegada.

Instrumenta ábrese cun traballo de X. María Gómez Clemente sobre os “Recursos para tradutores na rede Internet” (páxs. 83-98). Resulta un traballo interesante en tanto guía para buscar páxinas de WWW con recursos para tradutores, direccións específicas sobre instrumentos de software, bases de datos, dicionarios catálogos; e mesmo conexións con centros de estudo ou empresas privadas do negocio da tradución.

Seguindo no campo da informática, témo-lo traballo de Gómez Guinovart, “Traducción automática e traducción asistida por ordenador: aspectos terminolóxicos e tipoloxía” (páxs. 99-105). Neste artigo tenta aclarar a ambigüidade do termo “traducción automática” e delimita as diferenzas entre TA (traducción automática), TAO (traducción asistida por ordenador), TTACA (traducción totalmente automática de calidade alta), TSIH (traducción semiautomática con intervención humana) e THAO (traducción humana con axuda do ordenador). En realidade a diferenza radica en separar a traducción automática (TA, TTACA), hoxe por hoxe imposible, de todos aqueles recursos informáticos que colaboran no proceso da traducción humana. Cos programas de TSIH obtemos traducións que precisan dunha revisión humana para lograr certa calidade; sen embargo en textos moi técnicos, de léxico e sintaxe restrinxida (informes meteorolóxicos, por exemplo), atopamos resultados moi aceptables. E, á par destes programas, existen un gran número de aplicacións informáticas (THAO) como a ofimática, a telemática, xestión documental etc., que están á man de todos aqueles que se dediquen a este traballo.

Deixando atrás o mundo informático, Xosé Antón Palacio, no artigo “Dúas traducións ó castelán do Hámlet de Cunqueiro” (páxs. 106-126), revisa

⁷ Itamar Even-Hoar: “A posición da tradución dentro dun polisistema literario” pax. 61.

os traballos de Xosé Cermeño e Basilio Losada⁸, atendendo a cuestións gráficas, morfolóxicas, sintácticas, léxicas, estilísticas, referencias intertextuais, erros de lectura e escollo do rexistro lingüístico, entre outras.

Saímos do contorno máis próximo para viaxar con F. Pérez-Barreiro Nolla ó complicado mundo da transcripción do chinés. Para quen non teña coñecementos sobre esta lingua, o artigo, “A transcripción do chinés” (páxs. 127-152), é unha estupenda introducción ó sistema de caracteres chinés, á problemática da diferenciación dialectal e entre lingua falada e escrita e ós varios intentos por establecer sistemas de transliteración con caracteres latinos.

Remata esta parte cun traballo de L. Fernández de Sanmamed e Silvia Montero Küpper sobre “100 paremias alemanas e as súas correspondencias galegas” (páxs. 153-168) Neste campo de traballo o contido dos refráns pode ser de difícil tradución cando se refire a valores específicos moi arraigados nunha cultura (ex.: *pan de millo non llo des ó teu fillo*); pero se se trata de ideas ou experiencias máis universais, o traballo pode ser máis doado. No traballo de buscar correspondencias pódense dar casos de coincidencia na forma e no contido, ou ben só no contido. As imaxes poden ter un reflexo parcial ou case coincidente, pero tamén, ás veces, é preciso recorrer a un refrán distinto, traduci-lo literalmente cunha nota explicativa ou parafrasea-la idea.

Nas *Traduccions Xustificadas*, C. García Devesa volve ó tópico “traduttore e traditore” no seu artigo, “Algunhas ideas sobre a (I)lexitimidade das traducións literarias” (páxs.171-178) Para a estudiosa, o libro é un ente libre que se renova a cada lectura; de acordo con isto, o traductor ofrecerá unha nova lectura, léxítima, que achegue o texto a outros lectores. Así pois, o desafío da tradución, en moitos casos, non é tanto a lingua como o xeito de ve-la vida. Esta última idea ponse en relación coa idea de estrañamento exposta na recensión sobre o libro de Lawrence Venuti que veremos máis adiante.

En “Rabelais: tradución e interpretación” (páxs. 179-188), H. Harguindey Banet pon de manifesto a validez do galego (diversidade de formas, variedade dialectal, riqueza léxica, ausencia dunha normativa severa) para traducir un autor tan innovador e fecundo como Rabelais. Céntrase en aspectos da traslación (dominio dos rexistros culto e popular, creación de nomes con valor estilístico e de xogos de lingua de difícil tradución), interpretación (palabras creadas polo autor, referencias a xogos desaparecidos hoxe en día, frases feitas e refráns).

En catro apartados (léxico, estilo, sintáctico, referencias culturais e situación do autor no contexto cultural) K. G. March presenta as decisións tomadas á hora de “Traducir *Arredor de si*” (páxs. 189-194), ó inglés. ¿Como traslada-lo entroido ou o licor-café? ¿Como facer chega-las referencias culturais que nesta obra van desde o rural galego ó ámbito europeo?

⁸ Xosé Cemeño (traduc.): *Primer Acto. Cuadernos de investigación teatral*, nº 241. V/1991, 65-93.

Basilio Losada (traduc.): *El incierto señor don Hamlet y otras piezas dramáticas (Teatro Completo)*, Destino, Barcelona, 1992

No apartado de Críticas e recensións parécenos interesante destaca-la feita G. Constenla Bergueiro sobre a obra de Lawrence Venuti, *The translator's invisibility* (páxs. 197-206). Quizais non sexa bo nunha recensión estenderse sobre outra pero a calidade do traballo paga a pena. O traballo de Venuti enmárcase dentro da teoría da traducción e pretende elaborar unha teoría que faga cambia-las condicións que se dan na teoría e na práctica nos países de fala inglesa.

O teórico parte da negación da fluidez de lectura como valor máximo nunha traducción. A escolla de certos aspectos (común/especializado, moderno/arcaico, estandar/dialectal) fai o texto máis comprensible e abandona o concepto de estrañamento que achegan unha literatura e unha cultura diferentes. Así mesmo os conceptos de “xusteza” e “fidelidade” ó texto orixinal, intimamente ligados ó de “creación orixinal”, dilúen a figura do tradutor. Feito ó que se lle engade a propia actitude do tradutor esquecendo a reflexión metodolóxica e a análise crítica do seu traballo. Partindo das teorías de Friedrich Schlegel, reflexiona sobre un *método de domesticación*⁹ fronte a un *método estranxeirante*¹⁰ que rexistra as diferencias e provoca o movemento do lector cara ó texto de partida. E finalmente propón o que deben se-las achegas dos teóricos da traducción:

- recupera-lo valor do texto traducido.
- facer unha Historiografía da Traducción asentada en bases xenealóxicas.
- cambia-la actitude e posición do tradutor.
- cambia-la actitude do lector (lectura, ensino, recensión), evitando os cánons implícitos de xusteza, estilo e fidelidade.

Neste capítulo aparecen outras interesantes recensións sobre novidades (*Translation as Social Action. Russian and Bulgarian Perspectives* de Zlateva Palma (páxs. 207-210); *Diccionario Oxford: Español-Inglés Inglés-Español* (páxs. 239-248); *Terminología general de economía, comercio y desarrollo; glosario inglés-español* (páxs. 249-252) e traduccions (unha selección da poesía medieval-galego portuguesa nas traduccions rusas, por A. Koss (páxs. 211-220); as traduccions das obras de Andrej Zhanovskiy, *A rata*, feita por Concepción Costas (páxs. 221-224), e *A Cartuxa de Parma* de Stendhal, feita por Xermán Palacios (páxs. 235-238)).

E como as informacións son sempre ben agradecidas, e seguindo coa nota aparecida no número anterior, Xoán Anllo ponnos ó día sobre os requisitos necesarios para exercer de tradutor nos organismos internacionais. Así mesmo dáse conta das traduccions feitas ó galego no 1995. Temos tamén unha breve noticia sobre o que se presentou no II Simposio Galego de Traducción que tivo lugar en Vigo en decembro de 1995 e o próximo que terá lugar en Ljubljana en maio do presente ano.

A estrutura da revista está pensada para dar cabida a cuestións relativas á traducción así como para achegar traballos e cuestións que se lles presentan ós profesionais deste campo. Na nosa opinión son moi acertados os

⁹ A cursiva é nosa.

¹⁰ A cursiva é nosa.

traballos sobre a teoría da traducción como base para a formación de profesionais de calidade e animamos ós creadores a que sigan nesta liña.

CONCHA M. MAYO

Anxo M. Lorenzo Suárez, Ricardo Luaces Pazos, Xosé M^a Pin Millares, Patricio Sánchez Bello, Antonio Vaamonde Liste e Luz Varela Caruncho, *Estudio Sociolingüístico da Universidade de Vigo. Profesores, P.A.S. e Estudiantes. Xuño 1996*, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, Vigo, 1997, 183 pp.

De todos é sabido que a análise sociolingüística é a primeira tarefa necesaria en todo proceso de normalización lingüística. E tamén, que tódalas nosas universidades teñen en marcha un proceso normativizador da súa comunidade. A Universidade de Vigo converteuse, a principios deste ano, na primeira universidade de Galicia en editar (en forma de libro) esta investigación sociolingüística baixo o título *Estudio Sociolingüístico da Universidade de Vigo. Profesores, PAS e estudiantes. Xuño 1996*. Nesta recensión analizarémo-la súa estrutura e o seu contido.

O libro está dividido en 5 capítulos: perfil do traballo, análise sociolingüística do profesorado, do Persoal de Administración e Servicios (PAS), dos estudantes, e conclusións xerais.

Quizais o primeiro destes capítulos sexa un dos máis interesantes, aínda que, evidentemente, non o máis importante. Como primeiro paso xustifícase a realización do libro en razón ós seguintes obxectivos:

- a) Análise da posición social da lingua galega entre os individuos dos distintos sectores universitarios.
- b) Análise de carencias e necesidades lingüísticas respecto á lingua galega.
- c) Procura de datos actualizados sobre o grao de coñecemento que a comunidade universitaria ten sobre o Servicio de Normalización Lingüística.

De seguido, razónanse algunhas das preguntas que se incluíron no cuestionario, por qué se incluíron, por qué dun xeito e non doutro, e qué se esperaba con elas.

Nos dous últimos apartados expónse a metodoloxía do traballo e a distribución (segundo diversas variables) da mostra dos tres sectores enquisados. Cómpre pór de relevo que a enquisa foi feita á totalidade da poboación nos sectores de Profesorado e de PAS, e a unha mostra realmente ampla dos alumnos.

Os tres puntos sucesivos realizan unha “análise lingüística e sociolingüística” de cada un dos sectores universitarios: profesorado, PAS e alumnos, por esta orde. A análise enfócase por diversas vías:

1. Lingua de aprendizaxe: da fala, da escritura e da lectura.

2. Lingua habitual e frecuencia de uso: argumentábase a diferenza destes dous parámetros para obter datos da frecuencia de uso independentes da adscrición lingüística persoal.

3. Coñecementos lingüísticos: primeiro avalíanse as valoracións persoais sobre o grao de dificultade para realiza-las diversas destrezas básicas en lingua galega, e logo as dificultades que poden ocasionar temas como a ortografía, o léxico específico, etc., tanto no uso oral como no escrito.

4. Conductas orais e escritas: as preguntas diríxense a diversas situacións de uso habituais de: profesores (clases, xuntas, compañeiros, redacción de exames, de materiais, de publicacións...), PAS (atención telefónica, atención ó público, reunións, redacción de documentos...) e alumnos (relacións administrativas, actos públicos, apuntamentos, exames...).

5. Actitudes e opinións: con semellantes parámetros para tódolos colectivos, búscanse opinións sobre a formación lingüística, a lingua galega como propia da universidade, sobre o grao de uso, sobre o fomento da mesma...

6. O Servizo de Normalización Lingüística: investigábase o coñecemento desta institución, da súa existencia e dos servizos que ofrece, é dicir, a súa sonda e popularidade.

No capítulo das conclusións ofrécese unha visión xeral dos aspectos tratados con anterioridade, pero faise tamén de cada sector independentemente dos outros, é dicir, carece dunha visión globalizadora que cotexase os datos obtidos e os comparase.

Bótase en falta, así mesmo, como último capítulo ou como anexo, a inclusión dos cuestionarios empregados na enquisa: sería interesante saber a través de qué preguntas se obtiveron os datos expostos.

Cómpre mencionar, respecto da organización do libro, a confusa paxinación empregada: cada capítulo ten unha paxinación independente dos outros: 18 páxinas o primeiro, 68 o capítulo dos profesores, 40 o de PAS e 36 o dos alumnos, etc. Así, por exemplo para o subtítulo desta recensión, tivemos que suma-las páxinas capítulo a capítulo. Por outro lado, preguntámonos cómo se pode citar un capítulo ou un comentario desta obra. Sería máis clara unha numeración continua, aínda que cada capítulo levase ó lado do número de páxina o colectivo estudiado.

O proxecto foi coordinado polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo. Nel traballaron seis persoas, catro delas (Ricardo Luaces, Patricio Sánchez, Antonio Vaamonde e Luz Varela) son tamén os autores dun informe semellante elaborado en xaneiro de 1992 (que non se editou en libro) *A lingua galega na Universidade de Vigo. Situación actual. Estudo estatístico*. O feito de que a Universidade de Vigo conte xa, na súa curta historia¹, con dous estudos sociolingüísticos deste estilo é un dato que cómpre ser rexistrado. En realidade esta sería a situación ideal de tódalas nosas universidades, non só de cara ó que está feito, senón tamén de cara ó futuro.

¹ A Universidade de Santiago de Compostela segregouse en tres (Santiago, Vigo e A Coruña) o 1 de xaneiro de 1990.

Deste xeito poderíase analiza-lo camiño percorrido na normalización do galego, as evolucións positivas e as negativas, ver onde se fallou e corrixi-los erros. Por todo isto, é estraño que en ningún momento no libro que nos ocupa, se faga referencia a aquel estudio anterior, aínda que a comparación non puidese ser exacta, pois as circunstancias e os parametros da enquisa cambiaran.

O libro non está exento de faltas de ortografía, erros de maquetado e de mecanografado, eivas xustificables pola premura coa que, sen dúbida, se realizou o traballo: as enquisas pasáronse no curso 94-95 e o informe estaba rematado, supomos polo subtítulo, en xuño 1996. Seguramente o tempo empregado na redacción foi o máis curto de todo o proceso.

En canto ós contidos e ós datos obtidos observamos aspectos bastante negativos, máis no uso e menos nas actitudes. Por exemplo, non pasa do 12% a porcentaxe de docentes que empregan o galego habitualmente. Esta porcentaxe é do 14,7% no caso dos PAS e descende ata o 9,9% entre os alumnos. No que toca ás actitudes e opinións, ante a pregunta de se lles parece axeitado que o galego sexa a lingua propia da Universidade de Vigo, o 62,5% dos profesores, o 80% dos PAS e 50,8% dos alumnos, responderon “paréceme axeitado”; aínda que, tamén é certo que o índice de indiferencia nesta variable foi moi alto.

Por último, podemos facer unha comparación superficial cos datos que podemos adiantar referidos á Universidade de Santiago de Compostela, que está levando a cabo un proxecto análogo a este de Vigo². Os resultados vanse apreciar de xeito aínda máis negativo. Por exemplo, na USC, o galego é a lingua habitual dos alumnos nun 30,8% e dos PAS nun 54,6% (aínda non se teñen datos dos profesores). Cómpre precisar, sen embargo, que no estudio que se está a elaborar en Santiago, non se deu a posibilidade de responder “as dúas”, por considerarse que deste xeito se obrigaba ós enquisados a unha maior precisión nas súas respostas.

En definitiva, debemos felicitar á Universidade de Vigo polo interese que está amosando pola situación sociolingüística do galego no seu seo, e animar a universidade da Coruña a realizar un estudio semellante, pois a de Santiago está a punto de remata-lo seu. E esperamos que este non sexa o final do camiño, senón, todo o contrario: os primeiros pasos.

MARICARME GARCÍA ARES

² O proxecto, próximo a rematarse, titúlase “O idioma na Universidade de Santiago de Compostela”, e está dirixido por Modesto Rodríguez Neira.

Joaquim Rafel i Fontanals, *Diccionari de freqüències. 1 Llengua no literària. (Diccionari del català contemporani. Corpus textual informatitzat de la llengua catalana)*, Institut d'Estudis Catalans, Barcelona, 1996, 1539 p.

Con data de decembro do pasado ano vén de ve-la luz o *Diccionari de freqüències*, concretamente o primeiro volume dedicado á *Llengua no literària*, dirixido na súa elaboración por Joaquim Rafel.

Este tipo de obras pretenden ofrecer información cuantitativa sobre o léxico co fin de configura-los valores que nunha lingua teñen as unidades léxicas, partindo do cómputo das súas aparicións en enunciados lingüísticos reais. Xunto a estes estudos atopamos, en paralelo, os chamados “vocabularios básicos ou fundamentais”, que tamén teñen como pretensión a delimitación das palabras máis importantes dunha lingua, xeralmente cara a un enfoque didáctico; pero os obxectivos entrámbolos dous son ben diferentes, posto que os dicionarios de frecuencias teñen a pretensión de achegar datos represen-tativos (dentro das posibilidades de cada obra) do uso dos elementos léxicos que fan os falantes na súa actividade comunicativa, utilizando, para iso, métodos estatísticos aplicados nunha análise cuantitativa do conxunto de textos considerados para tal fin, os vocabularios básicos só buscan a elaboración dunha lista de palabras tidas como das máis útiles ou necesarias para a comunicación en circunstancias moi concretas

A obra que aquí comentamos, é o primeiro paso visible, á luz pública, dun elaborado proxecto concibido pola “Secció Filològica del Institut d'Estudis Catalans”, co fin da realización dun diccionario descriptivo da lingua catalana dos últimos cento cincuenta anos, o *Diccionari del Català Contemporani (DCC)*. Este proxecto véñse movendo na liña dos máis modernos métodos lexicográficos que xurdiron para palia-lo carácter pouco sistemático dos traba-llos lexicográficos tradicionais, os cales basean as súas técnicas na acumulación de datos tomados doutros dicionarios publicados con anterioridade. Isto vese solucionado coa utilización de fontes achegadas a partir de datos da frecuencia de uso do léxico, pasándose, así, do emprego de fontes subxectivas e intuitivas á obxectivización metodolóxica do traballo, onde teñen grande importancia destes datos obxectivos tirados de corpus textuais. Para que estes corpus poidan cumprir axeitadamente a función que deles se require, deben reunir certas características, as cales se poden resumir nunha: a representatividade da realidade lingüística que se quere describir, tanto cronolóxica como tipoloxicamente.

Para lograr este propósito concibiuse, alá polo 1984, a elaboración dun corpus textual, o *CTILC (Corpus textual informatitzat de la llengua catalana)*, que comeza a elaborarse despois de catro anos nos que se establecen as bases metodolóxicas do traballo e se crea a infraestrutura material necesaria para levalo adiante. Este corpus abrangue, temporalmente falando, desde 1883, data

simbólica da recuperación do catalán contemporáneo, ata 1988. Tipoloxica-mente recóllese a lingua escrita, contando con textos de carácter *literario* e *non literario*, dividíndoos en grupos que permiten unha ponderada selección dos textos que se debían ter en conta para cada tipo (literario / non literario) e subtipo (ensaio, narrativa poesía e teatro no subcorpus literario, e correspondencia, filosofía, relixión e teoloxía, ciencias sociais, prensa, ciencias puras e naturais, ciencias aplicadas, belas artes, ocio e deportes, historia e xeografía para o non literario).

Excepto as cartas persoais e os textos notariais, as demais son obras publicadas en calquera soporte material, tendo en conta a primeira edición, sen correccións nin modificación respecto do orixinal. Isto faise buscando a máxi-ma representatividade, para o que tamén se fixéron certos cortes cronolóxicos para a selección dos textos, en grupos de dez anos, ata 1913, e de cinco anos de 1913 a 1988, contándose vintecinco grupos cronolóxicos nos que se tentou mante-la representatividade de cada un dos subtipos establecidos. Deste xeito, atopamos co primeiro feito deste traballo, que é a publicación deste volume dedicado ó subcorpus da lingua non literaria¹.

Unha vez seleccionado o corpus, pásase á súa informatización, lematizándoo e creando a *Base de dades textuais de la llengua catalana (BDTLC)*, a partir da que se pode considera-lo léxico desde un punto de vista cuantitativo, analizando os índices dos valores das palabras. As unidades léxicas vense, pois, clasificadas segundo criterios cuantitativos referentes á súa maior ou menor posibilidade de aparición, para o que se recorre a termos estatísticos, como o de *frecuencia* dunha unidade léxica, ou número de veces que aparece nun texto ou nun corpus calquera determinado e delimitado. Non se adoita falar da frecuencia en termos absolutos, posto que hai que poñela en relación co conxunto de tódalas frecuencias das palabras analizadas e a extensión do corpus, tirándose así *frecuencia relativa* de cada unha delas. Da análise desta magnitude obxectiva dedúcese que a frecuencia das unidades léxicas non está repartida do mesmo xeito entre os textos compoñentes do corpus, así, xorden os conceptos de *repartición* e *dispersión*, usados en lexicoloxía cuantitativa. Chámasele *dispersión simple*² a un xeito de ter en conta as diferencias de distribución das palabras nun corpus á hora de establecer unha xerarquía do léxico, e se se considera esta distribución nos grupos nos que aparece en función do reparto da frecuencia absoluta, témo-la chamada *dispersión complexa*³, reducible a un índice numé-

¹No presente momento debe estar a piques de remata-lo traballo para o subcorpus da lingua literaria, de térense acadadas as previsións do director do proxecto, tal e como foron expostas no seu traballo “Diccionarios y corpus textuales. Perspectivas para el catalán”, publicadas en *Actas do Simposio de Lexicografía actual: elaboración de diccionarios*, organizado pola Real Academia Galega e o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”, Constantino García, Isabel González Fernández e Manuel González González (editores), *Cadernos de Lingua*, Anexo 3, A Coruña, RAG, 1995, páx. 157-196.

²Juilland, A. e Chang-Rodríguez, E., *Frequency dictionary of Spanish words*, The Romance Languages and their Structures, First Series, The Hague, 1964, páx. XLV e ss.

³Tamén teorizada por Juilland. Para ter unha idea máis precisa da teoría empregada, consúltese a este respecto a bibliografía que se achega nas páxinas LXI a

rico chamado *índice de dispersión*. Partindo da repartición da frecuencia de cada palabra, e combinándoa coa frecuencia total, podemos chegar a un novo concepto, o *uso*, que integra as diferencias de repartición.

No presente traballo aplícase o procedemento de Juillard⁴ coas modificacións oportunas enfocadas a un corpus como o *CTILC*, na procura dunha clasificación obxectiva nos datos de xeito que permitisen a súa comparación, se fose preciso, con outros traballos sobre outras linguas románicas nos que se teña empregado este sistema⁵.

Unha das características do *CTILC* é que se trata dun corpus lematizado, cun alto grao de funcionalidade, no que se levou a cabo unha minuciosa operación de análise lingüística de cada unidade léxica, que foi categorizada gramaticalmente en cada unha das ocorrencias de cada forma gráfica coa que se asocia, co que se cumpren dous obxectivos: evita-la ambigüidade entre determinados casos, e relacionar formas dunha serie flexiva, as cales quedan asociadas a unha forma de referencia chamada *lema*. Este lema consta duns caracteres que constitúen a súa grafía, e dun código gramatical marcado cun máximo de tres caracteres. Podemos atopar elementos homó-grafos que se distinguen, nas listas que se achegan polo seu código gramatical. Estes códigos foron tomados das fontes lexicográficas xerais que se empregaron como referencia.

No volume inclúense tódolos termos analizados no corpus, normativos ou non, desde os que teñen unha frecuencia máis elevada ata os que só aparecen unha soa vez, pero no volume impreso (posto que ademais se acompaña dun CD-ROM) non se atopan algunhas informacións que si están nos textos e na base de datos do *CTILC*, tales como termos de taxonomía, nomes químicos con símbolos, signos, sufixos, prefixos e infixos, nomes propios, expresións numéricas, etc., que se marcan co código *nc* (non codificado), pero ós que si se pode acceder na consulta en soporte magnético. Estes veñen ser un total de 107.897 lemas (98.064 ocorrencias principais e 9.833 secundarias). Debido ó proceso lematizador, á vez que temos agrupadas formas da mesma serie flexiva, ocorre o mesmo coas da series homógrafas, así que xunto a ocorrencias da forma gráfica *portes*, verbo, aparecen formas gráficas de *porta*, substantivo feminino (*portes*, en plural). Para remediar moitos destes problemas tívose que elaborar un “ma-nual de lematización” para o persoal que fixo o proceso de lematizador. Xunto a cada lema están asociadas formas flexivas e derivadas (diminutivos, aumen-tativos, despectivos, etc.), xunto coas súas variantes grafías recollidas dos textos. Estas formas están codificadas baixo o código *met*, metalingüisticamente. A suma do número de formas referida a cada lema pode ser moi elevada en moitos casos, polo que só se achegan informacións cuantitativas referentes ós lemas principais, mentres que as dos secundarios danse en listas á parte, pero podén-dose consultar por xunto. Esta separación entre lemas principais e secundarios faise co fin de podelos tratar independentemente con cada un dos seus propios datos

LXIII da obra que comentamos, concretamente a páxina LXII posúe as referencias ás obras deste autor.

⁴Véxase a nota anterior.

⁵Para unha información máis detallada sobre os procedementos estatísticos empregados neste traballo, véxanse as páxinas XLV a XLIX do prólogo.

(frecuencias, formas asociadas, etc.), posto que se poden dar estruturas moi complicadas, coma nos casos dos verbos con lemas principais e secundarios e con variantes estruturais e gráficas para cada un deles.

Como se pode deducir polo dito ata o de agora, este *Diccionari de freqüències* conta con dúas partes, ou mellor dito, ofrécenos en dous formatos diferentes de consulta: un impreso, o volume publicado, e outro en soporte magnético, concretamente en CD-ROM. Ademais, dáse a circunstancia de que tódolos datos do *CTILC* poden ser consultados a distancia por vía informática, poñéndose en contacto co Institut d'Estudis Catalans.

A parte impresa consta dun volume que, como xa vimos, está dedicado á lingua non literaria, abríndose cunha introducción pormenorizada e clara realizada polo director do proxecto, Joaquim Rafel, onde se explica o proceso de elaboración, fins, metodoloxía, bases teóricas e materiais empregados (páx. VII-LIX), á que segue a bibliografía básica empregada (páx. LXI-LXIII) e dúas listas das obras que configuran o corpus textual, unha por orde alfabética (páx. LXVII-CVIII) e outra cronolóxica (páx. CIX- CLIII).

Despois desta parte introductoria está o *diccionari* propiamente dito, estruturado en sete seccións que achegan os datos tirados da análise do corpus.

- *Ordenació alfabética* (páx. 1-433) dos lemas principais do subcorpus non literario, acompañados da frecuencia acumulada dos lemas principais e secundarios, sendo un total de 98.064, concretados en 28.554.142 ocorrencias. Esta lista ofrece a información básica para acceder ós datos, isto é, se a ocorrencia que se pretende investigar está ou non no corpus, e cal é a súa frecuencia absoluta. Cada lema grafiado vai seguido do seu código gramatical (dos que se dá unha relación na páxina XXXIV), o código de procedencia e a frecuencia absoluta.

- *Ordenació per freqüència*, que clasifica os mesmos lemas en orde decrecente de frecuencia (aparecendo distribuídos alfabeticamente aqueles que teñan a mesma), dividíndose en dúas listas complementarias, unha inclúe os lemas cunha frecuencia igual ou superior a dez (33.993), presentando tódolos seus datos cuantitativos, isto é, frecuencia absoluta e relativa, índice de dispersión e uso (páx. 435-757), e a outra sección (páx. 759-975) inclúe só os lemas con frecuencia inferior a dez (64.071), dividíndose esta en subseccións, unha para cada frecuencia diferente, indicadas a frecuencia absoluta e relativa só ó comezo de cada unha delas.

- Segue unha *ordenació per dispersió* (páx. 977-1151) dos lemas en función do índice de dispersión, marcándose, ademais, a frecuencia absoluta e o uso. Nesta lista non se indican aqueles lemas que teñen un índice de dispersión igual ou superior a 0'5, que serían 26.191.

- *Ordenació per ús* (páx. 1153-1350). Preséntanseno-los datos referentes ó uso, á frecuencia absoluta e ó índice de dispersión, sempre e cando o seu uso sexa igual ou superior a cinco, o que sumarían 29.703 lemas.

- Pechan o *diccionari* dúas listas de lemas que diferencian aqueles que son principais e secundarios. A primeira fai unha ordenación alfabética de lemas principais e secundarios (páx. 1351-1472), en función do lema principal, cos seus datos identificativos, a súa frecuencia particular e a acumulada. Debaixo de cada un deles van os seus lemas secundarios asociados con cadansúa propia

frecuencia. A lista consta de 8.348 entradas, das que 688 presentan en branco o espacio reservado para a frecuencia, o que significa que estes lemas non aparecen no subcorpus non literario, pero si no conxunto total do corpus, aparecendo neste tramo só lemas secundarios. En segundo lugar témo-la lista alfabética dos lemas secundarios cos principais (páx. 1473-1559), onde aparecen os lemas secundarios nunha columna (9833), e na outra os principais cos que están asociados. Isto facilita a localización de cada lema secundario con respecto ó seu principal, tanto para saber se algún deles está recollido no corpus, como para ir busca-los seus datos cuantitativos nas entradas pertinentes das listas anteriores.

Os datos en soporte magnético achéganse nun CD-ROM⁶ que vén conxuntamente co volume, onde aparecen tódolos datos cuantitativos e léxicos recollidos, así como información cronolóxica e tipolóxica non reflectida no volume impreso.

O deseño informático desta parte está pensado para permitir unha busca da información o máis aberta e variada posible, polo que o seu programa de consulta está pensado para poder tira-los datos requiridos, xa pola pantalla, imprimilos ou transportalos a outro soporte magnético, contando tamén coa posibilidade de traspasa-las informacións a outro tipo de base de datos.

Son dous os xeitos de consulta permitidos. Coa consulta simple pódense obter datos dun lema ou varios, partindo da súa graña total ou parcial, da frecuencia, índice de dispersión ou uso. Coa consulta complexa pódense combinar calquera dos rexistros codificados, tanto cuantitativos como léxicos e gráficos. O usuario elixe o formato e os criterios de presentación das consultas ata un número case ilimitado de combinacións.

A finalidade deste traballo, como xa dixemos, é a de achegar uns datos determinados que sirvan como fonte para a elaboración dun *Diccionari del Catalá Contemporani*. Dependendo de cómo se utilicen estes materiais, e a información que deles se tire, así se determinará a estrutura e o contido do diccionario pretendido. Así, poderase fixa-la macroestrutura da obra partindo da comparación dos datos obtidos do corpus, co léxico recollido nos dicionarios de catalán máis representativos⁷, podéndose observa-lo punto de intersección entre os datos do corpus e as anteriores obras lexicográficas, comprobándose que palabras que se atopan na maioría dos dicionarios case non se usan, e outras, que si se empregan, non se recollen. Unha análise moi detallada por grupos léxicos axudará a fixa-la selección oportuna de termos que se incluírán no futuro *Diccionari*, así como a disposición dos artigos.

Pero este traballo tamén pode condiciona-la natureza da microestrutura, posto que mostra unha información obxectiva e exhaustiva sobre o uso que se fai dun elemento léxico, o que pode axudar, nunha altísima porcentaxe, na redacción do artigo. Así, é posible establecer unha rede de significacións entre os valores léxicos de cada palabra, fronte ó sistema de traballo lexicográfico tradicional

⁶Require para o seu manexo un material informático bastante accesible: procesador Intel 386-33 ou superior, memoria RAM de 4 Mb, espacio no disco duro de 4 Mb, contorno Windows 3.1 ou superior.

⁷O *Diccionari general de la llengua catalana* de Pompeu Fabra e o *Diccionari de la llengua catalana* da Enciclopedia Catalana, cos que se elaborou un diccionario máquina, o *Diccionari Bàsic Informatizat*.

baseado nas obras precedentes e na competencia que o lexicógrafo ten da lingua. Tamén se poden conseguir informacións sobre estruturas sintácticas, ocorrencias léxicas coincidentes e derivación e composición de palabras, estas últimas tan pouco tratadas nos dicionarios (si exceptuamos aquelas que se atopan lexicalizadas) ó non se constituíren como unidades léxicas cun significado primitivo diferente ó da palabra orixe⁸.

Unha obra lexicográfica elaborada partindo do material ofrecido neste volume do *Diccionari de freqüencies* (e nos futuros volumes), previamente analizado e traballado convenientemente, pode, pois, ofrecer un alto grao de garantías sobre a fiabilidade e representatividade da lingua que pretende describir, afastándose da subxectividade e das limitacións que ofrecen os métodos lexicográficos tradicionais, por iso, é grandemente eloxiable a aparición deste traballo, tanto polo que ten de planificación e minuciosidade, como polos campos metodolóxicos que abre, tan necesarios e desexables tamén para a lexicografía galega.

XESÚS DOMÍNGUEZ DONO

⁸Para unha descrición un pouco máis detallada sobre o proxecto do *DCC*, véxanse as páxinas 168-178 do artigo de J. Rafel citado na nota 1.

Normas para a presentación de colaboracións

1. Os *Cadernos de Lingua* están dedicados á publicación de traballos de investigación sobre calquera aspecto da lingua galega, así coma á difusión de notas e informacións lingüísticas relevantes para o coñecemento e a promoción da lingua na sociedade. Tamén se publican recensións de obras de interese para eses mesmos fins.

2. Os traballos, notas ou recensións recibidos serán revisados por especialistas do Consello de Redacción ou do Comité Científico. En calquera caso a decisión final sobre a publicación correspóndelle ó Consello de Redacción.

3. A lingua de publicación é o galego, aínda que excepcionalmente poderán aparecer traballos escritos en portugués ou noutras linguas.

4. Os editores poderán efectuar correccións ortográficas, de puntuación ou de estilo sempre que sexan de pouca entidade e non afecten ó contido. Doutro xeito solicitarase a autorización do autor.

5. Sempre que sexa posible, o autor entregará dúas copias en papel e unha copia electrónica, compatible cos procesadores de textos máis usuais para PC. Os gráficos, de os haber, estarán inseridos no lugar correspondente do texto.

6. Nos artigos e notas aparecerá en primeiro lugar o título, seguido do nome do autor e do centro ou institución no que desenvolve o seu traballo. As recensións deben estar encabezadas pola referencia bibliográfica completa da obra comentada; o nome do autor incluírse ó final.

7. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabezamentos, numerados correlativamente 1., 2... 1.1., 1.2... 1.1.1., 1.1.2., etc., segundo o seu nivel na xerarquía.

8. As notas a pé de páxina deben evitarse na medida do posible. As citas incluíranse no texto indicando entre parénteses o apelido ou

apelidos do autor, o ano de publicación da obra e, cando sexa conveniente, as páxinas; p.e., "... (Lorenzo 1996)" ou "... Kabatek (1996: 108)...". De seren necesarias, as notas ó pé deben aparecer indicadas cun número superescrito.

9. Ó final dos artigos e das notas deben aparecer recollidas tódalas referencias bibliográficas, co seguinte formato:

Referencias bibliográficas

Kabatek, Johannes (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer.

Lorenzo, Ramón (1996): "Breve historia da lingua galega", in Jacyra Mota / Vera Rollemberg (eds.): *Atas do I Congreso Internacional da Associação Brasileira de Lingüística (Universidade Federal da Bahia, 1994)*. Salvador: ABRALIN / FINEP / UFBA, 33-48.

Asaka, Takekazu (1994): "O emprego do futuro do pretérito de indicativo en galego", *Studia Romanica* 27, 47-51.

10. Os orixinais para publicación enviaranse a:

XOSÉ LUÍS REGUEIRA
Hórreo 31, 2º
15702 Santiago de Compostela

CONTIDO

- 5 M. MARIÑO PAZ,
Sobre o uso dos grafemas , <u> e <v>
en textos do galego medio
- 71 M. ÁLVAREZ DE LA GRANJA,
As expresións fíxas nos
dicionarios galegos
- 97 A. ÁLVAREZ LUGRÍS,
Repertorio de refráns inglés-galego
- 119 M. X. RODÍS MARTÍNEZ,
Procesos de exemplificación
no discurso
- 141 S. CARRIL CALDELAS,
Unha aproximación á neoloxía
en galego no campo da informática